

**VALEDOR DO CIDADÁN**

**Informe ó Pleno  
do Concello**

**2003**

Actuacións a Instancia de Parte  
Consultas, Entrevistas, Expedientes



Edita:  
VALEDOR DO CIDADÁN

Impreso en: Roel artes gráficas  
Diseño y maquetación: Disenia, servicios gráficos integrales

Depósito Legal: VG: 93-2004

# Índice

Limiar .....	7
Sinopse .....	9
<b>Parte I: Actuacións a Instancia de Parte: Ano 2003</b> .....	13
<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	15
<b>CAPÍTULO 1:</b> Auga, Saneamento e Limpeza .....	17
<b>CAPÍTULO 2:</b> Benestar Social.....	27
<b>CAPÍTULO 3:</b> Cultura e Deportes, Normalización Lingüística .....	29
<b>CAPÍTULO 4:</b> Economía e Facenda .....	33
<b>CAPÍTULO 5:</b> Medio Ambiente .....	41
Reflexións ó capítulo de Medio Ambiente.....	52
<b>CAPÍTULO 6:</b> Parques e Xardíns .....	53
<b>CAPÍTULO 7:</b> Patrimonio .....	55
<b>CAPÍTULO 8:</b> Persoal .....	61
<b>CAPÍTULO 9:</b> Seguridade, Tráfico e Transportes.....	63
Reflexións ó capítulo de Seguridade, Tráfico e Transportes .....	85
<b>CAPÍTULO 10:</b> Urbanismo.....	87
Reflexións ó capítulo de Urbanismo.....	110
<b>CAPÍTULO 11:</b> Vías e Obras, Infraestruturas.....	113
<b>CAPÍTULO 12:</b> Outros:	
Exencións segundo o Regulamento do Valedor do Cidadán: .....	123
– Exención segundo o artigo 14.c .....	124
– Exención segundo o artigo 17.2.....	125
Expedientes remitidos ó Valedor do Pobo .....	126
Expedientes remitidos ó “Defensor del Pueblo” .....	127
<b>Parte II: Actuacións a Instancia de Parte do Ano 2002, con Incidencias no Ano 2003</b> .....	131
<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	133
<b>CAPÍTULO 1:</b> Auga, Saneamento e Limpeza .....	135
<b>CAPÍTULO 2:</b> Cultura e Deportes .....	137

<b>CAPÍTULO 3:</b> Medio Ambiente.....	139
<b>CAPÍTULO 4:</b> Patrimonio.....	141
<b>CAPÍTULO 5:</b> Seguridade, Tráfico e Transportes.....	143
<b>CAPÍTULO 6:</b> Comercio, Turismo e Participación Cidadá .....	147
<b>CAPÍTULO 7:</b> Urbanismo.....	149
<b>CAPÍTULO 8:</b> Vías e Obras .....	161

<b>Parte III:</b> Análise Particular das Queixas Presentadas sobre Contaminación Acústica .....	163
<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	165
<b>EXPEDIENTES</b> .....	179
<b>REFLEXIÓNS XERAIS</b> .....	189

<b>Parte IV:</b> Resumo Estatístico .....	193
<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	195
<b>ENTREVISTAS</b> .....	197
<b>CONSULTAS</b> .....	205
<b>EXPEDIENTES</b> .....	212
<b>COLABORACIÓN DAS ÁREAS MUNICIPAIS COA INSTITUCIÓN:</b>	
– Introducción.....	219
– Requirimentos .....	221



Son solicitadas polos cidadáns, en xeral como paso previo antes de iniciar un expediente, para tratar temas relacionados con queixas ou reclamacións que lles afectan e solicitar asesoramento.

No ano 2003 o seu número ascendeu a 300.

## EXPEDIENTES

Proceso que se leva a cabo cando as queixas se presentan por escrito, feito que implica a aplicación do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

Iníciase o trámite preceptivo, unha vez que o recorrente esgotou tódalas etapas regulamentarias que se explicitan no citado Regulamento. En xeral, a maioría dos expedientes iníciáanse despois de levarse a cabo unha consulta.

No ano 2003 tramitáronse 93 expedientes.

## ACTUACIÓNS DE OFICIO

Son aquelas realizadas a iniciativa da propia Institución do Valedor do Cidadán, feito que se pon de manifesto na publicación de monografías ou informes sobre algúns temas que afectan globalmente á comunidade viguesa, como consecuencia das consultas e queixas presentadas en relación a un tema determinado.

No ano 2002 levouse a cabo a publicación da Monografía: “Análise da Influencia da dobre fila no tráfico rodado da cidade de Vigo”.

No ano 2003 concluíronse: “Informe sobre Peonilización Praza Independencia” e “Niveis de Satisfacción dos Cidadáns de Vigo coa súa Comunidade Local”.



## PARTE I

### ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE

ANO: 2003

## INTRODUCCIÓN

Da análise do conxunto de queixas presentadas durante o ano 2003 conclúese o seguinte:

- Total queixas formuladas: 93

- Dos informes solicitados por esta Institución ante os órganos municipais, 19 non tiveron resposta por parte daqueles no momento do peche deste Informe, estimando á súa posible resolución para o ano 2004. Estas actuacións repártense así:

- Área de Seguridade, Tráfico e Transportes.....8
- Área de Urbanismo.....7
- Área de Medio Ambiente.....2
- Área de Patrimonio.....1
- Área de Vías e Obras, Infraestructuras....1

Esto vén a contradicir o artigo 18.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, podendo cualificarse tal actitude como entorpecedora, e nalgúns supostos podería entenderse como hostil. Téñase en conta que na maioría dos casos as solicitudes de información fixéronse ata tres veces.

É obvio que os regulamentos son o resultado da potestade normativa municipal, e forman parte do seu ordenamento xurídico, polo tanto susceptibles de aplicación reiterada; os regulamentos innovan o ordenamento xurídico e responden ás nocións de xeneralidade e obrigatoriedade, con suxeición ó principio de xerarquía normativa.

A misión do Valedor é clara, segundo o propio regulamento indica, e no seu exercicio ten que suxerir, en moitas ocasións, a utilización de actuacións diferentes ás postas en práctica, e noutras, bastante numerosas, recordar a necesidade de que tódalas actuacións públicas teñen que estar presididas polo principio de legalidade, ademais do de eficacia, tal como a Constitución Española consagra e impón. Tense que fuxir de actuacións insuficientes, a eficacia impón a axilización dos trámites previstos. O desenvolvemento eficaz das competencias municipais ten que estar presidido pola conservación dos dereitos dos cidadáns. A mellora da calidade da función pública vén dada pola lexitimidade das corporacións locais que se debe buscar, sobre todo, pola vía do rendemento e neste camiñar as estratexias son inesgotables, dende a modernización da xestión ata a identificación e orientación das demandas do contorno.

Hai que desbotar a idea de que o Concello é só unha unidade burocrática, hai que proxectar a faceta política e a súa organización pública tecnificada.

Tanto a sociedade como a autoridade descansan nun pacto, expreso ou tácito, sen este consenso teríamos unha masa sen forma; de tal xeito que a administración municipal ten que perfeccionar a per-

sonalidade dos cidadáns no seu seo, e así a institución terá nos cidadáns a súa raizame vital.

Concluiremos con G. Renard “a opinión pública é coma o coro da traxedia antiga: non podemos desentendermos da súa voz”. Non se pode desdeñar a aquiescencia do pobo.

Finalmente, e a modo metodolóxico para a consecución dun mellor seguimento dos expedientes que se pormenorizan a continuación, optouse por clasificalos en capítulos por áreas temáticas, seguindo un orden alfabético dende Auga ata Vías e Obras.

## CAPÍTULO I

### AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA

---

EXPEDIENTES:



6  
26  
28  
69  
74  
75  
80

#### EXPEDIENTE 6/2003

O autor desta queixa , en representación dunha Comunidade de Propietarios da Avda. García Barbón, dirixiuse a esta institución para expoñer que o edificio que representa como administrador, aínda cando está totalmente rematado e ocupado, carece de Licencia de Primeira Ocupación, o que leva a que os propietarios non poidan contratar de forma individual a subministración de auga coa empresa concesionaria.

#### SITUACIÓN

Esto implica que a factura materialízase en recibo bimensual único para toda a comunidade, no que re-

flicten tantos mínimos como fincas existentes, aplicando ós mínimos a tarifa industrial en lugar da doméstica (que sería a aplicable), o que supón un incremento aproximado do recibo bimensual de 12.- por vivenda, e un total de 1092.- por bimestre.

A situación deriva dunha sentenza do TS que anula os acordos municipais de aprobación definitiva da modificación do ED da UE I-04. A edificación carece de licencia de primeira ocupación, polo tanto a subministración de auga e saneamento trátase dun contrato de obra aplicándolle, en consecuencia, a tarifa non doméstica, en tanto no se dispoña da preceptiva Licencia Municipal de Primeira Ocupación.

Os veciños realizaron as oportunas xestións no Concello e na empresa concesionaria, solicitando que se aplique a tarifa doméstica aínda que sexa nun só recibo, resultando as mesmas infructuosas.

Admitida a trámite a queixa, recibíuse un primeiro escrito da empresa concesionaria explicando que o contrato de subministración de auga e saneamento para o inmoble referido figura a nome da Promotora, tratándose dun contrato de obra, polo que non pode ser aplicada a tarifa doméstica. Segundo a lexislación vixente, artigo 23.4 do Regulamento Municipal de Auga e Saneamento de Vigo, o non dispor de Licencia Municipal de Primeira Ocupación imposibilita a formalización dos contratos individuais para as vivendas.

Engade así mesmo que os tres últimos recibos emitidos por consumo de auga non foron pagados, polo que a concesionaria iniciou os trámites correspondentes para o corte da subministración por falta de pago.

A Xerencia Municipal de Urbanismo remitiunos pola súa parte un informe da arquitecta municipal respecto ó tema da Licencia de Primeira Ocupación, en concreto, a referida sentenza do TS que motiva a carencia da licencia.

## REFLEXIÓNS

Este suposto non é o único actualmente na cidade. Independentemente da cuestión de fondo que se poida formular, en relación con obras de urbanismo que se atopan “censuradas” polos órganos xudiciais, o tema que agora se presenta é o de que a unha comunidade de veciños, a un colectivo de cidadáns, se lle está a prexudicar por unha xestión municipal non axeitada á norma reguladora que delimita determinadas obras urbanísticas.

A situación derivada é claramente inxusta, carece de fundamento, e repercute na economía dos cidadáns afectados de xeito negativo, á vez que pode supor un enriquecemento sen xustificación a favor

da empresa concesionaria.

Alomenos dende un punto de vista equitativo non se acada unha finalidade xusta. A equidade é compañeira inseparable da xustiza (sentencia do TS de 21/2/1917), e neste eido debe recordarse ademais o deber de restrinxilo odioso e amplialo favorable (sentencia de 22/12/1863), o cal vén a pór de manifesto que tales consideracións xa se veñen recollendo dende moitos anos atrás.

Cabe preguntarse si neste suposto, aínda que sexa de forma indirecta, non estamos realmente ante un funcionamento anormal dun servizo público. No fondo, ¿a quen se debe esta situación anómala?

Hoxe, doutrinalmente recoñécese que a mellora da lexitimidade das corporacións locais debe buscarse, sobre todo, pola vía dos rendementos; esta lexitimidade por rendimento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, é dicir, a mellora de situacións materiais dos cidadáns que demandan a acción pública.

É obvio que parece ser que a Constitución Española non se ten sempre enriba da mesa; que ocorre cos principios de legalidade e eficacia nas actuacións das Administracións Públicas. Atopámonos realmente cun suposto dunha actuación pública insuficiente, o que non fai exemplo do artigo 103 da CE (eficacia das tarefas públicas).

## RECOMÉNDASE

- Actuacións eficaces.
- Actuacións que emenden fallos doutras actuacións ilegais públicas, aínda que sexan provisionais.

EXPEDIENTE 26/2003

## ASUNTO

O interesado, actuando en nome de dúas empresas instaladas na Zona Franca, alega que o Concello non prestando servizo ningún no tema da recollida do lixo dentro do recinto da Zona Franca, ( xa que o fai directamente o Consorcio da Zona Franca), sen embargo envioulles notificación para que pagaran o recibo do lixo do ano 2002 por unha cantidade de 199.- por empresa. Tendo recorrido e pedido a anulación, posteriormente reciben unha nova liquidación por 65,12.- sen aclaración ningunha. Recorren de novo e o Concello desestima o recurso, polo que deciden pagar para non incorrer en posibles recargas.



Solicitan que lles reintegren as cantidades pagadas.

## SITUACIÓN

Comunícase ó autor da queixa que considerando o artigo 17 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, esta Institución do Valedor do Cidadán declárase incompetente para atender a queixa por estar pendente de resolución xudicial , vía contencioso-administrativa, no suposto de que quixese exercer tal dereito, de non ser así, quedaría resolto pola vía de resolución administrativa do Concello xa recaída, e de acordo co disposto na Ordenanza Fiscal vixente, que nestes supostos aplica unha tarifa mínima de vivenda ó igual que aqueles establecementos e industrias que se atopen pechados ou sen utilización.

## REFLEXIÓNS

A Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo foi aprobada con carácter definitivo o 23/12/1989 e a súa última modificación tivo lugar o 26/12/2002. As Ordenanzas configúranse para normaliza-la actividade dos cidadáns que se integran nunha mesma comunidade. As entidades locais teñen por lei a obriga de servir con obxectividade ós intereses públicos, segundo o artigo 6 da Lei 7/1985, é dicir, ofrecer unha representación exacta dunha situación ou dun acontecemento.

O artigo 1.2 da subliñada Ordenanza establece que se entenderá de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódalas vivendas e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou doutros usos que estean en condicións de habitabilidade ou utilización, con independencia de que estean ou non habitados ou utilizados.

O artigo 5.1.4 aplica a tarifa mínima nos que polas características dos residuos, a súa recollida estea contratada con empresa distinta do servizo municipal.

Estamos ante un suposto que o Concello considera solucionado pola súa parte, quedando o cidadán “obrigado”, se quere unha definición exacta da súa situación, a poñerse en mans da xustiza ordinaria cos atrancos correspondentes. A empresa en cuestión non recibe servizo ningún da entidade municipal, xa que a recollida da súa varredura realízase pola Zona Franca, segundo consta documentalmente. Págase por algo que non se recibe a cambio, é dicir, non se dá unha situación exacta dun acontecemento.

A xustiza positiva é a que proporciona adecuación e asentamento ás esixencias que resultan da von-

tade humana expresada en normas; estas aínda sendo xustas, fallan en certos casos, é preciso ter en conta a equidade como fonte complementaria ou subordinada, ó non contemplarse a realidade dos supostos que abrangue; non se trata de medidas baseadas na suavidade senón na xusteza. Xa Aristóteles sinala que a equidade corrixe a lei na medida en que esta se mostra insuficiente por mor do seu carácter xeral.

Xa o TS, 21/2/1917, adoutrinaba que a equidade é compañeira inseparable da xustiza.

## RECOMÉNDASE

Unha revisión dos artigos correspondentes da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola Recollida do Lixo.

O pagamento dun tributo tense que asociar coa prestación dun servizo, cousa que aquí non se dá; sendo esta unha situación propia das facendas locais.

## EXPEDIENTE 28/2003

## ASUNTO

Inundacións en vivenda ocasionadas por atasco dos canos a cargo da empresa concesionaria do abastecemento e saneamento.

O autor desta queixa, en representación do seu pai, solicita a mediación ante a empresa concesionaria Seragua-Fcc, que non contestou ós seus escritos.

Con data 8/09/2002 sufriu na súa vivenda unha inundación pola auga que procedía do bote sifónico e polo WC, deu aviso a un fontaneiro que tras facer un buraco no medio do corredor da vivenda dilles que o problema corresponde a SERAGUA, xa que os canos da vivenda están limpos. A continuación contactou con SERAGUA, que lle envía un camiión que procede a desatascar os canos, facturándolle polo traballo 134,50.-, dando o problema por resolto. Con data 14/10/2002, repítense os feitos, volve contactar con SERAGUA que envía outra vez o camiión tendo que aboar de novo a mesma cantidade.

Contacta con SERAGUA para esixir unha solución estable, fan unha apertura na rúa e non atopan o rexistro onde verten as augas. Por mediación do Sr. Concelleiro de Vías e Obras practícanse as obras

necesarias e localízanse dous rexistros tapados polo asfalto, péchase o tráfico para a canalización co-respondente e faise un novo rexistro fronte á vivenda do interesado.

Por parte de SERAGUA colócanse as baldosas da vivenda afectada, o que implicitamente indica que as inundacións débense a problemas externos á vivenda, polo que o interesado solicitou por dúas veces reclamación de gastos, de fontaneiro e das dúas facturas do camiión enviado por SERAGUA, sen recibir resposta.

## SITUACIÓN

Solicítase informe o 3/04/2003, reiterando dita solicitud o 26/05/2003. Con data 8/07/2003, da Concellería de Vías e Obras remiten copia do informe da empresa concesionaria do servico de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Vigo: Aqualia.

Á vista do anterior, e ante a desconformidade do interesado, o 5/08/2003 expresámoslle á Concellería de Vías e Obras a situación que se deriva dun incorrecto funcionamento dun servico público, o que con data 11/08/2003 se nos informou de que o interesado debe presentar reclamación patrimonial ante o Concello, do que se lle dá traslado ó interesado con data 26/08/2003, reclamación que se presentou o 24/09/2003.

## REFLEXIÓNS

Atopámonos ante un suposto que para chegar á conclusión dun posible funcionamento anormal dun servico público requiriu dun ano de idas e voltas. O rendemento da administración local obviamente non está ligado á capacidade de dar unha resposta satisfactoria á demanda do cidadán no caso que nos ocupa. Demoras como esta provocan tamén situacións de exclusión social e polo tanto desacougo inxustificado.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade, en relación co artigo 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.
- Máis axilidade, e polo tanto eficacia, para atallar situacións non provocadas polo cidadán.

EXPEDIENTE 69/2003

## ASUNTO

Tema relacionado coa falta de rede de sumidoiro coas dificultades para o baleirado da fosa séptica, e cos problemas derivados desta situación.

O interesado expón que dende o ano 1992 vén solicitando a rede de sumidoiros ó Concello, sen que se teña realizado a acometida correspondente, aínda que a mesma foi aprobada en sesión do Concello do 15 de abril de 1999, solicitude que tamén realizou en numerosas ocasións a Seragua, sen obter resultado ningún. Situación que lle ten ocasionado varias multas por non poder baleirar a citada fosa séptica.

## SITUACIÓN

Queixa recibida o 8/09/2003, solicitado informe o 18/09/2003, que se recibe o 16/10/2003, e do que se dá cumprida información ó interesado. No citado informe a Concellería de Vías e Obras, Auga e Saneamento remítenos copia do informe emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga –Aqualia-, no que se expón que trala solicitude dos veciños, aprobouse o proxecto de construción do colector solicitado, pero que non se puido levar a cabo debido á oposición dos propietarios das finca por onde discorre o trazado, indicando ademais que os inmobles afectados poden evacuar as augas residuais ó colector instalado mediante o correspondente equipo de bombeo. Sen actuacións posteriores.

## EXPEDIENTE 74/2003

## ASUNTO

Tema sobre limpeza de dúas parcelas de propiedade municipal na demarcación nomeada Pertegueira; a maleza invade terreos de propiedade particular, con presenza de roedores. O interesado expón que con data 9/07/2003 solicitou a limpeza das citadas parcelas, e que non se levou a cabo.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/09/2003, solicitouse informe o 2/10/2003, e reiterouse dita solicitude o 29/10/2003, recibíndose o mesmo o 30/10/2003, e dando cumprida información ó interesado o 3/11/2003; resultando realizada a limpeza solicitada.

## RECOMÉNDASE

Cumprimento da legalidade do Regulamento de Organización Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18.1).

EXPEDIENTE 75/2003

## ASUNTO

Tema relacionado coa facturación que por Aqualia se fai con respecto ó consumo de auga; un cidadán consume realmente uns 15 m<sup>3</sup> en dous meses, nembargantes a empresa subliñada factúralle o “mínimo” de 30 m<sup>3</sup> / bimestre.

## SITUACIÓN

Recibida a queixa o 30/09/2003, solicitouse informe a Vías e Obras o 2/10/2003, dende onde se lle deu traslado ó Departamento de Administración de Tributos, que o emite ó 31/10/2003, e do que se da cumprida información ó interesado con data 5/11/2003.

## REFLEXIÓNS

No informe solicitado por esta Institución, faise precisión do seguinte: que alomenos, segundo a Ordenanza correspondente, resulta contradictorio que no artigo 4 (Base Imponible) se declare que a mesma determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo contribuínte, e posteriormente, no artigo 5 (Tarifas) se diga que o consumo mínimo que se lle deberá facturar ós usuarios non poderá ser inferior a 15 m<sup>3</sup>/ mes. É claro que as tarifas non son técnica nin xuridicamente unha taxa ou un prezo público, senón un prezo privado, non esixible por vía de constrinximento e discutibles ante a xurisdicción civil. É de suma importancia manter unha eficacia notable na solución dos problemas sociais, máxime cando poidan dar lugar a situacións que puideran afectar ós intereses económicos dos usuarios por mor de cláusulas que se puideran cualificar de abusivas ou temerarias nos contratos derivados de concesión de servizos públicos.

Sen esquecer que medidas, como a que se cuestiona, poidan dar lugar a consumos non necesarios o que vai en detrimento dunha axeitada política medio ambiental.

A resposta que figura no informe do Departamento de Administración de Tributos, entre outras pre-

cisións técnicas, indica que a cota mínima fixa (30 m<sup>3</sup>/ bimestre) ten por obxecto o establecemento dunha que permita a cobertura dos gastos orixinados polo mantemento, conservación e explotación do servizo. Continuando coa indicación de que o resultado estatístico de existencia de mínimos de consumo no noso país reflicte distintas actuacións, segundo se analice o norte da península ou o resto das zonas secas.

Por outra banda, subliña que a consecución de “igualdade de condicións” ou o logro do “obxectivo de equidade” cúmprese, mediante o establecemento da cota fixa mínima que permite, por unha parte, a disposición dun consumo medio suficiente, e por outra parte, contribúe a repartir os custos fixos do servizo de abastecemento entre tódolos usuarios que dispoñen do mesmo. Máis adiante declara que se dá unha determinación dunha tarifa progresiva para consumos superiores a 30 m<sup>3</sup>.

Pola nosa parte, no ámbito das reflexións, e sen ánimo de desvirtualo informe técnico subliñado, insistimos en que a equidade é compañeira inseparable da xustiza, tal como se desprende da doutrina legal do Tribunal Supremo, xa dende hai máis de cen anos (21/2/1917); en 25/03/1915 declara tamén que “aequitas in dubio praevalet”, e en 1863 (22 de decembro) “debe restrinxirse o odioso e amplialo favorable”.

Creemos que a Ordenanza en cuestión non contempla a realidade dos supostos que abrangue, trátase de acadar medidas baseadas na xusteza e non na suavidade.

Supostos como este requiren unha análise da realidade, non só no tema do abastecemento de auga, senón tamén noutros supostos como a recollida do lixo, etc.; só se require un exercicio de sabenza cotiá da razón, que impida tratamentos iguais a situacións desiguais.

Por outra banda precísase recordar o artigo 31 da Constitución Española, no que se impón a obriga de contribuír, por parte de tódolos españois, ó sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade. Non estimando que esta se acade polo feito de utiliza-los criterios expostos no informe, e sen que a adecuación supoña unha quebra da consideración de taxas ás prestacións patrimoniais que establezan as Entidades Locais por prestación dun servizo público que non sexa de recepción voluntaria; xa que a realidade vén marcada por unha imposición dun caudal de consumo que algúns cidadáns non necesitan para a súa vida privada ou social.

Xa Mariani, na súa obra “Les chemins de le reforme administrative”, nun apartado arredor do desprezo do detalle, expón que na vida administrativa os detalles teñen unha importancia considerable, ata tal punto que ignoralos é orixe de moitos incidentes, perdas de tempo, consumo de enerxías inútiles, esixindo molestias ó administrado que puideran evitarse.

## RECOMÉNDASE

Se o pagamento dun tributo tense que asociar coa prestación dun servizo , é de xustiza, atendendo ós principios de igualdade e proporcionalidade, que a referida obriga sexa acorde co uso ou consumo que se faga do servizo prestado.

Sería adecuada unha revisión da Ordenanza Fiscal reguladora do mesmo.

## EXPEDIENTE 80/2003

### ASUNTO

Os interesados presentan queixa en relación coas inundacións que se producen nun garaxe dunha venda, situación que se vén producindo dende agosto do ano 2001. Teñen presentado escritos no Concello e ante a empresa concesionaria xa que por causa da choiva prodúcense citadas inundacións ademais da entrada no mesmo garaxe de augas fecais.

Achegan escritos recibidos do Concello e da empresa concesionaria Seragua, por unha banda, a Xefatura de Vías e Obras explicitaba que o problema se pode achacar á falta de mantemento (limpeza) do colector que discorre pola mencionada rúa nos meses previos ó inverno; por outra banda, a empresa concesionaria declaraba que se tiñan efectuado operacións de limpeza non detectando anomalías e que o problema é ocasionado pola incapacidade do colector en momentos de choivas fortes.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/10/2003, solicitado informe o 27/10/2003, recibido o 19/11/2003, e no que se explicita tecnicamente que as inundacións se deben a unha falta de previsión no mantemento por parte da concesionaria. Dáse traslado ó interesado e na mesma data esta Institución insiste ante Vías e Obras para que se acometa, dunha vez por todas, a solución do problema.

### REFLEXIÓNS

Atopámonos ante unha situación dun funcionamento anormal dun servizo público, que ademais se vén repetindo dende hai tempo, sen intervención decisiva por parte do órgano municipal. As molestias causadas ó cidadán que non ve resoltas as súas incomodidades por mor dunha falta de claridade

entre unha Administración Pública e unha empresa concesionaria dun servizo público, o que deriva nunhas actuacións insuficientes.

#### RECOMÉNDASE

Exercicio eficaz e eficiente dunhas competencias municipais, que ó non ser desa condición derivan nunha falta da protección que requiren os dereitos dos cidadáns que afectan á calidade de vida. O interesado non ten que ver prexudicados os seus dereitos polas discrepancias xurdidas entre o ente público e a concesionaria do servizo público.

## CAPÍTULO 2

### BENESTAR SOCIAL

---



EXPEDIENTE:

4

EXPEDIENTE 4/2003

ASUNTO

O interesado nesta queixa dirixiuse a esta institución para expoñer que con data 19/12/2002 entregou á traballadora social do Concello a documentación solicitada co fin de obter unha subvención

para unha prótese dental que lle fora rexeitada polo SERGAS.

Posteriormente a Xunta de Galicia infórmalle non ter recibido a documentación. Con data 13/01/2003 o interesado constatou que a súa documentación non fora tramitada porque a traballadora social estaba de vacacións.

Benestar Social infórmanos que o 24/07/2002 tivo rexistro de entrada na Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais a solicitude de Emerxencia Social con proposta de denegación, porque como fora informado o interesado, este supera os ingresos establecidos para obter a citada axuda, segundo establece a Lei 9/1991, de 2 de outubro, Galega de medidas básicas para a inserción social.

A traballadora social acompaña copia do documento remitido á Consellería de Asuntos Sociais (de solicitude de emerxencia). Este documento, segundo a traballadora social, foi remitido á Consellería o 24/07/2002, pero ten data de 17/01/03, ten selo de saída do rexistro do concello o 23/01/03, e ten data de entrada no edificio administrativo da xunta o 24/01/03 (o documento ten rexistro de saída do concello xusto despois de que se solicite informe por esta oficina ).

Segundo escrito da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, de data 14/02/2003, a axuda foille rexeitada por superar o límite de ingresos previstos ó efecto. O interesado, achegando documentación relativa á súa capacidade económica como pensionista, non pretende ir contra a lexislación vixente reguladora deste tipo de axudas; e manifesta o seu interese en solicitar unha reflexión nos axustes económicos no futuro.

## SITUACIÓN

Por tratarse dun tema que soborde as competencias desta Institución, déuselle traslado de súplica ó Valedor do Pobo, segundo se deduce do artigo 14.c) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## CAPÍTULO 3

CULTURA E DEPORTES,

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

---

EXPEDIENTES:

42

68

## EXPEDIENTE 42/2003

### ASUNTO

O interesado, en representación da Comisión de Clubs de Fútbol Sala de Vigo, expón que en reiteradas ocasións ten solicitado unha entrevista co Concelleiro de Deportes co fin de abordar a situación de discriminación, respecto doutras organizacións, que considera están a padecer. Non teñen recibido resposta do Concelleiro, polo que reiteran a través desta oficina o seu desexo de entrevistarse con el.

Engade que non solicitan subvencións económicas, pretenden dispor de instalacións gratuítas para levar a cabo a actividade deportiva.

### SITUACIÓN

Recibida a queixa o 19/05/2003, solicitouse informe o 22/05/2003, que se recibiu o 3/06/2003. No mesmo o Sr. Concelleiro de Deportes expón que non teñen noticia da existencia desta comisión/asociación como tal, e postos en contacto co delegado da Federación de Fútbol Sala en Vigo, este indícalles que non é tal asociación, senón un grupo de clubs. Por outra banda, non se lles puido conceder data para unha entrevista por problemas de axenda, indicándoselles que en canto sexa posible reuníranse con eles.

Engaden que a Concellería de Deportes púxose en contacto co delegado da Federación de Vigo, indicándolle que nas vindeiras subvencións só recibirán axuda económica aqueles clubs que teñan categorías base, tal como ocorre nas demais modalidades deportivas.

Posteriormente reuníronse co presidente da Asociación para o Deporte de Base, que representa a máis de 100 clubs, chegando ó acordo de que na vindeira tempada, os clubs de fútbol sala se ben non recibirán subvencións se non teñen categorías inferiores si recibirán axudas económicas da Fundación

Vigo Deporte.

Polo que se refire ás instalacións deportivas, o informe engade que ningún club de base paga instalacións deportivas municipais, si o fan os de categorías superiores.

Déuselle traslado do mesmo ó interesado o 5/06/2003, non existindo consulta ou actuacións adicionais por parte do interesado.

EXPEDIENTE 68/2003

ASUNTO

Tema presentado en nome da Mesa pola Normalización Lingüística, queixándose do non uso do idioma galego por parte do Sr. Alcalde.

SITUACIÓN

Recíbese a queixa o 14/08/2003, solicitándose informe o 3/09/2003, que remiten o 22/09/2003, e do que se da traslado da información o 2/10/2003.

REFLEXIÓNS

No escrito de solicitude de información sobre o tema de referencia facíase fincapé en que a Ordenanza de Normalización Lingüística, aprobada polo Pleno, en sesión de 8 de novembro de 1998, reflicte no seu artigo 11 que se empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas, e nas relacións cos cidadáns e coas entidades públicas sitas en Galicia.

Á vista do que se puntualizaba: “É obvio que o termo “normalmente” ten un significado concreto, cal é:

- De acordo coa norma establecida
- Desprovisto de carácter excepcional
- Común, corrente
- Que serve de norma
- Axéitase á orde”

As Ordenanzas municipais ou regulamentos administrativos ou organizativos utilízanse para ordenar a actividade propia da Administración Municipal, xa cara dentro xa cara fóra, concluíndose pola doutrina que as ordenanzas poden ter carácter de regulamento independente sempre que non contradigan o determinado na lexislación básica, xa estatal xa autonómica, sobre da materia.

Por outra banda, chama a atención que o informe da Concellería de Patrimonio Histórico e Normalización Lingüística faise:

- 1) Sen soporte papel e sen cabeceira.
- 2) Sen asento do rexistro xeral (artigo 38 da Lei 30/1992 modificada pola Lei 4/1999; así como os artigos 151,152,153,154,155 e 156 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais).

#### RECOMÉNDASE

Cumprimento estricto da legalidade organizativa dunha actividade pública.

#### CAPÍTULO 4

## ECONOMÍA E FACENDA

---

### EXPEDIENTES:

2

5

13

24

35

41

48

59

63

76

## EXPEDIENTE 2/2003

### ASUNTO

A interesada recibiu notificación do Departamento competente do Concello sobre débeda relativa ó concepto de Plusvalía. Con data 08/01/2003 solicita a intervención desta Institución para que medie ante o Concello de Vigo a fin de obter o aprazamento e/ou fraccionamento do pago de dita débeda, alegando non poder facer fronte ó pago doutro modo.

Con data 13/01/2003 solicitamos informe á Alcaldía, para os efectos de acadar o aprazamento interesado, recibindo a comunicación correspondente por parte da Unidade de Recadación Executiva do Concello, na que se nos indicaba que a interesada non instara solicitude ningunha de fraccionamento ou aprazamento da referida débeda, e para que proceda o citado fraccionamento ou aprazamento é necesaria previa solicitude do interesado, engadindo ademais, que de acordo co artigo 39 da Ordenanza Xeral do Concello de Vigo, o prazo máximo concedido para o fraccionamento da débeda é de 18 meses, e un ano para o caso dos aprazamentos.

### SITUACIÓN

Dado o tempo transcorrido, sen actuacións adicionais, estímase solucionada a petición de aprazamento segundo o artigo 39 da Ordenanza Xeral correspondente.

## EXPEDIENTE 5/2003

### ASUNTO

A interesada formulou reclamación alegando que o Concello, sen previo aviso, embarga unha conta da que é titular, reclamándolle un recibo do I.A.E. do ano 1999 do seu marido, que segundo ela, dérase de baixa en maio do mesmo ano.

Unha vez admitida a trámite a queixa, recibíuse informe da unidade correspondente da Administración de Tributos do Concello, do que se lle deu traslado á interesada, informe que sinala que o marido da interesada causa baixa en maio de 1999, e que en cumprimento do artigo 90 da lei 39/88, o contribuínte debe aboar o recibo emitido e solicita-la devolución de ingresos indebidos polo importe correspondente ó terceiro e cuarto trimestre do exercicio de 1999.



## SITUACIÓN

Non existe actuación posterior, polo que se entende que o tema formulado está solucionado ou en vías de solución.

## EXPEDIENTE 13/2003

O interesado no seu escrito de queixa indícanos que lle foi embargada na súa conta unha cantidade por diversos conceptos polo Concello. Non recoñece a cantidade correspondente a un deses conceptos, o I.A.E., por terse dado de baixa a metade de ano (o 30 de xuño). Considera que só debería pagar a parte correspondente a esa metade do exercicio e non a totalidade.

## SITUACIÓN

Solicitado informe o 27/02/2003, recíbese o mesmo con data 11/04/2003, onde o Negociado de Actividades Económicas nos indica que con data 19/03/2003 xa lle foi contestada a solicitude ó interesado, indicándolle que de acordo co artigo 90 da Lei 39/1988 (Reguladora das Facendas Locais), pode solicitar a devolución dos trimestres 3º e 4º do exercicio, se o mesmo tivese feito efectivo o referido exercicio.

Non existindo actuacións adicionais, enténdese solucionado o tema obxecto da queixa.

## EXPEDIENTE 24/2003

## ASUNTO

Queixa presentada por mor de non ser atendida a solicitude, en tempo, de domiciliación bancaria modificada, en relación co pagamento dos tributos periódicos.

O interesado expón que o 19/09/2002 dirixiu escrito ó Concello no que informaba do cambio dos seus datos bancarios para a domiciliación do pagamento dos tributos. No mes de novembro ó non recibir na súa conta bancaria os cargos correspondentes ó pago do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana, e coñecer que os recibos foran cargados na súa antiga conta bancaria —e por tanto devoltos—, compareceu nas oficinas do Concello co obxecto, de facer o pagamento. Onde lle comunican que ten que aboalos con recargo porque a comunicación do cambio de conta fora feita fora de prazo.

Considera que tería que haber sido avisado deste punto con anterioridade (en todo caso, cando comunica o cambio de conta), e solicita que se lle devolva o importe do recargo.

#### SITUACIÓN

Queixa recibida o 20/03/2003, da que se solicita o preceptivo informe o 21/03/2003; reiterado con data 26/05/2003, recibíndose a resposta da Concellería de Economía e Facenda o 29/05/2003, na mesma nos indica que segundo a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, a data límite para os cambios de domiciliacións do exercicio 2002 rematara o día 15/06/2002, polo que o interesado realizouno fóra de prazo, non producindo efecto para o ano 2002. Información da que se lle dá traslado ó interesado o 4/06/2003, no que se lle detallan os prazos subliñados na Ordenanza Fiscal Xeral.

Non habendo actuación posterior, enténdese que o tema se dá por concluído.

#### RECOMÉNDASE

Cumprimento da legalidade recollida no artigo 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

#### EXPEDIENTE 35/2003

#### ASUNTO

Queixa presentada con data 6/05/2003, en relación coa pensión alimenticia a satisfacer por un funcionario municipal; o motivo da queixa vén dado pola falta de axilidade por parte do Concello.

A interesada expón que segundo auto do xulgado de Familia se lle vén efectuando unha retención ó seu ex-marido, funcionario do Concello de Vigo, en concepto de pensión alimenticia para o fillo de ambos. Alega ter presentado queixa no Concello, non recibindo contestación ou solución ningunha, porque tódolos anos ten que achegar certificación do IPC do ano anterior para que o Concello revalorice a cantidade a reter, cando deberían facelo de oficio; ademais a revalorización faise cando a interesada presenta a certificación, polo que non se teñen en conta os atrasos, xa que non se aplica con carácter retroactivo.

#### SITUACIÓN

Solicítase informe con data 14/05/2003, que foi rendido o 21/05/2003, e recibido o 2/06/2003. No mesmo, a Interventora do Concello informounos que as revalorizacións realízanse correctamente e da maneira máis áxil posible, en canto o dato do IPC é publicado polo Instituto Nacional de Estatística, se é posible na nómina do mes de xaneiro, se non no de febreiro máis a desviación correspondente ó mes de xaneiro.

Con data 2/06/2003 déuselle traslado do mesmo á interesada. Non dándose consultas ou actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 41/2003

ASUNTO

O interesado expón que en outubro de 1992 recibe comunicación pola que se lle imputa un pagamento do IAE que supón un incremento do 977% con respecto ó réxime anterior (Licencia Fiscal). Como consecuencia o interesado dáse de baixa na Axencia Tributaria da actividade profesional a causa do citado imposto por considerar este excesivo. O 14/10/1992 presentou reclamación pola suba, que lle foi contestada cunha rebaixa substancial na contía do imposto.

O 19/05/1999 recibe providencia de embargo de bens, e o 9/04/2003 recibe comunicación da súa entidade bancaria de Retención por Dilixencia de Embargo.

Considera que debeu ser informado antes do comezo do ano fiscal da suba do imposto (e non en outubro como de feito sucedeu), para decidir si consideraba conveniente ou non exercer a actividade profesional. Ademais alega que en todo caso, a débeda estaría prescrita.

SITUACIÓN

Queixa formulada o 14/05/2003, solicitouse informe o 22/05/2003, que se recibiu o 29/05/2003. A Administración de Tributos indícanos no seu informe que durante os anos 1992 e 1993 as baixas no citado imposto non tiñan efectos trimestrais, senón anuais, polo que a cantidade resultante é axustada a legalidade vixente. A liquidación recorrida polo suxeito pasivo foi rectificada pola Administración Tributaria por aplicárselle unha bonificación do 50% por ser o cuarto ano de actividade (vixente a denominada Licencia Fiscal). Esta 2ª liquidación non foi recorrida en período voluntario polo solicitante.

Respecto ó tema da prescrición, o Departamento de Recadación Executiva fai unha relación coas seguintes datas: o 14/02/1995, prodúcese a notificación de constrinximento do recibo sinalado. O 14/06/1999, notificase ó interesado a providencia de embargo. O 14/04/2003, é practicada a dilixencia de embargo. Polo que non se produce a prescrición alegada, xa que as actuacións realizadas interrompen tal prescrición, segundo establece o artigo 64 da “Ley General Tributaria”.

Con data 4/06/2003 déuselle traslado do mesmo ó interesado, non existindo consultas ou actuacións adicionais por parte do mesmo.

EXPEDIENTE 48/2003

ASUNTO

Tema sobre reclamacións presentadas reiteradamente en relación cos recibos do IBI. A interesada presenta queixa ante esta oficina en relación a unha finca da súa propiedade. A cualificación urbanística da mesma a efectos de valoración catastral do IBI, segundo o Plano Xeral de Ordenación Urbanística do ano 1988, é a de zona industrial; pero segundo o Plano do ano 1993 a cualificación da mesma sería a de zona industrial, cultural e social, e de zonas verdes.

A interesada a partir de 1993 solicita que se dea unha cualificación única a finca, preferentemente como vivenda unifamiliar, conforme ás valoracións das demais fincas do contorno, xa que ese é o uso ó que se destina. Solicita ademais se lle pase un recibo do IBI conforme a unha cualificación urbanística xusta.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/06/2003, e solicitado informe o 24/09/2003, recíbese o 2/10/2003, do que se lle dá cumprida información á interesada con data 8/10/2003. Non existindo consultas ou actuacións adicionais por parte da interesada.

EXPEDIENTE 59/2003

ASUNTO

O interesado indícanos que con data 17/06/2003 foille embargada na súa conta corrente a cantidade de 112,44.- por parte do Concello de Vigo correspondente ó pago do Imposto de Vehículos dos

anos 2000 e 2001. Con posterioridade, o día 8/07/2003 recibiu notificación do citado embargo. Considera que tal actuación colócao nunha situación de indefensión.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/07/2003, solicitouse informe con data 14/07/2003, recibíndose o 18/07/2003, do que se lle dá cumprida información ó interesado o 22/07/2003. No informe a Unidade de Recadación Executiva da Tesourería, indícanos que os recibos do I.V.T.M. correspondentes ós anos 2000 e 2001 non foron pagados en período voluntario polo que se iniciou o período executivo de acordo co artigo 97 do Regulamento Xeral de Recadación. Engade que en data 1/06/2001 e 30/10/2002, fóronlle notificadas ó interesado as preceptivas providencias de constrinximento dos citados recibos –achegan copia das notificacións entregadas persoalmente ó interesado-.

Non existindo actuacións posteriores sobre o tema obxecto da queixa.

## EXPEDIENTE 63/2003

## ASUNTO

Tema relacionado coa exención do imposto de circulación por tratarse dun usuario con minusvalía.

O autor desta queixa expón que ten presentado na Administración de Tributos do Concello de Vigo solicitude de exención do pago do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica dada a súa condición de minusválido, indicando que o vehículo é conducido tanto por el como pola súa muller, quen tamén ten a condición de minusválida.

Dita solicitude foille denegada, segundo notificación ó interesado da Administración de Tributos, por non cumprir os requisitos establecidos no artigo 94.d) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, modificado pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, e artigo 5.a) da Ordenanza Fiscal Reguladora do dito Imposto.

O interesado acompaña copia da solicitude e contestación da Administración de Tributos, así como da póliza de seguro do vehículo, e dictames da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais certificando a minusvalía tanto do interesado como do seu cónxuxe.

## SITUACIÓN

Queixa recibida o 16/07/2003; solicitado informe, previa reclamación de documentos ó interesado, o 11/08/2003, que se recibe o 2/09/2003, e do que se dá cumprida información ó interesado o 3/09/2003, facendo precisión do derradeiro trámite a realizar como elemento substancial para a revisión do seu expediente polo Departamento Municipal correspondente. Non existindo actuacións posteriores sobre o tema obxecto da queixa.

EXPEDIENTE 76/2003

ASUNTO

A interesada presenta queixa por mor da subida considerable no imposto sobre Bens Inmóbles no rural vigués, aumento que nalgúns casos supón practicamente duplicar o recibo de anos anteriores. A suba vén provocada polo incremento do valor catastral de inmóbles e solo.

SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/09/2003, recibíndose o informe, sen petición previa o 6/10/2003, do que se lle deu cumprida información á interesada o 8/10/2003. A Dirección de Ingresos no seu informe remítenos á súa vez copia dun informe da Xefa do Negociado de Tributos Inmobiliarios, ámbolos dous informes coinciden ó explicitar que a fixación do valor catastral é un acto regulado da Xerencia Territorial do Catastro dependente do Ministerio de Economía e Facenda, segundo establecen os artigos 78 da Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e artigo 1 da Lei 48/2002, de 23 de decembro, do Catastro Inmobiliario. Polo que, o Concello unicamente aplica o tipo impositivo establecido na Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles ó valor catastral notificado pola Xerencia Territorial do Catastro, non tendo aquel competencia ningunha para a modificación do valor catastral.

Segundo a Xerencia Territorial do Catastro, en relación co suposto concreto que nos ocupa, con data 31/07/2002 procedeu a rectificar a valoración da parcela da interesada pasando, como figuraba, de “uso propio-almacenamento” con 249 m<sup>2</sup> a “uso residencial” con 413 m<sup>2</sup>, o que repercutiu no valor catastral asignado ó inmóble.

Non existen actuacións posteriores.

## CAPÍTULO 5

### MEDIO AMBIENTE

---

EXPEDIENTES:

12

18

37

49

60

71

EXPEDIENTE 12/2003

ASUNTO

O interesado presenta queixa na Delegación do Instituto Galego de Consumo da Xunta de Galicia, quen por razóns de competencia dámos traslado desta reclamación.



O interesado, en calidade de presidente dunha Comunidade de Propietarios da rúa Manuel Núñez, manifesta que a Comunidade do edificio que representa vén sufrindo o vertido de augas residuais e fecais procedente das fachadas das rúas Gil e Ronda de Don Bosco. E segundo puideron comprobar ( a través de inspeccións realizadas por técnicos), o vertido que afecta á fachada da rúa Gil provén dun establecemento comercial próximo, vertidos que se producen tódolos días agás o luns, día de peche do local. Feitos que foron comunicados á representante legal da propiedade do local, e tamén á persoa encargada do negocio, sen recibir resposta ningunha ó respecto.

## SITUACIÓN

Con data 27/02/2003, deuse traslado da queixa á Concellería de Infraestructuras e Medio Ambiente, solicitando información sobre o tema. Ante a falta de información ó respecto reiterouse a petición con data 09/03/2003.

Con data 28/08/2003 recíbese informe dende o Negociado de Sanidade, no que se determina que a denuncia con referencia ó establecemento debe ser competencia da Delegación de Sanidade da Xunta de Galicia ou no seu defecto da xurisdicción ordinaria; e que en canto ás filtracións procedentes da Rúa de Don Bosco, con data 16/01/2003 foille requirido informe á empresa concesionaria do servizo de saneamento e ata a data non houbo resposta.

Á vista do subliñado, respondéuselle á Consellería de Sanidade, manifestándolle o noso desacordo coa resposta:

- Por unha banda, a evacuación das augas residuais procedentes do local podería ter acollida na Ordenanza municipal reguladora dos vertidos non domésticos de augas residuais.
- E por outra, respecto ó vertido de augas fecais, dise que foi solicitado informe o 16/01/2003, e non recibido en 26/08/2003, superando, con moito, a prudencia e a eficacia administrativa.

Con data 15/10/2003, solicítase informe para comprobar a situación actual.

## REFLEXIÓNS

É obvia a falta de coordinación entre administracións, principio básico en toda organización pública; a coordinación é, en primeiro lugar, un problema de autoridade e, en segundo lugar, unha convicción de servizo mutuo. A propia Lei 7/1985 considera a cooperación como un mecanismo de relación ordinaria e a Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común expón que a eficacia nas

Administracións públicas resulta un principio activo, non só desexable, senón indispensable no seu funcionamento, configurándose como un principio que debe presidir o exercicio de tódalas competencias compartidas ou das que se exercen sobre o mesmo espazo físico.

É de subliñar que segundo o TS (214/1989), fronte a voluntariedade da cooperación, toda coordinación implica un poder de dirección, consecuencia da superioridade en que se coloca quen coordina.

#### RECOMÉNDASE

- Máis axilidade na xestión que, en supostos como este, levarán sen dúbida á eficacia e ós rendementos que toda actuación pública debe acadar.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

#### EXPEDIENTE 18/2003

#### ASUNTO

A interesada, en calidade de presidenta da Asociación Veciñal Consumidoras/es e Usuarías/os “Val do Fragoso” de Vigo, expón que no barrio que representa está afincada unha planta clasificadora de residuos sólidos que produce malestar na veciñanza polos malos olores que provoca, ademais da acumulación de material diverso nas beirarrúas.

#### SITUACIÓN

Solicitouse informe o 5/03/2003, reiterouse o 30/04/2003, de novo o 14/07/2003 e aínda o 6/08/2003; recibíndose o 23/09/2003; e dado que o mesmo indica que as dilixencias non están completas, reitérase información adicional o 22/10/2003. Non existindo resposta a 31/12/2003.

#### REFLEXIÓN

O informe recibido o 23/09/2003 indícanos a “existencia dun forte cheiro e non poden observar se a planta conta cun sistema de recollida de augas da choiva e de lavado, e se procede a pasalas por un separador de aceites graxas, debido á cantidade de colectores almacenados, e o xefe de loxística tamén o descoñece. Debido a que a persoa responsable da oficina está de vacacións non poden presentar a documentación: licencia de apertura, autorización de vertido”.

É evidente que as comprobacións ou non da existencia legal dunha actividade, denunciada en febreiro de 2003; non deben atoparse pendentes do aproveitamento das vacacións (setembro de 2003) dun empregado da empresa.

A Constitución Española nos artigos 9 e 10 consagra os principios de legalidade e eficacia na actuación da Administración Pública. Téñense que evitar as actuacións insuficientes e axiliza-los trámites legalmente previstos; a xestión que lle é propia debe exercerse eficazmente, máxime cando a mesma ten por obxecto preservar os dereitos constitucionais dos cidadáns afectados en concreto polos seus dereitos ó medio ambiente adecuado, á calidade de vida, á saúde e ó descanso.

#### RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade que se desprende do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.
- Cumprimento da legalidade derivada do principio de actuación conforme ás normas de economía, celeridade e eficacia.

#### EXPEDIENTE 37/2003

#### ASUNTO

O interesado, en calidade de presidente dunha Comunidade de Propietarios da rúa Celso Emilio Ferreiro, expón que no baixo comercial do edificio que representa instalouse unha igrexa sen ter cumpridos os requisitos esixidos pola lei, ocasionando moitas molestias ós veciños, en especial en canto a ruidos, incumprindo as Ordenanzas Xerais de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica.

#### SITUACIÓN

Solicitado informe o 20/05/2003, e reiterado o 29/07/2003 e o 17/11/2003; recíbese resposta na que se di “non existen antecedentes sobre a denuncia segundo os arquivos documentais e informáticos deste departamento de Medio Ambiente. Con esta data remíteselle á Policía Local a súa documentación para que informen ó respecto”.

#### REFLEXIÓNS

Resulta que as peticións reiteradas (1º e 2º) figuran nesta Institución como recibidas na oficina de Medio Ambiente, segundo nota Interior nº 12597C, de data 29/07/2003.

#### RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade regulamentaria, segundo o previsto no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

#### EXPEDIENTE 49/2003

#### ASUNTO

Tema relacionado cos ruidos procedentes dun local destinado a discoteca. O interesado solicita un estudio da situación do Pub do que é propietario, xa que sofre dende hai anos un exhaustivo control en canto ós ruidos que xera, considerando que non procede xa que cumpre tódolos requisitos de apertura e ten insonorizado o local ata 65 dB, cousa que non sucede con diversos locais que se atopan nos baixos do mesmo edificio sito na rúa Pontevedra.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/06/2003. Admitida a trámite a queixa, con data 19/06/2003 solicitamos á Concellería de Medio Ambiente e á Asesoría Xurídica do Concello de Vigo que nos facilitasen información da relación de expedientes sancionadores incoados ó Pub propiedade do interesado, e o estado de tramitación dos mesmos.

Con data 9/07/2003 recibíuse escrito remitido pola Asesoría Xurídica do Concello indicándonos que se atopa interposto recurso contencioso-administrativo contra unha resolución do Concelleiro-Delegado de Infraestructuras e Medio Ambiente, non recaendo sentenza ata aquel momento. Engade que calquera outra información débese solicitar ó servizo responsable da tramitación do expediente, Medio Ambiente.

Con data 8/09/2003 recibíuse informe remitido pola Concellería de Medio Ambiente. Dado que, segundo a documentación achegada, resulta un tema suxeito a procedemento xudicial, declárase en virtude do artigo 17.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, excluído da competencia desta Institución.

## REFLEXIÓNS

A pesar de ser un tema excluído da competencia desta Institución, considérase oportuno que por parte do Concello se realice un estudio acerca dos outros pubs situados na rúa Pontevedra, en concreto, dos que están no baixo do mesmo edificio; por unha parte, para saber se posúen a preceptiva licenza para tal actividade, e por outra, para realiza-la medición dos ruídos producidos por citados pubs.

EXPEDIENTE 60/2003

## ASUNTO

Queixa sobre as molestias ocasionadas pola Estación Depuradora de Augas Residuais de Vigo.

O autor desta queixa, en representación dun total de cen veciños das parroquias de Coruxo, San Paio de Navia e San Andrés de Comesaña, expón que no ano 1996 instalouse a Estación Depuradora de Augas Residuais de Vigo, e que do seu funcionamento véñense padecendo unha serie de molestias debido ós cheiros producidos pola planta. Engaden que teñen encargado a técnicos a avaliación do problema, que concluíron que ten unha solución técnica posible.

## SITUACIÓN

O 15/07/2003 recíbese a queixa, solicitándose informe o 16/07/2003 á Concellería de Medio Ambiente, que por non recibido reitérase o 13/08/2003, e recíbese o 16/09/2003, do que se dá traslado ós interesados o 18/09/2003.

Pola nosa parte encárgase outro informe técnico exterior que se recibe o 25/11/2003 e do que se dá cumprida información ós afectados o 26/11/2003.

## REFLEXIÓNS

No informe da Concellería de Medio Ambiente, faise un relatorio, a partir do 7/07/2003 en relación cun vertido, así como a falla dunha das válvulas hidrostáticas e o eixe do dixestor nº 1 que ocasionou un escape de “fango” (lama) ó exterior, informándose ós afectados do procedemento a seguir en caso de reclamacións. Un día despois, persoal técnico municipal interesa da concesionaria o calendario dos

mantementos das plantas de tratamento de augas residuais e outra documentación. Segue unha serie de relatos en relación con diversas reunións (afectados, autoridades municipais, etc.), continuando coa data de 14/08/2003 na que se realiza unha visita de inspección polo servizo de Calidade Ambiental de Pontevedra na que resulta:

- Durante a visita non se atopan acúmulos de lodos á intemperie.
- Existen tres puntos con fortes cheiros correspondentes á zona onde se realiza o desengraxa e desareado que se atopa ó aire libre; á zona de decirculación de lamas procedentes dos decantadores secundarios tamén ó aire libre, e á zona onde se secan as lamas este último situado a cuberto.
- O xefe da planta manifesta que, con relación ós fortes cheiros, nos últimos anos véñense rexistrando unha sorte de problemas debido á grande acumulación que se produce no pozo de lamas, e que os traballos de limpeza duraron aproximadamente 18 días, que dende o 2 de agosto non se volveron a recircular as lamas cara á liña de cabeceira, e que nun prazo máximo dun mes a situación estará normalizada.

Posteriormente, dáse exposición do informe do Servizo de Demarcación Sur de Augas de Galicia, no que se di que o 14 de agosto se comproba que o estado e o funcionamento das instalacións é correcto; que dende o 17 de xullo ata o 29 do mesmo mes deixáranse de retirar lamas do EDAR co fin de extraer areas do pozo de lamas dixeridos. Estas lamas re-circúlanse coa liña de auga, polo que se acumulan cantidades de lama que exceden os parámetros que se consideran admisibles, como consecuencia disto prodúcense malos cheiros en diversas zonas, que en condicións normais non cheiran.

Faise logo un relato das fases de construción da EDAR. Dende o seu comezo obsérvase unha gran cantidade de areas (1999) que paran todo o proceso, chegando a acumularse nos dixestores e no pozo de lamas dixeridos. Para paliar ese efecto, nunha segunda fase (2001) construíuse un pozo de grosos e instalouse un filtro á entrada das lamas primarios ó espesador. Ata a data a concesionaria limpou o pozo de lamas dixeridos en tres ocasións: outubro de 1999, xaneiro de 2001 e xullo de 2003, no segundo período obsérvase 29 meses, estimándose que se deixou transcorrer demasiado tempo sen limpa-lo pozo das lamas dixeridas, e polo tanto víronse obrigados, en condicións extremas, a para-la liña de lamas, no peor momento. Consideran finalmente que as instalacións da EDAR son as axeitadas, que o seu funcionamento é o correcto, que as medidas correctoras da segunda fase foron as axeitadas. Nembargantes estima que a limpeza do pozo de lamas dixeridos debería terse realizado durante o pasado inverno e, dese xeito, evitariase esta desagradable situación.

Por outra banda, e con data 10/09/2003, o Concello encarga a realización dunha auditoría do mantemento da EDAR.

Ante a situación, esta Institución encargou un informe técnico que trala identificación dos problemas

(cheiros, presenza de areas nas lamas, almacenamento de lama dixerido, pantalla vexetal, peirao de carga de residuos, control de caudais de entrada) procede ó análise das alternativas e proposta de melloras, sobre de:

- Control e tratamento de cheiros, formular unha actuación dobre baseada na contención dos gases e o seu tratamento. Proponse o confinamento dos gases dentro dos recintos onde se producen e a súa conducción, mediante aspiración forzada a unhas instalacións de tratamento antes de evacualas á atmosfera (biofiltros de materia vexetal).
- Presencia de areas nas lamas (a razón desta é que presentan un tamaño moi fino, quedando retidas nos decantadores primarios e non nos desareadores, extraéndose polo tanto xuntamente coas lamas primarias), e de que os volumes que chegan á planta son o dobre que os dunha depuradora tipo. Obsérvase ademais que a falta de espazo para instalar novas unidades de desareado convencionais obrigará a considerar a posibilidade de ampliación da planta e analizar outras propostas tecnolóxicas que estean a disposición.

Conclúese que existen carencias importantes que implican afeccións non desexables no contorno (os cheiros), sendo os criterios de investimento do Concello e da Xunta de Galicia os que permitan a desaparición das afeccións.

Por outra banda, precísase anotar a opinión do Director do Servizo de AQUALIA, no seu relatorio do XVIII curso de Saúde Ambiental (1 a 5 de decembro de 2003), na que se explicitan, entre outras, as seguintes consideracións:

A EDAR de Vigo, só conduce o 90% dos vertidos xerais do ámbito, zona cunha elevada densidade de poboación, con máis de 450 vivendas nun radio de 500 metros ó redor da mesma.

A Xunta de Galicia realizou unha serie de obras tendentes fundamentalmente á ampliación da capacidade de tratamento secundario, sen acometer pequenas melloras solicitadas polo Concello.

Nestes dous últimos anos tense detectado unha elevada presenza de areas nunhas cantidades de ata un 400% superiores ó habitual neste tipo de instalacións segundo análise máis do 80% da area que chega á planta é dunha granulometría inferior a 0,2 mm. Ámbalas circunstancias non habituais en EDAR, representan un forte hándicap para a explotación. Esta circunstancia repercute de forma indirecta nun incremento das molestias xeradas polos cheiros no contorno. O cerramento e o tratamento dos cheiros é unha actuación que xa se tiña que ter tomado na EDAR LAGARES, do que non dispón na súa maior parte.

Están previstas unha serie de actuacións que conduzan a un axeitado tratamento e distribución, e considera que se deben afrontar con prioridade as melloras tendentes ó tratamento de cheiros e a extracción das areas anteriores ós procesos fundamentais de tratamento.

Pola nosa parte é obvio dicir que calquera feito público pode producir alarma social, como no suposto que nos ocupa; xorden as interrogantes:

- ¿construíuse a EDAR conforme ós modelos precisos á súa finalidade?
- ¿os técnicos municipais que revisaron as instalacións, deron a súa conformidade en relación coa idoneidade da planta?

Na práctica realidade atopámonos cun expoñente claro dun funcionamento anormal dun servizo público que ten que ser rectificado prioritariamente e con resarcimento dos danos causados.

A lexitimidade das corporacións locais vén dada polos rendementos; esta condición está ligada intimamente á capacidade para dar resposta ás demandas do contorno, é dicir, a mellora da situación material dos afectados; estamos ante un feito que supón unha falta de eficacia da Administración Pública probablemente ante unha situación ilegal, e cando menos totalmente insuficiente. A Administración Pública ten asignado constitucionalmente un carácter instrumental que promove as condicións para que os dereitos do cidadán sexan efectivos.

A moderna ciencia da administración concibe e explicita a función administrativa como unha cadea sen fin; trátase de acadar a unidade de acción na procura dun propósito; dese xeito proclámase que a coordinación é, en primeiro lugar, unha convicción de servizo mutuo. O Tribunal Supremo (1989) proclama que fronte á voluntariedade da cooperación toda coordinación implica un certo poder de dirección, consecuencia da superioridade en que se sitúa quen coordina.

Pero neste tema nótase ademais un forte esvarón no ámbito do principio de cooperación. A Lei 7/1985 (LBRL) utiliza o termo en distintas ocasións e non sempre coa mesma vontade; de xeito que, unhas veces, é un principio básico, noutras, non é máis que unha técnica de relacións, noutros, non é máis que unha función. Como técnica administrativa o concepto responde á libre vontade de actuar conxuntamente con outros co obxectivo de acadar determinados fins que son comúns para os cooperantes; a lei concíbeo como o mecanismo de relación ordinario entre o ente local e os outros entes territoriais situando no centro das relacións interadministrativas un dos principios do federalismo cooperativo. A propia Lei de Réxime Xurídico e do Procedemento Administrativo Común (Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999) na súa eloxiable exposición de motivos (parágrafo IV) declara que a eficacia nas Administracións Públicas, fai que a cooperación entre elas resulte un principio activo no seu funcionamento; vén a consideralo non só como un deber, senón como un principio que



debe presidir o exercicio de tódalas competencias compartidas ou das que se exerzan sobre o mesmo espacio físico e por tanto está previsto que presida toda a actuación local.

Supostos como o que nos ocupa, non só producen alarma social, senón que tamén son un claro expoñente da exclusión e da falta de cohesión social, ó deixar nunha situación lamentable a colectivos de cidadáns.

A visión xeral que hoxe ten o cidadán con respecto ós seus Concellos non é positiva; só un de cada cinco declara que o Concello administra ben o diñeiro de que dispón. Son numerosos xa os entes locais que actualmente teñen en funcionamento planos de calidade na procura de acadar a satisfacción dos seus clientes, externos e internos, profesionalizando a xestión, mellora de procesos e formación continua do persoal.

O proceso plásmase na Axenda Local-21, da que se deduce que o desenvolvemento sostible só se acadará a nivel local; a cidade, a vida urbana constitúense na clave. Son notables os detrimentos dos problemas sociais puros e neste caso, atácase sensiblemente o medio ambiente, no que é preciso citar outros aconteceres como: fases do ciclo hidrolóxico, contaminación das augas subterráneas, superficiais e marítimas, contaminación do solo, vertidos, deterioro da zona marítimo-costeira. Neste "hábitat" o cidadán é o auténtico coñecedor e receptor directo da situación, así como da xestión que dende o seu goberno local se ven executando.

A "Cumbre de Johannesburgo" (2002) inclinou a balanza ó redor de criterios non atendidos especificamente nas conferencias anteriores (Hannover, Aalborg, Rio de Janeiro) cales son a auga, o saneamento, a saúde, a agricultura e a biodiversidade.

Hoxe promóvense outras realidades que permiten adiantarse ás necesidades cidadáns: administracións innovadoras, aplicando as novas tecnoloxías á xestión, administracións inmediatas e eficaces que permiten ó cidadán sentirse cooperador do propio cambio (Zaragoza, Alcobendas, Castilla León, etc.).

A doutrina do Valedor do Pobo é clara e contundente: exercer eficazmente as competencias municipais que teñan por obxecto a preservación dos dereitos constitucionais do cidadán afectado polos ruídos, en concreto polos dereitos ó medio ambiente adecuado, a calidade de vida, a saúde, o descanso.

## RECOMÉNDASE

Actuación inmediata para resolver os fallos na EDAR-Vigo; e acción de oficio para unha canalización

axeitada e urxente no ánimo de resarcimento de danos ós afectados.

## EXPEDIENTE 71/2003

### ASUNTO

O interesado, en calidade de presidente dunha Comunidade de Propietarios da rúa Alfonso XIII, expón que os veciños do citado inmovible veñen padecendo dende hai máis dun ano unha grave contaminación acústica, debido á actividade no baixo do inmovible dun Pub.

En data 21/02/03 presentaron denuncia por mor destes feitos na Concellería de Medio Ambiente, non tendo recibido resposta ningunha e ante a pasividade do Concello con data 08/08/03 interpuxeron nova denuncia. Expoñen ademais que se fixeron as medicións sonométricas precisas.

### SITUACIÓN

Queixa recibida o 16/09/03, con data 18/09/03 solicitamos informe a Medio Ambiente, reiterada a solicitude con data 28/10/03, recibíuse o 25/11/2003, dándose traslado da información o 27/11/2003. Tema sen solucionar, estando pendente do exame das novas alegacións feitas con data 7/10/2003 polo propietario. Requírese nova información o 3/12/2003, sen resposta en data 31/12/2003.

### REFLEXIÓN

As competencias municipais que teñan por obxecto a preservación dos dereitos dos cidadáns, teñen que exercerse coa máxima eficacia. O ruído é unha das contaminacións máis insidiosas, que afecta non só á saúde física, senón que tamén é causa de trastornos psíquicos importantes.

O artigo 45 da Constitución Española destaca o deber de defende-los dereitos que derivan do medio ambiente; dentro deste medio o ruído é fonte permanente de perturbación da calidade de vida, ó sobordar os límites permitidos e tolerables, ponse en perigo grave e inmediato a saúde. A máis recente lexislación europea neste ámbito considera que non se require que o ruído sexa dun nivel intenso e que poña en grave perigo a saúde das persoa; hoxe existen outras direccións, a saúde enténdese (OMS) coma un “estado de absoluto benestar físico, mental e social”; incluso xa os tribunais se inclinan polo concepto de “domicilio inviolable”.

### RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade, en especial en canto atinxe á celeridade na resolución do problema.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

#### REFLEXIÓNS Ó CAPÍTULO DE MEDIO AMBIENTE:

Polo que se refire ás queixas presentadas na área de Medio Ambiente, pareceunos oportuno facer

mención especial ó problema da Contaminación Acústica, tendo en conta que se trata dun tema que afecta a un número considerable de cidadáns, e sobre todo, pola gravidade das consecuencias que o ruído leva consigo.

Por outra banda, hai que dicir, que no capítulo relativo ó Medio Ambiente, non se incluíron tódalas queixas sobre a problemática da Contaminación Acústica, xa que algunha delas tense incluído no capítulo relativo ó Urbanismo, por carecer o local ou discoteca causante do ruído da preceptiva licenza urbanística para tal actividade, así os expedientes 20, 23 e 51 do ano 2003.

Remitímonos por tanto, á Parte III desta Memoria na que se inclúe un apéndice relativo á problemática que supón a Contaminación Acústica en xeral, así como algunhas reflexións relativas ás queixas presentadas nesta Institución do Valedor do Cidadán.

## CAPÍTULO 6

### PARQUES E XARDÍNS

---

EXPEDIENTE:

16

## EXPEDIENTE 16/2003

### ASUNTO

O interesado no seu escrito de queixa indícanos que considera innecesaria a talla de certas árbores que se vén realizando no Monte do Castro, alegando que as árbores cortadas non estaban enfermas. Ademais, presenta queixa polo abandono do citado monte, xa que as fins de semana prodúcense estragos, tales como danos nos farois ou lixo espaxado, o que achaca á falta de vixilancia.

### SITUACIÓN

Solicitado informe con data 4/03/2003, recibíuse o mesmo con data 24 do mesmo dende o Servicio de Montes, Parques e Xardíns, no que se detallan as operacións referidas ó mantemento así como as causas das tallas, considerando necesario o labor de saneamento do arborado coincidindo co período de letargo arbóreo, consistindo na eliminación das partes secas, danadas ou afectadas por pragas ou enfermidades.

No mesmo, reflíctese ademais que se trata de “un punto de encontro de mozos que ocasionan serios desperfectos, sobre todo en horario nocturno, o que fai dificultoso, sobre todo as fins de semana, conseguir un estado óptimo do parque”.

### REFLEXIÓNS

Dado que se recoñece a existencia de considerables colectivos en datas determinadas que prexudican o medio natural do lugar subliñado, o máis oportuno sería que, en tales datas, se dedicase perso-

al de vixilancia para evitar os desperfectos, dando así resposta adecuada ás demandas cidadás que solicitan a protección do medio ambiente.

#### RECOMENDASE

Vixilancia do recinto, en especial nas datas que se ten comprobado grande afluencia de cidadáns.

## CAPÍTULO 7

### PATRIMONIO

---

EXPEDIENTES:

9

27

29

70

78

89

EXPEDIENTE 9/2003

ASUNTO

Nesta queixa o interesado participábanos que sendo usuario duns locais propiedade do Concello de Vigo, no ano 1995 este procedeu a realizar reformas de saneamento dos mesmos, e que dende entón veñen sufrindo diversos problemas, tales como inundacións e humidades permanentes, situación reiteradamente denunciada, non tendo resposta ningunha.

SITUACIÓN



Con datas 5/02/2003, 30/04/2003 e 9/07/2003, esta oficina do Valedor do Cidadán solicitou informe ó respecto ó Sr. Alcalde Presidente. Reiterouse novamente o 14/10/2003, indicando que as peticións obraban no Departamento de Patrimonio. Sen recibir ningunha información, procédese ó seu “peche” con data 31/12/2003, para os efectos de confecciona-lo Informe/2003.

## REFLEXIÓNS

Atopámonos claramente ante unha falta reiterada do disposto no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, así como ante unha dilación inxustificada que entorpece, cando menos, a súa actuación (artigo 18.2). Con exemplos como este é claro que a lexitimidade dunha administración non se acaba toda vez que os rendementos non son os adecuados; a lexitimidade por rendimento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

## RECOMÉNDASE

- Ante todo, respecto á legalidade regulamentaria, o regulamento distínguese do simple acto administrativo porque aquel forma parte do ordenamento xurídico; así, o TS (15/09/1995) declara: O Regulamento é norma xurídica e polo tanto susceptible de aplicación reiterada. O Regulamento anova o ordenamento, e mentres non se revoque tense que cumprir.

- Prioridade nas funcións propias ó principio de coordinación que debe presidir toda actuación administrativa, é dicir, a actuación administrativa ten que ser consciente de que a coordinación é un problema de autoridade e logo unha convicción do servizo mutuo.

## EXPEDIENTE 27/2003

## ASUNTO

Queixa presentada en relación a danos persoais por caída na rúa pública.

A interesada indícanos que en data 24/01/2003 presentou escrito no Concello denunciando que por mor das obras na rúa Urzáiz, sufriu unha caída e tivo que ser atendida de varias lesións nunha institución sanitaria, e posiblemente precise intervención cirúrxica. Indica que non obtivo resposta por parte do Concello.

## SITUACIÓN

Patrimonio e Contratación indican que o expediente se atopa en tramitación, tal como establece o Real Decreto 429/1993 de 26 de marzo, e que o último trámite que figura no expediente é a contestación da empresa adxudicataria das obras, de data 14/03/2003, declarando esta non ser responsable dos danos causados; quedando o tema cancelado pola vía ordinaria.

## EXPEDIENTE 29/2003

### ASUNTO

Queixa referida ó estado da ponte medieval de Balaídos, incluída no catálogo de xacementos arqueolóxicos do Concello de Vigo. O interesado ten presentado no Concello escritos denunciando a situación da “Ponte Romana” de Balaídos, tanto desde o punto de vista arqueolóxico como da seguridade cidadá.

## SITUACIÓN

Solicitado informe o 3/04/2003, recibíuse de Patrimonio Histórico o 2/05/2003, do que se lle deu cumprida información ó interesado. No mesmo indícase que teñen recibido queixas sobre o estado da ponte, pero matizan que se trata dunha ponte medieval, erroneamente chamada ponte romana, e que se realizaron actuacións de conservación da mesma. Indícase ademais a realización dunha recente inspección, comprobándose a necesidade dunha nova recolocación de dous mampostos dun dos tallamares do norte da ponte, así como o borrado dunha nova pintada e limpeza da vexetación. Estando en estudio a colocación dunha sinalización informativa.

Subliñar que non existen actuacións posteriores por parte do interesado.

## EXPEDIENTE 70/2003

### ASUNTO

O interesado, en representación da súa nai, expón que con data 19/03/2003 esta sufriu unha caída na rúa Urzáiz como consecuencia dunha inadecuada colocación duns pivotes que tiñan conta do valado metálico por motivo dunha obra, ocasionándolle contusións en diversas partes do corpo, así como a rotura de anteollos, requirindo traslado en ambulancia ó Hospital Xeral.

Ten presentado denuncia con data 20/03/2003, e tanto o Concello como a empresa contratista das obras eluden calquera responsabilidade ó respecto. O interesado solicita desta Institución que medie perante o Concello para acada-lo resarcimento da factura dos anteollos.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 9/09/2003, solicitouse información o 17/09/2003 que se reiterou o 28/10/2003, recibíndose o 18/11/2003; informe no que se indica que a responsabilidade patrimonial non é do Concello, que, de se-lo caso, podería ser da empresa contratista da obra ou servizo a realizar, que declarou que os aparellos estaban correctamente instalados.

Ámbalas dúas respostas deixan á interesada na posición de ter que acudir á vía xudicial, ben contencioso-administrativa, ben civil, o que ó parecer a cidadá non está disposta a seguir.

## REFLEXIÓNS

Atopámonos nun caso no que a única protección pasa pola vía xudicial. Esta Institución trata de buscar unha vía conciliadora a través do Concello ante a empresa contratista co ánimo de acadar soamente a reparación dos danos materiais dos anteollos, sen obviar pola nosa parte que estamos ante un procedemento regular ou regulado.

## RECOMÉNDASE

- Vixilancia rigorosa nas obras levadas a cabo por contratistas e inspeccións periódicas nas que consten informes sobre o axeitamento das medidas de seguridade. Xa existe sentenza xudicial en casos de lesións con recoñecemento do mal estado da calzada en tempos anteriores ó accidente.

## EXPEDIENTE 78/2003

## ASUNTO

Tema relacionado cunha caída na rúa Zamora por mor dun defecto no pavimento. A interesada expón que o 13/04/2003 interpuxo unha reclamación no Concello de Vigo por mor da caída que sufriu a causa dun defecto no pavimento e colocación dunha tapa de rexistro de abastecemento público elevada 10 cm.

## SITUACIÓN

Queixa recibida o 1/10/2003, requiríndoselle á interesada que achegue documentación. Por parte da Sección de Patrimonio foi informada correctamente en relación ós prazos e pasos a seguir na súa reclamación. Con data 3/11/2003 esta Institución dirixiuse á interesada recordándolle os prazos e procedemento a seguir. Non hai actuacións posteriores.

## EXPEDIENTE 89/2003

## ASUNTO

A interesada no seu escrito de queixa indica que é parte promotora dun expediente sobre responsabilidade patrimonial da Administración en reclamación de danos e prexuízos por un accidente sufrido durante un curso de patinaxe organizado polo Instituto Municipal dos Deportes do Concello de Vigo, no ano 1994, accidente que lle provocou graves lesións nunha man, quedando gravemente invalidada a mesma. Engade, ademais, que o Consello Consultivo de Galicia non ten emitido dictame por carencia de trámite de audiencia á interesada. A data de hoxe segue sen solución ningunha.

## SITUACIÓN

Presentada o 18/11/2003, solicitado informe o 9/12/2003. Sen resposta ó peche deste Informe o 31/12/2003.



## CAPÍTULO 8

### PERSOAL

---

### EXPEDIENTE:

3

EXPEDIENTE 3/2003

## ASUNTO

O interesado manifesta a súa desconformidade en relación co proceso selectivo para prover unha praza na Policía Local en quenda libre, indicando a existencia de irregularidades no transcurso do terceiro exercicio.

Segundo o interesado, na realización do terceiro exercicio prodúcense unha serie de irregularidades: por unha banda, a presunta relación de amizade dun candidato cun membro do tribunal; por outra, a puntuación obtida por outro candidato presuntamente excesivamente elevada en relación co exame realizado.

O interesado presentou unha primeira reclamación ante o Concello, que desestimou as dúas pretensións: a recusación promovida contra un membro do tribunal e a reclamación referida á puntuación obtida por outro candidato. Posteriormente, o interesado presentou recurso de reposición.

Solicitada información á Alcaldía, remitíusenos puntualmente dende a Unidade de Persoal, achegando copia da resolución recaída no correspondente recurso de reposición, que pon fin á vía administrativa, na que contesta que segundo o artigo 29.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, non cabe interposición de recurso administrativo fronte ás resolucións adoptadas en materia de recusación. E segundo os artigos 114.1 e 115.3 da citada lei, a reclamación dirixida contra as actuacións dun Tribunal cualificador ten o sentido e alcance dun recurso de alzada, polo que non cabe recurso administrativo agás o extraordinario de revisión.

Así mesmo, o Concello alega que o recorrente non compareceu ás probas subseguintes do proceso selectivo, polo que entende que aquel renuncia tacitamente ós seus dereitos no mesmo.

## SITUACIÓN

Como consecuencia do anterior, comunicóuselle ó interesado que de acordo co artigo 14.c) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, estamos ante un suposto ex-

cluído da competencia desta Institución por tratarse dun asunto en materia de persoal, comunicación que foi feita o 19/02/2003, e non habendo actuacións posteriores pódese considerar pechado o expediente.

## CAPÍTULO 9

### SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES

.....

#### EXPEDIENTES:

15	.....
64	.....
23	.....
65	.....
25	.....
	.....



67

30 .....

73

39 .....

77

40 .....

82

43 .....

83

45 .....

84

46 .....

85

52 .....

86

55 .....

90

57 .....

92

### EXPEDIENTE 15/2003

#### ASUNTO

O interesado no seu escrito de queixa indícanos que o 30/11/2001 estacionou o seu coche por menos de 2 minutos e cando regresou un axente da policía municipal estaba cubrindo unha sanción. Aproximadamente un mes máis tarde recibe notificación de tres sancións, unha por mal aparcamento, outra por non levar posto o cinto de seguridade e outra por tocar o claxon con insistencia. Solicita que se lle retiren dúas das denuncias por ser falsas e acepta a denuncia por mal aparcamento.

#### SITUACIÓN

Examinado o conxunto documental do expediente non procede entrar no exame da queixa por estar pendente de resolución administrativa ou xudicial, segundo se desprende das notificacións efectuadas polo Concello. Todo segundo establece o artigo 17.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

### EXPEDIENTE 23/2003

#### ASUNTO

Queixa presentada sobre a falta de dilixencia da Policía Local en relación con varias denuncias presentadas polos ruídos producidos por distintos axentes.

A interesada denuncia que dende maio do 2000 vén solicitando axuda da policía municipal en relación con ruídos que vén sufrindo na súa vivenda. Por unha banda, producidos por veciños do inmoible; por outra, procedentes dun semáforo que ten o nivel do son moi elevado.

#### SITUACIÓN

A queixa recibíuse o 14/03/2003, solicitándose o preceptivo informe o 19/03/2003 tanto á Concellería de Tráfico como á de Medio Ambiente. Ante o silencio, reitérase a solicitude a ambas dependencias con data 6/05/2003, informe que se recibe da Policía Local o 16/06/2003.

No citado informe a Policía Local infórmanos que estiveron coa Presidenta da Comunidade do Inmoible onde reside a interesada, quen lles informou que esta muller tivo problemas por ruídos con varios

inquilinos. O informe da policía expón que, trala conversación mantida coa presidenta da comunidade e tras falar tamén cos veciños, parece que os ruídos denunciados son os normais de calquera comunidade de veciños.

Deuse traslado do mesmo á interesada, sen que ata o momento se teña producido notificación ningunha sobre a reincidencia das causas que motivaron a queixa.

## REFLEXIÓNS

O ruído é a máis insidiosa das contaminacións, con prexuízos na saúde moi considerables.

## RECOMÉNDASE

Cumprimento da legalidade recollida no artigo 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, así como tamén da obriga que ten toda Administración Pública de acomete-las actividades que lle son propias con eficacia e dilixencia.

## EXPEDIENTE 25/2003

## ASUNTO

Queixa relacionada cunha multa de tráfico con incidencias na actuación municipal.

O interesado no seu escrito de queixa expón que con data 4/01/2003 parou fronte a un centro comercial para recoller á súa muller –que traballa alí-, tardando de 1 a 3 minutos e sen abandonar o vehículo. Un axente municipal sanciónao, polo que se dirixe a el para explicarlle que acababa de chegar.

Non presenta esta queixa pola sanción que recibe, senón porque o axente ten unha actitude despectiva cara a el, nada profesional e abusando da súa autoridade.

## SITUACIÓN

Con data 25/03/2003 solicitouse informe ó Departamento de Seguridade e Tráfico, reiterouse a petición o 26/05/2003 e o 15/07/2003, sen recibir resposta de ningún tipo.

## REFLEXIÓNS

O artigo 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán establece un prazo máximo de 15 días para a remisión do informe. Tal prazo será ampliable cando concorran circunstancias que así o aconsellen, a xuízo do Valedor do Cidadán. No mesmo precepto tipifícase que as dilacións, como a que nos ocupa, poden considerarse de hostís ou entorpecedoras da súa actuación e dará conta ó Pleno.

Esta comunicación dá cumprimento ó antes exposto, indicando ademais que este tipo de conducta ou proceder tense constatado, nalgúns casos, no Departamento de Tráfico; e aínda que sexa reiterativo considérase conveniente recordar que os regulamentos forman parte do ordenamento xurídico, susceptibles de aplicación reiterada e polo tanto de obrigado cumprimento para todos, para os cidadáns e para os propios órganos da función pública a quen se refiren, e sobre todo para os órganos que ademais o redactaron e aprobaron por unanimidade (Acordo do 26 de marzo de 2001).

## RECOMÉNDASE

Cumprimento da legalidade regulamentaria.

## EXPEDIENTE 30/2003

## ASUNTO

Queixa pola falta de control policial nunha rúa onde existen dúas sinais verticais de prohibición de aparcamento no sentido da vía sen que se respecten de cotío.

O autor desta queixa, en representación de 56 familias, expón que na rúa Travesía Escuelas Públicas, que lles permite o acceso ás súas vivendas, a pesar de ter sinais que prohiben o aparcamento en sentido esquerdo, non se respecta esta prohibición, en opinión dos veciños, con consentimento da propia policía local, xa que teñen denunciado a situación en diversas ocasións sen obter resultado ningún.

Alegan que a citada rúa mide 6 metros de ancho e é de dúas direccións, polo que o aparcamento a ambos lados chegou a imposibilitar nunha ocasión o acceso dos bombeiros e noutra ocasión a saída dunha ambulancia.

## SITUACIÓN

Solicitado informe o 11/04/2003, recibido o 18/06/2003, do que se deu información ó interesado o 23/06/2003. No mesmo, a Policía Local expón que a rúa conta coa sinalización e vixilancia adecuadas, que se teñen formulado un total de 51 denuncias no primeiro semestre do presente ano e que, ademais, da vixilancia periódica na zona, alegan que teñen actuado puntualmente polo requirimento dalgún veciño.

## REFLEXIÓNS

Con data 3/10/2003 o interesado manifesta que a situación segue a ser igual, a pesares das accións de vixilancia. Pola nosa parte, manifestámoslle ó Sr. Concelleiro responsable de Seguridade e Tráfico (con data 6/10/2003) que o rendemento da acción pública ten que estar ligado á capacidade para dar resposta ás demandas do contorno. De non ser así, o escepticismo non se detén e apodérase, como unha doenza, do espírito da colectividade roubándolle tódalas enerxías e o que esto supón en contra do seu benestar.

## RECOMÉNDASE

Sobradamente coñecida a doutrina do Valedor do Pobo en temas que afectan ós dereitos dos cidadáns que se ven afectados polos ruídos, a calidade de vida, a intimidade, a saúde e o descanso, así como as situacións como a que nos ocupa, cando se ven afectados servizos tan precisos como os de taxi, ambulancias, bombeiros, etc.

De aí que sexa preciso unha acción decidida e decisiva para a aplicación da normativa con toda a efectividade que se require.

## EXPEDIENTE 39/2003

## ASUNTO

O interesado presentou, con data 3/03/2003, no Concello solicitude de permiso para a celebración de 18 festas que integran a Agrupación da Comisión de Festas de Vigo. O 10/05/2003 informóuselle dos avais a presentar, por un importe de 1.800.- cada un, entendendo o interesado que estas contías, superiores ás do ano 2002, son excesivamente elevadas. Así mesmo, alega que no ano 2002 tardaron 6 meses en reintegrar os avais.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/05/2003, solicítase informe o 21/05/2003. O Departamento de Seguridade, Circulación Viaria e Transportes remítenos o mesmo con data 9/06/2003, indicando que a imposición de avais responde á necesidade de garantir que os elementos existentes no recinto onde se vai realizar a festa sexan repostos en caso de sufrir deterioro e garantir a limpeza do recinto, así como motivar un maior control para evitar que se produzan estas circunstancias. As contías responden á experiencia de danos ocasionados en anos anteriores. En relación á devolución dos avais, estes tramítanse en canto se solicita.

Dáselle traslado da información correspondente ó interesado con data 17/06/2003, información que se considera adecuada, non existindo consultas ou actuacións adicionais sobre o tema.

## EXPEDIENTE 40/2003

### ASUNTO

O interesado indica que recibiu notificación de denuncia de tráfico por non respectar a luz vermella dun semáforo. Considera a denuncia infundada, pois non é identificado o vehículo (só o modelo e color) e non cre posible ter circulado a esa hora. Engade que presentou recurso no Concello e recibiu resposta ó mesmo sen rebater os argumentos, polo que solicita no Concello copia de tódalas actuacións para iniciar recurso contencioso-administrativo, non recibindo resposta.

## SITUACIÓN

Con data 22/05/2003 solicitamos informe á Concellería de Tráfico, Seguridade e Transporte, reiterándose o 30/07/2003 e o 18/11/2003; non téndose recibido resposta, “pechase” a efectos de confeccionar o Informe/2003.

## REFLEXIÓNS

O interesado solicitou copia do expediente administrativo, segundo explicita o artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, para exercita-lo dereito que lle asiste para acudir á vía contencioso-administrativa, sen ver atendido tal dereito. Signifícase pola nosa parte que, ademais do exposto, é de sinalar que o RD 208/1996, que regula os servizos de información administrativa e atención ó cidadán, establece como función das Administracións Públicas, entre outras, a de ofrecer as aclaracións e axudas de índole práctica que os cidadáns requiran sobre procedemento, trámites, requisitos

e documentación para os proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar. Así mesmo, impón a función de xestión en relación cos procedementos administrativos que comprenderá a recepción de documentación inicial dun expediente, así como as actuacións de trámite e resolución das cuestións que pola súa urxencia e simplicidade demanden unha resposta inmediata.

É un suposto máis deste Departamento que, nalgúns casos, non ten a ben informar a esta Institución.

#### RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán que, como noutros casos, dá a impresión de que non considera necesario colaborar co Valedor do Cidadán.
- Cumprimento da legalidade en materia de procedemento administrativo xeral.

#### EXPEDIENTE 43/2003

#### ASUNTO

Queixa por ter presentadas reiteradas denuncias por parte da Asociación Veciñal de Lavadores, por motivos de falta de seguridade cidadá. O interesado, en representación da mesma, expón ter presentado escrito ante a máxima autoridade municipal, poñendo de manifesto a inseguridade que están a padecer os veciños da parroquia dende hai anos.

Foron postas denuncias na Policía Nacional, outras entidades e organismos, así como no Xulgado, sen obter resultado ningún, polo que solicitan a colaboración da Autoridade Municipal.

#### SITUACIÓN

Recibida a queixa o 28/04/2003, solicitado informe o 23/05/2003, reiterado o 30/07/2003 e o 18/11/2003. Recíbese o mesmo o 28/11/2003 e dáselle traslado ó interesado o 1/12/2003.

#### REFLEXIÓNS

Resulta, cando menos, curioso que se nos faga chegar un informe, emitido o 10/09/2003 pola Policía Local, con data 28/11/2003, o que induce a considerar ou ben unha falta de atención a esta Institución

ou unha falta de coordinación na xestión municipal. A falta de coordinación implica unha desorde na disposición do esforzo de grupo, carencia de autoridade e falta da convicción do servizo mutuo.

Por outra banda, descoñécese, segundo o informe, a situación real dunha quebra do principio de legalidade urbanística derivada dun patente feito de falta de control en situacións que xeran núcleos de desarraigamento social.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade que deriva do Regulamento de Ordenación e Funcionamento do Valor de Cidadán (artigo 18).
- Vixilancia e exercicio das funcións relativas a aquelas actuacións cidadáns que provocan feitos que conducen ó chabolismo e á exclusión social.

## EXPEDIENTE 45/2003

### ASUNTO

O interesado foi sancionado por estacionar en dobre fila en data 2/10/2002, iniciándosele expediente sancionador ante o que presentou recurso por entender que non é posible a citada sanción, xa que nesa data, segundo alega o interesado, atopábase no estranxeiro e tiña o vehículo inmovilizado no garaxe. Achega copias de factura e certificado da axencia de viaxes.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/05/2003, solicitouse informe o 26/05/2003, reiterándose o 12/08/2003 e o 19/11/2003. A data 31/12/2003 non se ten recibido resposta, o que fai que se peche o expediente para confecciona-la Informe/2003.

### REFLEXIÓNS

Un exemplo máis de incumprimento por parte da Concellería de Seguridade, Tráfico e Transportes, que non ten a ben, nalgúns casos, dar resposta ás queixas dos cidadáns tramitadas a través desta Institución, deixando nunha situación de indefensión ós cidadáns.



## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade que a Constitución garante, así como do disposto na Lei 4/1999 (artigo 35) e nas especificacións reflectidas no RD 208/1996 (artigo 4).
- Cumprimento da legalidade recoñecida no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, podendo cualificarse esta forma de comportamento como altamente entorpecedora da actuación desta Institución.

## EXPEDIENTE 46/2003

## ASUNTO

O interesado expón que uns establecementos comerciais de Vigo poden vender alcol despois das dez da noite, cando noutras cidades e nas gasolinerías téñeno prohibido. O motivo da queixa é que se están a producir actuacións vandálicas na zona do Castro, estragos comprobados en mobiliario urbano e propiedade privada .

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/05/2003, solicitado informe o 28/05/2003 e reiterado o 12/08/2003 e de novo o 19/11/2003. A data 31/12/2003 non se ten recibido resposta, o que fai que se peche o expediente para confecciona-lo Informe/2003.

## REFLEXIÓN

Unha vez máis, dende a Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte faise oídos xordos ás solicitudes desta Institución, máxime cando se trata dun tema relacionado coa seguridade cidadá e a protección da propiedade privada e pública.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade que a Constitución garante, así como do disposto na Lei 4/1999 (artigo 35) e nas especificacións reflectidas no RD 208/1996 (artigo 4).
- Cumprimento da legalidade recoñecida no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, podendo cualificarse esta forma de comportamento como altamente entorpecedora da actuación desta Institución.

## EXPEDIENTE 52/2003

### ASUNTO

O autor desta queixa expón que en data 5/04/2003 o guindastre municipal retirou o seu vehículo estacionado na rúa, en zona autorizada sen prohibición expresa de aparcamento. Non obstante, no momento da retirada do vehículo existía un valado provisional que indicaba prohibición de aparcamento para os días 4 e 5 de abril por asfaltado da rúa, sinal non existente no momento en que estacionou o vehículo, o 29 de marzo, e que tampouco estaba o 2 de abril.

Engade que a Policía Municipal non intentou comunicarlle que procedera a retirar o vehículo, tendo que aboar 112,48.- en concepto de taxa de retirada e depósito de vehículo. Con data 18/04/2003 ten presentado recurso de reposición ante o Concelleiro Delegado de Tráfico, Seguridade e Transportes. Solicita “que a Policía Municipal exhiba o correspondente parte realizado no momento de colocación do valado provisional para comprobar que vehículos estaban estacionados nesa rúa para contrastalo co parte de vehículos que estaban estacionados cando se procedeu á retirada dos mesmos”. Solicita, ademais, a devolución da taxa, a paralización e retirada do expediente pola sanción debido ó estacionamento en lugar prohibido e a apertura de expediente ó funcionario que decidiu a retirada do vehículo.

### SITUACIÓN

Solicítase informe da Concellería de Tráfico o 16/06/2003, no que se informa que de acordo co artigo 15.12 da Ordenanza Municipal Vixente (BOP 30 de xuño de 1993), non consta a colocación dos correspondentes avisos nos parabrisas dos vehículos estacionados con 2 días de antelación como mínimo. Solicitude que se reiterou o 13/08/2003 e de novo o 11/11/2003, sen recibir resposta ás tres peticións na data de peche deste Informe.

### REFLEXIÓNS

O Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, aprobado polo Pleno do Concello o 26/03/2001 por unanimidade, pretende facilitar ós cidadáns os medios que resolvan as dificultades que se lle presentan nas súas relacións coa administración municipal.

No seu artigo 18.2 explicita: “A negativa ou dilación inxustificada do funcionario ou dos seus superiores responsables do envío de informe inicial solicitado, poderán ser considerados polo Valedor do Ci-

dadán como hostís ou entorpecedoras da súa actuación e dará conta ó Pleno”.

## RECOMÉNDASE

Dentro da Potestade normativa municipal atópanse os regulamentos (Lei 7/1985, de 2 de abril, RD 2568/1986, de 28 de novembro); o Tribunal Supremo (15/09/1995) declara que o Regulamento é norma xurídica e, por iso, susceptible de aplicación reiterada. Como tal norma responde á noción de xeneralidade e vén a ser como un colaborador da lei, aclarando, desenvolvendo e concretando os preceptos da mesma.

Por iso faise necesario o cumprimento e suxeición á legalidade regulamentaria de organización e funcionamento da Institución do Valedor do Cidadán e, en concreto, o seu artigo 18.

## EXPEDIENTE 55/2003

### ASUNTO

Tema relacionado cunha reincorporación ó servizo da Agrupación de Protección Civil dependente do Concello de Vigo.

O interesado expón que con data 27/07/2001 presentou escrito ante o Xefe da Unidade Operativa de Protección Civil do Concello de Vigo solicitando a baixa voluntaria do citado servizo, no que levaba exercendo como voluntario dende os comezos do mesmo.

O día 17/10/2002 manifestou á Presidenta da Agrupación a súa intención de solicitar a reincorporación e con data 28/02/2003 recibe unha carta na que se lle indica que para poder reincorporarse é preciso supera-lo curso de iniciación, requisito, segundo o interesado, non esixido polo Regulamento vixente no momento da baixa. Considera que se lle está a aplicar o novo Regulamento de 29/10/2001 con efectos retroactivos.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/06/2003. Unha vez admitida a trámite solicítase informe o 1/07/2003, recibíndose o mesmo o 16/07/2003, do que se dá cumprida información ó interesado o 24/07/2003. No citado informe, a Presidenta da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil indícanos que para poder ser voluntario en calquera Agrupación da nosa Comunidade Autónoma, de acordo co Decreto

56/2000 de 3 de marzo da Xunta de Galicia, é preciso ter feito o Curso Básico de Protección Civil, requisito que non cumpren a maior parte dos voluntarios antigos. Consecuentemente, tódolos voluntarios teñen que facer o citado curso, tanto os antigos como os novos.

Engade que, polo que respecta ó interesado, por unha parte, os artigos 20 a 30 do Regulamento I de agosto de 1986 establecen que a baixa temporal por máis de tres meses é causa de baixa definitiva; por outra, o artigo 5 do Regulamento de 29 de outubro de 2001 refírese á incorporación especificando que é necesario tanto a superación das probas de acceso como dun período de formación. Remata indicándonos que o que se lle esixe ó interesado non é máis que facer o curso da Xunta de Galicia.

O interesado replica con data 21/08/2003, do que se dá coñecemento á Presidenta da Asociación o 8/09/2003, interesando novo informe que se recibe o 23/09/2003 e que trasladamos ó interesado o 23/09/2003. Dado que o mesmo manifestou anteriormente a súa intención de formular recurso de reposición comunicóuselle que, en tal caso, esta Institución non podería actuar máis alá do actuado. Non obstante, quédase á súa disposición para calquera outra actuación adicional, sen que ata agora exista ningunha.

EXPEDIENTE 57/2003

ASUNTO

O interesado expón que ten solicitado un vado para entrada de garaxe nun edificio no que xa existe unha licenza nun baixo exactamente igual, solicitude formulada o 29/10/2002 sen ter recibido resposta. Ten presentado escrito a modo de recurso de reposición e reiterada información o 14/04/2003, sen resposta de ningún tipo.

SITUACIÓN

Presentada a queixa o 27/06/2003, solicitouse informe o 1/07/2003, reiterándose o 11/11/2003. Non téndose recibido a data 31/12/2003, péchase a efectos de confeccionalo Informe/2003.

REFLEXIÓNS

Unha vez máis, a Concellería responsable de Tráfico, Seguridade e Transporte non ten a ben informar das solicitudes cursadas dende esta Institución.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade recoñecida na Constitución Española e reflectida no RD 208/1996.
- Cumprimento da legalidade que reflicte o artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 64/2003

## ASUNTO

Queixa relacionada cunha sanción de Tráfico. O interesado indícanos que con data 12/12/2002 ás 07:45AM parou o seu vehículo (un camión) para recoller ó seu fillo e levalo ó colexio, cando un axente da Policía Local ordénalle que retire outro vehículo que está aparcado (e que pertence a un familiar que sendo propietario non é conductor habitual do mesmo). O interesado preguntalle a que hora é o partido de fútbol, xa que supostamente debe retirar o vehículo por mor do mesmo, o axente responde que o partido é as 21 horas, polo que el lle di que ás 13.30 retiraría.

Días despois, o interesado recibe dúas multas e o seu sogro unha. Acompaña copia da documentación presentada no Concello, así como das notificacións das citadas multas, que mostran a mesma data, lugar, axente, pero diferentes horas de denuncia, dúas delas ás 19:45 e a outra ás 07:55.

## SITUACIÓN

Dado que o interesado manifesta e acredita ter presentado recurso de alzada, queda en suspenso o trámite da súa queixa segundo establece o artigo 17.2.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 65/2003

## ASUNTO

Tema relacionado cunha multa sobre unha suposta conducción dunha motocicleta con un menor sobre o depósito da gasolina. A interesada expón que o seu marido sentouse co fillo de ambos enriba dunha moto da súa propiedade que estaba parada e en situación de aparcamento dentro dun recinto privado dunha comunidade, cando dous axentes da Policía Local lle pediron a documentación da

moto, que o seu marido entregou.

Despois, un dos axentes entregoulle unha denuncia por “circular en motocicleta con un menor entre o conductor e o guiador”, poñendo como lugar da denuncia unha rúa que non é en realidade a que corresponde. Posto o feito en coñecemento da autoridade, esta resposta de xeito inadecuado, o que provocou que a interesada manifestase a súa intención de denunciálo.

Con data 23/07/2003 recibe a denuncia contra o seu marido por “Conducir de modo negligente” e “levar un menor entre o guiador e o conductor”. Así mesmo, con data 24 de xullo recibe unha citación xudicial, tanto para ela como para o seu marido, por un xuízo de faltas a celebrar o 31 de outubro.

#### SITUACIÓN

Ante este feito xudicial, informóuselle á interesada a suspensión da acción desta Institución por mor do xuízo pendente. Con data 2/12/2003 solicítase información da interesada sobre do desenvolvemento do xuízo e recíbese a mesma, na que se contempla a absolución da interesada e do seu cónxuxe por non acreditarse o comportamento que se lle imputa, segundo sentenza dictada o 3/11/2003 en xuízo de faltas.

Non obstante, segue a instrución do procedemento referente á multa de tráfico que a interesada procede a recorrer, seguindo polo tanto en suspenso o exame da queixa.

#### REFLEXIÓNS

Ante actitudes por parte dos axentes municipais como a referida, solicítase informe á Concellería de Tráfico con data 9/12/2003, sen recibir resposta ningunha sobre o tema.

Tal actitude por parte dos axentes municipais podería ser considerada como obxecto do exercicio da potestade sancionadora regulada polo Real Decreto 1398/1993, regulación que responde á consideración de que o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora intégrase no concepto de procedemento administrativo común previsto na Constitución para garantía do tratamento común ós cidadáns.

#### RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade máis estricta en canto ó trato debido ós cidadáns.
- Cumprimento da legalidade que regula o artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán que, unha vez máis, non se cumpre pola Concellería responsable dos temas relacionados co tráfico, o que fai pensar nunha actitude hostil ou cando menos entorpecedora das funcións desta Institución.

EXPEDIENTE 67/2003

#### ASUNTO

Queixa relacionada cunha sanción de tráfico por aparcamento indebido na estrada de Canido. O interesado, cidadán francés, ten presentado denuncia no Concello de Vigo por uns feitos que considera discriminatorios. Expón ter aparcado o seu coche na beirarrúa da estrada de Canido á altura da praia do Vao, onde estaban aparcados outros vehículos.

Considera discriminatorio que o seu coche, con matrícula francesa, fora retirado polo guindastre, cando ningún outro vehículo foi multado. Solicita unha explicación polos feitos sucedidos e a devolución da taxa abonada.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 31/07/2003, solicitouse informe o 11/08/2003 que foi reiterado o 16/09/2003, sendo recibido o 6/11/2003, do que se lle dá cumprida información ó interesado. Non existindo actuacións posteriores.

#### REFLEXIÓNS

Hai que destacar que dende as dependencias de Tráfico do Concello recíbense as informacións solicitadas con máis atraso.

#### RECOMÉNDASE

Cumprimento da legalidade do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

## EXPEDIENTE 73/2003

### ASUNTO

O interesado expón que a recente implantación do novo sistema de aparcamento en superficie na rúa Ecuador prexudica notoriamente a convivencia, tranquilidade e acomodo dos residentes. Por unha banda, este novo sistema non permite a parada diante das vivendas, e por outra, quedando só un carril central de a penas tres metros para a circulación, os atascos por manobras de aparcamento en diagonal e pola circulación de camións son frecuentes.

Expón ademais que se teñen dirixido en diversas ocasións á Concellería de Tráfico sen obter ningún resultado.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/09/2003. Solicitouse informe o 24/09/2003, reiterándose o 29/10/2003 e de novo o 3/12/2003 sen que, unha vez máis, se dea a cumprimentación debida segundo o artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

### REFLEXIÓN

Nunha rúa con escasos 11 metros de vial non se deberían establecer aparcadoiros nos dous lados, uns en batería e outros en cordón, deixando só un carril central de case 3 metros para circular.

O sistema non permite a parada diante das vivendas para realizar determinadas accións necesarias, como movemento de equipaxes, bolsas de compra, baixada e recollida de viaxeiros, enfermos, minusválidos. A isto hai que engadir a carencia de garaxes na zona. Ademais, os taxis poñen impedimentos para realiza-lo servicio na rúa subliñada.

Esta Institución, no traballo realizado a finais do ano 2002, segundo consta na Memoria que se rendeu ante a Corporación Municipal en febreiro de 2003, expoñía que a mobilidade resulta elemento clave na estrutura organizativa dos núcleos urbanos; calquera retención, ben polo fluxo do tráfico, ben por calquera outra causa derivada, estase a converter nunha das principais causas que dificultan o avance dos municipios na dirección do desenvolvemento sostible. De aí que calquera medida probadamente distorsionadora debería, o máis axiña posible, ser derogada e substituída por outra que sexa menos penosa.



## RECOMÉNDASE

- A adopción de medidas que resultan beneficiosas ó fin previsto, é dicir, ó interese xeral, neste suposto ó interese veciñal.
- Cumprimento da legalidade prevista no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## EXPEDIENTE 77/2003

### ASUNTO

O interesado na súa queixa expón que con data 17/10/2002 presentou solicitude de Tarxeta de Residente Barrio Histórico a efectos de aparcamento de vehículo, sendo informado a través do teléfono de que se lle denegaba por mor de carecer de transferencia de cambio de titular do vehículo. O interesado indica que posúe un documento privado que certifica a compravenda do vehículo e engade que non ten recibido resposta por escrito á súa petición.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/10/2003, solicitado informe o 13/10/2003 e reiterado o 17/11/2003 e de novo o 10/12/2003, sen terse recibido resposta o 31/12/2003.

### REFLEXIÓNS

A dependencia da Concellería competente limitouse a denega-la expedición da tarxeta interesada por vía telefónica e sen xustificación adecuada. A Lei é clara en canto ós dereitos do cidadán en relación coas súas peticións: artigo 35 da Lei 4/1999 (neste caso especialmente os parágrafos g, e i); tamén é de interese dar unha lectura ó RD 208/1996 (artigos 2,3,4), onde se reflicten os dereitos do cidadán, e por ende deberes da administración, en canto á información se refire, sen obviar o artigo 18 da Lei 7/1985.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade antes anotada.

- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 82/2003

## ASUNTO

O interesado, en nome dun colectivo de veciños, denuncia ante esta Institución as molestias ocasionadas á veciñanza e comerciantes por mor das obras do aparcamento subterráneo da rúa Urzáiz, que provocaron alteracións no tráfico nas rúas próximas. Denuncia tamén a imposibilidade dunha mobilidade axeitada para clientes e tamén para a carga e descarga de mercadorías, así como a falta de colectores de lixo. Ademais é notorio o incremento de accidentes de tráfico na zona.

Situación pola que solicitan a dispensa temporal das taxas de recollida do lixo, a habilitación de zonas para carga e descarga e a sinalización axeitada, como pasos de peóns e semáforos.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/10/2003, solicitouse informe o 27/10/2003 a Tráfico e Seguridade, Vías e Obras e Limpeza e Recollida Selectiva, téndose recibido os de Vías e Obras (Tributos) e Limpeza; non así de Tráfico, que se reitera o 12/11/2003 e de novo o 10/12/2003.

Limpeza indícanos que o servizo de limpeza estase a prestar igualmente, e en relación os colectores, di que é unha situación temporal. Dende a Administración de Tributos, indícanos que non hai recollida na Ordenanza ningunha exención das taxas do lixo polo motivo exposto, pero si hai descontos no pago do IAE.

## REFLEXIÓN

Dende o Servizo de Limpeza deuse traslado ó Departamento de Tributos, dende o que se deu cumprida información tanto a esta Institución como ó propio interesado, poñendo de manifesto as vías a seguir para poder obter algunhas compensacións ás molestias ocasionadas.

Nembargantes, dende a Concellería competente no ámbito de Tráfico e Seguridade, unha vez máis, faise caso omiso das solicitudes e da propia intervención desta Institución.

Resulta probado que, en materia de seguridade, mentres estivo en vigor a medida de modificación do tráfico, foi un verdadeiro risco realizar un tránsito peonil entre as beirarrúas das rúas afectadas.

Deste xeito si que é categórica a falta de eficacia nunha atención imprescindible como era a da protección vial; sempre se poderá aducir que non pasou ningún accidente grave, pero isto non obvia para convir que a saúde e a tranquilidade cidadá foron obxecto de “obrigado esquezo”.

## RECOMENDACIÓN

- Cumprimento do dereito á seguridade das persoas e á súa integridade física.
- Cumprimento da legalidade prevista no artigo 18.1 do regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 83/2003

## ASUNTO

A interesada indícanos que o 18/09/2002, para poder deixar a uns familiares, parou o seu vehículo, sen abandona-lo mesmo e sen interrompe-la circulación; cando ve que un axente da Policía Local sen dirixirse a ela cubre unha sanción e ó preguntar a este contéstalle de xeito groseiro. Ademais, na notificación da denuncia consta unha rúa na que non fixo parada e tamén erroneamente o axente indica que a interesada non se atopaba no vehículo no momento da denuncia, senón que apareceu con posterioridade.

Principalmente a interesada móstrase indignada pola falta de educación do axente cando se dirixiu a el, solicita a retirada da sanción posto que non estaba na rúa indicada, non se ausentou do vehículo, nin interrompía a circulación.

## SITUACIÓN

A queixa foi presentada nesta Institución con data 27/10/2003. Solicitouse informe o 04/11/2003, reiterándose o 16/12/2003. Sen resposta ó peche deste Informe.

EXPEDIENTE 84/2003

## ASUNTO

A interesada presenta queixa nesta Institución indicando que con data 14/04/2003 solicitou do Concello que se lle retiraran tres multas de tráfico, expoñendo os seguintes feitos: efectivamente a reclamante recoñece que aparcou o seu vehículo no sitio subliñado polo axente pero sen obstaculizar o tráfico, xa que ía recoller nunha entidade bancaria unha carta de mans do seu director que xa a estaba agardando. Cando regresou ó seu vehículo estaba o axente da Policía Local que a abordou de malos xeitos, polo que a interesada explicoulle que é grande inválida e mostroulle a tarxeta acreditativa que se atopaba no parabrisas do seu vehículo, o que provocou que o axente se comportara de xeito aínda máis groseiro.

Recibiu tres notificacións de sancións de tráfico, unha por “non identificarse o conductor do vehículo tralo requirimento”, outra por “non obedecer ós sinais do axente da circulación (vehículo infractor en rota), outra por “estaciona-lo vehículo obstaculizando gravemente o tráfico”. Nunha notificación posterior das citadas denuncias (xa con recargo) non lle notifican unha das tres denuncias, “non obedecer ós sinais do axente da circulación”.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/11/2003, solicitado informe o 5/11/2003, que se reiterou o 16/12/2003. Sen resposta ó peche deste Informe.

## REFLEXIÓNS

Por unha banda, o feito de que lle puxeran nada menos que tres denuncias, polo mesmo axente, á mesma hora e no mesmo lugar, parece bastante estraño; de feito, tivo que retirar unha por ser claramente incoherente coas outras dúas, posto que ou o vehículo está en marcha ou está estacionado, o que é bastante significativo da actitude que segundo a interesada tivo o axente. Realmente puidera parecer que o axente se asañou coa interesada, como ela indica; en todo caso, a cantidade total que suman as sancións parece de todo punto excesiva, 150,25.- polo estacionamento incorrecto e 300,51.- por non identificarse cando o solicita o axente.

Respecto á sanción de estacionamento incorrecto, que ó noso entender sería a única que podería ter cometido a interesada, é importante dicir que, segundo esta manifestou, a parada realizouse por un tempo breve, para realizar unha xestión necesaria. Neste punto hai que resaltar que a interesada é grande inválida, feito que está debidamente sinalizado no seu vehículo, polo que os seus desprazamentos a pé se vén dificultados; máis aínda se temos en conta que a cidade de Vigo en xeral, e espe-

cialmente as súas beirarrúas, atópanse cheas de barreiras arquitectónicas feito lamentable que aínda debía de agudizar se cabe a nosa sensibilidade cara ó colectivo de discapacitados. Non hai que dicir que as beirarrúas de Vigo incumpren a normativa existente en relación á eliminación de barreiras arquitectónicas na comunidade galega, regulada pola Lei 8/1997 de 20 de Agosto de accesibilidade e supresión de barreiras e desenvolvida polo Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro.

EXPEDIENTE 85/2003

#### ASUNTO

O interesado expón na súa queixa que o pasado 2/06/2003 solicitou nas dependencias da Policía Local unha certificación de convivencia, séndolle entregado un xustificante para recollela o 27/06/2003. Cando se presentou en data para recollela, a funcionaria en atención, de xeito pouco educado, comunicoulle que aínda estaba por asinar, descoñecendo cando o estaría, feito polo que o interesado, con data 27/06/2003, formulou queixa por escrito no Concello, non ten recibido resposta ningunha á mesma, nin tampouco á certificación solicitada.

#### SITUACIÓN

Queixa presentado o 4/11/2003, solicitándose informe o 5/11/2003 e reiterándose o 16/12/2003. Sen resposta a 31/12/2003.

EXPEDIENTE 86/2003

#### ASUNTO

O interesado, en calidade de portavoz de veciños e comerciantes da Travesía de Vigo, solicitou o 19/09/2003 no rexistro xeral do Concello a sinalización dun paso de peóns. Indica que tal como están situados os pasos de peóns os veciños do contorno vense obrigados a dar unha volta de 250 metros, petición que vén avalada por máis de mil sinaturas recollidas entre a veciñanza.

#### SITUACIÓN

Con data 5/11/2003 solicitouse informe da Concellería de Tráfico, que se reiterou o 16/12/2003. Sen resposta á data de peche deste Informe.

### EXPEDIENTE 90/2003

#### ASUNTO

O interesado, como Presidente da Asociación Veciñal O Freixo, presenta escrito asinado por 400 veciños no que fai referencia ás diversas reclamacións que teñen presentado na Concellería de Tráfico en relación coa regulación do Servicio de Transportes Público de Viaxeiros (VITRASA), con mención específica á liña 20, que dende comezos deste ano veuse afectada por diversas modificacións no ser percorrido, o que repercutiu negativamente nos veciños do barrio.

Teñen exposto a situación ante os servicios municipais e a propia concesionaria sen obter resultados.

#### SITUACIÓN

Presentada a queixa o 21/11/2003, solicitouse informe o 25/11/2003, reiterado o 16/12/2003. Sen resposta na data de peche deste Informe.

### EXPEDIENTE 92/2003

#### ASUNTO

A interesada expón que ten solicitado a anulación dunha multa de tráfico que lle foi imposta por deter o seu vehículo en dobre fila co ánimo de baixar á súa filla, de dous meses; engade que a actitude do axente da Policía local non foi concordante coas normas de educación cívica.

#### SITUACIÓN

Presentada a queixa o 4/12/2003, solicitude informe o 10/12/2003, reiterándose o 30/12/2003. Sen resposta na data de peche deste Informe.

## REFLEXIÓNS Ó CAPÍTULO DE SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES

No capítulo referido a Seguridade, Tráfico e Transportes, sublíñase que dun total de 24 expedientes tramitados, 8 non tiveron informe ou resposta tal como é preceptivo.

Por unha banda, a falta de resposta subliñada, de acordo co artigo 18.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, significa unha estimación hostil ou entorpecedora da súa actuación; esto invita como solución a promover un cambio de actitude, o que non implica necesariamente un traballo adicional, só se require a vontade de dar cumprimento ó propio regulamento que non é máis cunha manifestación da potestade normativa da Administración Municipal. Para rematar esta observación baste recordar que os expedientes non atendidos, neste capítulo, significan o 33,33% do total dos que afectan á Concellería competente.

Por outra banda, resulta rechamante que dos expedientes non contestados, cinco fan referencia a cuestións relativas a multas de tráfico, especialmente aparcamento, e que son:

- 1- Expediente nº 25, no que por parte do interesado se menciona “unha actitude despectiva”
- 2- Expediente nº 65, cualifícase de “inadecuada actitude”; que motivou reacción por parte do cidadán denunciado polo axente municipal. Celebrado xuízo de faltas, os denunciados foron absoltos por non acreditarse o comportamento denunciado pola policía.
- 3- Expediente nº 83, cualificado polo interesado como “acción groseira”.
- 4- Expediente nº 84, cualificado pola interesada como “malos xeitos”; caso dunha grande inválida, con tarxeta visible no parabrisas.
- 5- Expediente nº 92, actitude cualificada como “non concordante coas normas de educación cívica”.

Ante estas actitudes é preciso recordar permanentemente o artigo 35.i) da Lei 30/1992, reformada pola Lei 4/1999, no que claramente se explicita que os cidadáns teñen dereito a ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios. Tamén o artigo 4.e) do RD 208/1996 fai mención ó termo “desatencións” ou de calquera outro tipo de actuación irregular.

Rematando coa indicación de que sería moi importante retomar unha motivación especial destes funcionarios de constante permanencia nas rúas e cos que é preciso que os cidadáns se sintan non soamente protexidos, senón que tamén requiren sentirse concidadáns.

Ó cidadán interésalle o bo funcionamento da Administración en termos de calidade, axilidade e rapidez, o que supón tamén un maior acercamento na busca da credibilidade.

A eficacia depende, en última instancia, dos empregados públicos e dunha política funcional que, por riba dos intereses privados ou corporativos, prime o competente e estimule o mérito e a capacidade.

## CAPÍTULO 10

### URBANISMO

.....

### EXPEDIENTES:

8	.....
47	.....
14	.....
50	.....
19	.....
51	.....
20	.....
53	.....
21	.....
54	.....
31	.....
58	.....
32	.....



.....  
61

33 .....

.....  
72

36 .....

.....  
79

44 .....

.....  
88

EXPEDIENTE 8/2003

ASUNTO

A interesada presentou denuncia, con data 9/12/1999, ante a Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo por mor da realización por un veciño dun peche nunha finca sen a correspondente licencia. Con posterioridade a esa denuncia, en marzo do 2000, o citado veciño solicita licencia para a construción do peche, pero as obras xa realizadas non se axustan á licencia que é concedida en maio do 2000. No mes de decembro do 2000 a Xerencia de Urbanismo resolveu requirir ó infractor para que no prazo de dous meses axustase as obras á licencia outorgada.

## SITUACIÓN

Dende a data do requirimento a interesada está á espera de que se execute a precitada resolución, e ten solicitado información ó respecto en diversas ocasións. En abril de 2002 comunicáselle a imposición dunha multa coercitiva por importe de 301.- polo incumprimento da orde de derruba, non tendo lugar a realización de tal orde.

O 24/01/2003 esta Institución solicita información da Xerencia de Urbanismo que a emite o 10 de abril e indica que a Inspección Municipal, efectuada o 17/03/2003, informa que as obras obxecto deste expediente non foron derrubadas. Con data 24/03/2003 a Xerencia de Urbanismo impón ó infractor unha multa coercitiva de 301.-, co apercibimento da posibilidade dunha nova multa se transcorrido o prazo dun mes non se tivese realizado a derruba.

Con data 8/07/2003 dirixímonos á Xerencia de Urbanismo solicitando información acerca da situación actual do expediente. Sen ter recibido a mesma, con datas 8/10/2003 e 17/11/2003 reiteramos a petición.

Con data 9/07/2003 recibimos novo escrito de queixa da interesada no que nos pon de manifesto a súa situación, considerándose atropelada, sen que as súas súplicas sexan atendidas axeitadamente.

Xa a vista da cooperación recibida procedemos a “pechar” o expediente a efectos da configuración do Informe Anual.

## REFLEXIÓNS

Resulta alarmante a lentitude no tratamento do tema, que produce que a lexitimidade por rendemento non se alcance pola falta de capacidade para dar unha resposta satisfactoria. Unha vez máis, a actuación pública é claramente insuficiente, unha mostra máis da falta de eficacia. A xestión pública ten que fuxir aceleradamente deste tipo de actuacións insuficientes tan en uso.

Os expedientes de reposición da legalidade urbanística deben caracterizarse polas máis áxiles actuacións, non só na fase de reposición propiamente dita, senón tamén na fase sancionadora en relación coas obras ilegais, aínda nos supostos de posterior legalización.

O propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ten declarado noutros supostos que lle son de apli-

cación ó presente, que a administración local merece a repulsa pola súa actitude pasiva e dilatoria nas medidas de restauración da legalidade urbanística.

#### RECOMÉNDASE

- Conveniencia do principio de legalidade no campo urbanístico.
- O cidadán ten dereito a estar debidamente informado, e incluso recibir orientación acerca das actuacións que se propoña realizar (artigo 35 da Lei 4/1999).
- Non se cumpre co disposto no artigo 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, podendo cualificar de accións entorpecedoras da actuación do Valedor do Cidadán.

#### EXPEDIENTE 14/2003

#### ASUNTO

O interesado alega ter solicitado con data 23/05/2002 á Xerencia Municipal de Urbanismo que se lle puxese de manifesto o expediente de construción do aparcamento subterráneo da rúa Urzáiz, non recibindo resposta á data de presentación da queixa, o 21/02/2003.

#### SITUACIÓN

Solicitado informe á Concellería de Urbanismo con data 19/03/2003. En data 24/04/2003 o interesado comunicanos que foi citado telefonicamente polo Enxeñeiro municipal da Oficina da Xerencia de Urbanismo para que examinara o expediente solicitado.

#### EXPEDIENTE 19/2003

#### ASUNTO

A interesada, en representación dos seus pais, expón que con data 19/09/2001 a Xerencia Municipal de Urbanismo dictou resolución declarando non legalizable o conxunto dunha obra, sendo resolución firme por non ser recorrida en tempo. Engade que nesta resolución ordenouse a demolición das obras realizadas. Durante un ano todo o que fixo a Xerencia Municipal de Urbanismo foi a imposición dunha multa coercitiva por importe de 300.- , non tendo procedido á derruba tal como se ordenara.

## SITUACIÓN

Solicitouse informe o 5/03/2003, reiterándose o 26/05/2003 e sendo recibido o 20/06/2003. A Xerencia de Urbanismo indícanos que o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou declarar as citadas obras como realizadas sen axustarse a licencia, en parte compatibles coa ordenación urbanística vixente (demolición da vivenda para cambio de distribución) e en parte incompatibles (reconstrución de fachadas, ampliación da planta baixa e adición de piso baixo cuberta), concedéndose un prazo de dous meses para que solicitara a licencia para as obras compatibles e dun mes para proceder á derruba voluntaria das obras incompatibles.

Engade o informe que a afectada interpuxo recurso de reposición que foi desestimado, requiríndoa de novo para que procedera á derruba, e que non se lle outorgou licencia para as obras consideradas inicialmente legalizables. En datas 19/09/2002 e 27/05/2003, impuxéronse dúas multas coercitivas en contía de 301 e 600.-, respectivamente.

Ó tratarse dun expediente aberto, solicitouse de novo información actualizada o 2/07/2003, reiterada o 14/07/2003 e o 29/10/2003, a que se recibe o 21/11/2003 e na que nos comunican a imposición dunha terceira multa coercitiva e aviso dunha cuarta se non se levasen a cabo as obras de derruba, sen prexuízo das responsabilidades de orde penal.

## REFLEXIÓNS

Tema que se vén resolvendo pola Xerencia de Urbanismo dende 19/09/2001, sen que ata o momento se teña chegado á solución definitiva dunha actuación contra a legalidade urbanística.

Séguese a decaer nas obrigas de eficacia proclamada pola Constitución Española e, por ende, acredítase un decaemento na mellora da lexitimidade da Corporación Local por mor da falta de rendementos ó non darse resposta satisfactoria ás demandas do contorno. Compróbase que unha obra declarada ilegalizable segue dous anos máis tarde sen ter repostada á legalidade reclamada, o que vén a acreditar unha actuación administrativa merecedora de repulsa por actitudes pasivas e dilatorias.

## RECOMÉNDASE

Suxeición á legalidade urbanística e á que deriva do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 20/2003

## ASUNTO

A interesada expón que ten presentado diversas denuncias no Rexistro Municipal de Urbanismo e no Rexistro Xeral do Concello de Vigo con datas 24/10/2002, 27/01/2003 e 17/02/2003, motivadas pola apertura dunha cafetería no baixo da súa vivenda sen a licencia preceptiva e exercendo unha actividade non correspondente á licencia que teñen solicitada. Como consecuencia das obras efectuadas no citado local causáronse estragos na vivenda da interesada, producindo molestias por ruídos e fumes.

## SITUACIÓN

Solicitado informe ó Departamento de Seguridade e Tráfico e á Concellería de Urbanismo o 21/03/03. Seguridade e tráfico resposta que non é un asunto da súa competencia, polo que en data 26/05/03 reiteramos a solicitude de informe a Urbanismo. Con data 29/10/2003 remítese esta mesma solicitude a Medio Ambiente.

## REFLEXIÓNS

Non recibimos o preceptivo informe de Urbanismo, que incumpre o estipulado no artigo 18.I do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán. Sería necesario coñecer que tipo de licencia posúe o local para que, con posterioridade, se puidese abordar o problema da contaminación acústica que expón a interesada.

Por outra banda, atopámonos ante un posible incumprimento do estipulado na Ordenanza municipal contra a Contaminación Acústica, que no seu artigo 3 imputa ó Concello a obriga de facer cumprir a citada ordenanza e no 15 apartado primeiro establece medidas específicas para establecementos públicos que implican funcionamento dentro do horario nocturno.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade urbanística e da que se deriva da normativa relativa á protección do medio ambiente contra a contaminación acústica.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.I do Regulamento de organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## EXPEDIENTE 21/2003

### ASUNTO

O interesado, en representación dunha Comunidade de Propietarios da Avda. de Madrid, con data 6/03/2003 formula queixa por mor da instalación na azotea dun inmoble veciño dunha antena de telefonía móbil sen a licencia correspondente. Achega copia de múltiples denuncias realizadas dende o 18/12/2001 ante a Policía Local e a Xerencia Municipal de Urbanismo e solicita que sexan contestadas as mesmas.

### SITUACIÓN

Con data 10/03/2003 solicitouse informe á Concellería de Urbanismo, reiterándose o 30/04/2003. Con data 16/05/2003 recíbese o mesmo da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no que se explicita que a día de hoxe a devandita antena carece da preceptiva licencia municipal, atopándose o expediente en trámite; informe que se lle traslada ó interesado en data 20/05/2003.

Con data 27/05/2003 recíbese novo informe da Vicepresidencia de Urbanismo no que se indica que con data 28/1/2003 incóase expediente de protección de legalidade urbanística e que con data 16/10/2001 a entidade Telefónica Móviles S.A. solicitou licencia para a instalación dunha estación base de telefonía móbil conforme ó proxecto redactado, atopándose nestes momentos en trámite. Isto acredita que se dan dúas datas ben diferenciadas en canto á formulación da solicitude.

Con data 15/07/2003 solicitouse novo informe sobre a situación actual do caso que nos ocupa, que se reitera, por falta de resposta, o 4/11/2003 e que con data 31/12/2003 segue sen recibirse e estimamos que sen solución.

### REFLEXIÓNS

Entendemos que o Concello vén mantendo unha actitude de abandono ante unha actividade que carece de licencia, non crendo que tal dilación teña xustificación, como noutras ocasións, polo elevado número de asuntos que se abordan, algo que non é de recibo, sen necesidade de engadir que formulacións e reformulacións sobre a falta de persoal é cuestión de capacidade organizativa do propio ente público.

O estado de indefensión dos afectados vén pola propia falta nos rendementos competenciais que lle son propios ó Concello; entre tanto, a situación material do cidadán que demanda a acción pública á

que ten dereito non mellora, senón que pode influír no seu ánimo como un abandono que o encerra noutro modo ou maneira de exclusión, de falta de cohesión social.

#### RECOMÉNDASE

- Cumprimento estricto da legalidade urbanística.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

#### EXPEDIENTE 31/2003

#### ASUNTO

A interesada, propietaria dun muro sito na parroquia de Saiáns, entende que os servizos técnicos do Concello de Vigo fixeron unha errónea apreciación en relación co mesmo, xa que consideraron que a interesada procedera a construír un muro novo. En data 28/10/1988 foille concedida licencia de obras para un peche de aramado con postes no citado muro pero posteriormente, a raíz de denuncias de veciños, foi incoado expediente administrativo sancionador acordando a demolición do peche e do muro. Ten interposto varios recursos que foron desestimados, resultando supostamente firme a orde de demolición do muro.

#### SITUACIÓN

Solicitado informe o 8/05/2003, e tras reitera-lo mesmo con data 1/07/2003, recibíuse o 18/07/2003, do que se informou á interesada o 24/07/2003. A Xerencia de Urbanismo envía informe co que achega copia do estudo técnico da apareladora municipal, do acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo e da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. De acordo co exposto pola interesada, os informes e a sentenza remitidos confirman que o Consello acordou a demolición do muro baseándose no informe da apareladora municipal, desestimando posteriormente as solicitudes feitas pola mesma de revisión dos acordos sobre a súa demolición. A interesada e o seu fillo interpuxeron recursos contencioso-administrativos que foron desestimados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### EXPEDIENTE 32/2003

#### ASUNTO

O interesado, en calidade de Presidente dunha Comunidade de Propietarios da Avda de Castrelos, expón que o edificio que representa vén sufrindo dende o ano 1999 estragos na estrutura da edificación polas acometidas de camións na esquina do mesmo, e que no proxecto de edificación recollíase a urbanización do camiño na paralela do edificio por medio da ampliación da rúa, ademais da construción da beirarrúa nesa parte.

O interesado indícanos que teñen presentado no Concello diferentes denuncias. Por outra banda, a propietaria do primeiro piso da vivenda, principal prexudicada, e tamén a Asociación Veciñal "Monte da Mira", teñen solicitado unha entrevista co Xerente de Urbanismo.

Solicitan que se execute a beirarrúa prevista no proxecto de edificación, e, preventivamente, que se estableza dirección única para a saída de vehículos, a colocación de bolardos e un sinal de limitación de altura máxima.

#### SITUACIÓN

Solicitouse informe o 15/04/2003 da Concellería de Vías e Obras, que nos indica con data 21/04/2003 que deron traslado á Xerencia de Urbanismo, reiterándose a citada solicitude o 23/07/2003, recibíndose a mesma con data 25/09/2003. Do seu contido deuse información ó interesado o 2/10/2003. Con data 20/10/2003, o interesado manifesta a súa desconformidade coa información recibida, na que se subliñaba a realización de certas obras de forma inmediata (colocación de seis bolardos na beirarrúa). Con data 27/10/2003, dirixímonos ó Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo manifestándolle que o problema segue sen solucionarse.

#### REFLEXIÓNS

Resulta sorprendente que un problema sufrido e manifestado pola veciñanza dende decembro de 2002, atópase aínda sen solución, cando as obras ou melloras a realizar non son de volume considerable.

De novo a capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno seguen sen merecer a atención pública responsable, de aí que a situación material segue estragada pola falta de eficacia debida na actuación pública municipal. A lexitimidade por rendemento está ligada á capacidade para mellora-la situación material dos cidadáns.

#### RECOMÉNDASE



Cumprimento da legalidade do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 33/2003

#### ASUNTO

Queixa presentada o 23/04/2003 sobre irregularidades nun expediente sancionador por infracción urbanística. A interesada indícanos que no expediente promovido contra as actuacións do propietario dunha finca veciña, non se están levando a cabo as dilixencias pertinentes por parte dos funcionarios instructores do expediente. Por contra, a interesada para conseguir a licencia de obra para a súa propiedade é obrigada a recuar da fachada da marxe oposta do camiño a distancia de 10 m, mentres que o veciño manténselle a aliñación de 8 m, o que supuxo para ela a perda de 2 m de terreo ó longo de toda a fachada.

#### SITUACIÓN

Solicitouse informe o 2/05/2003 á Concellería de Urbanismo. O 15/07/2003 recíbese, sen data nin rexistro de saída, nota da Xerencia Municipal de Urbanismo na que se indica que se lle deu traslado ó Departamento de Planeamento. Con data 12/11/2003 reiterouse a solicitude de informe á Concellería de Urbanismo.

#### REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto xa denunciado en 2001, no que a interesada manifesta a situación de abandono e desamparo á que se ve sometida por mor das actuacións dos órganos competentes do Concello. Non se levan a termo as dilixencias pertinentes no expediente sancionador, así como o retraemento recollido noutro expediente.

A norma xurídica require por parte do individuo un cumprimento por grao ou por forza, e a arbitrariedade vai en contra da seguridade normativa; a xustiza, segundo Sócrates, atópase por enriba da forza, pois se non existe coactividade o dereito carece de eficacia.

Non é a primeira vez que non se cumpre coa execución eficaz no ámbito urbanístico en canto á imposición das multas recollidas no procedemento. Estamos obviamente ante unha clara falta de lexitimi-

midade por rendemento, incapaz polo tanto de mellora-la situación do cidadán que demanda a acción pública.

Fronte a un feito denunciado, o Concello está a manter unha actitude de abandono que é difícil de colixir no que pode derivar.

#### RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade en canto ás obrigas que ten toda Administración Pública na tramitación dos expedientes de todo tipo (Lei 4/1999).
- Cumprimento da legalidade que impón o artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

#### EXPEDIENTE 36/2003

#### ASUNTO

O interesado expón que ten denunciado ante a Xerencia Municipal de Urbanismo a construción dunha piscina que suporía un obstáculo para a realización do Plano Especial de Mellora do Medio da Matoca.

Solicita información e a intervención para que a citada piscina non se realice.

#### SITUACIÓN

Solicitado informe o 13/05/2003, recibíuse o 30/06/2003, dándolle información do seu contido ó interesado o 1/07/2003. No mesmo, a Xerencia de Urbanismo indícanos que se realizou unha visita de inspección, comprobándose a execución de obras consistentes na construción dunha piscina, non constando solicitude ningunha para as referidas obras, polo que se procedeu á apertura de expediente de protección de legalidade urbanística, que se atopa nun período de información previa.

Dado que o tema se atopa en trámite, solicitouse nova información o 3/09/2003, reiterándose a mesma o 17/11/2003, que se recibe o 9/12/2003, e do que damos cumprida información ó interesado. Neste último informe, e dado que segundo o artigo 214 da Lei 9/2002 o tema é competencia da Xunta de Galicia, a Xerencia de Urbanismo dá traslado do mesmo á administración competente.

## REFLEXIÓNS

Resulta alarmante a resposta á primeira información solicitada: “Dende que se presenta a denuncia por parte do cidadán ata o inicio do procedemento transcorre un período de tempo totalmente involuntario pola nosa parte, debido á escaseza de medios humanos que imposibilita poder cumprir coas necesidades/esixencias dos cidadáns”.

A eficacia dunha organización administrativa pública non pode quedar ás expensas de xustificacións como a proclamada. Tense que fuxir das actuacións insuficientes, axilizar os trámites legalmente previstos e exercer eficazmente as competencias que lle son propias.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade que supón o Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.
- Cumprimento da legalidade constitucional (artigo 103). A Constitución garante o sometemento das Administracións Públicas a este principio, tanto no que afecta ás normas que rexen a súa organización, como ó procedemento administrativo e ó sistema de responsabilidade. O réxime xurídico de toda Administración Pública debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade á que serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos sociais sexan reais e efectivos.

## EXPEDIENTE 44/2003

### ASUNTO

Queixa presentada o 21/05/2003, na que a interesada declara que se teñen promovido varias denuncias sobre a instalación dunha cheminea industrial e dun letreiro luminoso por mor da apertura sen licenza dun local de hostalería.

Engade que existe unha resolución da Xerencia de Urbanismo ordenando a suspensión da actividade ilegal do citado negocio por non ter a licenza correspondente, pero posteriormente esa decisión é revocada.

## SITUACIÓN

Solicitado informe o 26/05/2003, recíbese o 16/07/2003 da Concellería de Urbanismo, no que se expón que con data 31/03/2003 procedeuse á incoación de expediente de protección da legalidade urbanística ó citado local, así como que o propietario alega que en xullo de 1997 se lle concedeu unha licenzia para actividade de cervexería e que o local se axusta á licenzia concedida. A Xerencia está a realizar as actuacións precisas para determinar se o local se axusta na súa actividade á licenzia concedida. Dáse conta do informe á interesada con data 24/07/2003.

Ante a precisión de que a Xerencia de Urbanismo está a realizar “actuacións precisas”, reiteramos con data 3/09/2003 información sobre tales actuacións, que se reciben o 13/10/2003, e que manifestan que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística por non axustarse á preceptiva licenzia, ordenando ademais a inmediata suspensión da actividade do local.

Con data 14/10/2003 dáse traslado á interesada da información recibida, quen nos participa, con data 30/10/2003, que a súa denuncia e petición fundamental é que se retiren a cheminea e o luminoso ilegais.

Ante esta situación procedemos, con data 4/11/2003, a manifestar o noso parecer ó Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, non recibíndose contestación ningunha ó peche deste Informe.

## REFLEXIÓN

Dado o xeito en que se está desenvolvendo o tema principal, cheminea que provoca fumes molestos e insalubres e letreiro luminoso capaz de producir molestias que perturban o descanso, ámbalas dúas actividades danosas para a saúde, o resultado é que os afectados veñen padecendo, dende hai ano e medio, unha serie de molestias non erradicadas polo exercicio lento dunha actividade pública. As competencias municipais é obvio que non se exercitan eficazmente porque o dano causado ós cidadáns non se deriva, neste senso, da legalidade ou non dunha apertura, senón das actividades complementarias que repercuten na saúde, na tranquilidade e no descanso dos cidadáns, con independencia de que posteriormente se chegue a solucións que permitan a legalización dun establecemento.

Estamos, probablemente, ante unha situación que se pode cualificar de insostible, situacións que fan pensar a colectivos de cidadáns que están en áreas de exclusión social, producindo alarma social entre os mesmos.

Non é asimilable a falta dun exercicio eficaz das competencias municipais cando teñen por obxecto a preservación de dereitos constitucionais dos cidadáns que se ven afectados reiteradamente polos rúidos, fumes, etc., é dicir, nos seus dereitos ó medio ambiente, a calidade de vida, a saúde e o descanso.

## RECOMÉNDASE

- Suxeición ós principios de legalidade consagrados, cando menos, na Constitución Española (artigos 9 e 10).

## EXPEDIENTE 47/2003

## ASUNTO

A interesada expón que ten formulado diversas peticións na Xerencia Municipal de Urbanismo (desde novembro de 1999) en relación co peche dunha finca en Moledo, alegando que o peche lateral esquerdo non se realizou de acordo coa licencia.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/06/2003, solicitando información o 5/06/2003, na que se indica que a interesada non está de acordo coas respostas da Xerencia de Urbanismo, aducindo que:

- a) O peche lateral esquerdo no se realizou tal como describe a licencia de peche.
- b) O peche ten máis altura da permitida e está sen rematar.
- c) Afecta a unha entrada de viandantes e vehículos, con permiso para ambas.

Reitérase a solicitude de informe o 12/08/2003, recibíndose o 13/10/2003, e dándolle cumprida información á interesada por parte desta Institución o 14/10/2003. No informe contéplase que se “procede acudir á execución forzosa, mediante a imposición de multas coercitivas para obrigar ó cumprimento do acordo do Consello”.

Ante esta perspectiva, procédese a solicitar información sobre a situación actual, con data 17/11/2003, sen ter recibido resposta o 31/12/2003, polo que se pecha o expediente para os efectos de confeccionar o Informe de 2003.

## REFLEXIÓNS

Dá a impresión de que a actuación por vía de constrinximento veu dada pola solicitude de informe no

que se facían constar irregularidades, o que indica que dende o informe dos técnicos municipais de data 25/01/2002, non se realizou ningunha pescuda sobre o asunto. Non se indica cando se procede á imposición de multas, nin se dá resposta sobre a situación actual tres meses despois.

A falta de rendemento, obviamente, non permite acadar unha clarificación satisfactoria a unha demanda lexítima en procura dunha mellora de situación material. A potestade sancionadora parece ser que non se incoa coa oportunidade, a dilixencia e a eficacia requiridas nunha actividade tan frecuente como é a legalidade urbanística.

Estase a albiscar unha falta de coordinación entre os distintos órganos dedicados ó Urbanismo, o que explicita un problema de autoridade e unha carencia da convicción de servizo mutuo que só redundará na desmoralización do cidadán e na falta de confianza que o mesmo debería ter na función pública que o ten que protexer, e que lle ten que proporcionar unha actividade chea de eficacia.

#### RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade no ámbito procedimental na xestión do Urbanismo.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

#### EXPEDIENTE 50/2003

#### ASUNTO

Os interesados expoñen que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acordou a derruba dun muro dunha propiedade lindante á súa, sita na Parroquia de Saiáns. Teñen solicitado a execución da sentenza do citado tribunal, demolición que o Concello non levou a cabo.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada con data 6/06/2003. Logo de admitida a queixa, solicitamos informe o 17/06/2003, e con data 23/07/2003 recíbese o mesmo da Concellería de Urbanismo, indicándonos que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestima o recurso contencioso-administrativo que interpuxo a propietaria do muro contra acordos da Comisión de Goberno do Excelentísimo Concello de Vigo sobre demolición do citado muro. Engade que con data 29/11/1993 requiriuse á propietaria do muro que procedera voluntariamente á derruba do mesmo co apercebimento de execución subsidia-

ria, e que con data 14/03/2002 requiriuse de novo concedendo o prazo dun mes para que procedera á derruba e retiro do muro a unha distancia non inferior a dous metros do eixo do camiño.

Por último engade que tendo en conta que o acordo polo que se ordena a derruba é firme, procede a execución subsidiaria, polo que a Xerencia Municipal de Urbanismo ten ordenado a apertura do correspondente expediente para a contratación das obras de derruba.

Con data 29/07/2003, dáse cumprida información do mesmo ó interesado. Non existen actuacións adicionais.

EXPEDIENTE 51/2003

ASUNTO

Queixa presentada sobre a existencia dun pub que produce ruídos insoportables nunha vivenda na que residen persoas de idade avanzada e en estado delicado de saúde que ven afectado ó seu descanso, precisando a tal fin medicación específica.

SITUACIÓN

Previamente á presentación da queixa (10/06/2003), os afectados xa tiñan presentado as correspondentes denuncias ante a Xerencia Municipal de Urbanismo dende o 5/05/2003, sendo emitido informe pola Policía Local o 24/05/2003 da Medición Sonométrica, entre as 3,50 e as 4,00 horas, alcanzando un nivel de ruídos de 41 dB(A), cando o máximo permitido é de 35 dB(A).

Con data 17/06/2003 solicítase informe da Concellería de Medio Ambiente e da Concellería de Urbanismo. Con data 16/07/2003 recíbese informe da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se manifesta que o referido local presentou o 31/03/2003 solicitude de licenzia de obras para acondicionamento de local para café bar con música, atopándose en trámite, e que con data 7/07/2003 ínstase á Policía Local sobre que tipo de actividade se exerce no establecemento denunciado.

Trasladada a información á interesada con data 24/07/2003, contéstanos que o feito de que a solicitude de licenzia se atope en trámite non lle soluciona o problema dos ruídos por riba do nivel de tolerancia, e mostra o seu abraio pola situación que padece o seu contorno familiar, con persoas de 83 anos, unha seriamente enferma, sentimento que facemos patente á Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo o 5/08/2003.

## REFLEXIÓNS

No informe da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo dise: “significándolle que o prazo para tramitar un expediente de protección da legalidade urbanística é dun ano, segundo artigos 211 e 209.4 da Lei de Ordenación Urbanística de Galicia, co fin de que o considere nas queixas que ante esta Institución se presenten.”

Esta Institución significou que non é a súa intención cuestionar os prazos legais na tramitación dos expedientes de protección da legalidade urbanística. Nembargantes, a Administración debería axilizar ó máximo tales tramitacións ós efectos de proporcionarlle a satisfacción debida ás demandas do contorno, tal como se pronuncian as modernas teses sobre mellora da lexitimidade das corporacións locais, que debe buscarse pola vía dos rendementos, acadando deste xeito o maior grao de eficacia tal como postulan o artigo 103 da Constitución e o 6 da L.B.R.L. (débase engadir que esta obriga reitérase literalmente no artigo 3 da Lei 30/1992, modificada pola lei 4/1999, que na súa exposición de motivos declara que o réxime xurídico das Administracións Públicas debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade á que serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos).

Reitérase ademais que o moderno Modelo Europeo de Excelencia, entre outras moitas cuestións, propugna que para comprender, prever e mellorar o desempeño e rendemento operativo é de maior interese revisa-la duración dos procesos de atención ó público, resolución de queixas e resposta ás demandas informativas.

Segundo técnicos en temas de sostibilidade, as comunidades locais teñen que imaxinar, planificar, producir e gobernar as cidades de forma máis transparente, eficiente e con eficacia maior que a actual; tense que introducir o concepto de calidade como criterio fundamental da xestión municipal.

No suposto que nos ocupa o resultado non pode ser satisfactorio na súa plenitude. De que vale que o proceso permita manter a situación de ilegalidade se de verdade o que lle importa ó cidadán son os padecementos ós que se ve sometido polos ruidos insoportables.

O ruído está considerado como a máis insidiosa das contaminacións, afecta ó equilibrio físico e psicolóxico do cidadán, neste caso da interesada. Por iso débese da-la prioridade a quen a ten, aínda que esta perturbación sexa un sucedáneo da ilegalidade urbanística.



Ocorre que ó tratarse dunha actividade ilegal, non parece posible aplica-la Ordenanza Xeral de Protección do Medio Ambiente, así como a específica de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica. Parece obvio que o cidadán, neste suposto, non terá protección ó amparo destas normas de obrigado cumprimento, xa que ata que non se resolva o tema urbanístico tampouco se resolverá a satisfacción principal cal é as molestias perturbadoras.

## RECOMÉNDASE

- 1) Exercicio eficaz das competencias que teñan por obxecto a preservación de dereitos constitucionais afectados por rúidos, medio ambiente axeitado, a calidade de vida, a saúde e o descanso, con independencia de que a ilegalidade urbanística se resolva favorablemente.
- 2) Real e efectiva coordinación de actividades que faciliten a resolución de problemas serios como este. A coordinación na xestión administrativa é un problema de autoridade, en primeiro lugar, é logo unha convicción de servizo mutuo; calquera medida imperfectamente coordinada pode ser perturbadora da mesma.

## EXPEDIENTE 53/2003

### ASUNTO

Tema relacionado coa construción, sen licencia, dunha ponte de formigón sobre o río Pereiriña na parroquia de Coruxo. O interesado expón que en 1999, a propiedade dunha finca veciña á súa, construíu unha ponte de formigón sen permiso, destruindo parte do muro da finca do interesado, levándose incluso pedras do mesmo para a ponte. Sucede ademais que a citada ponte está situada ó lado dun antigo muíño de pedra nun contorno a protexer.

Ten presentado diversas denuncias na Xerencia Municipal de Urbanismo, na Policía Local e tamén solicitado información sobre o estado das denuncias, sen obter resultado ningún.

### SITUACIÓN

O 20/06/2003 recibíuse a queixa, solicitándose informe o 23/06/2003, que se rende o 14/07/2003, e do que se dá cumprida información ó interesado con data 17/07/2003.

No citado informe, a Concellería de Urbanismo indícanos que o inspector auxiliar de urbanismo realizou unha inspección e comprobou que no lugar citado existe unha ponte de formigón que non é de

recente construción, e non observou ningunha obra urbanística, procedéndose ó arquivo das actuacións, engadindo que polo que respecta ó muro da finca do interesado é un tema que corresponde á xurisdicción ordinaria, debendo o interesado dirixilas a esta orde.

Non existindo actuacións posteriores.

EXPEDIENTE 54/2003

ASUNTO

O interesado solicita a execución dunha sentenza dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 30/12/1998, na que se declara firme a sentenza que ordena a demolición das obras de construción dunha vivenda.

Segundo consta na documentación achegada polo interesado, a Xerencia Municipal de Urbanismo requiriu á propietaria para que procedera á derruba das obras. Á vista do incumprimento do citado requirimento impuxéronse dúas multas coercitivas en contía de 50 mil pesetas cada unha. A Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en data 30/03/2000, oficiou ó Concello de Vigo para que procedera á execución subsidiaria da orde de demolición e á súa realización material.

A documentación achegada indica tamén que a Oficina de Inspección Urbanística ten solicitado informe do Departamento de Vías e Obras, que informa que non dispón de persoal nin de medios materiais para executa-las obras, polo que resulta necesario acudir ó procedemento de contratación administrativa. Este informe do Concello que achega o interesado data de primeiros de maio de 2000.

SITUACIÓN

Presentada a queixa o 23/06/2003, solicitouse informe o 24/06/2003, reiterado o 14/08/2003 e novamente o 11/11/2003. Con data 05/01/04 recíbese o informe, no que se di que a derruba non puido executarse por canto un numeroso grupo de veciños que increpaban ós membros da Comisión Municipal impediron o acceso á mesma; a Policía Local identifica a algúns, dándose traslado dos feitos ó Xulgado que dicta sentenza absolutoria en favor dos veciños contra os que se seguiu o xuízo.

REFLEXIÓNS

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declara a súa desconformidade nalgúns temas urbanísticos. Os motivos derivan da pasividade e acción dilatoria na adopción das medidas de restauración da legalidade urbanística, quebrando con esta actitude o imperativo legal.

A lexislación vixente é para a administración e para os administrados de obrigado cumprimento, reflicte tamén as responsabilidades para aqueles, xa funcionarios ou cidadáns/administrados, que non cumpran os preceptos da mesma.

Segue o tribunal e fai constar que o Concello mantivo unha actitude de abandono fronte á ilegalidade denunciada, constatada polos servizos técnicos municipais. Todo iso independentemente da alteración pública provocada por parte da veciñanza.

#### RECOMÉNDASE

- Cumprimento estricto da legalidade en materia de disciplina urbanística.
- Cumprimento da legalidade establecida no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 58/2003

#### ASUNTO

O interesado denuncia que no seu domicilio, por causa da instalación dunha empresa dedicada á fabricación de materiais, vén sufrindo interferencias electromagnéticas reflectidas no funcionamento do equipamento de electrodomésticos na vivenda.

Feitos algúns descubrimentos por parte do interesado, parece que o problema é debido ó mal funcionamento dunha das máquinas, opinión sostida tamén polo Departamento de Telecomunicacións da Universidade de Vigo que indica que a solución non é custosa para o propietario.

Estas anomalías foron denunciadas polo interesado ante a Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións e ante a Xerencia Municipal de Urbanismo.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/06/2003, solicitándose informe o 1/07/2003, que se recibe o 28/07/2003, e do que se dá cumprida información ó interesado o 29/07/2003. Existe ademais un informe do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía no que se indica que as interferencias xa veñen dende 1983.

No informe da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo indícase que, segundo informe da oficina de Licencia de Actividades e Instalacións, a Comisión de Goberno do mesmo acordou desestimar a petición formulada pola empresa interesando o cambio de titularidade do local para unha industria, xa que, efectuada visita de inspección pola Oficina de Disciplina Urbanística-Inspección, comprobouse que a configuración do local e as superficies utilizadas non coinciden coas que figuran no proxecto de concesión de licencia.

Noutro parágrafo explícase que a mencionada denuncia (obxecto da queixa) foi presentada o 23/06/2003, polo que o expediente atópase en período de información previa e que, segundo a Lei 9/2002, o prazo para a resolución dos expedientes de Protección de legalidade urbanística é dun ano.

Ante esta situación requírese novo informe actualizado o 26/11/2003, do que non se ten reposta en data 31/12/2003.

## REFLEXIÓNS

Non é intención desta Institución obviar o tema dos prazos que a lexislación establece; non obstante, é coñecida a situación presentada e xulgada en firme noutros temas urbanísticos nos que os prazos non se cumpriron. Subliñamos que un tema como o que nos ocupa, que vén padecendo a veciñanza dende hai anos, estea aínda pendente de información.

A finalidade de toda xestión pública vén sintonizada polos criterios de economía, celeridade e eficacia, o que nos fai incidir, unha vez máis, nos criterios actuais da doutrina científica no ámbito administrativo, que se pronuncia pola lexitimidade por rendemento, que está vinculada á capacidade para dar respostas satisfactorias ás demandas do contorno, máxime cando a mellora da situación material vén dada por un dereito constitucional e polo tanto lexítimo, cal é o medio ambiente adecuado, a calidade de vida, a saúde e o descanso.

## RECOMÉNDASE

- Axilidade máxima na solución de problemas como este.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 61/2003

#### ASUNTO

O interesado indícanos que presentou denuncia na Xerencia de Urbanismo en relación coa construción dun portal que pecha un camiño no lugar de Pumar, impedindo o servizo das fincas resultantes da agrupación dunhas parcelas do Plano de Parcelamento, indicando que parte das mesmas foron obxecto de permuta co Concello de Vigo por mor da construción da alameda de Matamá.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/07/2003, solicitándose informe o 16/07/2003, reiterándose o 13/08/2003 e de novo o 11/11/2003. Sen ter recibido resposta en data 31/12/2003, péchase o expediente para confecciona-lo Informe de 2003.

#### REFLEXIÓNS

Os rendementos que situacións como esta reflicten deixan moito que desexar. A modernización da xestión non responde claramente ós proxectos que priman nas corporacións locais en canto a adoptar e acadar procedementos de calidade no ámbito público. A capacidade de proporcionar respostas satisfactorias non se logra con ausencias de actividade non xustificables.

A exclusión social non vén dada soamente pola existencia do chabolismo ou pola presenza dos “bidónvilles”; o non proporcionar atención adecuada ou ningunha atención é tamén factor determinante de situacións que quebran a cohesión social.

#### RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade recollida no Real-Decreto 208/1996 e exercicio eficaz das competencias que teñan por obxecto a preservación da legalidade urbanística.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 72/2003

## ASUNTO

O interesado indícanos que con data 4/10/2002 presentou escrito ante a Xerencia Municipal de Urbanismo no que denunciaba as obras dun veciño que tiña efectuado un movemento de terras que foi baleirado na linde do interesado, provocando un aumento de rasante.

Tras solicitar información en distintas ocasións, con data 17/09/2003 é informado pola Xerencia Municipal de Urbanismo de que, ó citado veciño, lle foi concedida unha licencia de obras. Desexa coñecer para que obras se lle concedeu licencia e por que non foi atendida a súa denuncia.

## SITUACIÓN

Queixa recibida o 18/09/2003, solicitándose informe o 23/09/2003, reiterado o 28/10/2003 e de novo o 3/12/2003, sen ter recibido resposta a 31/12/2003.

## REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que non responde claramente ó preceptuado na Constitución Española en canto ó cumprimento dos principios de legalidade e eficacia na actuación dunha Administración Pública. Téñense que face-las actuacións ou dicta-las resolucións pendentes como consecuencia das solicitudes presentadas, axiliza-los trámites legalmente previstos e cumprir a legalidade urbanística, requiríndose actuacións que a repoñan do xeito máis eficiente e exemplar, como é a actividade sancionadora.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento do principio de legalidade en canto a actividade que lle é propia.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 79/2003

## ASUNTO

O interesado, en representación da Comisión de Afectados, indícanos que unha vez coñecido o avance do PXOM, foron convocados pola Xerencia de Urbanismo, informándoselles que a Ronda cara a Citroën íase declarar zona industrial e que fosen realizando unha taxación das súas vivendas para a negociación coa Zona Franca.

Con posterioridade, foron convocados de novo pola Xerencia de Urbanismo para comunicarlles que Zona Franca mudara de idea, xa que sairían excesivamente caros os terreos, decidindo a derruba de 28 casas e, segundo os interesados, deixando as restantes sen calidade de vida e co seu patrimonio moi minguido, feito polo que crearon a Asociación de Afectados, que ten proposto unha alternativa que fixeron chegar á Xunta de Galicia, ó Concello de Vigo e á Zona Franca, alternativa que liberaría 14 vivendas da derruba, evitaría o falso túnel e tamén o vial que une as dúas rotondas, quedando unha zona extensa para a expansión industrial e deixando os barrios afectados con certa calidade de vida.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/10/2003, solicitado informe o 27/10/2003, e reiterado o 10/12/2003. Sen recibir resposta o 31/12/2003.

## REFLEXIÓNS

É de maior interese para o cidadán que a Administración proceda a resolver as súas peticións, inquedanzas e inclusive as propias consultas, nos prazos máis breves e máis axeitados para a aclaración dos problemas que lles afectan ou que, en breve, lles poden afectar. A estas demandas debe darse a resposta adecuada que lle proporcionaríaa á propia acción pública unha lexitimidade por rendemento, é dicir, a capacidade para dar resposta ás demandas do contorno e acadar a mellora da situación material do cidadán de forma rápida e eficiente.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade xeral nas actuacións da Administración Pública: eficacia nas actuacións.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

EXPEDIENTE 88/2003

## ASUNTO

O interesado, actuando en representación dunha Comunidade de Veciños da Avda. de Samil, comunicanos a súa inquedaanza ante as informacións aparecidas nos medios de comunicación en relación coas actuacións do Concello sobre unha sentenza do Tribunal Supremo na que declara a ilegalidade da licenza de obra do edificio que representa e a demolición do mesmo.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/11/2003, solicitado informe o 17/11/2003. Sen resposta a 31/12/2003.

### REFLEXIÓNS Ó CAPÍTULO DE URBANISMO

Especial atención merecen os temas de urbanismo; neles atopamos falta de eficacia ó deixar transcorrer longos períodos de tempo, incluso anos, para resolver as situacións. Non é de recibo as respostas ó uso, tales como: non hai funcionarios dabondo, as solicitudes son abundantes, os conflitos nacen pola mala relación entre a veciñanza. Non se poden esquecer as cuantiosas resolucións xudiciais que declaran a ilegalidade de frecuentes actuacións municipais.

Tense que pensar globalmente e actuar localmente para propicia-los cambios de actitude e comportamentos, cambios imprescindibles. Hoxe, e tralas distintas conferencias internacionais, empézase a configurar unha nova cultura que non é outra que a coñecida coa denominación de urbanismo, dende o marco físico da ocupación da terra, do uso e do desuso, de abuso do territorio. Estase a configurar unha corrente que manifesta que na ordenación do territorio e no urbanismo aínda somos uns principiantes, de tal xeito que as estruturas xurídicas non proporcionan aínda a necesaria solidez.

O Informe España/2000, da Fundación Encontro, subliña que as cidades frágantense por zonas separadas, polo nivel económico dos seus habitantes, homoxéneos en cada unha delas. Isto supón unha perda da diversidade social e un debilitamento das relacións humanas. Só a Administración pode frear ese fenómeno mediante unha intervención directa co ánimo de favorecer a construción de vivendas sociais.

O século XXI presenta o reto de enfrontarse cun novo problema: a crecente “segregación espacial urbana”, nun contexto de maior desigualdade social. A Conferencia de Niza (2000) trata de combater-la problemática, tal como o propio Ministerio de Fomento recolle nunha serie de estudos do mesmo ano.

Neste eido, Álvarez Corbacho precisa unhas perspectivas, cales son:



- Que o espírito mercantil non monopolice a cabeza do gobernante
- Que os políticos deben corrixir-los déficits substantivos
- Que os gobernantes teñen que aprender que un mundo mellor é posible
- Que a subvención non sexa obsesión dos alcaldes

Neste vreiro da cidade sostible maniféstase Xerardo Estévez cando, ó falar dunha concepción da cidade segura, apóiase nunha concepción integradora dos tres factores seguintes:

- Zonas construídas que alberguen diferentes usos, agás os especialmente contaminantes, creando un tecido compacto, policéntrico e cualificado, cheo de cidadáns e non só de operacións inmobiliarias baleiras.
- Espacios públicos para vernos as caras que requiren un modo de emprego ó longo das 24 horas do día, enchéndoo de vida e convivencia.
- Infraestruturas concibidas para unir persoas e actividade e non para segregalas.

Non estaría de máis asomarse ás iniciativas adoptadas noutros países. Así en USA, coas sentencias Mont Laurel I e Mont Laurel II, en Francia coa Lei 91/662 “D’orientación pour la ville”, recoñecida como a “máis social das grandes leis do urbanismo”.

Procede rematar cos “Compromisos Urbanísticos” de Álvarez Corbacho, onde nos explicita que as leis que regulan unha actividade social relevante incúmprense sistematicamente, pero se ninguén pestanexa e reina a indiferencia ou a inconsciencia a cousa aínda é mais grave.

No que atinxe á disciplina urbanística, a lexislación é contundente e, continúa dicindo Álvarez Corbacho, que a Administración Municipal ten a obriga inescusable de abrir expediente e suspender calquera construción que non teña licencia ou que non se axuste ás condicións da mesma. Cando os responsables municipais incumpren estas obrigas teranlle que ser esixidas as responsabilidades que correspondan.

Subliña ademais que entre a norma e a realidade existen ás veces distancias esgotadoras; por eso, os gobernos locais deberían facer un saudable exercicio de reflexión histórica sobre cantos expedientes de disciplina urbanística se iniciaron nos últimos dez anos e cantos se completaron, cantas multas se puxeron e cantas se cobraron, cantas obras ilegais foron derrubadas e cantos alcaldes foron requiridos e denunciados ó Ministerio Fiscal.

Rematando que construír un urbanismo racional, efectivo, visible e socialmente aceptado é un obxectivo magnífico que a todos concirne.



## CAPÍTULO II

### VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS

---

#### EXPEDIENTES:

11

17

38

56

81

93

EXPEDIENTE 11/2003

#### ASUNTO

O interesado expón que, como veciño de Vigo, considera que é o Plano Xeral de Ordenación Municipal o que defende os seus dereitos como cidadán, por iso solicita a protección do citado Plano, xa que considera que os proxectos de peonilización levados a cabo polo Concello de Vigo de forma illada e sen previo estudio do Conxunto Urbano, non respectan o mesmo.

En concreto, solicita a paralización do proxecto anunciado pola Concellería de Vías e Obras para levar a cabo a peonilización da zona que abrangue as rúas Concepción Areal, García Olloqui e outras paralelas á Praza de Compostela e Montero Ríos e que se inclúa o mesmo no futuro Plano Xeral de Ordenación Municipal.

Envíase resposta ó interesado indicando que, de acordo co artigo 17.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, non é competencia desta Institución, en tanto que o expediente está pendente de resolución administrativa por non estar esgotados os períodos de impugnación e presentación de reclamacións que se abrirán unha vez se publique o proxecto de peonilización citado.

Recíbese novo escrito do interesado co que achega copia de instancias dirixidas ó Concello coas firmas de 500 veciños da zona, que non obtiveron resposta por parte daquel. Posteriormente, o interesado remite novo escrito ó que acompaña copia de novas firmas de veciños, sumando coas anteriormente remitidas máis de 1000, e solicitando de novo o dereito a coñecer e poder facer alegacións respecto o proxecto de peonilización da Praza de Compostela e arredores.

#### SITUACIÓN

O expediente atópase en suspenso por non existir resolución administrativa ó caso.

EXPEDIENTE 17/2003

## ASUNTO

Nesta queixa a interesada, como Presidenta da Asociación Veciñal Val do Fragoso, expón que o vial situado entre o peche perimetral do Polígono de Balaídos e a subestación de Fenosa, posúe 2,80 metros de ancho para o tránsito de coches e só 50 centímetros para o paso peonil, o que supón un risco para os peóns, interesando a necesidade de ampliación do vial ou, de non ser posible, que se peche ó tráfico de vehículos.

## SITUACIÓN

Solicitado informe con data 6/03/2003 á Concellería de Vías e Obras, no que se precisa que este vial, nalgún tempo, só era peonil, sendo un camiño inmemorial de acceso a outros barrios da cidade, estimándose que debería volver á súa situación inicial.

Con data 11/03/2003 a Concellería de Vías e Obras remítenos o preceptivo informe, no que se explicita que o citado camiño non pertence ó Concello de Vigo, senón que está incluído na delimitación territorial que pertence ó Consorcio da Zona Franca de Vigo. Co informe achégase copia dun escrito do Sr. Delegado Especial do Estado no que indica que “las posibles soluciones alternativas podrían consistir en retranquear el cierre perimetral de las instalaciones de Unión Fenosa o en la construcción de un paso elevado que posibilite el tránsito peatonal en condiciones seguras; la otra alternativa propuesta por la Asociación, consistente en el cierre del vial al tránsito rodado, originaría serios inconvenientes a la empresa Citroën Hispania, S.A., pues dicho camino es utilizado por parte de sus trabajadores para acceder al aparcamiento interior”, escrito de 8/05/2002.

Con data 14/03/2003 insistimos ante a Concellería de Vías e Obras para subliñar que o camiño en cuestión é un camiño de servizo público, cunhas circunstancias especiais de tránsito peonil que polo interese público debe contar cos pronunciamentos de utilización e seguridade que lle son propios. Unha planificación urbana integrada ten que pretender, entre outras medidas, rehabilitar as áreas urbanas deprimidas, o que redundará ademais no desterro da exclusión social.

Solicitándose de novo informe complementario sobre o estado no que se atopan as medidas de solución. Con data 30/04/2003 recíbese contestación á petición anterior, informándonos das xestións que se están a celebrar entre o Concello, Fenosa e Zona Franca; estas xestións abranguen:

- a) Escrito de Unión Fenosa de 7/06/2002, no que se expoñen as dificultades para o desprazamento do muro de peche, dificultades técnicas e económicas.
- b) Escrito do Concello ó Delegado Especial do Estado, do 24/03/2003, no que se pide estudien o re-

cuamento do peche perimetral que permitiría ó Concello executar unha beirarrúa de 1,5 metros de ancho.

Con data 30/05/2003, o Concelleiro de Vías e Obras fainos chegar escrito do Enxeñeiro Municipal de Tráfico no que se indican as modificacións feitas, que son:

Modificación na sinalización da Vía para aumenta-las condicións de seguridade:

- a) Na entrada do camiño substitúese o sinal R106 por unha torre con sinais R301 de límite de velocidade a 20 Km/h e R204 con límite de gálibo en ancho a 1,9 metros.
- b) Ó longo de todo o vial, dende o seu comezo ata o final da rúa, delimitouse con marca vial un carril de circulación de ancho máximo 2 metros, de xeito que permite unha beiravía de 0,4 metros ó carón da beirarrúa. Esta beiravía encheuse con cebreado oblicuo de 0,5 metros para reforza-la súa exclusión ó tráfico e permitir unha maior distancia de seguridade entre peóns e vehículos.

Significando que tales medidas foron tomadas, segundo o Concelleiro de Vías e Obras, unha vez comprobada a imposibilidade de recuar os muros lindantes do camiño en cuestión.

## REFLEXIÓNS

Atopámonos cunha cuestión que, segundo os documentos obrantes no expediente, data de abril de 2001 e que vén presidida polas actuacións de distintas administracións e coa implicación de empresas concesionarias de servizos públicos.

Non se discute o carácter de subordinación do ordenamento local con respecto a ordenamentos superiores por mor do principio de xerarquía normativa, pero si temos que reflexionar que esta subordinación non detalla unha correlativa lista de materias con reserva cautelar a favor dos entes locais, de xeito que moitas veces non se poida falar de principio de competencias para explicar e comprender axeitadamente as relacións entre o ordenamento local e os ordenamentos superiores. O ordenamento local tívose entón que nutrir de produtos residuais que lle permitiron os outros ordenamentos, aínda que as materias foran especialmente de interese local, é dicir, tal como di algún sector doutrinal, é unha intervención a favor da competencia local chea de "avareza". A Lei 7/1985 redúcese a un etéreo "dereito a intervir", fíxose unha verdadeira "desmunicipalización".

Tense que adonda-la máxima da xustificación dos controis, tense que revisa-lo concepto tradicional das relacións de xerarquía e tutela do Estado e a Administración Local, introducindo verdadeiros mecanismos de cooperación e coordinación interadministrativa, mantendo as relacións de control uni-

camente como instrumento de clausura de toda a organización territorial (preámbulo da Lei 7/1985). Nembargantes, a lei non acadou o obxectivo, xa que os mecanismos establecidos de colaboración e coordinación son insuficientes. Neste ámbito, o TS entendeu que as relacións interadministrativas derivan da Constitución; estas relacións regúlanse pola norma xeral (Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999), pero non é tampouco, segundo algún sector, o auténtico cadro básico que se pretende. Tense que chegar seriamente a un estado de cooperación indispensable, sendo precisas posicións de “relativa equiparación” entre os distintos niveis dotados de poder público, é dicir, entre as diferentes entidades territoriais.

## RECOMÉNDASE

Dado o tempo transcorrido entre a denuncia do problema e a solución máis simple que se adoptou para resolvelo, sería adecuado que nas actuacións públicas primase a máxima doutrinal de toda actividade administrativa que é a de estar presidida polos principios de economía, celeridade e eficacia.

## EXPEDIENTE 38/2003

## ASUNTO

Tema relacionado cunhas filtracións de augas que afectan a unha Comunidade de Propietarios da rúa Camelias e a unha Comunidade de Garaxes da rúa Quixote. As interesadas, en representación das citadas comunidades, indicánnos que teñen presentado escritos na Concellería de Vías e Obras solicitando solución ás filtracións de augas que lles afectan, e que son causadas pola mala impermeabilización dunha praza pública, solicitudes que foron denegadas.

## SITUACIÓN

Solicitouse informe de Vías e Obras o 21/05/2003, con data 28/05/2003 recíbese escrito co que se achegan documentos obrantes no arquivo que non constaban nesta Institución; un da Comunidade de Propietarios, no que solicita autorización para proceder ó arranxo das filtracións de auga procedendo ó levantamento das baldosas da praza, e outro do enxeñeiro xefe de Vías e Obras autorizándoo, sempre que se lle comunique por escrito o comezo da obra.

Deste feito dáse traslado á interesada, indicándolle que resulta obvia a existencia de dúas vías ou axentes de actuación en representación da mesma Comunidade, solicitándolle información actualizada. A resposta indica que o escrito de solicitude de levantamento antes citado, finalmente non foi aceptado pola Xunta de Propietarios, que entenden que debe ser a Concellería de Vías e Obras quen

o leve a cabo, xa que para unha correcta reparación, segundo informe pericial, sería necesaria a reparación de toda a praza, porque as filtración proceden da mesma e afectan tamén á Comunidade de Garaxes, interesando se investiguen as condicións e acordos que se dan na subliñada construción.

Información que se trasladou o 18/06/2003 a Vías e Obras que, en data 26/06/2003, indica que o expediente foi trasladado á Comunidade de Propietarios reclamante, sendo firme, consentido e polo tanto eficaz no seu contido orixinal, sen que se detecten nin se denunciem anomalías de procedemento no mesmo, polo que este novo escrito da nova Presidenta non cren que teña amparo na figura do Valedor. Polo que respecta ó tema alegado por esta Institución de que se trata ademais dunha cuestión de seguridade, non só para os propietarios senón tamén para os viandantes, dinnos que se trata dunha nova solicitude administrativa de información que deberá ser instada no rexistro xeral deste Concello.

De todo o anterior dáse traslado á interesada o 25/06/2003, sen actuacións adicionais á data de peche deste Informe.

## REFLEXIÓNS

O apuntamento feito sobre o tema da seguridade acerca de que se trata dunha nova solicitude que require instancia no rexistro xeral non é compartido por esta Institución, xa que a mesma non só ten un carácter explícito, senón que tamén, en aras dunha correcta e eficaz actividade da xestión pública, está implicitamente recollido en todo o expediente, no que incluso existen informes periciais.

Ó abrigo do contido é de subliñar o seguinte:

- a) A Constitución de 1978 alumea un novo concepto de Administración, sometida á lei e ó dereito. Consagra o carácter instrumental da Administración, posta ó servizo dos intereses dos cidadáns.
- b) O réxime xurídico das Administracións Públicas debe transcender ás regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade a quen serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais dos cidadáns sexan reais e efectivos.
- c) O procedemento administrativo é un instrumento adecuado para dinamizar o seu avance, as regras fundamentais do procedemento son peza esencial no proceso de modernización da sociedade e da súa Administración.
- d) No suposto que nos ocupa débese ter en conta que, segundo o artigo 53 da Lei 30/1992, modificado pola Lei 4/1999, as notificacións das resolucións e actos administrativos que afecten ós dereitos e intereses dos administrados deberán producirse polo órgano competente e, ademais, artigo 54, deberán ser motivadas e coa indicación, artigo 58, de se o acto é ou non definitivo, especificando os re-

cursos que procedan, órgano ante quen se presentan e prazo para interpoñerse. Ademais, as resolucións serán congruentes coas peticións formuladas.

e) Téñense que evitar actuacións non suficientes, axilizar trámites e facilita-la información adecuada para que o cidadán poda ver as solucións axeitadas ás súas peticións.

## RECOMÉNDASE

Cumprimento estricto da legalidade en temas de procedemento.

## EXPEDIENTE 56/2003

## ASUNTO

O interesado, representando a 55 familias, solicita que se amplíe a entrada ás súas vivendas para facilita-lo acceso a determinados servicios como a recollida do lixo, o abastecemento de butano, etc. Teñen presentado escrito no Concello e solicitan a ampliación, xa que teñen entendido que o terreo lindante pertence ó Concello.

## SITUACIÓN

Presentada a queixa o 26/06/2003, solicitouse información o 1/07/2003 á Concellería de Vías e Obras que, a súa vez, interesou informe a Patrimonio o 4/07/2003. Dado que non se recibiu o mesmo, reitérouse a Patrimonio o 13/08/2003 e de novo o 11/11/2003. Recíbese o 1/12/2003 e dáse traslado ó interesado con data 2/12/2003. No informe indícase que puido existir un erro administrativo; para restablece-lo tracto procedimental indebidamente interrompido, dirixírase ó interesado escrito para que achegue plano de situación, continuando así as actuacións.

## REFLEXIÓNS

Pola nosa parte resulta coherente a motivación exposta por Vías e Obras; non obstante, debe terse máis en conta a necesidade dunha coordinación efectiva entre os departamentos correspondentes, xa que as actuacións non coordinadas demostran falta de orde na disposición dos esforzos do grupo, falta de autoridade e carencia dunha convicción do servicio mutuo.

## RECOMÉNDASE



- Cumprimento da legalidade do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

EXPEDIENTE 81/2003

## ASUNTO

A interesada expón no seu escrito de queixa que ten presentado solicitude no Concello de Vigo (Bemestar Social e Vías e Obras) para que se realice o rebaixe nas beirarrúas na zona do Areal, onde reside o o seu irmán, para facilita-la mobilidade dunha cadeira de rodas que precisa por padecer esclerose múltiple. Non recibindo resposta ningunha á súa solicitude (de setembro de 2002), procedeu de novo a realizar a mesma en febreiro de 2003.

O pasado mes de outubro, no departamento de Vías de Obras facilítanlle o teléfono do inspector. Contactando con el, este explícalle que “non había orzamento” e que trataría de practicar algún dos rebaixes máis necesarios, o que a interesada considera insuficiente porque son moitos os puntos de difícil acceso, entre outros un Centro de Saúde e unha sala de exposicións. Reclama que, cando menos, se lle expliquen por escrito as causas polas que se atrasan as obras e se lle dea prioridade a este tipo de obras nos orzamentos municipais.

## SITUACIÓN

Recibida a queixa o 24/10/2003, solicitouse informe o 27/10/2003 e reiterouse o 10/12/2003. Non recibíndose resposta, péchase para os efectos de confecciona-lo Informe de 2003.

## REFLEXIÓNS

Cando a interesada tivo constancia de que a súa petición fora trasladada ó Departamento de Vías e Obras sorpréndese coa información que telefonicamente se lle transmitiu: “non había orzamento”. Téñase en conta que a representante, irmán do interesado, ten iniciada a súa petición en setembro de 2002.

Estamos ante un claro suposto de exclusión social que potencialmente afecta a un ilimitado número de cidadáns non só naquela zona subliñada, senón en calquera outra, xa que o número de persoas aqueixadas de minusvalías é notorio pero, ademais, a aqueles temos que engadir, sen dúbida, outros colectivos hoxe numerosos, cales son os cidadáns de idades nas que xa non se dispón de condicións físicas adecuadas ós perfís das beirarrúas.

Estamos a tratar un tema elemental que afecta directamente ó dereito constitucional da calidade de vida dos cidadáns, máxime cando grupos visibles deles requiren de máis sensibilidade para os tratamentos axeitados.

Cando o ente público non é capaz de dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, a súa lexitimidade por rendemento tense que sentir afectada. É de recordar que a igualdade non é propiamente un dereito, senón a medida e garantía de tódolos dereitos.

Sen pedirlle á autoridade o que excede das súas posibilidades, si ten esta o deber de asegurar aquelas condicións xerais de felicidade que constitúen as bases mínimas para acadar unha vida social satisfactoria, e entre elas atópase o canle vital para as diversas vocacións e aptitudes.

Por último, cabe facer referencia á Lei 8/1997 de 20 de Agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, que recolle no seu artigo 6 que os itinerarios peonís e mixtos se realizarán de forma que resulten accesibles a calquera persoa, establecendo uns parámetros mínimos que deben completar para ser considerados adaptados ou practicables. A citada lei foi desenvolvida polo Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro.

#### RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade en canto á información que se debe ó cidadán en relación coas súas peticións.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

#### EXPEDIENTE 93/2003

#### ASUNTO

Tema relacionado coas inundacións duns garaxes.

#### SITUACIÓN

Denuncia presentada ante Vías e Obras en febreiro de 2003. Solicitou a intervención desta Institución o 22/12/2003, que pediu informe á Área de Servicios Xerais con data 30/12/2003, estando á espera do

mesmo. Inclúese nesta memoria por peche da mesma, quedando pendente para o ano 2004.

## CAPÍTULO 12

OUTROS:

.....

EXENCIÓNS SEGUNDO REGULAMENTO DO VALEDOR DO CIDADÁN:

EXPEDIENTES:

7 (Exención artigo 14.c)

10 (Exención artigo 17.2)

34 (Exención artigo 17.2)

66 (Exención artigo 17.2)

EXPEDIENTES REMITIDOS Ó VALEDOR DO POBO:

EXPEDIENTES:

1

22

62

EXPEDIENTES REMITIDOS Ó “DEFENSOR DEL PUEBLO”:

EXPEDIENTES:

87

91

## EXENCIONS SEGUNDO REGULAMENTO DO VALEDOR DO CIADÁN:

### EXENCIÓN SEGUNDO ARTIGO 14.C):

EXPEDIENTE 7/2003

### ASUNTO

Trátase dunha queixa pola concesión dunha compatibilidade laboral aprobada polo Concello á vista da correspondente solicitude dun funcionario. A interesada indícanos que ten presentado no Concello solicitude de revisión de oficio en relación á compatibilidade entre un posto de traballo como empregado municipal e o desempeño dunha actividade privada por un funcionario do Concello de Vigo, pretendendo que se declare a incompatibilidade das citadas actividades.

O Concello, segundo documentación achegada pola autora da queixa, estimou que esta carece da condición de “interesado” –segundo o artigo 31 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de RXAP e PAC-, polo que declara a inadmisibilidade do escrito presentado pola mesma.

### SITUACIÓN

Infórmase á interesada que de acordo co artigo 14.c) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, tódalas cuestións de persoal ou as que estean sometidas a procedementos xurisdiccionais quedan excluídas da competencia desta Institución.

### EXENCIÓN SEGUNDO ARTIGO 17.2:

EXPEDIENTE 10/2003

ASUNTO

O interesado presenta queixa nesta oficina porque tendo presentado ante o Concello de Vigo un escrito, non ten recibido resposta ningunha. No citado escrito solicita do Concello que se faga cumprimento dunha sentenza xudicial en relación cun tema urbanístico. Asunto no que xa recaeu sentenza, pendente de execución.

SITUACIÓN

Polo motivo exposto, excede a competencia do Valedor do Cidadán. Infórmase ó interesado que de acordo co artigo 17.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán esta Institución non é competente para entrar no exame da súa queixa por estar pendente de resolución xudicial definitiva, cal é a execución dunha sentenza.

EXPEDIENTE 34/2003

ASUNTO

Queixa presentada con data 2/05/2003 sobre tema relacionado coa construción dun muro que xa tivo actuacións ante os tribunais de xustiza.

SITUACIÓN

Con data 20/05/2003 comunicase á interesada que a queixa en cuestión excede as competencias desta Institución, xa que están en trámite diversos xuízos e execucións de sentencias, non habendo queixa nin controversia coa Administración Municipal do Concello de Vigo por tratarse dunha materia civil entre particulares.

EXPEDIENTE 66/2003

ASUNTO

Tema relacionado con escritos cursados ante o Concello sobre posibles anomalías de titularidade na construción e venda duns terreos, segundo expediente obrante en Urbanismo.

#### SITUACIÓN

Presentada a queixa o 31/07/2003, requiriuse á interesada a presentación da documentación tramitada ante o Concello. Recibida esta, solicítase informe o 26/08/2003 que se recibe o 16/09/2003 e dáse traslado do contido á interesada o 22/09/2003, no que ademais se lle informa que o asunto que que-re protexer e formular pertence ó eido civil, polo que non é competencia desta Institución.

#### EXPEDIENTES REMITIDOS Ó VALEDOR DO POBO:

##### EXPEDIENTE 1/2003

#### ASUNTO

O interesado manifesta a súa desconformidade en relación coa adxudicación provisional de parcelas na área residencial de San Paio de Navia, adxudicación que foi resolta polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, dependente da Xunta de Galicia. Polo tanto, e de acordo co artigo 14.a) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, estamos ante un suposto excluído da competencia desta Institución.

#### SITUACIÓN

Con data 9/01/2003 infórmase ó interesado do contexto anterior e ofrecéndolle, se o desexa, a posibilidade de tramita-la queixa dende esta Institución perante o Valedor do Pobo, institución competente.

Non téndose recibido resposta ó ofrecemento, péchase o expediente sen máis trámite.

##### EXPEDIENTE 22/2003

#### ASUNTO

A interesada presenta queixa contra a empresa concesionaria da Xunta de Galicia, Unión Fenosa, en

relación cun poste de media tensión instalado en propiedade privada que parece non acadar as condicións necesarias.

#### SITUACIÓN

A queixa foi recibida o 12/03/2003 e, non reunindo os requisitos de competencia desta Institución de acordo co artigo 14 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, a petición da interesada foi tramitada dándosele traslado ó Valedor do Pobo con data 19/03/03, segundo establece o artigo 13.1.c) do citado regulamento.

EXPEDIENTE 62/2003

#### ASUNTO

Tema alleo á Administración Pública Local. O interesado, cidadán francés, pero, segundo informa, coa posibilidade de obter a nacionalidade española por ser fillo de españois, solicita se lle dea traslado da súa queixa ó Valedor do Pobo.

#### SITUACIÓN

Queixa recibida o 16/07/2003 e trasladada, de acordo co artigo 13.1.c) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, ó Valedor do Pobo o 24/07/2003.

EXPEDIENTES REMITIDOS Ó “DEFENSOR DEL PUEBLO”:

EXPEDIENTE 87/2003

#### ASUNTO

Asociación de afectados do 2º cinto de circunvalación de Vigo.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada nesta oficina o 11/11/2003. Expediente que se atopa en trámite, trátase dunha materia competencia do “Defensor del Pueblo”.

EXPEDIENTE 91/2003

#### ASUNTO

A interesada presenta queixa en relación á falta de seguridade que senten os veciños que viven nos arredores dun tramo da Autoestrada do Atlántico A-9. Os seus pais viven nos arredores do citado tramo, polo que teñen solicitado en numerosas ocasións a Autopistas del Atlántico, ó MOPU e ó Concello de Vigo, sen recibir resposta, que se instalen proteccións laterais que eviten a posible caída dun coche ou da súa carga sobre as súas vivendas en caso de accidente.

#### SITUACIÓN

Queixa recibida o 28/11/2003, con data 1/12/2003 e de acordo co artigo 13.c do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, por tratarse a Autoestrada dunha competencia do Estado, déuselle traslado da petición ó “Defensor del Pueblo”, previa información á interesada.



PARTE II

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2002

CON INCIDENCIAS NO ANO 2003

.....  
.....  
.....  
.....

## INTRODUCCIÓN

Nesta Institución téñense rexistrados un total de 31 expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas en 2002, que tiveron incidencias de actuacións durante o ano 2003 e que por sectores cífranse en :

- Urbanismo....19
- Medio Ambiente....2
- Tráfico e Seguridade.....4
- Patrimonio.....1
- Limpeza.....1

- Cultura..... I
- Información ó Consumidor..... I
- Turismo e Comercio..... I
- Vías e Obras..... I

Do contido destas actuacións cabe concluír dúas exposicións:

1º) Reiterado incumprimento do principio de legalidade imposto polo artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, no que se reflicte que o organismo ou a dependencia administrativa correspondente deberá, no prazo máximo de quince días, remitir o informe escrito que pola Institución do Valedor do Cidadán se lle require.

Todo regulamento nacido dunha competencia municipal é un elemento innovador do ordenamento xurídico e correspóndese cun ámbito de xeneralidade e de obrigada observancia; o regulamento é un colaborador da lei que aclara, desenvolve, concreta e dicta normas de procedemento e, ademais, regula unha organización.

Por outra banda, e en relación co mesmo parágrafo 1 do artigo subliñado, tense que recordar o disposto no artigo 47 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999 (de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común) no que se explicita que os termos e os prazos establecidos nesta ou outras leis obrigan ás autoridades e ó persoal ó servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos.

Esta Lei é recoñecida coma unha norma de cabeceira reguladora do réxime xurídico, da actividade, do procedemento e da responsabilidade de tódalas Administracións Públicas.

Seguindo co mesmo artigo 18 do Regulamento subliñado, atopámonos que, no parágrafo 2, aclárase que a “negativa ou dilación inxustificadas do funcionario ou dos seus superiores responsables do envío do informe inicial solicitado poderán ser consideradas polo Valedor do Cidadán, como hostís ou entorpecedoras da súa actuación e dará conta ó Pleno”.

Non cabe dúbida que a pretensión desta Institución vén sempre presidida pola busca dunha normalización das actividades públicas municipais consonte cós dereitos e intereses dos cidadáns.

2º) A potestade normativa municipal encamiñase a unha actividade de xestión, é dicir, á realización duns fins mediante o axeitado emprego dos medios pertinentes; esta actividade exercece, case sem-

pre, respecto de bens ou intereses que lle son alleos, trátase dun perfil no que a actividade a desenvolver é o interese público.

A mellora da lexitimidade da actividade pública municipal tense que buscar pola vía dos rendementos e neste eido as estratexias son inesgotables; esta lexitimidade por rendimento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas de mellora da situación material dos actores que solicitan a acción pública.

Sen pedirlle á acción pública o que excede das súas posibilidades, esta ten o deber de aseguralas condicións xerais de felicidade que constitúen as bases mínimas para acadar unha vida social satisfactoria.

A acción pública, tal como proclama a Constitución, ten que estar presidida polos principios de legalidade e eficacia; téñense que resolver as demandas, solicitudes e recursos interpostos polos cidadáns, hai que dictar as resolucións pendentes. A eficacia deriva do desterro das actuacións non suficientes, exercendo adecuadamente as competencias municipais que teñan por obxecto a preservación dos dereitos constitucionais dos cidadáns: dereitos ó medio ambiente axeitado, á calidade de vida, á intimidade persoal e familiar, á saúde e ó descanso. Incoar os expedientes sancionadores polas infraccións urbanísticas e pola realización das obras sen previa licencia, aínda que posteriormente sexan legalizadas.

Só así a visión dos cidadáns, con respecto á eficacia da acción pública local, será positiva e polo tanto congruente cos termos constitucionais.

## CAPÍTULO I: AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA

### EXPEDIENTE 49/2002

#### ASUNTO

O interesado indícanos que a empresa que representa mudou as súas instalacións para a vía Hispanidade, lugar que por estar situado entre varios edificios non ten colectores de lixo, tendo sido solicitados de xeito verbal xa no mes de novembro de 2001 e repetindo a petición durante todo o primeiro semestre do ano que andamos.

No mes de xuño de 2002 xiróuselle o recibo correspondente á recollida do lixo, do que solicitou a

revisión de cota por considerar inxusto o pagamento dun servizo do que non dispuña. No mes de setembro de 2002 o Concello contestoulle que o recibo estaba de acordo coa clasificación do IAE e os datos remitidos. Ante esta situación, con data 20/09/2002 solicitou de novo a instalación dun colector de lixo. Non tendo ata agora contestación ó seu pedimento é polo que recorre a esta Institución.

## SITUACIÓN

En novembro de 2001 e xuño de 2002 o Concello xiroulle o recibo de recollida correspondente, sen ter colocado o colector; reclamou e foille denegada a petición. Con data 20/09/2002 solicitou por escrito a instalación do colector que en novembro de 2002 aínda non estaba colocado.

Solicitou a intervención desta Institución o 12/12/2002, dende onde se solicita información ó respecto o 17 do mesmo mes, reiterándoa o 20/01/2003, informe recibido o 18/02/2003, no que se di que na Concellería encargada de limpeza non consta a solicitude de instalación do equipamento subliñado e que con esa data se ordena a súa instalación. Non existen actuacións posteriores.

## CAPÍTULO 2: CULTURA E DEPORTES

### EXPEDIENTE 32/2002

#### ASUNTO

O interesado indícanos que leva solicitando ós distintos alcaldes da Cidade de Vigo que lle dean o nome dun antepasado seu a unha rúa na cidade de Vigo.

A contestación que recibiu, segundo a documentación que entrega nesta Institución, é un escrito da alcaldía de data 25/04/2000, no cal se lle indica que a súa solicitude foi pasada ó Concelleiro Delegado de Cultura, por ser un tema da súa competencia.

## SITUACIÓN

Expediente relacionado coa proposta de nome para unha rúa, que iniciado no ano 2000, definiuse finalmente co informe da Área de Cultura recibido nesta Institución o 7/02/2003. Posteriormente, o interesado dirixiuse verbalmente a esta Institución, en xuño de 2003, alegando que segundo a comunicación que recibiu da Alcaldía non se require a petición de sinaturas que se lle indicara, polo que se

solicita que se aceleren os trámites.

### CAPÍTULO 3: MEDIO AMBIENTE

#### EXPEDIENTE 42/2002

##### ASUNTO

O interesado indícanos que no baixo da casa onde habita funciona un bar (pub) que incumpre tódalas normas vixentes: falta de insonorización, horarios de peche, carece de saída de emerxencia, ten unha pista de baile sen permiso. Indicando ademais que presentou múltiples denuncias ó respecto.

##### SITUACIÓN

Con data 14/11/2002 solicitou a intervención desta Institución. Instando informe o 26/11/2002 e reiterado o 15/01/2003, recíbese o 5/02/2003, no que se di por parte de Urbanismo que a denuncia se remite a Medio Ambiente por ter licencia concedida anteriormente. Descoñécense aínda as accións levadas a cabo por Medio Ambiente. Non existindo actuacións posteriores por parte do interesado.

#### EXPEDIENTE 48/2002

##### ASUNTO

Tema relacionado cunha denuncia presentada no Concello con data 25/04/2001 en relación cos rúidos e molestias producidos polos cans dun veciño, especialmente pola noite, non obtendo resposta nin actuación ningunha por parte das autoridades, sendo polo que recorre a esta Institución.

##### SITUACIÓN

Con data 9/12/2002 solicitou a intervención desta Institución, quen requiriu informe o 3/01/2003, reiterado o 7/02/2003 e do que non tivo resposta á data de peche deste Informe.

## CAPÍTULO 4: PATRIMONIO

EXPEDIENTE 9/2002

ASUNTO

A interesada indícanos que en datas 15/03/2001 e 14/02/2002, presentou escrito no Concello en pedimento de que se lle certificase se un determinado camiño sito en Sampaio está catalogado como público.

Segue participándonos que ata o momento non tivo contestación ningunha ós seus escritos, sendo polo que recorre a esta Institución.

SITUACIÓN

Tema orixinado en 2001 e reiterado con posterioridade, sendo a última actuación desta Institución a de 8/07/2003; data na que instamos a Patrimonio a que remita o preceptivo informe, non recibíndose resposta a 31/12/2003.

## CAPÍTULO 5: SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES

EXPEDIENTE 26/2002

ASUNTO

As interesadas indicánnos que a súa empresa foi adxudicataria do concerto para prestar servicios de Fisioterapia e Rehabilitación na área Sur de Pontevedra que comprende, entre outros, ó Concello de Vigo. A primeiros de ano trasladáronse a un centro situado en Vigo e solicitaron, primeiro verbalmente e despois oficialmente, unha reserva de espazo para parada de ambulancias, permiso que foi denegado. (No centro no que se atopaban anteriormente tiñan unha reserva de espazo concedida pola Concellería de Tráfico, Seguridade e Transporte).

Nunha visita posterior faláron co Concelleiro de Sanidade, o cal lles dixo que a petición era razoable, e de novo con data 14 de marzo volveron a reiterar a citada petición, sen obter ata o momento contestación ningunha.

As interesadas queren facer constar que a súa solicitude estaría sempre ligada ó mantemento do concerto co SERGAS, posto que é o que orixina que acudan a realizar o tratamento pacientes que teñen que ser trasladados en ambulancias colectivas.

#### SITUACIÓN

A queixa foi presentada o 20/09/2002, á que se lle deu solución, segundo escrito do Departamento de Tráfico, en xuño de 2003.

#### EXPEDIENTE 46/2002

#### ASUNTO

A interesada indícanos que en data 5/08/2002 presentou un escrito de denuncia contra o propietario do predio colindante ó seu pola acumulación de herba e restrollos na extrema da finca da denunciante, causando diversos prexuizos á mesma, así como risco de incendio na súa propiedade. Ó non ter contestación ningunha é polo que recorre a esta Institución.

#### SITUACIÓN

Ante a falta de actividade municipal, solicita o 27/11/2002 a intervención desta Institución que, con data 10/12/2002, solicita informe que se recibe o 27/12/2002, no que se declara que non existe perigo de incendio, o que lle participamos á interesada, que manifesta non estar de acordo co mesmo por referirse á época invernal, e que na época estival si existe tal risco. Dáselle coñecemento ás Concellerías de Sanidade e de Seguridade o 30/07/2003, recibíndose informe por parte dos bombeiros que indica que a finca está limpa e non existe maleza ou combustible que poida arder; do que se dá traslado á interesada o 14/08/2003. Sen actuacións posteriores.

#### EXPEDIENTE 50/2002

#### ASUNTO

Tema relacionado coas incomodidades e molestias producidas pola práctica do “botellón” na zona do Monte do Castro, situación denunciada polo interesado xa dende 1999 en varias ocasións.



Con data 24/08/1999, 31/07/1999 e 29/11/1999, dirixiu escritos ó Concello na procura de posibles solucións a este problema, o que deu lugar a actuacións da Policía Municipal, que realizou varias medicións sonométricas, superando todas elas o nivel máximo permitido.

Como queira que nestes últimos tempos o problema vai en aumento, perturbando por completo a súa vida familiar, o interesado suxire que os fins de semana se patrulle por parte da Policía Local a zona, para deste xeito evitar as concentracións de xente nova e os riscos que leva consigo o consumo desordenado de alcol e a gran barulleira que se forma.

#### SITUACIÓN

Con data 16/12/2002 solicitou a intervención desta Institución, requiríndose informe o 3/01/2003 e reiterado o 7/02/2003. Sen resposta á data de peche deste Informe.

#### EXPEDIENTE 52/2002

#### ASUNTO

Queixa relacionada cunha protesta sobre a falta de follas de reclamación e de martelos nos autobuses de VITRASA.

#### SITUACIÓN

Reclamación presentada o 23/12/2002, solicitado informe o 24/01/2003, recibido o 13/02/2003, do que se dá cumprida información ó interesado, no que se indica que a falta pode considerarse ocasional debido a varias continxencias. Este tema reactivouse o 6/10/2003 pola insistencia do interesado no tema dos martelos, solicitándose novo informe que se recibe o 19/11/2003, no que se indica que a falta dos martelos trátase de substituír puntualmente, realizándose inspeccións semanais. Non dándose actuacións posteriores.

### CAPÍTULO 6: TURISMO, COMERCIO E INFORMACIÓN Ó CONSUMIDOR

#### EXPEDIENTE 40/2002

## ASUNTO

O interesado indícanos que en data 28/01/2002 presentou unha reclamación na Oficina Municipal de Información ó Consumidor, na que daba conta que contratou un curso de idioma cunha empresa, curso que resultou non cumprir coa propia oferta da empresa, polo que decidiu resolver o contrato, o que non conseguiu e reclamou na OMIC, da que non recibiu contestación ningunha.

## SITUACIÓN

Trátase dunha reclamación na Ofical Municipal de Información e Consumo, a cal se lle solicitou informe por parte desta Institución con data 26/11/2002, recibíndose o mesmo o 14/01/2003, do que se lle deu cumprida información ó interesado o 20/01/2003. Sen actuacións posteriores.

## EXPEDIENTE 44/2002

## ASUNTO

O interesado indícanos que ten realizado diversas xestións na Concellería de Turismo e Comercio, a través de cinco escritos entregados o 10/08/2000, 22/08/2001, 03/10/2001, 20/12/2001 e 22/01/2002, en solicitude da defensa e revitalización do Chambo da Cultura da Reciclaxe, que se celebraba os domingos pola mañá na Praza da Constitución. Ó non obter contestación é polo que recorre a esta Institución.

## SITUACIÓN

Esta Institución solicita informe o 10/12/2002 que reitera o 21/1/2003, e que recibe o 4/02/2003, no que se participa a disposición da responsable da Concellería para reunirse cos representantes da Asemblea Filantrópica da Reciclaxe Industrial. Non existindo actuacións posteriores.

## CAPÍTULO 7: URBANISMO

## EXPEDIENTE 1/2002

## ASUNTO

O interesado mercou en construción un primeiro piso nunha rúa de Vigo, onde hai un tramo que non foi urbanizado, o que leva consigo que a día de hoxe non se teña concedida a licencia de primeira ocupación, así como que non se fixese o desterro para alcanzar a rasante da rúa, polo que a terra chega ata o piso adquirido polo denunciante, xerándolle incomodidades e riscos para a súa seguridade.

Leva máis dun ano facendo xestións en diferentes dependencias do Concello non tendo contestación, polo que recorre a esta Institución.

#### SITUACIÓN

Tema que transcende dende antes do ano 2002; a última actuación por parte desta Institución data de 29/12/2003, interesando unha vez máis o informe. É de salientar, tal como indica a Memoria de 2002, a falta de coordinación e incluso de cooperación entre as distintas administracións actuantes.

#### EXPEDIENTE 7/2002

#### ASUNTO

O interesado indícanos que desde o ano 1996 vén interesando da Xerencia Municipal de Urbanismo que se executen as ordes de derruba da mesma respecto a un muro de contención, non tendo contestación ningunha, sendo polo que recorre a esta Institución.

#### SITUACIÓN

Tema con orixe no ano 1996. A última actuación por parte desta Institución data de 27/10/2003, na que se informa ó interesado que nese mes a inspección municipal informa que as obras obxecto do expediente non foron derrubadas, o que motiva unha multa coercitiva por importe de 600.- por incumprimento da demolición, con apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa se non se procede á derruba.

A doutrina é sobradamente coñecida nos temas en que a Administración Municipal debería poñer máis dilixencia na actuación que nos ocupa, o que é obvio que se traduce nunha falta de eficiencia.

#### EXPEDIENTE 8/2002

## ASUNTO

O interesado relaciónanos unha serie de denuncias, que alcanzan o número de sete, todas elas realizadas desde o mes de maio de 2000 ata o 22 de marzo de 2002, sobre a ocupación dun camiño público en Pardavila-Curros.

As denuncias son por mor das obras realizadas por unha veciña que ten construído unha escaleira sobre terreos públicos, impedindo a libre circulación de vehículos.

## SITUACIÓN

A última actuación desta Institución vén dada pola solicitude de novo informe realizada en 14/05/2003, sen recibir resposta da Concellería de Patrimonio.

## EXPEDIENTE 11/2002

## ASUNTO

A interesada, no seu escrito, trasládanos a denuncia feita pola mesma na Policía Local, na que se denunciaba a existencia de varias chabolas construídas nun camiño, ocupando parte do mesmo, xerando incomodidades para os usuarios. Á súa vez, tamén nos remite un informe da Xerencia de Urbanismo no que consta que as devanditas construcións non teñen Licencia Municipal.

Segue participándonos que ata o momento non tivo contestación ningunha a súa denuncia, sendo polo que recorre a esta Institución.

## SITUACIÓN

A última actuación desta Institución data do 14/05/2003, pola que se dá traslado á interesada do informe de urbanismo no que se indica a remisión do expediente a Patrimonio e Contratación, así como á Asesoría Xurídica para a súa remisión ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ante o recurso contencioso-administrativo interposto por terceiro.

## EXPEDIENTE 15/2002

## ASUNTO

O interesado indícanos que presentou denuncias contra un taller, lindante coa súa vivenda, por carecer de licencia de obra, de apertura e por contaminar o contorno.

Leva tempo facendo xestións no Concello, incluso requiriu a presenza da Policía Local para parar a citada actividade, sen obter resultados, motivo polo que recorre a esta Institución.

## SITUACIÓN

A última actuación desta Institución data de 24/07/2003, na que se incide ante Urbanismo que, non obstante a sentenza recaída sobre a ilegalidade urbanística, a actividade seguía realizándose, e interesando unha solución axeitada ós fundamentos da queixa.

## EXPEDIENTE 17/2002

## ASUNTO

O interesado indícanos que en data 23/02/2001 presentou un escrito de alegacións na Xerencia de Urbanismo sobre solicitude de Licencia de Actividades e Instalacións instada por uns talleres. Reiterando o precitado escrito en datas 11/04/2001, 10/08/2001 e 14/03/2002, sen ter contestación, é polo que recorre a esta Institución.

## SITUACIÓN

Con data 28/04/2003 iniciouse atestado por desobediencia ante a negativa do responsable da actividade a que se precintara o local. Con data 15/12/2003 esta Institución solicitou ante Urbanismo informe sobre a situación actual, xa que a interesada así nolo solicitou. Ante esta situación esperabamos unha axilización da xestión que permitira acadar unha tarefa de eficacia. Non tendo resposta a esta petición con data 31/12/2003.

## EXPEDIENTE 19/2002

## ASUNTO

O interesado indícanos que na parroquia de Candeán existe un camiño que quedou cortado cando se trazou a Avenida do Aeroporto, provocando que a parte sur do mesmo soamente a utilizasen os veciños que tiñan propiedades nese tramo, no cal levantou un muro un veciño, deixando practicamente a metade do paso existente anteriormente.

Segue participándonos que esta situación foi denunciada pola Asociación Veciñal, Culturas e Deportiva de Candeán ó mesmo tempo que se solicitaba que o citado camiño fose catalogado de camiño público.

#### SITUACIÓN

Tema relacionado cun camiño na zona de Candeán, concluíndo o Concello coa indicación de que non procede a inclusión no inventario municipal de camiños públicos, ó no resultar acreditada a súa oportunidade, segundo o artigo 8.1 da LBRL. Esta Institución tivo que reiterar a non procedencia do artigo subliñado, ata que por fin, en data 22/10/2003, se emendou o erro de feito.

#### EXPEDIENTE 20/2002

#### ASUNTO

O interesado, no seu escrito de queixa, indícanos que ten presentado na Xerencia de Urbanismo escrito de alegacións contra a licencia de obras solicitada por unha empresa de carburantes, das que non tivo contestación ningunha.

#### SITUACIÓN

A última actuación desta Institución data de 28/10/2003 acerca da falta de resposta por parte do Concello ó recurso do interesado, que se ve obrigado a acudir á xurisdición contencioso-administrativa por mor de non atender debidamente as medidas legais contra as actuacións urbanísticas ilegais.

#### EXPEDIENTE 21/2002

#### ASUNTO

O interesado indícanos que é afectado nun expediente de legalidade urbanística sobre licencia para a instalación dun taller, no que compareceu opoñéndose á mesma en data 3/07/2000. Dende esa data non tivo contestación, polo que recorre a esta Institución.

#### SITUACIÓN

A última actuación desta Institución vén dada o 21/10/2003 para subliñar os inconvenientes dos veciños para acceder ós seus garaxes, o que supón unha actuación insuficiente pola falta de axilidade nas tramitacións pertinentes. Sen resposta ós impedimentos da veciñanza citados.

EXPEDIENTE 24/2002

#### ASUNTO

O interesado indícanos que desde hai anos véñse instando desde a Xerencia de Urbanismo a un veciño para que execute as obras de reparación da fachada dun piso da súa propiedade, reparación que a día de hoxe aínda non foi realizada.

#### SITUACIÓN

A última actuación desta Institución é de data 11/04/2003, indicando que dende xullo de 2001, data da 3ª multa coercitiva, as actuacións están paralizadas, descoñecéndose se a legalidade foi repostada. Non existe resposta a 31/12/2003.

EXPEDIENTE 25/2002

#### ASUNTO

O interesado indícanos que no seu día denunciou a un veciño por construír nun patio un tellado, despois do cal abriuse un expediente de legalidade urbanística e ordenouse a súa derruba. O denunciado non levou a cabo a orde e, despois de ser sancionado por este motivo, o expediente quedou paralizado e o tellado sen derrubar.

#### SITUACIÓN

Tema dunha construción ilegal, desprendéndose que das actuacións realizadas por parte do Concello considérase satisfeito atendendo ó principio de proporcionalidade, engadindo que a execución subsidiaria das obras de derruba resultarían moi gravosas para a institución municipal, afirmación esta que parece impedir que se respecte a normativa sobre disciplina urbanística, entendendo que a eficacia da norma deriva da eficacia da xestión e polo tanto a institución municipal terá que repoñer a legalidade infrinxida. A execución subsidiaria das ordes de demolición, en caso de incumprimento, son obriga da Administración Municipal.

É obvio que é acusada unha ineficacia da actuación administrativa, cun decaemento da falta de rendemento. Neste senso esta Institución dirixiuse a Urbanismo o 28/04/2003.

EXPEDIENTE 27/2002

ASUNTO

O interesado indícanos que quere coñecer o estado duns expedientes correspondentes a denuncias que se realizaron entre os anos 1994 e 2000.

Trátase de denuncias por construción nunha finca familiar sen partexar, construción que ademais excede os límites permitidos. Por outra banda, a citada edificación está sendo utilizada, sen estar dada de alta, como vivenda e como Hostal, sen nome e sen licencia.

SITUACIÓN

Esta Institución solicita informe sobre a situación dun tema presentado hai tres anos, a solicitude data de 7/05/2003; sen resposta a 31/12/2003.

EXPEDIENTE 29/2002

ASUNTO

Tema relacionado cunha empresa de despeces que vén traballando, dende hai anos, sen licencia e con prexuízos no medio ambiente debido ás actividades que realiza, téndose feito denuncias sen resultado ningún.

SITUACIÓN



A solicitude de petición de informe por parte desta Institución, ante a denuncia presentada o 3/09/2002, nunca foi contestada pola Concellería de Infraestructuras e Medio Ambiente, onde segundo o interesado constaban as solicitudes cursadas.

#### EXPEDIENTE 31/2002

##### ASUNTO

O interesado indícanos que desde o mes de setembro de 1999 vén sufrindo as consecuencias do peche dun tramo da rúa Urzáiz os domingos, o que leva consigo unha serie de molestias como ruído, sucidade, balonzos contra os escaparates e as persoas, falta de acceso ós inmobles, etc., molestias que foron denunciadas en varias ocasións desde o 2/11/1999. O peche foi autorizado polo Goberno Municipal só para o período setembro-décembro do ano 1999, continuando ata o día de hoxe.

O día 2/05/2001 reclamou do Concello o Proxecto de Humanización dun tramo da rúa Urzáiz, non tendo ata o día de hoxe resposta ningunha.

##### SITUACIÓN

O interesado vén reclamando a posta a disposición do Proxecto, que non se acaba ata febreiro do 2003. Trala exposición, o mesmo manifestou unha serie de consideracións, transmitidas por esta Institución á Concellería de Tráfico, Seguridade e Transporte con data 15/05/2003, que non foron contestadas.

#### EXPEDIENTE 35/2002

##### ASUNTO

O interesado indícanos que en data 19/11/1998, en calidade de Presidente dunha Comunidade de Propietarios da rúa Paraguai, presentou unha denuncia por mor das obras que se estaban a realizar nunha vivenda do edificio que modifica substancialmente o volume da mesma.

Con data 4/10/1999 a Xerencia Municipal de Urbanismo dictou unha resolución na que, entre outros contidos, comunicábaselle ós denunciados a paralización inmediata das obras, non téndose cumprido a citada resolución. A pesar de terse interesado polo expediente, non tivo ata agora contestación nin-

gunha.

## SITUACIÓN

Solicitados informes reiteradamente dende o 15/11/2002, interesando o último con data 16/09/2003. Sen resposta a 31/12/2003.

Obviamente, os principios de celeridade e eficacia non se dan neste suposto, máxime cando está en xogo a reposición da legalidade urbanística.

## EXPEDIENTE 36/2002

### ASUNTO

O interesado indícanos que con data 1/03/2002 presentou denuncia na Xerencia de Urbanismo, na que solicitaba se revisaran as obras que se realizaban no barrio de Carapucha, denuncia da que non tivo contestación ata o momento.

## SITUACIÓN

Ante a intervención desta Institución, emitiuse informe do que se lle deu cumprida información ó interesado, no que se reflicte que a obra axústase ó proxecto. O interesado, á vista do anterior, comunícanos que segundo el a misión do Valedor é intentar que funcionen os órganos do Concello e que este ten que contestar ás solicitudes, queixas ou denuncias dos cidadáns e que pola súa parte non dá o caso por resolto.

## EXPEDIENTE 41/2002

### ASUNTO

O interesado indícanos que con data 07/03/2000, como presidente dunha Comunidade de veciños, recibiu unha notificación como afectado nun expediente da Xerencia de Urbanismo, na que se lle puña de manifesto a intención dunha empresa de instalar un depósito de propano na rúa San Greforio, oponéndose a Comunidade á que representa á instalación do citado depósito.

Con data 16/04/02 denúciase diante desa Xerencia de Urbanismo, a ilegalidade da citada actividade, pois véñense realizando traballos de caldeirería que incumpren a Ordenanza Municipal de Ruído e Vibracións, sobre todo en canto ó horario, pois os mesmos realízanse de noite, entre as 22:00 e as 8:00 horas.

Dos devanditos expedientes non tiveron contestación ningunha.

## SITUACIÓN

Con data 14/11/2002 esta Institución recibe a queixa correspondente, da que solicita informe o 3/12/2002, que reitera o 20/01/2003 e de novo o 22/04/2003.

A estas peticións recibe resposta o 13/08/2003 e o 16/10/2003, das que se dá cumprida información ó interesado. Posteriormente, o 25/08/2003 dirixímonos á Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo manifestándolle “O noso pesar, unha vez máis, vén dado polo feito de que o ruído, a máis insidiosa das contaminacións, que afecta ó equilibrio físico e psíquico do cidadán, parece ter unha consideración secundaria en relación coa actividade ilegal dende o punto de vista urbanístico, o que vén a indicar unha falta de coordinación na procura da defensa dos elementais dereitos dos cidadáns”.

Con data 18/11/2003, é dicir, un ano despois de formulada a queixa ante esta Institución, recibimos resposta concluínte: “en data 24/10/2003 resólvese declarar restaurada a legalidade urbanística vulnerada pola mencionada entidade, toda vez que xa non realiza actividades na parcela sita...”.

Conclusión: efectuados os traballos que necesitou a empresa, xa non se dan as molestias que orixinaron a queixa. Entre tanto, o propósito de equilibrar a legalidade urbanística xa denunciada en 2002, non precisou das medidas coercitivas que a lei pon a disposición da administración, nin tampouco se acadou a reparación dos dereitos constitucionais dos cidadáns ata que o causante deixou de necesitar os traballos que ilegalmente viña realizando.

A exclusión social é fácil, neste caso, de solucionar, o que non é de recibo é chegar a situacións como a exposta, ollando noutra dirección.

EXPEDIENTE 45/2002

ASUNTO

O interesado relaciónanos unha serie de denuncias, que alcanzaron o número de 15, todas elas presentadas entre o 11/12/2000 e o 10/07/2002, dando como resultado a incoación de expedientes de legalidade urbanística. Non tendo coñecemento ningún do estado en que se atopan os devanditos expedientes é polo que recorre a esta Institución.

#### SITUACIÓN

Esta Institución solicita informe o 10/12/2002 que ten que reiterar o 20/01/2003 e o 22/04/2003, sobre infraccións urbanísticas en Segade-Bembrive. Sen resposta en decembro de 2003.

#### EXPEDIENTE 51/2002

#### ASUNTO

O interesado danos conta que en data 11/04/2002 presentou na Xerencia de Urbanismo denuncia para que se comprobase a legalidade do muro que se construíu na propiedade lindante coa súa, que invade terreos públicos.

A mesma denuncia reiterouse en data 14/06/2002. Non tendo contestación ningunha é polo que recorre a esta Institución.

#### SITUACIÓN

Con data 16/12/2002 solicita a intervención desta Institución que require o correspondente informe o 2/01/2003, reiterado o 7/02/2003 e que se recibe o 12/03/2003, e no que se di que se procedeu á apertura do expediente de protección da legalidade urbanística. Non existindo actuacións posteriores.

#### CAPÍTULO 8: VÍAS E OBRAS

#### EXPEDIENTE 33/2002

#### ASUNTO

O interesado protesta pola situación do barrio de Ribadavia que sofre importantes abandonos: deficiente abastecemento de auga, mal asfaltado, falta de seguridade pola mala sinalización...

#### SITUACIÓN

Existen informes do Concello e de Seragua ó respecto; no obstante, e ante as diverxencias, esta Institución solicitou con data 4/02/2003 informe a Vías e Obras, Saneamento e Abastecemento de augas, aínda sen resposta.

### PARTE III

#### ANÁLISE PARTICULAR DAS QUEIXAS PRESENTADAS

#### SOBRE CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

## I- INTRODUCCIÓN:

A contaminación acústica, pola densidade de poboación e de actividades, prodúcese especialmente nas cidades e tense convertido nun problema de crecente preocupación social e política, tanto polos seus efectos prexudiciais na saúde como sobre o benestar das persoas.

Entre os efectos do ruído sobre a saúde, os máis directos son os de tipo auditivo, pero debemos ter en conta que o ruído tamén pode provocar respostas en todo o organismo, así como efectos negativos de tipo psicolóxico.

Entre os efectos que provoca sobre as persoas hai que mencionar: o malestar, que é o máis común e que varía en función da intensidade do ruído e doutras características físicas do mesmo, así como de factores tales como a lexitimidade que se atribúa ó mesmo; a interferencia que provoca coa comunicación; a perda de atención, de concentración e de rendemento; debemos destacar como un dos máis negativos, os efectos do mesmo sobre o sono, xa que incluso os ruídos de baixa intensidade aféctanlle negativamente, tanto mediante a dificultade ou imposibilidade de durmir, como causando interrupcións do mesmo, que poden levar ó insomnio, ou diminuíndo a calidade do mesmo; danos ó oído, consistentes na perda de capacidade auditiva, que pode ser transitoria ou permanente, tensión e as súas consecuencias: cansazo, insomnio, enfermidades cardiovasculares, trastornos do sistema inmune, trastornos psicofísicos, cambios conductuais.

Polo que se refire ás fontes causantes do ruído debemos destacar o tráfico rodado como principal causa do mesmo, xa que supón o 80% da contaminación acústica no noso país. Outras fontes de ruído serían a actividade industrial, que supón o 10% da contaminación acústica; o tráfico por ferrocarril, que supón o 6% da mesma; o tráfico aéreo, aínda que este ten unha área de influencia moi localizada nos arredores dos aeroportos; os bares, discotecas e locais de ocio, que representan o 4%; e tamén o plano de mellora das cidades, que provoca que estean continuamente en obras.

Respecto ó tráfico rodado, cabe destacar que a partir dos anos 60 tense producido un aumento dos medios de transporte e da súa utilización, ademais da especialización funcional dos espazos das cidades, onde cada vez é máis clara a separación entre os espazos de traballo, ocio, residencia e compras,

o que ten disparado o uso do coche no noso país.

Noutro aspecto é importante destacar que, segundo un estudio da OCU, no relativo á calidade de construción das nosas vivendas, o grado de incumprimento da normativa é case total no que a illamento acústico se refire. Parece claro que na actualidade existen materiais contrastados que mellorarán o illamento acústico sensiblemente, pero suporía un encarecemento.

No que se refire á contaminación acústica relacionada coas discotecas e outros locais de ocio, segundo un estudio da OCU, nas discotecas analizadas o nivel medio sonoro situábase por riba dos 90 dBA, chegando a alcanzar en momentos puntuais os 120 dBA.

Pero respecto a este punto, o ruído que sae ó exterior dos mesmos é o que máis queixas suscita. Non debemos esquecer que a máxima actividade concéntrase no horario nocturno, o que resulta especialmente molesto, e ademais debemos engadir ó ruído procedente dos aparatos reprodutores de música o ruído que xera o público que acode.

Neste caso hai un claro enfrontamento de intereses, por unha banda, o dereito dos veciños á tranquilidade e ó descanso, e por outra, o dereito da xuventude ó ocio e á diversión. Neste senso, o TSJ de Andalucía tense pronunciado en sentenza contra o Concello de Sevilla (Recurso nº 949/1998): << el derecho de los jóvenes a reunirse encuentra sus límites en los derechos de los demás ciudadanos a la libre circulación, al descanso y a la propia vida >>.

O dano ocasionado ós veciños é dobre, por unha banda, distorsionan o desenvolvemento normal das súas vidas, e por outra, prexudican os seus intereses económicos por desvalorización da súa vivenda.

Nun senso parecido, hai que facer referencia ó ruído producido pola celebración de festas, que se celebran sen control ningún sobre o mesmo.

#### LEXISLACIÓN:

No que se refire á normativa, para a maior parte da poboación a lexislación non se aplica como se deba; en xeral, a poboación considera que os poderes públicos non están preocupados nin son eficaces na súa actuación respecto á protección do medio ambiente. Neste senso, atribúese a responsabilidade principal da súa solución á Administración Local.

En canto á normativa europea, temos que facer referencia a dous documentos:



O Libro Verde de 1996:

Incide principalmente en dous aspectos: por unha banda, nos niveis actuais de contaminación acústica segundo as fontes da mesma, por outra, na poboación afectada. Recorda ademáis os valores presentados pola OCDE no ano 1986 como umbral de ruído molesto:

- A partir de 55-60 dBA, o ruído causa molestia.
- Entre 60-65 dBA, a molestia aumenta considerablemente.
- Por riba de 65 dBA, xorden perturbacións dos modelos de comportamento e síntomas de dano grave.
- A Organización Mundial da Saúde ten suxerido como valor estándar para os niveis medios de ruído ó aire libre 55 dBA.

A Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental:

O obxectivo da mesma é sentar as bases técnicas para poder abordar no futuro con garantía un tratamento adecuado do problema, é dicir, harmonizar os métodos de avaliación da exposición ó ruído e o intercambio mutuo de información. Neste senso, recoméndase a elaboración de mapas de ruído e informar ó público sobre a exposición ó mesmo.

Entre os compromisos contemplados na mesma están os seguintes: os dous indicadores que será obrigatorio incorporar a toda a normativa e sistemas de medición son o  $L_{den}$  (mide os niveis equivalentes día-tarde-noite) e o  $L_{night}$  (mide os niveis de ruído no período nocturno).

Ademais, o artigo 7 da citada Directiva recolle que, a máis tardar, o 30 de xuño de 2007 os Estados membros terán elaborado mapas estratéxicos de ruído correspondentes a tódalas poboacións de máis de 250.000 habitantes e nos eixes viarios, ferroviarios e aeroportos máis importantes. Cinco anos máis tarde, e despois cada cinco anos, deberá facerse o mesmo incluíndo tódalas aglomeracións urbanas e tódolos grandes eixes viarios e ferroviarios.

O artigo 8 establece que, a máis tardar, o 18 de xullo de 2008 os estados membros terán elaborados planos de acción para as poboacións de máis de 250.000 habitantes e para os lugares próximos a grandes eixes viarios, ferroviarios e grandes aeroportos. E a máis tardar o 18 de xullo de 2013 planos de acción para tódalas aglomeracións e grandes eixes viarios e ferroviarios.

Ademais, os cidadáns deberán ter información dos citados mapas de ruído e dos planos de acción previstos.

En canto á regulación estatal, hai que falar dunha normativa dispersa, aínda que se está a elaborar un proxecto de lei con dous aspectos novedosos, unha definición de calidade acústica que inclúe, ademais dos parámetros físicos, a percepción do ruído polos cidadáns; e a incorporación do problema do ruído no proceso de planificación do solo.

Por outra banda, a Constitución Española, dun modo xenérico, refírese no seu artigo 45 á protección do medio ambiente:

“1. Todos tienen el derecho a disfrutar de un medio ambiente adecuado para el desarrollo de la persona, así como el deber de conservarlo.

2. Los poderes públicos velarán por la utilización racional de todos los recursos naturales, con el fin de proteger y mejorar la calidad de vida y defender y restaurar el medio ambiente, apoyándose en la indispensable solidaridad colectiva.

3. Para quienes violen lo dispuesto en el apartado anterior, en los términos que la ley fije se establecerán sanciones penales o, en su caso, administrativas, así como la obligación de reparar el daño.”

Polo que respecta á normativa das Comunidades Autónomas, son poucas as que non teñen unha norma marco á que se deban axustar as ordenanzas dos distintos concellos.

No caso da Comunidade Autónoma Galega, hai que facer referencia á Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica:

Artigo 1: “... Os cidadáns teñen dereito a desfrutaren da súa intimidade e dun contorno adecuado para o normal desenvolvemento das súas actividades, sen seren perturbados por ruidos ou vibracións que poidan dana-la súa saúde ou ocasionarlles molestias...”

Artigo 9: “Correspóndelles ós concellos exercer-lo control do cumprimento desta lei, esixi-la adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiriran e aplica-las sancións correspondentes en caso de incumprimento...”

Esta lei de ámbito galego foi desenvolvida polo decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

Finalmente, e polo que se refire á normativa local, no caso do Concello de Vigo hai que mencionar a Ordenanza Municipal de Protección contra a Contaminación Acústica producida pola emisión de rúidos e vibracións, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo o 28 de xullo de 2000.

#### XURISPRUDENCIA:

Hai que destacar a recente sentenza do Tribunal Supremo na vía penal, STS 52/2003, de 24 de febreiro, primeira sentenza por vía penal sobre a contaminación acústica, que considera a contaminación acústica como un delito contra o medio ambiente tipificado no artigo 325 CP. Condena ó responsable dunha discoteca polo nivel de rúidos emitido pola mesma durante un período de nove meses, provocando problemas na veciñanza. Considera acreditada unha agresión á integridade física, psíquica, intimidade, benestar e calidade de vida dos veciños.

Tamén o Informe ó Parlamento do Valedor do Pobo do ano 2001 establece un epígrafe dedicado ó problema da contaminación acústica: A recente xurisprudencia no tratamento da contaminación acústica. Nel faise mención ás seguintes sentencias:

STSJ de Murcia, de 29 de outubro de 2001, que estimou parcialmente a demanda duns cidadáns de Cartaxena, estimando que o Concello demandado era responsable dun deixamento das súas funcións en materia de policía ambiental, por non ordenar o cese da actividade duns establecementos hostaleiros, condenando ó mesmo a outorgar unha indemnización ós recurrentes.

A citada sentenza fai referencia á normativa aplicable: Ó propio artigo 18 da Constitución; á Lei Rexional que regula as competencias dos concellos e as medidas disciplinarias, concretamente os artigos 70, que sinala que o concello "... podrá ordenar la motivada suspensión de la actividad", e 73, que sinala a clausura dos establecementos contaminantes. Refírese tamén á Ordenanza municipal que sinala as limitacións acústicas, que foron no caso motivo de demanda manifestamente sobrepasadas; engade que a citada Ordenanza sinala que, "en el caso de transgresión de las normas contenidas en el Libro III, según el carácter de máxima gravedad de la infracción, atendida su transcendencia para la tranquilidad y seguridad del vecindario, además de la aplicación de la multa, se podrá acordar la retirada temporal o definitiva de la licencia o autorización y el cese de la actividad, instalación y obra, mientras subsistan las causas del efecto perturbador originario".

Continúa a sentenza: "Hechos que está probado revisten tal gravedad que hubieran debido llevar a la

consecuencia jurídica, asimismo prevista en esa norma, de ordenar el cese de la actividad, pues es evidente que, teniendo a su disposición recursos legales para evitar aquellos daños, el Ayuntamiento demandado rehusó hacerlo, con una clara dejación de su deber de velar por el cumplimiento del deber general de respeto a la persona”.

STSJ de Andalucía, de 29 de outubro de 2001, en relación co recurso interposto por unha asociación veciñal contra o Concello de Sevilla, a sentenza recolle no seu fundamento xurídico quinto: “En efecto no basta con regular mediante las oportunas ordenanzas la protección del medio ambiente,..., sino que con los medios adecuados hacer efectivas dichas Ordenanzas impidiendo se sobrepasen los límites de emisión de ruidos procediendo al cierre de los establecimientos que lo incumplan e incluso dispersando las concentraciones de jóvenes cuando se sobrepasen dichos límites... porque los derechos de los jóvenes a expresarse y reunirse encuentran sus límites en los derechos de los demás ciudadanos a la libre circulación, al descanso y a la propia vida entendida en un sentido amplio no sólo físico, que se ven menoscabados al no adoptar la Administración demandada las medidas adecuadas y suficientes para paliar al menos en parte los efectos negativos concretados en el presente proceso”.

Engade no fundamento xurídico sexto: “...El recurso debe ser estimado porque a la Administración le incumbe en su función de policía el cumplimiento del deber de vigilancia de horarios de cierre, emisión de ruidos de bares, vehículos, etc, y de lo actuado se deduce cierta inactividad que perjudica indudablemente a los vecinos de la zona que han de soportar la incomodidad de acceso a sus viviendas, exceso de ruidos que impiden el descanso nocturno y otras molestias que no tienen el deber jurídico de soportar y que se pueden paliar, si la Administración en el ámbito de su competencia no hace dejación de su función y adopta cuantas medidas sean necesarias para exigir el cumplimiento de la Ley haciendo posible que el ejercicio de un derecho por parte de un sector de población no menoscabe los derechos de los vecinos de la zona en la que se concentran. Ciertamente dichas medidas resultan impopulares y pueden tener un coste electoral por parte del sector afectado pero no hay que olvidar que la Administración como proclama el artículo 103 de la Constitución, debe servir con objetividad los intereses generales con sometimiento pleno a la Ley y al Derecho, así como a los fines que la justifican (artículo 106 de la Constitución)”.

Tamén a STC 119/2001, de 24 de maio, supón un avance nesta materia, xa que con motivo dun recurso de amparo no que se alegaba a conculcación dos dereitos fundamentais recollidos nos artigos 15 e 18 da Constitución, como consecuencia dos ruidos que viña sufrindo o recorrente por mor dunha concentración nas inmediacións da súa vivenda de locais de ocio e dada a pasividade do Concello que non resolve o problema, o TC establece unha doutrina respecto ó tema que nos ocupa, que será recollida en diversas sentencias sobre a materia, así a STS de 10 de abril de 2003 e STS de 29 de abril de 2003.

A sentenza sinala no seu fundamento xurídico quinto:

“En relación con el derecho fundamental a la integridad física y moral, este Tribunal ha tenido ocasión de señalar que su ámbito constitucionalmente garantizado protege la inviolabilidad de la persona, no sólo contra ataques dirigidos a lesionar su cuerpo o espíritu, sino también contra toda clase de intervención en esos bienes que carezca del consentimiento de su titular.

Por lo que se refiere al derecho a la intimidad personal y familiar, hemos declarado reiteradamente que tiene por objeto la protección de un ámbito reservado de la vida de las personas excluido del conocimiento de terceros, sean éstos poderes públicos o particulares, en contra de su voluntad (...). Este derecho fundamental se halla estrictamente vinculado a la propia personalidad y deriva, sin ningún género de dudas, de la dignidad de la persona que el art. 10.1 CE reconoce, e implica la existencia de un ámbito propio y reservado frente a la acción y el conocimiento de los demás, necesario, según las pautas de nuestra cultura, para mantener una calidad mínima de la vida humana.

Por último, este mismo Tribunal ha identificado como domicilio inviolable el espacio en el cual el individuo vive sin estar sujeto necesariamente a los usos y convenciones sociales y donde ejerce su libertad más íntima. Consecuentemente, hemos señalado que el objeto específico de protección en este derecho fundamental es tanto el espacio físico en sí mismo como también lo que en él hay de emanación de la persona que lo habita.

Partiendo de la doctrina aquí expuesta en apretada síntesis, debemos señalar que estos derechos han adquirido también una dimensión positiva en relación con el libre desarrollo de la personalidad, orientada a la plena efectividad de estos derechos fundamentales. En efecto, habida cuenta de que nuestro texto constitucional no consagra derechos meramente teóricos o ilusorios, sino reales y efectivos, se hace imprescindible asegurar su protección no sólo frente a las injerencias ya mencionadas, sino también frente a los riesgos que puedan surgir en una sociedad tecnológicamente avanzada. A esta nueva realidad ha sido sensible la jurisprudencia del Tribunal Europeo de Derechos Humanos, como se refleja en las Sentencias de 21 de febrero de 1990, caso Powell y Rayner contra el Reino Unido; de 9 de diciembre de 1994, caso López Ostra contra Reino de España, y de 19 de febrero de 1998, caso Guerra y otros contra Italia.

En efecto, el ruido puede llegar a representar un factor psicopatógeno destacado en el seno de nuestra sociedad y una fuente permanente de perturbación de la calidad de vida de los ciudadanos (...).”

E no fundamento xurídico sexto continúa:

“Debemos emprender nuestro análisis recordando la posible afección al derecho a la integridad física y moral. A este respecto, habremos de convenir en que, cuando la exposición continuada a unos nive-

les intensos de ruido ponga en grave peligro la salud de las personas, esta situación podrá implicar una vulneración del derecho a la integridad física y moral (art. 15 CE). En efecto, si bien es cierto que no todo supuesto de riesgo o daño para la salud implica una vulneración del art. 15 CE, sin embargo cuando los niveles de saturación acústica que deba soportar una persona, a consecuencia de una acción u omisión de los poderes públicos, rebasen el umbral a partir del cual se ponga en peligro grave e inmediato la salud, podrá quedar afectado el derecho garantizado en el art. 15 CE.

Respecto a los derechos del art. 18 CE, debemos poner de manifiesto que en tanto el art. 8.1 CEDH reconoce el derecho de toda persona al respeto de su vida privada y familiar, de su domicilio y de su correspondencia, el art. 18 CE dota de entidad propia y diferenciada a los derechos fundamentales a la intimidad personal y familiar (art. 18.1) y a la inviolabilidad del domicilio (art. 18.2). Respecto del primero de estos derechos fundamentales ya hemos advertido en el anterior fundamento jurídico que este tribunal ha precisado que su objeto hace referencia a un ámbito de la vida de las personas excluido tanto del conocimiento ajeno como de las intromisiones de terceros, y que la delimitación de este ámbito ha de hacerse en función del libre desarrollo de la personalidad. De acuerdo con este criterio, hemos de convenir en que uno de dichos ámbitos es el domiciliario por ser aquél en el que los individuos, libres de toda sujeción a los usos y convenciones sociales, ejercen su libertad más íntima.

Teniendo esto presente, podemos concluir que una exposición prolongada a unos determinados niveles de ruido, que puedan objetivamente calificarse como evitables e insoportables, ha de merecer la protección dispensada al derecho fundamental a la intimidad personal y familiar, en el ámbito domiciliario, en la medida en que impidan o dificulten gravemente el libre desarrollo de la personalidad, siempre y cuando la lesión o menoscabo provenga de actos u omisiones de entes públicos a los que sea imputable la lesión producida”.

Tamén a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo se ten pronunciado en diversas ocasións en relación co tema da contaminación acústica:

Así, a STS de data 11 de maio de 1989, estima un recurso de apelación, revocando un auto da Audiencia Territorial da Coruña, que levantaba a suspensión do outorgamento dunha licenza de obras e apertura dunha discoteca, mantendo a citada suspensión, xa que considera probado que con posterioridade ó alzamento da suspensión o número de decibelios excede o límite legalmente establecido.

A citada sentenza expón que o dereito a un medio ambiente adecuado adquire un valor preeminente e prevalente, e engade que a contaminación acústica, máis alá de supor un impedimento ó descanso das vivendas próximas, prexudica a saúde de tódolos que se ven sometidos á incidencia dun número excesivo de decibelios.

No mesmo senso, a STS de 7 de novembro de 1990, pronúnciase en relación ó outorgamento de licenza de apertura condicionada a que a onda sonora non exceda determinados decibelios. Na citada sentenza, o TS expón que o Concello, ó impor unha redución no número de decibelios, non fixo outra cousa que axustarse ó mandato constitucional. O TS alega ademais que os veciños teñen dereito ó descanso e á saúde, que se ven gravemente conculcados se non se respecta a moderación na música ambiental. Engade: “En este problema del respeto por el medio ambiente –en cualquiera de sus manifestaciones, la acústica entre ellas- los Ayuntamientos y, en general, todos los poderes públicos –por tanto, también los Tribunales- tienen que mostrarse particularmente rigurosos. Y este Tribunal Supremo, con machacona insistencia, así lo viene recordando con apoyo precisamente del artículo 45 de la Constitución. (...). Es notorio que se han elevado voces autorizadas procedentes del campo de la medicina denunciando cómo afecta al oído y al corazón el sometimiento continuado del individuo a un excesivo número de decibelios. Y lo único que hay que lamentar es que todavía haya poderes públicos que manifiesten una cierta pasividad en la adopción de medidas eficaces en defensa contra las múltiples agresiones al medio ambiente que se dan todos los días y en todas partes”.

Tamén a STS de 20 de setembro de 1994, a propósito dun recurso contra un artigo dunha Ordenanza que condicionaba a concesión de licencias, pronúnciase respecto ó tema da contaminación acústica. Así, o TS entende: “1.º Que la restricción en el uso de la propiedad de un inmueble está en función del derecho a disfrutar por la comunidad en general de un ambiente adecuado, el artículo 45.1) de la Constitución confiere cobertura mediante una norma legal, a la intervención por la Administración local, artículo 25.f) de la Ley 2 abril 1985, de la actividad de los ciudadanos en orden a garantizar ese derecho. 2.º Siendo incontestable que el derecho de propiedad y el de libertad de empresa se hallan normalmente condicionados a los otros derechos establecidos en la Constitución y limitados en la forma prevista en este caso...”.

Así mesmo, a STS de 5 de marzo de 1996 alude a un Decreto da Alcaldía de Santander que ordenaba a clausura e peche dun bar durante o prazo dun mes. No fundamento xurídico cuarto di: “(...) cuando se ejerce, como en el caso de autos, una actividad calificada como molesta, es obligado adecuar su ejercicio a los términos de la licencia, y a los niveles de ruido autorizados, cada instante o momento, minuto o segundo, de esa actividad, y para lograr ello, la Corporación Local, tiene las potestades y facultades que entre otros el Reglamento de Actividades Molestas le concede, y que pueden ir dirigidas, bien a corregir las dificultades advertidas, bien, a sancionar la actuación realizada, siendo ambos compatibles, y en el caso de autos, en el expediente al efecto abierto, coexisten ambas actuaciones, una dirigida a corregir las deficiencias y otra, encaminada a dar respuesta a las denuncias de los vecinos sobre infracción del nivel de ruidos, y a la vista de todo ello, y dado el número de denuncias y actividad acontecido, no es ciertamente desproporcionada, la sanción de un mes de cierre de la actividad, como la sentencia apelada razona”.

Máis recentemente, a STS de 10 de abril de 2003 pronúnciase sobre o tema que nos ocupa. O intere-

sado recorre a desestimación por silencio administrativo do Concello de Boiro da súa solicitude de paralizar a actividade dunha discoteca. O TS falla haber lugar ó recurso de casación e anula a sentenza do Tribunal de Xustiza que non era favorable ó interesado. Esta sentenza recolle que o razoamento da sentenza recorrida non coincide coa recente doutrina xurisprudencial, en particular a sentenza do Tribunal Constitucional I 19/2001.

No fundamento xurídico sexto di: “Es de apreciar una pasividad reprochable al Ayuntamiento porque, a pesar de la propuesta del instructor, en ese mismo expediente al que se ha hecho referencia no consta que el Ayuntamiento adoptara las medidas cautelares que le fueron solicitadas. Y así se lo permitía el artículo 20 de la Ley 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra la contaminación acústica”.

O citado artigo establece as medias cautelares que poderán adoptar os Concellos, como a adopción de medidas correctoras en orde a evitar os danos ou molestias graves consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Poderá acordarse, ademais, a paralización da actividade ou clausura das instalacións de maneira cautelar, cando a produción de ruídos ou vibracións supoña falta moi grave, ou cando, adoptada a medida correctora, o requirimento municipal resultase incumplido.

En consecuencia, a sentenza declara que se vulnerou o dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio do recorrente recoñecido no artigo 18.2 CE, establecendo o pago dunha indemnización de danos e prexuízos.

Tamén a STS de 23 de xuño de 2003, en relación á petición por unha comunidade de propietarios de que se declarase un espectáculo como actividade molesta e deixase de emprazar no núcleo urbano. O Concello de Gijón desestimou a petición e a comunidade presentou recurso contencioso-administrativo que foi parcialmente estimado. O Concello de Gijón presentou recurso de casación, que foi desestimado polo Tribunal Supremo, considerando que os ruídos producidos polas atraccións instaladas durante o espectáculo superan amplamente os límites establecidos na correspondente Ordenanza, orixinando molestias ós veciños.

Así mesmo, a STS de 29 de maio de 2003 estima o recurso de casación presentado por un veciño de Sevilla fronte á Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía que desestimaba o recurso do interesado contra a desestimación polo Concello de Sevilla da petición de solicitude de peche dunha discoteca e de responsabilidade patrimonial . O TS entende que foi vulnerado o dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio do artigo 18.2 da CE, e condena ó concello a que manteña a clausura ou peche da actividade da discoteca ata que os técnicos municipais non comprobren que dispón de medidas para evitar que os ruídos afecten ás vivendas próximas e a que indemnice ó demandante polos danos sufridos como consecuencia da vulneración do seu dereito fundamental á inviolabilidade do do-



micilio.

Ó igual que na STS de 10 de abril de 2003, esta entende que a sentenza recorrida non coincide coa recente doutrina xurisprudencial sobre a protección do dereito á inviolabilidade do domicilio, recollendo a doutrina establecida na STC 119/2001.

A sentenza recolle no fundamento xurídico sexto, que hai abundantes probas sobre a existencia entre 1991 e 1997 dunha contaminación acústica producida pola discoteca, que afectou directa e gravemente ó domicilio do demandante, e tamén dunha pasividade municipal en relación ó problema.

No fundamento xurídico sétimo engade que: “La pasividad municipal que anteriormente se ha expresado es reprochable al Ayuntamiento de Sevilla, por cuanto supone una dejación de la competencia y responsabilidad que en materia de medio ambiente es asignada a los Ayuntamientos en la normativa estatal.

Basta recordar que los apartados f) y h) del artículo 25.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Régimen Local atribuye al Municipio el ejercicio de competencias en las materias de protección del medio ambiente y la salubridad pública; que el artículo 42.3.a) de la Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad señala el control sanitario del medio ambiente con una referencia expresa a la contaminación atmosférica como responsabilidad de los Ayuntamientos; y que el Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas declara la competencia general de los órdenes municipales para la vigilancia del cumplimiento de las disposiciones sobre la materia (artículo 6) y, más particularmente, les reconoce funciones de inspección sobre las actividades que vengan desarrollándose y potestad para adoptar medidas frente a las deficiencias comprobadas (artículos 36 y 37)”.

Respecto á indemnización, o fundamento xurídico oitavo nos parágrafos cuarto e quinto di: “ El pleno y eficaz restablecimiento del derecho fundamental vulnerado exige ciertamente, para que su tutela no sea teórica, una indemnización por los daños y perjuicios sufridos a causa de dicha vulneración.

Esos daños estarán representados por la imposibilidad de utilizar el domicilio habitual y la correlativa necesidad de buscar otro distinto para evitar las molestias; o, cuando se continúe en el propio, por la incomodidad o sufrimiento moral y físico experimentado en la vida personal, lo cual significa una posibilidad alternativa de una y otra clase de daños y la improcedencia de acumularlos a los efectos indemnizatorios.”

Tamén a Sala do Civil do TS se ten pronunciado sobre o tema que nos ocupa; así, a STS de 29 de abril de 2003 confirma a sentenza da AP de Murcia de 24 de maio de 1997 respecto á indemnización por inhabilitade de domicilio debida a ruidos producidos por unha industria. A sentenza recorda unha vez máis a doutrina establecida polo TC na sentenza de 24 de maio de 2001, “la fuerza expansiva de

los derechos fundamentales, y, con apoyo del propio texto normativo, se atiene a la realidad de su vulneración más que a los medios con que aquella se realice. Ello es particularmente exigible en aquellos derechos fundamentales, como el de la intimidad, cuya noción o determinación conceptual fuera de su vaga definición como, derecho a ser dejado en paz, equivalente a derecho a la soledad y a la tranquilidad, obliga a caracterizarlos desde la perspectiva de los actos concretos que inciden en su contenido o núcleo esencial. En ese sentido, la protección a la intimidad no queda reducida a la evitación y proscripción de la divulgación de la vida privada o la penetración no autorizada en el ámbito en que se desarrolla la vida privada. Nuevas formas o nuevos procedimientos que alteran gravemente la paz familiar y el entorno en que se desarrolla la vida íntima o privada constituyen manifestaciones de intromisión ilegítima frente a las cuales cabe y es obligada la tutela judicial, como se desprende de la sentencia del Tribunal Constitucional en Pleno de 24 de mayo de 2001 y de la jurisprudencia del Tribunal Europeo de Derechos Humanos”.

A citada sentencia recolle tamén: “En efecto, el derecho a la intimidad, reclama para su ejercicio pacífico, muy especialmente, dentro del recinto domiciliario y su entorno, un ámbito inmune frente a las agresiones perturbadoras, procedentes del exterior, que no exijan el deber específico de soportarlas, entre las que se encuentran, a no dudarlo, los ruidos desaforados y persistentes, aunque estos procedan, en principio, del desarrollo de actividades lícitas que dejan de serlo, cuando se traspasan determinados límites. Por tanto, validamos el criterio seguido por la sentencia recurrida, al calificar el caso, como una vulneración del derecho fundamental previsto en el artículo 18 de la Constitución relativo a la intimidad e inviolabilidad del domicilio, con arreglo a la interpretación mantenida por el Tribunal Europeo de Derechos Humanos sobre el artículo 8-1 del Convenio de Roma de 4 de noviembre de 1950 sobre Protección de derechos humanos y de las libertades fundamentales, que sanciona el derecho de toda persona al respeto de su vida privada y familiar, de su domicilio y de su correspondencia; así la sentencia de 9 de diciembre de 1994, en el asunto de López Ostra contra España, vino a incluir, en el núcleo de la intimidad-protección del domicilio, las intromisiones sonoras por considerar que el ruido excesivo supone una violación de los derechos fundamentales protegidos en el artículo 18 de nuestra Constitución(...). También la sentencia del tribunal Europeo de Derechos Humanos de 2 de octubre de 2001 ( caso Halton y otros contra el Reino Unido) en supuestos de ruidos producidos por el tráfico aéreo, que incide en la violación del artículo 8 del Convenio europeo de los Derechos humanos al no mantener el justo equilibrio entre el interés del bienestar económico del país y el disfrute efectivo por los demandantes del derecho al respeto de su domicilio y de su vida privada y familiar.”

A citada sentencia tamén expón: “Con referencia directa al valor de la concesión de licencia municipal para el ejercicio de la actividad industrial como cobertura que habilite legalmente la generación de ruidos, y, por ende, justifique el sacrificio de la intimidad a favor del progreso social, cabe señalar, en primer término, que la autorización administrativa de una industria no es de suyo bastante para entender que fue otorgada ponderando un justo y equitativo equilibrio entre el interés general y los derechos de los afectados, dato esencial para la legitimación de la lesión a la intimidad. En segundo término porque, desde la perspectiva del valor y significado del derecho fundamental a la intimidad, y

tomando en consideración la conocida preexistencia de la vivienda, incumbía tanto a la corporación, como a la propia empresa, la obligación de reducir los ruidos a un nivel soportable o tolerable, circunstancia que evidencia la adecuada imputación a los codemandados, por acción y por omisión, en que se fundamentó el fallo judicial, imputación subsumible en la categoría de la responsabilidad extracontractual cuyo núcleo radica en la conducta dolosa o negligente y no en su inicial licitud o ilicitud”.

## 2- EXPEDIENTES:

### EXPEDIENTE 20/2003

#### ASUNTO

A interesada expón que ten presentado denuncias ante o Rexistro Municipal de Urbanismo e ante o Rexistro Xeral do Concello de Vigo con datas 24/10/2002, 27/01/2003 e 17/02/2003, motivadas pola apertura dunha cafetería no baixo da súa vivenda sen a licencia preceptiva e exercendo unha actividade non correspondente á licencia que teñen solicitada. Como consecuencia das obras efectuadas no citado local causáronse desperfectos na vivenda da interesada, producindo molestias por ruidos e fumes.

Achega parte de consulta do SERGAS, que indica que a interesada presenta carga de ansiedade e tristeza polo nivel de ruído que vén padecendo.

#### SITUACIÓN

A queixa entra nesta oficina o 5/03/2003, con data 21/03/2003 solicítase informe ó Departamento de Seguridade e Tráfico e á Concellería de Urbanismo. Seguridade e tráfico resposta que non é un asunto da súa competencia, polo que en data 26/05/2003 reiteramos a solicitude de informe a Urbanismo.

#### REFLEXIÓNS

Non recibimos o preceptivo informe de Urbanismo, que incumpre o estipulado no artigo 18.I do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán. Sería necesario coñecer que tipo de licencia posúe o local, para que con posterioridade se puidese abordar o problema da contaminación acústica que expón a interesada.

Posible incumprimento do estipulado na Ordenanza municipal contra a Contaminación Acústica, vul-

neración do artigo 3 que imputa ó Concello a obriga de facer cumprir a citada ordenanza. Artigos 9 e seguintes, que establecen as condicións esixibles ás actividades industriais, comerciais e de servizos susceptibles de producir ruídos, esixindo o artigo 11.1 “na tramitación dos expedientes correspondentes a novas actividades e a ampliacións ou modificacións de importancia das existentes, esixiráselle ó proxecto un estudo xustificativo do cumprimento da presente ordenanza, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións”. O artigo 11 indica tamén que se deberá prestar especial atención no caso de edificios nos que coexistan este tipo de actividades con vivendas.

O artigo 12, neste mesmo senso, refírese ó control por parte do Concello. Así, o 12.1 di: “A autoridade municipal non outorgará licencia de apertura das instalacións das actividades ou dos establecementos sometidos a esta ordenanza se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ó disposto nela. Non se poderá iniciar a actividade ou pór en funcionamento as instalacións mentres non se acredite o cumprimento da normativa sobre contaminación acústica mediante comprobación practicada polos órganos inspectores do Concello ou mediante certificación expedida por empresa ou entidade homologada para estes fins e sen prexuízo do exercicio das facultades inspectoras que correspondan ó Concello”. O apartado 3º do mesmo artigo engade: “Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, tamén poderán realizarse inspeccións para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren a normativa...”.

O artigo 15 establece medidas específicas para establecementos públicos. No seu apartado primeiro establece medidas para establecementos que implican funcionamento dentro do horario nocturno, como o que nos ocupa nesta queixa; así, esixe “un illamento acústico normalizado R mínimo entre a actividade e a vivenda lindante”, “o acceso do público realizarase a través dun departamento estanco con absorción acústica e dobre porta”.

No mesmo apartado primeiro establécense outras medidas tendentes ó illamento acústico, como son: “Chan flotante se o chan do establecemento se asenta sobre un forxado... Cando estea asentado sobre terreo firme, admitirase a desolarización do paramento horizontal dos verticais, especialmente dos piares”; “instalación de dobres paredes laterais flotantes e desolarizadas”; “instalación dun teito acústico desconectado mecanicamente do forxado da planta inmediatamente superior”; “non se permite a instalación de conductos de aire ou calquera outro tipo de instalacións entre o falso teito acústico e o forxado superior, así como calquera perforación deste para instalar equipos de iluminación, megafonía, etc...” Neste senso, parte da denuncia da interesada refírese precisamente a que cando se realizaron as obras de acondicionamento do baixo retiraron o falso teito que separaba o seu piso do mesmo, consecuentemente prodúcense filtracións de fumes e graxas.

O apartado segundo do mesmo artigo 15 continua esixindo ademais, que antes da concesión da preceptiva licencia de apertura para actividades con funcionamento dentro do horario nocturno, o Concello esixirá un certificado de illamento acústico entre a actividade e as vivendas lindantes co local por

unha empresa homologada e de acordo co Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións, debendo alcanzar os valores mínimos de illamento acústico establecidos na táboa 4 do citado Manual, a saber: para o caso de “bares con música, pubs, whisquerías e similares” establece o mínimo en LdB(A) 90 – RdB(A) 65; e para o caso de “salas de festas, discotecas e locais con música ou canto en vivo” en LdB(A) 100 – RdB(A) 75.

Por outra banda, o artigo 17 recolle limitacións especiais para zonas da cidade onde existan numerosos establecementos públicos deste tipo, cal é o caso que nos ocupa, onde os niveis de ruído superen en máis de 15 dB (A) ó establecido no Manual de Procedemento para a medición de ruídos e vibracións, podendo neste caso a Alcaldía establecer limitacións máis restrictivas no uso das fontes sonoras, e establecer distancias mínimas entre os locais con música.

#### EXPEDIENTE 23/2003

#### ASUNTO

A interesada denuncia que dende maio do 2000 vén solicitando axuda da Policía Municipal en relación cos ruídos que vén sufrindo na súa vivenda. Por unha banda, producidos por veciños do inmovible; por outra, procedentes dun semáforo que ten o nivel de son moi elevado.

#### SITUACIÓN

Esta queixa entra nesta oficina o 14/03/2003. Con data 19/03/2003 pedimos informe á Concellería de Tráfico e ó Concelleiro de Infraestructuras e Medio Ambiente reiterando a citada solicitude o 6/05/2003. Con data 9/05/2003 Medio Ambiente infórmanos que a denuncia foi remitida á Policía Local.

Con data 9/06/2003 a Policía Local infórmanos que estiveron coa Presidenta da Comunidade do Inmovible onde reside a interesada, quen lles informou que esta muller tivo problemas por ruídos con varios inquilinos. O informe da policía expón que trala conversación mantida coa presidenta da comunidade, e tras falar tamén cos veciños, parece que os ruídos denunciados son os normais de calquera comunidade de veciños.

#### EXPEDIENTE 37/2003

## ASUNTO

O interesado, en calidade de presidente dunha Comunidade de Propietarios da rúa Celso Emilio Ferreiro, expón que no baixo comercial do edificio que representa instalouse unha igrexa sen ter cumpridos os requisitos esixidos pola lei, ocasionando moitas molestias ós veciños, en especial en canto a ruidos, incumprindo as Ordenanzas Xerais de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica.

Engade ademais que teñen presentado diversas denuncias no Concello de Vigo, en datas 12/06/2002, 20/12/2002, 12/02/2003, 13/03/2003 e 14/05/2003.

## SITUACIÓN

A queixa entra nesta oficina o 14/05/2003. Con data 20/05/2003 pedimos informe á Concellería de Infraestructuras e Medio Ambiente, reiterando a solicitude o 29/07/1993.

## REFLEXIÓNS

Non se recibiu o preceptivo informe da Concellería de Medio Ambiente, que incumpre deste modo o estipulado no artigo 18.I do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

Ó igual que no expediente 20/2003, cabe falar dun posible incumprimento da Ordenanza municipal contra a contaminación acústica, en concreto do artigo 12 da mesma, que establece a obriga do Concello de exercer-lo control deste tipo de actividades: "A autoridade municipal non outorgará licencia de apertura das instalacións das actividades ou dos establecementos sometidos a esta ordenanza se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ó disposto nela. Non se poderá iniciar-la actividade ou pór en funcionamento as instalacións mentres non se acredite o cumprimento da normativa sobre contaminación acústica mediante comprobación practicada polos órganos inspectores do Concello ou mediante certificación expedida por empresa ou entidade homologada para estes fins e sen prexuízo do exercicio das facultades inspectoras que correspondan ó Concello". No apartado 3º do mesmo artigo engade: "Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, tamén poderán realizarse inspeccións para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren a normativa...".

EXPEDIENTE 49/2003

## ASUNTO

O interesado solicita un estudio da situación do pub do que é propietario, xa que sofre dende hai anos un exhaustivo control en canto ós ruídos que xera, considerando que non procede, dado que cumpre tódolos requisitos de apertura e ten insonorizado o local ata 65 dB, cousa que non sucede con diversos locais que se atopan nos baixos do mesmo edificio sito na rúa Pontevedra.

## SITUACIÓN

Admitida a trámite a queixa, solicítase con data 19/06/2003 á Concellería de Medio Ambiente e á Asesoría Xurídica do Concello de Vigo que nos faciliten información da relación de expedientes sancionadores incoados ó citado pub e o estado de tramitación dos mesmos.

Recibiuse escrito remitido pola Asesoría Xurídica do Concello o 08/07/2003, indicándonos que se atopa interposto recurso contencioso-administrativo contra unha resolución do Concelleiro-Delegado de Infraestructuras e Medio Ambiente, non recaendo sentenza ata aquel momento. Engade que calquera outra información débese solicitar ó servizo responsable da tramitación do expediente, Medio Ambiente.

Con data 8/09/2003 recibimos informe de Medio Ambiente remitíndonos copia da proposta de resolución aprobada polo mesmo o 16/07/2003. A citada proposta establece como feitos probados:

1- A superación do nivel máximo de ruídos permitidos pola normativa vixente causada pola actividade desenvolvida pola discoteca.

2- Que non existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal, polo que non cabe suspensión do procedemento sancionador en tanto non recaia resolución xudicial penal.

3- O reiterado incumprimento das ordes de paralización da actividade e clausura.

4- Considera responsable dos feitos ó interesado, en calidade de titular da discoteca.

Entre os fundamentos de dereito establece que os feitos constitúen dúas infraccións:

1- "Unha infracción continuada e reiterada consistente na superación de 15 dBA dos valores límite establecidos e na reincidencia en faltas graves no prazo de 12 meses, consistindo as faltas graves na su-

peración de 5 dBA dos valores límite establecidos, tipificada como moi grave no artigo 15 a) e c) da Lei 7/1997, de 11 de agosto, e 41.a).c) da Ordenanza municipal de ruídos e vibracións”.

2- “Asemade o reiterado incumprimento das ordes de clausura do establecemento e de paralización da actividade está tipificado como infracción moi grave no artigo 15.d) da devandita Lei e no artigo 41.d) da mesma Ordenanza municipal”.

Á vista da documentación achegada polo interesado e recibida do Concello resulta evidente a xudicialización do asunto e, segundo o Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 17.2), non se entra no exame da queixa por estar esta pendente de resolución administrativa ou xudicial definitiva.

## REFLEXIÓNS

A pesar de ser un tema excluído da competencia desta Institución, considérase oportuno que por parte do Concello se realice un estudio acerca dos outros pubs situados na rúa Pontevedra, en concreto, dos que están no baixo do mesmo edificio; por unha parte, para saber se posúen a preceptiva licencia para tal actividade, e por outra, para realiza-la medición dos ruídos producidos por eles.

## EXPEDIENTE 51/2003

### ASUNTO

A interesada indícanos que en data 5/05/2003 presentou dous escritos de denuncia na Xerencia Municipal de Urbanismo, por mor dos ruídos que vén sufrindo na súa vivenda debido a existencia dun local de “copas” que non ten licencia de apertura. A Comunidade de Veciños tamén ten presentado denuncias ó respecto.

Achega copia de medición sonométrica realizada pola Policía Local, comprobándose que o nivel de ruídos alcanza N41 db(A).

### SITUACIÓN

O 10/06/03 ten entrada nesta oficina escrito do interesado e con data 17/06/2003 solicítase informe ás Concellerías de Medio Ambiente e Urbanismo.

Con data 16/07/2003 recíbese da Xerencia de Urbanismo un informe que é un relatorio das actua-



cións realizadas para comprobar os feitos denunciados: o 5 de maio a interesada presenta a denuncia, o 12 de maio solicítase ó departamento de Licencias de Actividades e Instalacións informe sobre se o establecemento denunciado conta con licencia, o 28 de maio a citada oficina informa que o local denunciado presentou en data 31/03/2003 solicitude de licencia de actividades e instalacións para un café bar con música e solicitude de licencia de obras para acondicionamento de local para café bar con música. Ambos expedientes atópanse en trámite. Tamén teñen solicitado informe á Policía Local sobre que tipo de actividade se está a exercer no citado establecemento.

Con data 22/07/2003 enviase unha nova carta á Xerencia de Urbanismo na que se solicita unha solución urxente ó caso que nos ocupa: “ocorre que ó tratarse dunha actividade ilegal, non parece posible aplica-la Ordenanza Xeral de Protección do Medio Ambiente, así como a específica de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica. Parece obvio que o cidadán, neste suposto, non terá protección ó amparo destas normas de obrigado cumprimento, xa que ata que non se resolva o tema urbanístico tampouco se resolverá a satisfacción principal, cal é as molestias perturbadoras”, por tanto parece indispensable “axilizar ó máximo a tramitación dos expedientes de protección da legalidade urbanística ós efectos de proporcionarlle a satisfacción debida ás demandas do contorno”.

Con data 05/08/2003 reiteramos a solicitude de urxente solución á Concellería de Urbanismo.

## REFLEXIÓNS

O departamento de Licencias de Actividades e Instalacións afirma que as solicitudes de licencia atópanse en trámite, polo que entendemos que non están concedidas. Sucede que primeiro abren o establecemento e despois piden a licencia. Non se entende por que o Concello admite este tipo de situacións e acepta que locais sen licencia estean abertos mentres se están tramitando as mesmas.

A medición sonométrica realizada pola Policía Local indica que o nivel de ruídos alcanza N41db(A), superando en 6 dB(A) o nivel máximo permitido pola propia Ordenanza. O artigo 40 da mesma considera falta grave a superación en máis de 5 dB(A) dos valores límite establecidos e, o artigo 42, establece que se sancionarán as faltas graves con multa de 250.001 ata 1.500.000 ptas., clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo non superior a seis meses.

## EXPEDIENTE 71/2003

## ASUNTO

O interesado, en calidade de presidente dunha Comunidade de Propietarios da rúa Alfonso XIII, ex-

pón que os veciños do inmoble que representa veñen padecendo dende hai máis dun ano unha grave contaminación acústica, debido á actividade no baixo do mesmo dun pub.

En data 21/02/2003 presentaron denuncia por mor destes feitos ante a Concellería de Medio Ambiente, non tendo recibido resposta ningunha e, ante a pasividade do Concello, con data 08/08/2003 interpuxeron nova denuncia. Expoñen ademais que se fixeron as medicións sonométricas precisas.

## SITUACIÓN

Entrada da queixa nesta oficina o 16/09/2003, solicítase con data 17/09/2003 informe a Medio Ambiente, reiterándose a mesma con data 28/10/2003.

## REFLEXIÓNS

Non recibimos o preceptivo informe da Concellería de Medio Ambiente, incumprindo o estipulado no artigo 18.I do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

Repítese a mesma situación que nos expedientes 20/2003 e 37/2003. Cabe unha vez máis falar da denuncia do interesado ante a pasividade do Concello, o que implica unha posible vulneración da obriga de control por parte do mesmo establecida na Ordenanza municipal contra a contaminación acústica.

Ademais, cabe mencionar o artigo 47 da Ordenanza municipal que se refire ás medidas cautelares que pode acordar o Concello, no mesmo senso que o artigo 20 da Lei 7/1997, de maneira que establece a posibilidade de que, con carácter preventivo, o Concello acorde a inmediata adopción de medidas correctoras para evita-los danos ou molestias graves consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Podendo ademais acordar a paralización da actividade ou clausura das instalacións cando se trate de falta moi grave ou cando, adoptada a medida correctora, o requirimento municipal resulte incumplido.

Por outra banda, o interesado achega copia de medicións sonométricas de datas 6/04/2003, 27/04/2003, 1/06/2003 e 20/07/2003, que superan o límite máximo establecido en 5,3,5'5 e 5'5 dBA, respectivamente.

Debemos facer referencia neste punto ó capítulo III da citada Ordenanza, que establece o réxime de infraccións e sancións. Tendo en conta as medicións sonométricas que achega o interesado, podemos falar no caso que estamos a tratar, de faltas leves, xa que, segundo o artigo 39, constitúe falta leve a su-

peración dos límites admitidos ata 5 dB (A); podemos falar tamén de faltas graves, xa que, segundo o artigo 40, constitúen as mesmas a superación en máis de 5 dB (A) dos valores límite establecidos; e, finalmente, podemos considerar tamén que se dá unha falta moi grave, recollida no artigo 41, por tratarse dunha situación de faltas graves reincidentes, que se prolongan no prazo de doce meses.

No caso de falta moi grave, a sanción económica elevaríase considerablemente (de 1.500.001 ata 10.000.000 ptas.), e clausura ou paralización da actividade por espazo superior a 6 meses ou con carácter definitivo.

### 3- REFLEXIÓNS XERAIS:

Como xa se ten analizado, a Constitución fai referencia en distintos artigos ó tema que nos compete. Así a STC 119/2001 que fai referencia á vulneración dos dereitos fundamentais recollidos nos artigos 15 e 18 da mesma; o artigo 103 da Constitución, que establece que a Administración Pública debe servir con obxectividade os intereses xerais, con sometemento pleno á Lei e ó Dereito, así como ós fins que a xustifican (artigo 106 da Constitución); e de maneira directa, o artigo 45 da mesma refírese á protección do medio ambiente: o dereito a gozalo e o obriga de defendelo, tanto polos cidadáns como polos poderes públicos.

Tamén a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, no seu artigo 1 establece: "... Os cidadáns teñen dereito a desfrutaren da súa intimidade e dun contorno adecuado para o normal desenvolvemento das súas actividades, sen seren perturbados por rúidos ou vibracións que poidan dana-la súa saúde ou ocasionarlles molestias...". E no seu artigo 9: "Correspóndelles ós concellos exercer-lo control do cumprimento desta lei, esixi-la adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplica-las sancións correspondentes en caso de incumprimento..."

Tamén é importante facer referencia á Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica producida pola emisión de rúidos e vibracións, aprobada polo pleno do Concello de Vigo o 28 de xullo de 2000 que, como se ten exposto, pronúnciase no mesmo senso que a Lei 7/1997.

En varias das queixas recibidas nesta oficina queda patente o incumprimento da citada Ordenanza municipal. En primeiro lugar, é indispensable facer referencia ó artigo 3.1 da mesma, que establece "correspóndelle ó Concello exercer-lo control do cumprimento da presente ordenanza, esixi-la adopción das medidas correctoras necesarias, sinala-las limitacións de acordo coas directrices da lei, realizar cantas inspeccións sexan necesarias e aplica-las sancións correspondentes no caso de incumprirse o ordenado". Establece por tanto a obriga do Concello de actuar para evitar que se produzan situacións

deste tipo, sen embargo, nalgunhas das queixas recibidas, os cidadáns denuncian precisamente a pasividade do Concello e a falta de interese do mesmo por solucionar estes problemas. Precisamente acoden a esta oficina porque se senten desprotexidos fronte a situacións que vulneran claramente a legalidade vixente.

Este incumprimento provoca unha situación moi grave, xa que o cidadán vese obrigado a exercer esa función de control que lle correspondería ó Concello, non tendo outra alternativa que acudir á vía xudicial, coas complicacións que leva consigo, de sobra coñecidas. Neste senso, o cidadán vese obrigado a denunciar ó propio Concello por non exercer-lo labor de control que lle compete. Como se ten recollido, hai xurisprudencia en vía contencioso administrativa, que ten condenado a distintas Administracións Locais polo incumprimento desta función de control da legalidade vixente en relación coa contaminación acústica.

Sería polo tanto recomendable que neste ámbito o Concello de Vigo cumprise e fíxese cumprir a legalidade vixente aquí exposta, para que, cando menos, se fagan respectar os dereitos máis fundamentais que protexen ós cidadáns.

#### PARTE IV

#### RESUMO ESTATÍSTICO

.....  
.....

## INTRODUCCIÓN

Neste capítulo ofrecemos unha visión global e esquematizada das actuacións que tiveron lugar durante o ano 2003 reflectidas en gráficos e cadros que mostran o número de entrevistas, consultas por correo electrónico e expedientes tramitados, segundo as distintas áreas competenciais.

## RESUMO ESTATÍSTICO:

## ENTREVISTAS

ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA: 12

AUGA:

.....Tarifas subministración de auga: 3  
.....Outros:  
1

SANEAMENTO: 1

LIMPEZA:

.....Recollida Lixo:  
3  
.....Outros:  
4

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL: 18

Axuda de emerxencia social: 0

Asistencia social: 5

Pensións: 6

Subvencións: 0

Vivenda: 2

Orientación: 1

Descontos familia numerosa: 0

Taxis adaptados: 0

Emigración: 1

Asilo: 1

Axudas sanitarias: 2

ÁREA DE COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ: 7

COMERCIO: 0

TURISMO: 2

PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

.....Asociación Cultural:  
0

.....Outros:  
5

ÁREA DE CONSUMO: 3

ÁREA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 9

CULTURA:

.....Festas/Ocio:  
1

.....Bibliotecas:  
0

.....Cultura:  
4

EDUCACIÓN: 1

DEPORTE: 2

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 1

ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA: 19

ECONOMÍA:

.....PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO: 3  
.....ECONOMÍA:

0

FACENDA:

.....	TRIBU-
TOS:	
.....	
.....	Imposto de Actividades Económicas: 1
.....	
.....	Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana: 2
.....	
.....	Imposto Circulación Vehículos:
4	
.....	
.....	Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana: 0
.....	
.....	Taxas lixo:
4	
.....	
.....	Outros:
5	

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE: 13

Contaminación Acústica: 10

Olores: 2

Vertidos/ Residuos: 1

Outros: 0

ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS: 1

ÁREA DE PATRIMONIO: 15

PATRIMONIO:

.....	Responsabilidade patrimonial por danos persoais: 11
.....	Terreos públicos:
2	
.....	Locais Concello:



I

.....Estado de bens do Concello: 0

0

.....Outros:

PATRIMONIO HISTÓRICO: I

ÁREA DE PERSOAL: 5

Oposicións: I

Pensión alimenticia: I

Xestión Interna: 2

Cambio posto de traballo: I

Compatibilidade laboral: 0

ÁREA DE SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTE: 44

SEGURIDADE:

.....Policía Local:

5

.....Orde pública:

8

.....Protección Civil:

I

.....Seguridade:

6

TRÁFICO:

.....Multas:

7

.....Aparcamento/Vados:

7

.....Tráfico:

5

TRANSPORTE:

.....Vitrasa:  
2

.....Transporte:  
3

ÁREA DE URBANISMO: 93

Licencias: 28

Infraccións urbanísticas (obras ilegais): 21

Ocupación terreos públicos: 9

Execución de ordes de derruba: 10

Urbanización rúa pública: 11

Afectados PERI/ Polígono: 8

Outros: 6

ÁREA DE VÍAS E OBRAS E INFRAESTRUCTURAS: 17

VÍAS E OBRAS:

.....Proxectos humanización:  
4

.....Barreiras arquitectónicas:  
1

.....Outros:  
7

INFRAESTRUCTURAS: 5

VARIOS: 44

ÁMBITO CIVIL ENTRE PARTICULARES: 20

OUTRAS ADMINISTRACIÓN:

.....VALEDOR DO POBO:  
15

.....“DEFENSOR DEL PUEBLO”:  
0

EXENTOS SEGUNDO REGULAMENTO: 5

OUTROS: 4

TOTAL ENTREVISTAS: 300

Nº ENTREVISTAS POR ÁREAS

ÁREAS\* .....Nº ENTREVISTAS

AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA .....  
12

BENESTAR SOCIAL .....  
18

COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ .....  
7

CONSUMO .....  
3

CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA .....  
9

ECONOMÍA E FACENDA .....  
19

MEDIO AMBIENTE .....  
13

PARQUES E XARDÍNS .....  
1

PATRIMONIO .....  
15

PERSOAL.....	5
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTE .....	44
URBANISMO.....	93
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS .....	17
VARIOS .....	44
TOTAL ENTREVISTAS .....	300

\*Segundo orde alfabética

#### REFERENCIA PORCENTUAL DE ENTREVISTAS

ÁREAS*.....	PORCENTAJES
URBANISMO .....	31%
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTE .....	14,66%
VARIOS.....	14,66%
ECONOMÍA E FACENDA.....	6,33%
BENESTAR SOCIAL .....	6%
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS .....	5,66%
PATRIMONIO.....	5%
MEDIO AMBIENTE .....	4,33%
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA .....	4%

CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA .....  
3%

COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.....  
2,33%

PERSOAL .....  
1,66%

CONSUMO.....  
1%

PARQUES E XARDÍNS.....  
0,33%

\*Ordenadas porcentualmente de maior a menor



RESUMO ESTATÍSTICO:

CONSULTAS CORREO ELECTRÓNICO

.....  
.....

.....  
.....

ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA: 3

AUGA:

.....Tarifas subministración de auga: 0  
.....Outros:  
1

SANEAMENTO: 0

LIMPEZA:

.....Recollida Lixo:  
0  
.....Ou-  
tros:2

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL: 4

Axuda de emerxencia social: 0

Asistencia social: 0

Pensións: 0

Subvencións: 1

Vivenda: 0

Orientación: 1

Descontos familia numerosa: 1

Taxis adaptados: 1

Emigración:

Asilo: 0

Axudas sanitarias: 0



ÁREA DE COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ: 1

COMERCIO: 0

TURISMO: 0

PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

.....Asociación Cultural:  
1

.....Outros:  
0

ÁREA DE CONSUMO: 5

ÁREA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 4

CULTURA:

.....Festas/Ocio:  
1

.....Bibliotecas:  
1

.....Cultura:  
0

EDUCACIÓN: 1

DEPORTE: 1

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 0

ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA: 0

ECONOMÍA:

.....PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO: 0  
ECONOMÍA: 0

FACENDA:

.....TRIBU-  
TOS:

.....Imposto de Actividades Económicas: 0

.....Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana: 0

.....Imposto Circulación Vehículos:

0

.....Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana: 0

.....Taxas lixo:

0

.....Outros:

0

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE: 2

Contaminación Acústica: 1

Olores: 1

Vertidos/ Residuos: 0

Outros: 0

ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS: 1

ÁREA DE PATRIMONIO: 2

PATRIMONIO:

.....Responsabilidade patrimonial por danos persoais: 0

.....Terreos públicos:  
0

.....Locais Concello:  
0

.....Estado de bens do Concello: 2

.....Outros:  
0

PATRIMONIO HISTÓRICO: 0

ÁREA DE PERSOAL: 0

Oposicións: 0

Pensión alimenticia: 0

Xestión Interna: 0

Cambio posto de traballo: 0

Compatibilidade laboral: 0

ÁREA DE SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTE: 9

SEGURIDADE:

.....Policía Local:  
2

.....Orde pública:  
0

.....Protección Civil:  
0

.....Seguridade:  
1

TRÁFICO:

.....Multas:  
2

.....Aparcamento/Vados:

2

.....Tráfico:  
1

TRANSPORTE:

.....Vitrasa:  
1

.....Transporte:  
0

ÁREA DE URBANISMO: 1

Licencias: 0

Infraccións urbanísticas (obras ilegais): 0

Ocupación terreos públicos: 0

Execución de ordes de derruba: 0

Urbanización rúa pública: 0

Afectados PERI/ Polígono: 0

Outros: Información normativa urbanística: 1

ÁREA DE VÍAS E OBRAS E INFRAESTRUCTURAS: 2

VÍAS E OBRAS:

.....Proxectos humanización:  
0

.....Barreiras arquitectónicas:  
0

.....Outros:  
1

INFRAESTRUCTURAS: 1

VARIOS: 4

ÁMBITO CIVIL ENTRE PARTICULARES: 0

OUTRAS ADMINISTRACIÓNS:

.....VALEDOR DO POBO:  
0

.....“DEFENSOR DEL PUEBLO”:  
0

EXENTOS SEGUNDO REGULAMENTO: 0

OUTROS: 4

TOTAL CONSULTAS: 38

Nº CONSULTAS POR ÁREAS

ÁREAS\* .....Nº CONSULTAS

AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA .....  
3

BENESTAR SOCIAL .....  
4

COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ .....  
1

CONSUMO .....  
5

CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA .....  
4

ECONOMÍA E FACENDA .....  
0

MEDIO AMBIENTE.....  
2

PARQUES E XARDÍNS .....

1	
PATRIMONIO .....	
2	
PERSOAL.....	
0	
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTE .....	
9	
URBANISMO .....	
1	
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS .....	
2	
VARIOS .....	
4	
TOTAL CONSULTAS.....	
38	

\*Segundo orde alfabética

#### REFERENCIA PORCENTUAL DE CONSULTAS

ÁREAS*.....	PORCENTAJES
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTE .....	23,68%
CONSUMO .....	13,16%
BENESTAR SOCIAL .....	10,53%
CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA .....	10,53%
VARIOS.....	10,53%
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA .....	7,89%
MEDIO AMBIENTE .....	5,26%
PATRIMONIO .....	

5,26%	
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS .....	
5,26%	
COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.....	
2,63%	
PARQUES E XARDÍNS.....	
2,63%	
URBANISMO .....	
2,63%	
ECONOMÍA E FACENDA.....	
0%	
PERSOAL .....	
0%	

\*Ordenadas porcentualmente de maior a menor





RESUMO ESTATÍSTICO:

EXPEDIENTES

.....  
.....

ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA: 7

AUGA:

.....Tarifas subministración de auga: 2  
.....Outros:  
0

SANEAMENTO: 3

LIMPEZA:

.....Recollida Lixo:  
I  
.....Outros:  
I

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL: I

Axuda de emerxencia social: I

Asistencia social: 0

Pensións: 0

Subvencións: 0

Vivenda: 0

Orientación: 0

Descontos familia numerosa: 0

Taxis adaptados: 0

Emigración: 0

Asilo: 0

Axudas sanitarias: 0

ÁREA DE COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ: 0

COMERCIO: 0

TURISMO: 0

PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

.....Asociación Cultural:

0

.....Outros:

0

ÁREA DE CONSUMO: 0

ÁREA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 2

CULTURA:

.....Festas/Ocio:

0

.....Bibliotecas:

0

.....Cultura:

0

EDUCACIÓN: 0

DEPORTE: 1

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 1

ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA: 10

ECONOMÍA:

.....PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO: 0  
.....ECONOMÍA:  
1

FACENDA:

.....TRIBU-  
TOS:  
.....  
.....Imposto de Actividades Económicas: 3  
.....  
.....Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana: 3  
.....  
.....Imposto Circulación Vehículos:  
2  
.....  
.....Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana: 1  
.....  
.....Taxas lixo:  
0  
.....  
.....Outros:  
0

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE: 6

Contaminación Acústica: 3  
Olores: 2  
Vertidos/ Residuos: 1  
Outros: 0

ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS: 1

ÁREA DE PATRIMONIO: 6

PATRIMONIO:

.....Responsabilidade patrimonial por danos persoais: 4  
.....Terreos públicos:  
0  
.....Locais Concello:  
1  
.....Estado de bens do Concello: 0  
.....Outros:  
0

PATRIMONIO HISTÓRICO: 1

ÁREA DE PERSOAL: 1

Oposicións: 1  
Pensión alimenticia: 0  
Xestión Interna: 0  
Cambio posto de traballo: 0  
Compatibilidade laboral: 0

ÁREA DE SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTE: 24

SEGURIDADE:

.....Policía Local:  
1  
.....Orde pública:  
0  
.....Protección Civil:  
1  
.....Seguridade:  
6

TRÁFICO:

.....Multas:

10

.....Aparcamiento/Vados:

4

.....Tráfico:

1

TRANSPORTE:

.....Vitrasa:

1

.....Transporte:

0

ÁREA DE URBANISMO: 20

Licencias: 6

Infraccións urbanísticas (obras ilegais): 7

Ocupación terreos públicos: 1

Execución de ordes de derruba: 3

Urbanización rúa pública: 1

Afectados PERI/ Polígono: 1

Outros: 1

ÁREA DE VÍAS E OBRAS E INFRAESTRUCTURAS: 6

VÍAS E OBRAS:

.....Proxectos humanización:

1

.....Barreiras arquitectónicas:

1

.....Outros:

1

INFRAESTRUCTURAS: 3

VARIOS: 9

ÁMBITO CIVIL ENTRE PARTICULARES: 0

OUTRAS ADMINISTRACIÓN:

.....VALEDOR DO POBO:  
4

.....“DEFENSOR DEL PUEBLO”:  
1

EXENTOS SEGUNDO REGULAMENTO: 4

OUTROS: 0

TOTAL EXPEDIENTES: 93

Nº EXPEDIENTES 2003 POR ÁREAS

ÁREAS\* .....Nº EXPEDIEN-  
TES

AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA .....  
7

BENESTAR SOCIAL .....  
1

COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ .....  
0

CONSUMO .....  
0

CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA .....  
2

ECONOMÍA E FACENDA .....  
10

MEDIO AMBIENTE.....	6
PARQUES E XARDÍNS .....	1
PATRIMONIO .....	6
PERSOAL.....	1
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTE .....	24
URBANISMO.....	20
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS .....	6
VARIOS .....	9
TOTAL EXPEDIENTES .....	93

\*Segundo orde alfabética

#### REFERENCIA PORCENTUAL DE EXPEDIENTES

ÁREAS*.....	PORCENTAJES
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTE .....	25,81%
URBANISMO .....	21,50%
ECONOMÍA E FACENDA.....	10,75%
VARIOS.....	9,68%
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA .....	7,53%
MEDIO AMBIENTE .....	6,45%



PATRIMONIO .....	6,45%
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS .....	6,45%
CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA .....	2,15%
BENESTAR SOCIAL.....	1,07%
PARQUES E XARDÍNS.....	1,07%
PERSOAL .....	1,07%
COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ .....	0%
CONSUMO.....	0%

\*Ordenadas porcentualmente de maior a menor



COLABORACIÓN DAS ÁREAS MUNICIPAIS

COA INSTITUCIÓN: REQUIRIMENTOS

## INTRODUCCIÓN

A continuación ofrecémoslle a relación das distintas áreas municipais en canto á tramitación dos requirimentos dos informes relativos ós expedientes do ano 2003, indicándose o número da queixa, as veces que foi necesario facelos e o departamento afectado.

## REQUIRIMENTOS

### ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA

QUEIXA.....	MOTIVO .....
6/2003.....	Tarifa subministración augas; carece licencia primeira ocupación
03 .....	23-01-
03 .....	03-03-
26/2003 .....	Taxas pola recollida do lixo, sen actividade
te*1 .....	Declarado incompetente*1 .....
28/2003 .....	Concesionaria abastecemento augas por inundacións
03 .....	03-04-
03 .....	04-07-
69/2003 .....	Falta na rede de sumidoiro
03 .....	18-09-
03 .....	16-10-
74/2003.....	Sucidade en parcelas públicas con perigo en privadas

.....	02-10-
03 .....	30-10-
03 .....	
75/2003 .....	Consumo de auga non correspondente á facturación
.....	02-10-
03 .....	31-10-
03 .....	
80/2003.....	Inundacións en garaxes, sucidade en colector
.....	27-10-
03 .....	19-11-
03 .....	
82/2003 .....	Falta na recollida do lixo por mor das obras de Urzáiz*2
.....	27-10-
03 .....	20-11-
03 .....	

\*1 Declarado incompetente por estar pendente de recurso en vía contencioso-administrativa

\*2 Expediente incluído na área de tráfico

## ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

QUEIXA.....	MOTI-
VO .....	PETICIÓN INFOR-
ME .....	RECEPCIÓN INFOR-
ME .....	
4/2003 .....	Axuda de emerxencia social; con deficiencias na tramitación
.....	Trasladada ó Valedor do Pobo
.....	

## ÁREA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

QUEIXA.....	MOTI-
VO .....	PETICIÓN INFOR-
ME .....	RECEPCIÓN INFOR-
ME	
42/2003.....	Acceso a instalacións deportivas para fútbol sala
.....	22-05-
03 .....	03-06-
03	
68/2003 .....	Non utilización do idioma galego
.....	03-09-
03 .....	22-09-
03	

#### ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA

QUEIXA.....	MOTI-
VO .....	PETICIÓN INFOR-
ME .....	RECEPCIÓN INFOR-
ME	
2/2003.....	Aprazamento e fraccionamento pago Imposto sobre incremento do valor dos terreos urbanos
.....	13-01-
03 .....	27-01-
03	
5/2003 .....	Reclamación e embargo
IAE .....	24-01-
03 .....	04-02-
03	
13/2003 .....	Reclamación e embargo
IAE .....	27-02-
03 .....	11-04-
03	
24/2003.....	Non atendida solicitude modificación domiciliación bancaria no IBI
.....	21-03-
03 .....	29-05-
03	

35/2003 .....	Pensión alimenticia, non tramitada axilmente	14-05-
03 .....		21-05-
03		
41/2003 .....	Discrepancias no cambio Licencia Fiscal polo IAE	22-05-
03 .....		29-05-
03		
48/2003 .....	Cualificación Urbanística dunha finca	24-09-
03 .....		02-10-
03		
59/2003 .....	Embargo en c/c pagamento imposto vehículos motor	14-07-
03 .....		18-07-
03		
63/2003 .....	Exención imposto circulación a favor de minusválido	11-08-
03 .....		02-09-
03		
76/2003 .....	Subida considerada desorbitada do IBI no rural	
	Queixa presentada o 29-09-	
03 .....		06-10-
03*1		

\*1 Recibido informe con data 06-10-03, sen previa petición do mesmo

## ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA .....	MOTIVO .....	PETICIÓN INFORME .....	RECEPCIÓN INFORME .....
12/2003 .....	Vertidos de augas residuais e fecais		27-02-

03

15-10-03 .....28-08-

03

sen resposta

18/2003 .....Planta clasificadora de residuos sólidos  
.....05-03-

03

22-10-03 .....23-09-

03

sen resposta

37/2003 .....Contaminación acústica.....20-05-

03

29-07-03

17-11-03 .....

\*1

49/2003 .....Contaminación acústica.....19-06-

03 .....09-07-

03

08-09-03\*2

60/2003 .....Molestias colectivas EDAR-LAGARES .....16-07-

03 .....16-09-

03

71/2003 .....Contaminación acústica.....18-09-

03

03-12-03 .....25-11-

03

20/2003.....Apertura sen licencia; derivase contaminación acústica e ambiental por fumes\*3  
.....21-03-

03

26-05-03

29-10-03\*4 .....Sen resposta

23/2003 .....Contaminación acústica por mor de varios axentes\*5



.....19-03-  
 03  
 06-05-03 .....16-06-03, da Policía Lo-  
 cal  
 51/2003 .....Local sen licencia, contaminación acústica\*6  
 .....17-06-  
 03 .....16-07-03, de Urbanis-  
 mo

\*1 Recibimos informe no que se indica que non existen antecedentes, nesta Institución consta a recepción das peticións.

\*2 Suxeito a procedemento xudicial, declárase incompetencia.

\*3 Expediente incluído na área de Urbanismo

\*4 21-03-03 solicitamos informe a Urbanismo e á Policía Local; o 26-05-03 a Urbanismo; o 29-10-03 a Medio Ambiente.

\*5 Expediente incluído na área de Seguridade (Policía)

\*6 Expediente incluído na área de Urbanismo

## ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS

QUEIXA.....MOTI-  
 VO .....PETICIÓN INFOR-  
 ME .....RECEPCIÓN INFOR-  
 ME  
 16/2003.....Talla de árbores no monte do Castro  
 .....04-03-  
 03 .....19-03-  
 03

## ÁREA DE PATRIMONIO

QUEIXA.....MOTI-

VO .....	PETICIÓN INFOR-
ME .....	ME RECEPCIÓN INFOR-
ME	
9/2003 .....	Problemas saneamento en locais propiedade do Concello e de uso particular
.....	05-02-
03	
30-04-03	
09-07-03/14-10-03 .....	Sen respos-
ta	
27/2003 .....	Danos persoais por caída na vía pública
.....	26-03-
03 .....	04-04-
03	
29/2003 .....	Patrimonio Histórico. Situación da Ponte Medieval de Balaídos
.....	03-04-
03 .....	02-05-
03	
70/2003 .....	Danos persoais por caída na vía pública
.....	17-09-
03	
28-10-03 .....	18-11-
03	
78/2003 .....	Danos persoais por caída na vía pública
.....	
*1 .....	
89/2003 .....	Danos ocasionados por accidente durante un curso impartido polo I.M. de Deportes
.....	09-12-
03 .....	
*2	

\*1 Non foi necesario solicitar informe, xa que a interesada estaba correctamente informada polo Departamento de Patrimonio. Con data 03-11-03 dirixímonos á interesada recordándolle os prazos e procedemento a seguir.

\*2 Pendente de recibir informe.

ÁREA DE PERSOAL

QUEIXA.....MOTI-  
VO .....PETICIÓN INFOR-  
ME .....RECEPCIÓN INFOR-  
ME  
3/2003 .....Proceso selectivo para a provisión dunha praza  
.....  
\*1 .....

\*1 Suposto excluído das competencias desta Institución, segundo o artigo 14.c) do seu Regulamento

#### ÁREA DE SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES

QUEIXA.....MOTI-  
VO .....PETICIÓN INFOR-  
ME .....RECEPCIÓN INFOR-  
ME  
15/2003.....Imposición de tres multas de tráfico simultaneamente  
.....  
\*1 .....

23/2003.....Falta de dilixencia da Policía Local en relación con denuncias por contaminación acústica  
.....19-03-  
03  
06-05-03 .....16-06-  
03  
25/2003 .....Multa de tráfico con incidencias  
.....25-03-  
03  
26-05-03  
15-07-03 .....Sen respos-  
ta  
30/2003 .....Escaso control sobre prohibicións de aparcamento\*2  
.....11-04-  
03 .....18-06-

03	
39/2003	Prestación de avais pola utilización de espacios públicos
	21-05-
03	
	09-06-
03	
40/2003	Multa de tráfico
	22-05-
03	
30-07-03	
18-11-03	Sen resposta
43/2003	Seguridade cidadá en Lavadores
	23-05-
03	
30-07-03	
18-11-03	
	28-11-
03	
45/2003	Multa de tráfico
	26-05-
03	
12-08-03	
19-11-03	Sen resposta
46/2003	Actos vandálicos na zona do Monte do Castro
	28-05-
03	
12-08-03	
19-11-03	Sen resposta
52/2003	Retirada dun vehículo da beirarrúa
	16-06-
03	
13-08-03	
11-11-03	Sen resposta
55/2003	Reincorporación ó servicio de Protección Civil
	01-07-

03 .....	16-07-
03 .....	
57/2003 .....	Solicitud vado entrada gara-
xe .....	01-07-
03 .....	
11-11-03 .....	Sen respos-
ta .....	
64/2003 .....	Multas tráfi-
co .....	
*3 .....	
65/2003 .....	Multas tráfi-
co .....	
*4 .....	
67/2003 .....	Multas tráfi-
co .....	11-08-
03 .....	
16-09-03 .....	06-11-
03 .....	
73/2003 .....	Modificacións aparcamento na rúa Ecuador
.....	24-09-
03 .....	
29-10-03 .....	
03-12-03 .....	Sen respos-
ta .....	
77/2003 .....	Solicitud tarxeta residente do Casco Vello
.....	13-10-
03 .....	
17-11-03 .....	
10-12-03 .....	Sen respos-
ta .....	
82/2003	Dispensa temporal taxas, habilitación carga e descarga e sinalización axeitada nas rúas Hernán
Cortés e Luis Braille*5 .....	27-10-
03 .....	
12-11-03 .....	
10-12-03 .....	
*6 .....	
83/2003 .....	Multa tráfi-

co .....	04-11-03
16-12-03 .....	
*6	
84/2003 .....	Multa tráfi-
co .....	05-11-03
16-12-03 .....	
*6	
85/2003.....	Certificación de conviven-
cia .....	05-11-03
16-12-03 .....	
*6	
86/2003 .....	Solicitud de paso pe-
óns .....	05-11-03
16-12-03 .....	
*6	
90/2003 .....	Modificación liñas Vitra-
sa.....	25-11-03
16-12-03 .....	
*6	
92/2003 .....	Multa tráfi-
co .....	10-12-03
30-12-03 .....	
*6	

\*1 Queda excluído das competencia desta Institución por estar pendente de resolución administrativa, segundo establece o artigo 17.2 do Regulamento

\*2 Con data 03-10-03 recibese nova queixa indicando que todo segue igual, o que se comunica o 06-10-03 interesando unha acción decidida

\*3 Queda o trámite en suspenso por estar pendente da resolución dun recurso de alzada

\*4 Con intervención xudicial en xuízo de faltas con sentenza favorable ó cidadán

\*5 Expediente incluído na área de Limpeza

\*6Non se recibiu resposta (coincide coa etapa previa a cambios no goberno municipal), estando pendente de informe que, no caso de recibirse, se incluíría no próximo Informe Anual.

ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA.....	MOTI-
VO .....	PETICIÓN INFOR-
ME .....	RECEPCIÓN INFOR-
ME	
8/2003 .....	Peche dunha finca sen axuste á licencia
.....	24-01-
03	
08-07-03	
08-10-03/17-11-03 .....	10-04-
03	
Sen resposta	
14/2003 .....	Aparcamiento subterráneo Ur-
záiz .....	19-03-
03 .....	24-04-
03	
19/2003.....	Derruba obras sen licen-
cia .....	05-03-
03	
26-05-03	
02-07-03/29-10-03 .....	20-06-
03	
21-11-03	
20/2003 .....	Actividade sen suxeición á licencia concedida*1
.....	21-03-
03	
26-05-03 .....	Sen respos-
ta	
21/2003 .....	Instalación antena telefonía móbil sen a oportuna licencia

.....	10-03-03/30-04-03
15-07-03/04-11-03	
11-12-03 .....	16-05-03
27-05-03	
Sen resposta	
31/2003 .....	Derruba dun muro sen licencia .....
.....	08-05-03
01-07-03 .....	18-07-03
32/2003 .....	Urbanización vía pública.....
.....	15-04-03
23-07-03	
27-10-03 .....	25-09-03
33/2003 .....	Irregularidades en expediente sancionador .....
.....	02-05-03
12-11-03	
07-01-04 .....	15-07-03
05-01-04, incompleto	
36/2003.....	Construcción dunha piscina que supón obstáculo nun Plano Especial de Mellora .....
.....	13-05-03
03-09-03	
17-11-03 .....	30-06-03
09-12-03, traslado á Xunta de Galicia	
44/2003.....	Instalación de cheminea industrial e letreiro luminoso sen licencia .....
.....	26-05-03
03-09-03	



04-11-03 .....	16-07-03
13-10-03	
47/2003 .....	Peche dunha finca non acorde coa licenzia
.....	05-06-03
12-08-03	
17-11-03/18-12-03 .....	13-10-03
Sen resposta	
50/2003 .....	Derruba dun muro.....
.....	17-06-03
.....	23-07-03
51/2003 .....	Local con licenzia en trámite, con contaminación acústica*2
.....	17-06-03
05-08-03 .....	16-07-03
53/2003 .....	Construcción sen licenzia dunha ponte
.....	23-06-03
.....	14-07-03
54/2003 .....	Execución dunha sentenza por obras ilegais
.....	24-06-03
14-08-03	
11-11-03 .....	05-01-04
58/2003 .....	Interferencias electromagnéticas por mor dunha instalación industrial
.....	01-07-03
26-11-03 .....	28-07-03
Sen resposta	
61/2003.....	Peche dun portal que impide o servizo das fincas lindantes
.....	16-07-03

03

13-08-03

11-11-03 .....Sen respos-  
ta

72/2003 .....Movemento de terras que se baleiran nun linde propiciando aumento de rasante  
.....23-09-

03

28-10-03

03-12-03 .....Sen respos-  
ta

79/2003 .....Sobre a Ronda cara a Citroën segundo o avance do PXOM  
.....27-10-

03

10-12-03 .....

\*3

88/2003 .....Inquedanza pola sentenza do TS sobre obras ilegais  
.....17-11-

03

16-12-03 .....

\*3

\*1 Expediente incluído na área de Medio Ambiente

\*2 Expediente incluído na área de Medio Ambiente

\*3 Non se recibiu resposta (coincide con etapa previa a cambios no goberno municipal).

## ÁREA DE VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS

QUEIXA.....MOTI-  
VO .....PETICIÓN INFOR-  
ME .....RECEPCIÓN INFOR-  
ME

11/2003 .....Peonilización rúas por mor do PXOM  
.....

*1	.....	
17/2003	.....Vial entre o peche perimetral do Polígono de Balaídos e a subestación de FENOSA	06-03-
03		
14-03-03	.....	11-03-
03		
30-05-03		
38/2003	.....Filtracións de augas en garaxes	21-05-
03	.....	28-05-
03		
56/2003	.....Ampliación accesos a grupo de vivendas	01-07-
03	.....	
13-08-03		
11-11-03	.....	01-12-
03		
81/2003	.....Rebaixe nas beirarrúas por mor da eliminación de barreiras	27-10-
03	.....	
10-12-03	.....Sen respos-	
ta		
82/2003	.....Alteracións nas rúas Hernán Cortés e Luis Braille, obras Urzáiz*2	24-10-
03	.....	12-11-
03		

\*1Pendente de resolución administrativa, polo que non se considera tema competencial

\*2Expediente incluído na área de Auga e Saneamento e na área de Tráfico

# Limiar

Ilma. Sra. Presidenta, Señoras/es Concelleiras/os:

Comparezo neste Pleno, ante vostedes representantes do Pobo de Vigo, para render contas por parte deste Valedor, como lóxica consecuencia da súa condición de Comisionado do Pleno do Concello de Vigo que leva consigo que anualmente se expoña en forma de Informe un resumo do labor realizado na nosa misión concreta de supervisar as actuacións da Administración do Concello de Vigo, dos seus entes e empresas públicas, todo iso co fin de defender os dereitos da cidadanía.

Na presentación do informe no pasado ano 2002 facíamos unha advertencia no senso de que era o primeiro informe ordinario que abarcaba soamente un período de 4,5 meses (agosto-décembro).

Neste segundo informe, a Institución acometeu o trámite de 93 queixas que se formularon no ano que se acaba de concluír, así como daquelas que iniciadas no ano 2002 remataron no ano 2003 e que foron un total de 31.

Por outra parte, descríbense e pormenorízanse as 300 entrevistas levadas a cabo ó longo deste período, así como as 31 consultas realizadas vía correo electrónico.

Para un mellor seguimento do texto que se presenta, este dividiuse en 4 partes diferenciadas, aínda que interrelacionadas entre si: Nunha primeira detállanse as actuacións a instancia de parte, subdividida en 12 capítulos ou temáticas por áreas administrativas. Na segunda descríbense aquelas actuacións que, aínda pertencendo ó ano 2002, concluíronse durante o seguinte ano, tamén analizadas por áreas.

Na parte terceira resalta unha análise particular das queixas relacionadas coa contaminación acústica baixo o prisma do cumprimento da Ordenanza Municipal de Vigo.

Finalmente, ofrécese no apartado cuarto un resumo estatístico, a modo de conclusión, de tódalas accións levadas a cabo por esta Institución, as cales foron explicadas anteriormente.

A modo de reflexión non debemos esquecer que os conflitos son parte das nosas vidas, pero que buscando solucións positivas é como se avanza, se mellora e como se evoluciona cara a un mellor civismo.

## Sinopse

Para un mellor seguimento do conxunto das accións realizadas pola Oficina do Valedor do Cidadán, detállanse os seguintes apartados que constitúen a forma operativa desta Institución.

### **CONSULTA DIARIA**

Son as actuacións máis frecuentes, que permiten cumprir cos obxectivos de orientación e información a calquera membro da comunidade viguesa sobre temas relacionados coas actividades propias desta Oficina.

Ó longo do ano 2003, o seu número cífrase, como termo medio, en cinco consultas diarias, número no que se inclúen tanto as realizadas vía telefónica como por correo electrónico.

### **INTERVENCIONS**

Realízanse fundamentalmente mediante xestións persoais ante os responsables doutras institucións non municipais, co obxecto de que proporcionen unha información necesaria sobre o tema obxecto da consulta.

Son, xunto coas consultas diarias, actuacións que permiten resolver ou orientar verbalmente o tema, sen ningún escrito.

No ano 2003, o seu número excede o centenar.

### **ENTREVISTAS**

Son solicitadas polos cidadáns, en xeral como paso previo antes de iniciar un expediente, para tratar temas relacionados con queixas ou reclamacións que lles afectan e solicitar asesoramento.

No ano 2003 o seu número ascendeu a 300.

## **EXPEDIENTES**

Proceso que se leva a cabo cando as queixas se presentan por escrito, feito que implica a aplicación do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

Iníciase o trámite preceptivo, unha vez que o recorrente esgotou tódalas etapas que se explicitan no citado Regulamento. En xeral, a maioría dos expedientes iníciáanse despois de levarse a cabo unha consulta.

No ano 2003 tramitáronse 93 expedientes.

## **ACTUACIÓNS DE OFICIO**

Son aquelas realizadas a iniciativa da propia Institución do Valedor do Cidadán, feito que se pon de manifesto na publicación de monografías ou informes sobre algúns temas que afectan globalmente á comunidade viguesa, como consecuencia das consultas e queixas presentadas en relación a un tema determinado.

No ano 2002 levouse a cabo a publicación da Monografía: “Análise da Influencia da dobre fila no tráfico rodado da cidade de Vigo”.

No ano 2003 concluíronse: “Informe sobre Peonilización Praza Independencia” e “Niveis de Satisfacción dos Cidadáns de Vigo coa súa Comunidade Local”.







Parte I  
ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE  
ANO 2003



## INTRODUCCIÓN

Da análise do conxunto de queixas presentadas durante o ano 2003 conclúese o seguinte:

- Total queixas formuladas: 93.
- Dos informes solicitados por esta Institución ante os órganos municipais, 19 non tiveron resposta por parte daqueles no momento do peche deste Informe, estimando a súa posible resolución para o ano 2004. Estas actuacións repártense así:

• Área de Seguridade, Tráfico e Transportes .....	8
• Área de Urbanismo .....	7
• Área de Medio Ambiente .....	2
• Área de Patrimonio .....	1
• Área de Vías e Obras, Infraestruturas .....	1

Esto vén a contradicir o artigo 18.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, podendo cualificarse tal actitude como entorpecedora e, nalgúns supostos, podería entenderse como hostil. Téñase en conta que na maioría dos casos as solicitudes de información fixéronse ata tres veces.

É obvio que os regulamentos son o resultado da potestade normativa municipal e forman parte do seu ordenamento xurídico, polo tanto susceptibles de aplicación reiterada; os regulamentos innovan o ordenamento xurídico e responden ás nocións de xeneralidade e obrigatoriedade, con suxeición ó principio de xerarquía normativa.

A misión do Valedor é clara, segundo o propio regulamento indica, e no seu exercicio ten que suxerir, en moitas ocasións, a utilización de actuacións diferentes ás postas en práctica, e noutras, bastante numerosas, recordar a necesidade de que

tódalas actuacións públicas teñen que estar presididas polo principio de legalidade, ademais do de eficacia, tal como a Constitución Española consagra e impón. Tense que fuxir de actuacións insuficientes, a eficacia impón a axilización dos trámites previstos. O desenvolvemento eficaz das competencias municipais ten que estar presidido pola conservación dos dereitos dos cidadáns. A mellora da calidade da función pública vén dada pola lexitimidade das corporacións locais que se debe buscar, sobre todo, pola vía do rendemento e neste camiñar as estratexias son inesgotables, dende a modernización da xestión ata a identificación e orientación das demandas do contorno.

Hai que desbotar a idea de que o Concello é só unha unidade burocrática, hai que proxectar a faceta política e a súa organización pública tecnificada.

Tanto a sociedade como a autoridade descansan nun pacto, expreso ou tácito; sen este consenso teríamos unha masa sen forma, de tal xeito que a administración municipal ten que perfeccionar a personalidade dos cidadáns no seu seo e así a institución terá nos cidadáns a súa raizame vital.

Concluiremos con G. Renard “a opinión pública é coma o coro da traxedia antiga: non podemos desentendermos da súa voz”. Non se pode desdeñar a aquiescencia do pobo.

Finalmente, e a modo metodolóxico para a consecución dun mellor seguimento dos expedientes que se pormenorizan a continuación, optouse por clasificalos en capítulos por áreas temáticas, seguindo un orden alfabético dende Auga ata Vías e Obras.

## **CAPÍTULO I**

### **Auga, Saneamento e Limpeza**

EXPEDIENTES: 6, 26, 28, 69, 74, 75, 80

#### **EXPEDIENTE 6/2003**

##### **ASUNTO**

O autor desta queixa , en representación dunha Comunidade de Propietarios da Avda. García Barbón, dirixiuse a esta Institución para expoñer que o edificio que representa como administrador, aínda cando está totalmente rematado e ocupado, carece de Licencia de Primeira Ocupación, o que leva a que os propietarios non poidan contratar de forma individual a subministración de auga coa empresa concesionaria.

##### **SITUACIÓN**

Esto implica que a factura se materializa en recibo bimensual único para toda a comunidade, no que reflecten tantos mínimos como fincas existentes, aplicando ós mínimos a tarifa industrial en lugar da doméstica, o que supón un incremento aproximado do recibo bimensual de 12 € por vivenda, e un total de 1092 € por bimestre.

A situación deriva dunha sentenza do TS que anula os acordos municipais de aprobación definitiva da modificación do ED da UE I-04. A edificación carece de licenza de primeira ocupación, polo tanto a subministración de auga e saneamento trátase dun contrato de obra aplicándolle, en consecuencia, a tarifa non doméstica

en tanto non se dispoña da preceptiva Licencia Municipal de Primeira Ocupación.

Os veciños realizaron as oportunas xestións no Concello e na empresa concesionaria, solicitando que se aplique a tarifa doméstica aínda que sexa nun só recibo, resultando as mesmas infructuosas.

Admitida a trámite a queixa, recibíuse un primeiro escrito da empresa concesionaria explicando que o contrato de subministración de auga e saneamento para o inmovible referido figura a nome da Promotora, tratándose dun contrato de obra, polo que non pode ser aplicada a tarifa doméstica. Segundo a lexislación vixente, artigo 23.4 do Regulamento Municipal de Auga e Saneamento de Vigo, o non dispor de Licencia Municipal de Primeira Ocupación imposibilita a formalización dos contratos individuais para as vivendas.

Engade, así mesmo, que os tres últimos recibos emitidos por consumo de auga non foron pagados, polo que a concesionaria iniciou os trámites correspondentes para o corte da subministración por falta de pago.

A Xerencia Municipal de Urbanismo remitiunos pola súa parte un informe da arquitecta municipal respecto ó tema da Licencia de Primeira Ocupación, en concreto, a referida sentenza do TS que motiva a carencia da licencia.

## REFLEXIÓNS

Este suposto non é o único actualmente na cidade. Independentemente da cuestión de fondo que se poida formular en relación con obras de urbanismo que se atopan “censuradas” polos órganos xudiciais, o tema que agora se presenta é o de que a unha comunidade de veciños, a un colectivo de cidadáns, se lle está a prexudicar por unha xestión municipal non axeitada á norma reguladora que delimita determinadas obras urbanísticas.

A situación derivada é claramente inxusta, carece de fundamento e repercute na economía dos cidadáns afectados de xeito negativo, á vez que pode supor un enriquecemento sen xustificación a favor da empresa concesionaria.

Alomenos dende un punto de vista equitativo non se acada unha finalidade xusta. A equidade é compañeira inseparable da xustiza (sentencia do TS de 21/2/1917), e neste eido debe recordarse ademais o deber de restrinxilo odioso e amplia-lo favorable (sentencia de 22/12/1863), o cal vén a pór de manifesto que tales consideracións xa se veñen recollendo dende moitos anos atrás.

Cabe preguntarse si neste suposto, aínda que sexa de forma indirecta, non estamos realmente ante un funcionamento anormal dun servizo público. No fondo, ¿a quen se debe esta situación anómala?

Hoxe, doutrinalmente, recoñécese que a mellora da lexitimidade das corporacións locais debe buscarse, sobre todo, pola vía dos rendementos; esta lexitimidade por rendimento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, é dicir, a mellora de situacións materiais dos cidadáns que demandan a acción pública.

Parece ser que a Constitución Española non se ten sempre enriba da mesa. Que ocorre cos principios de legalidade e eficacia nas actuacións das Administracións Públicas. Atopámonos realmente cun suposto dunha actuación pública insuficiente, o que non fai exemplo do artigo 103 da CE (eficacia das tarefas públicas).

## **RECOMÉNDASE**

- Actuacións eficaces.
- Actuacións que emenden fallos doutras actuacións ilegais públicas, aínda que sexan provisionais.

## **EXPEDIENTE 26/2003**

### **ASUNTO**

O interesado, actuando en nome de dúas empresas instaladas na Zona Franca, alega que o Concello, non prestando servizo ningún no tema da recollida do lixo dentro do recinto da Zona Franca, (xa que o fai directamente o Consorcio da Zona Franca) sen embargo envioulles notificación para que pagaran o recibo do lixo do ano 2002 por unha cantidade de 199 € por empresa. Tendo recorrido e pedido a anulación, posteriormente reciben unha nova liquidación por 65,12 € sen aclaración ningunha. Recorren de novo e o Concello desestima o recurso, polo que deciden pagar para non incorrer en posibles recargas.

Solicitan que lles reintegren as cantidades pagadas.

### **SITUACIÓN**

Comunícase ó autor da queixa que, considerando o artigo 17 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, esta Institución do Valedor do Cidadán declárase incompetente para atender a queixa por estar pendente de resolución xudicial, vía contencioso-administrativa, no suposto de que quixese exercer tal dereito; de non ser así, quedaría resolto pola vía de resolución administrativa do Concello xa recaída e de acordo co disposto na Orde-



nanza Fiscal vixente, que nestes supostos aplica unha tarifa mínima de vivenda ó igual que aqueles establecementos e industrias que se atopen pechados ou sen utilización.

## REFLEXIÓNS

A Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo foi aprobada con carácter definitivo o 23/12/1989 e a súa última modificación tivo lugar o 26/12/2002. As Ordenanzas configúranse para normaliza-la actividade dos cidadáns que se integran nunha mesma comunidade. As entidades locais teñen por lei a obriga de servir con obxectividade ós intereses públicos, segundo o artigo 6 da Lei 7/1985, é dicir, ofrecer unha representación exacta dunha situación ou dun acontecemento.

O artigo 1.2 da subliñada Ordenanza establece que se entenderá de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódalas vivendas e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou doutros usos que estean en condicións de habitabilidade ou utilización, con independencia de que estean ou non habitados ou utilizados.

O artigo 5.1.4 aplica a tarifa mínima nos que, polas características dos residuos, a súa recollida estea contratada con empresa distinta do servizo municipal.

Estamos ante un suposto que o Concello considera solucionado pola súa parte, quedando o cidadán “obrigado”, se quere unha definición exacta da súa situación, a poñerse en mans da xustiza ordinaria cos atrancos correspondentes. A empresa en cuestión non recibe servizo ningún da entidade municipal, xa que a recollida da súa varredura realízase pola Zona Franca, segundo consta documentalmente. Págase por algo que non se recibe a cambio, é dicir, non se dá unha situación exacta dun acontecemento.

A xustiza positiva é a que proporciona adecuación e asentamento ás esixencias que resultan da vontade humana expresada en normas; estas, aínda sendo xustas, fallan en certos casos. É preciso ter en conta a equidade como fonte complementaria ou subordinada, ó non contemplarse a realidade dos supostos que abrangue; non se trata de medidas baseadas na suavidade senón na xusteza. Xa Aristóteles sinala que a equidade corrixe á lei na medida en que esta se mostra insuficiente por mor do seu carácter xeral.

Tamén o TS, 21/2/1917, adoutrinaba que a equidade é compañeira inseparable da xustiza.

## **RECOMÉNDASE**

Unha revisión dos artigos correspondentes da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola Recollida do Lixo.

O pagamento dun tributo tense que asociar coa prestación dun servizo, cousa que aquí non se dá, sendo esta unha situación propia das facendas locais.

## **EXPEDIENTE 28/2003**

### **ASUNTO**

Inundacións en vivenda ocasionadas por atasco dos canos a cargo da empresa concesionaria do abastecemento e saneamento.

O autor desta queixa, en representación do seu pai, solicita a mediación ante a empresa concesionaria AQUALIA-FCCVIGO U.T.E., que non contestou ós seus escritos.

Con data 8/09/2002 sufriu na súa vivenda unha inundación pola auga que procedía do bote sifónico e polo WC, deu aviso a un fontaneiro que tras facer un buraco no medio do corredor da vivenda dilles que o problema corresponde a AQUALIA, xa que os canos da vivenda están limpos. A continuación contactou con AQUALIA, que lle envía un camiión que procede a desatascar os canos, facturándolle polo traballo 134,50 €, dando o problema por resolto. Con data 14/10/2002 repítense os feitos, volve contactar con AQUALIA que envía outra vez o camiión tendo que aboar de novo a mesma cantidade.

Contacta con AQUALIA para esixir unha solución estable, fan unha apertura na rúa e non atopan o rexistro onde verten as augas. Por mediación do Sr. Concelleiro de Vías e Obras practícanse as obras necesarias e localízanse dous rexistros tapados polo asfalto, péchase o tráfico para a canalización correspondente e faise un novo rexistro fronte á vivenda do interesado.

Por parte de AQUALIA colócanse as baldosas da vivenda afectada, o que implícitamente indica que as inundacións débense a problemas externos á vivenda, polo que o interesado solicitou por dúas veces reclamación de gastos, de fontaneiro e das dúas facturas do camiión enviado por AQUALIA, sen recibir resposta.

### **SITUACIÓN**

Solicítase informe o 3/04/2003, reiterando a citada solicitude o 26/05/2003. Con data 8/07/2003, da Concellería de Vías e Obras remiten copia do informe da em-

presa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga do Concello de Vigo -Aqualia-.

Á vista do anterior, e ante a desconformidade do interesado, o 5/08/2003 expresámoslle á Concellería de Vías e Obras a situación que se deriva dun incorrecto funcionamento dun servizo público, o que con data 11/08/2003 se nos informou de que o interesado debe presentar reclamación patrimonial ante o Concello, do que se lle dá traslado ó interesado con data 26/08/2003, reclamación que se presentou o 24/09/2003.

## REFLEXIÓNS

Atopámonos ante un suposto que para chegar á conclusión dun posible funcionamento anormal dun servizo público requiriu dun ano de idas e voltas. O rendemento da Administración Local, obviamente, non está ligado á capacidade de dar unha resposta satisfactoria á demanda do cidadán no caso que nos ocupa. Demoras como esta provocan tamén situacións de exclusión social e polo tanto desacougo inxustificado.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade en relación co artigo 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.
- Máis axilidade, e polo tanto eficacia, para atallar situacións non provocadas polo cidadán.

## EXPEDIENTE 69/2003

### ASUNTO

Tema relacionado coa falta de rede de sumidoiro, coas dificultades para o baleirado da fosa séptica e cos problemas derivados desta situación.

O interesado expón que dende o ano 1992 vén solicitando a rede de sumidoiros ó Concello, sen que se teña realizado a acometida correspondente, aínda que a mesma foi aprobada en sesión do Concello do 15 de abril de 1999, solicitude que tamén realizou en numerosas ocasións a Aqualia, sen obter resultado ningún. Situación que lle ten ocasionado varias multas por non poder baleirar a citada fosa séptica.

## **SITUACIÓN**

Queixa recibida o 8/09/2003, solicitado informe o 18/09/2003, que se recibe o 16/10/2003, e do que se dá cumprida información ó interesado. No citado informe a Concellería de Vías e Obras, Auga e Saneamento remítenos copia do informe emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga –Aqualia–, no que se expón que, trala solicitude dos veciños, aprobouse o proxecto de construción do colector solicitado, pero que non se puido levar a cabo debido á oposición dos propietarios das finca por onde discorre o trazado, indicando ademais que os inmobles afectados poden evacuar as augas residuais ó colector instalado mediante o correspondente equipo de bombeo. Sen actuacións posteriores.

## **EXPEDIENTE 74/2003**

### **ASUNTO**

Tema sobre limpeza de dúas parcelas de propiedade municipal na demarcación nomeada Pertegueira; a maleza invade terreos de propiedade particular, con presenza de roedores. O interesado expón que con data 9/07/2003 solicitou a limpeza das citadas parcelas, e que non se levou a cabo.

### **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 30/09/2003, solicitouse informe o 2/10/2003 e reiterouse a citada solicitude o 29/10/2003, recibíndose o mesmo o 30/10/2003, dando cumprida información ó interesado o 3/11/2003; resultando realizada a limpeza solicitada.

### **RECOMÉNDASE**

Cumprimento da legalidade do Regulamento de Organización Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18.1).

## **EXPEDIENTE 75/2003**

### **ASUNTO**

Tema relacionado coa facturación que por AQUALIA se fai con respecto ó consumo de auga. Un cidadán consome realmente uns 15 m<sup>3</sup> en dous meses, nembargantes, a empresa subliñada factúralle o “mínimo” de 30 m<sup>3</sup> / bimestre.

## SITUACIÓN

Recibida a queixa o 30/09/2003, solicitouse informe a Vías e Obras o 2/10/2003, dende onde se lle deu traslado ó Departamento de Administración de Tributos, que o emite o 31/10/2003, e do que se dá cumprida información ó interesado con data 5/11/2003.

## REFLEXIÓNS

No informe solicitado por esta Institución faise precisión do seguinte: que alomenos, segundo a Ordenanza correspondente, resulta contradictorio que no artigo 4 (Base Impoñible) se declare que a mesma determinarase en función dos consumos efectivamente realizados polo contribuínte e, posteriormente, no artigo 5 (Tarifas) se diga que o consumo mínimo que se lle deberá facturar ós usuarios non poderá ser inferior a 15 m<sup>3</sup>/ mes. É claro que as tarifas non son técnica nin xuridicamente unha taxa ou un prezo público, senón un prezo privado, non esixible por vía de constrinximento e discutibles ante a xurisdicción civil. É de suma importancia manter unha eficacia notable na solución dos problemas sociais, máxime cando poidan dar lugar a situacións que puideran afectar ós intereses económicos dos usuarios por mor de cláusulas que se puideran cualificar de abusivas ou temerarias nos contratos derivados de concesión de servizos públicos.

Sen esquecer que medidas como a que se cuestiona poidan dar lugar a consumos non necesarios, o que vai en detrimento dunha axeitada política medio ambiental.

A resposta que figura no informe do Departamento de Administración de Tributos, entre outras precisións técnicas, indica que a cota mínima fixa (30 m<sup>3</sup>/ bimestre) ten por obxecto o establecemento dunha que permita a cobertura dos gastos orixinados polo mantemento, conservación e explotación do servizo. Continuando coa indicación de que o resultado estatístico de existencia de mínimos de consumo no noso país reflicte distintas actuacións, segundo se analice o norte da península ou o resto das zonas secas.

Por outra banda, subliña que a consecución de “igualdade de condicións” ou o logro do “obxectivo de equidade” cúmprese mediante o establecemento da cota fixa mínima que permite, por unha parte, a disposición dun consumo medio suficiente, e por outra, contribúe a repartir os custos fixos do servizo de abastecemento entre tódolos usuarios que dispoñen do mesmo. Máis adiante declara que se dá unha determinación dunha tarifa progresiva para consumos superiores a 30 m<sup>3</sup>.

Pola nosa parte, no ámbito das reflexións, e sen ánimo de desvirtualo informe técnico subliñado, insistimos en que a equidade é compañeira inseparable da xustiza, tal como se desprende da doutrina legal do Tribunal Supremo, xa dende hai máis de cen anos (21/2/1917); en 25/03/1915 declara tamén que “aequitas in dubio praevalet”, e en (22/12/1863) “debe restrinxirse o odioso e amplia-lo favorable”.

Creemos que a Ordenanza en cuestión non contempla a realidade dos supostos que abrangue, trátase de acadar medidas baseadas na xusteza e non na suavidade.

Supostos como este requiren unha análise da realidade, non só no tema do abastecemento de auga, senón tamén noutros supostos como a recollida do lixo, etc.; só se require un exercicio de sabenza cotiá da razón, que impida tratamentos iguais a situacións desiguais.

Por outra banda, precísase recordar o artigo 31 da Constitución Española, no que se impón a obriga de contribuír, por parte de tódolos españois, ó sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade, non estimando que esta se acade polo feito de utiliza-los criterios expostos no informe, e sen que a adecuación supoña unha quebra da consideración de taxas ás prestacións patrimoniais que establezan as Entidades Locais por prestación dun servicio público que non sexa de recepción voluntaria, xa que a realidade vén marcada por unha imposición dun caudal de consumo que algúns cidadáns non necesitan para a súa vida privada ou social.

Xa Mariani, na súa obra “Les chemins de le reforme administrative”, nun apartado arredor do desprezo do detalle, expón que na vida administrativa os detalles teñen unha importancia considerable, ata tal punto que ignoralos é orixe de moitos incidentes, perdas de tempo, consumo de enerxías inútiles, esixindo molestias ó administrado que puideran evitarse.

## **RECOMÉNDASE**

Se o pagamento dun tributo tense que asociar coa prestación dun servicio, é de xustiza, atendendo ós principios de igualdade e proporcionalidade, que a referida obriga sexa acorde co uso ou consumo que se faga do servicio prestado.

Sería adecuada unha revisión da Ordenanza Fiscal reguladora do mesmo.

## EXPEDIENTE 80/2003

### ASUNTO

Os interesados presentan queixa en relación coas inundacións que se producen nun garaxe dunha vivenda, situación que se vén producindo dende agosto do ano 2001. Teñen presentado escritos no Concello e na empresa concesionaria, xa que por causa da choiva prodúcense as citadas inundacións, ademais da entrada no mesmo garaxe de augas fecais.

Achegan escritos recibidos do Concello e da empresa concesionaria Aqualia. Por unha banda, a Xefatura de Vías e Obras explicitaba que o problema se pode achacar á falta de mantemento (limpeza) do colector que discorre pola mencionada rúa nos meses previos ó inverno; por outra, a empresa concesionaria declaraba que se tiñan efectuado operacións de limpeza, non detectando anomalías e que o problema é ocasionado pola incapacidade do colector en momentos de choivas fortes.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/10/2003, solicitado informe o 27/10/2003, recibido o 19/11/2003, no que se explicita tecnicamente que as inundacións se deben a unha falta de previsión no mantemento por parte da concesionaria. Dáse traslado ó interesado e na mesma data esta Institución insiste ante Vías e Obras para que se acometa, dunha vez por todas, a solución do problema.

### REFLEXIÓNS

Atopámonos ante unha situación dun funcionamento anormal dun servizo público, que ademais se vén repetindo dende hai tempo, sen intervención decisiva por parte do órgano municipal. Molestias causadas ó cidadán que non ve resoltas as súas incomodidades por mor dunha falta de claridade entre unha Administración Pública e unha empresa concesionaria dun servizo público, o que deriva nunhas actuacións insuficientes.

### RECOMÉNDASE

Exercicio eficaz e eficiente dunhas competencias municipais, que ó non ser desa condición derivan nunha falta da protección que requiren os dereitos dos cidadáns que afectan á calidade de vida. O interesado non ten que ver prexudicados os seus dereitos polas discrepancias xurdidas entre o ente público e a concesionaria do servizo público.





## **CAPÍTULO 2**

### **Benestar Social**

EXPEDIENTE: 4

#### **EXPEDIENTE 4/2003**

##### **ASUNTO**

O interesado nesta queixa dirixiuse a esta institución para expoñer que con data 19/12/2002 entregou á traballadora social do Concello a documentación solicitada co fin de obter unha subvención para unha prótese dental que lle fora rexeitada polo SERGAS.

Posteriormente a Xunta de Galicia infórmalle non ter recibido a documentación. Con data 13/01/2003 o interesado constatou que a súa documentación non fora tramitada porque a traballadora social estaba de vacacións.

Benestar Social infórmanos que o 24/07/2002 tivo rexistro de entrada na Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais a solicitude de Emerxencia Social con proposta de denegación porque, como fora informado o interesado, este supera os ingresos establecidos para obter a citada axuda, segundo establece a Lei 9/1991, de 2 de outubro, Galega de medidas básicas para a inserción social.

A traballadora social acompaña copia do documento remitido á Consellería de Asuntos Sociais (de solicitude de emerxencia). Este documento, segundo a traballa-

dora social, foi remitido á Consellería o 24/07/2002, pero ten data de 17/01/03, ten selo de saída do rexistro do Concello o 23/01/03, e ten data de entrada no edificio administrativo da Xunta o 24/01/03 (o documento ten rexistro de saída do Concello xusto despois de que se solicite informe por esta Institución).

Segundo escrito da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, de data 14/02/2003, a axuda foille rexeitada por superar o límite de ingresos previstos ó efecto. O interesado, achegando documentación relativa á súa capacidade económica como pensionista, non pretende ir contra a lexislación vixente reguladora deste tipo de axudas, e manifesta o seu interese en solicitar unha reflexión nos axustes económicos no futuro.

## **SITUACIÓN**

Por tratarse dun tema que soborde as competencias desta Institución, déuselle traslado de súplica ó Valedor do Pobo, segundo se deduce do artigo 14.c) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **CAPÍTULO 3**

### **Cultura e Deportes, Normalización Lingüística**

EXPEDIENTES: 42, 68

#### **EXPEDIENTE 42/2003**

##### **ASUNTO**

O interesado, en representación da Comisión de Clubs de Fútbol Sala de Vigo, expón que en reiteradas ocasións ten solicitado unha entrevista co Sr. Concelleiro de Deportes co fin de abordar a situación de discriminación, respecto doutras organizacións, que considera están a padecer. Non teñen recibido resposta do Sr. Concelleiro, polo que reiteran a través desta oficina o seu desexo de entrevistarse con el.

Engade que non solicitan subvencións económicas, senón que pretenden dispor de instalacións gratuítas para levar a cabo a actividade deportiva.

##### **SITUACIÓN**

Recibida a queixa o 19/05/2003, solicitouse informe o 22/05/2003, que se recibiu o 3/06/2003. No mesmo, o Sr. Concelleiro de Deportes expón que non teñen noticia da existencia desta comisión/asociación como tal, e postos en contacto co de-

legado da Federación de Fútbol Sala en Vigo, este indícalles que non é tal asociación, senón un grupo de clubs. Por outra banda, non se lles puido conceder data para unha entrevista por problemas de axenda, indicándoselles que en canto sexa posible reuniranse con eles.

Engaden que a Concellería de Deportes púxose en contacto co delegado da Federación de Vigo, indicándolle que nas vindeiras subvencións só recibirán axuda económica aqueles clubs que teñan categorías base, tal como ocorre nas demais modalidades deportivas.

Posteriormente reuníronse co presidente da Asociación para o Deporte de Base, que representa a máis de 100 clubs, chegando ó acordo de que na vindeira tempada, os clubs de fútbol sala, se ben non recibirán subvencións se non teñen categorías inferiores, si recibirán axudas económicas da Fundación Vigo Deporte.

Polo que se refire ás instalacións deportivas, o informe engade que ningún club de base paga instalacións deportivas municipais, si o fan os de categorías superiores.

Déuselle traslado do mesmo ó interesado o 5/06/2003, non existindo consulta ou actuacións adicionais por parte do interesado.

## **EXPEDIENTE 68/2003**

### **ASUNTO**

Tema presentado en nome da Mesa pola Normalización Lingüística, queixándose do non uso do idioma galego por parte do Sr. Alcalde.

### **SITUACIÓN**

Recíbese a queixa o 14/08/2003, solicitándose informe o 3/09/2003, que remiten o 22/09/2003, e do que se dá traslado da información ó interesado o 2/10/2003.

### **REFLEXIÓNS**

No escrito de solicitude de información sobre o tema de referencia faciase fincapé en que a Ordenanza de Normalización Lingüística, aprobada polo Pleno en se-

sión de 8 de novembro de 1998, reflicte no seu artigo II que se empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas e nas relacións cos cidadáns e coas entidades públicas sitas en Galicia.

Á vista do que se puntualizaba: “É obvio que o termo “normalmente” ten un significado concreto, cal é:

- De acordo coa norma establecida.
- Desprovisto de carácter excepcional.
- Común, corrente.
- Que serve de norma.
- Axéitase á orde”.

As Ordenanzas municipais ou regulamentos administrativos ou organizativos utilízanse para ordenar a actividade propia da Administración Municipal, xa cara dentro xa cara fóra, concluíndose pola doutrina que as ordenanzas poden ter carácter de regulamento independente sempre que non contradigan o determinado na lexislación básica, xa estatal xa autonómica, sobre da materia.

Por outra banda, chama a atención que o informe da Concellería de Patrimonio Histórico e Normalización Lingüística faise:

- 1) Sen soporte papel e sen cabeceira.
- 2) Sen asento do rexistro xeral (artigo 38 da Lei 30/1992 modificada pola Lei 4/1999; así como os artigos 151, 152, 153, 154, 155 e 156 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais).

## **RECOMÉNDASE**

Cumprimento estricto da legalidade organizativa dunha actividade pública.



## **CAPÍTULO 4**

### **Economía e Facenda**

EXPEDIENTES: 2, 5, 13, 24, 35, 41, 48, 59, 63, 76

#### **EXPEDIENTE 2/2003**

##### **ASUNTO**

A interesada recibiu notificación do Departamento competente do Concello sobre débeda relativa ó concepto de Plusvalía. Con data 8/01/2003 solicita a intervención desta Institución para que medie ante o Concello de Vigo a fin de obter o aprazamento e/ou fraccionamento do pago da citada débeda, alegando non poder facer fronte ó pago doutro modo.

Con data 13/01/2003 solicitamos informe á Alcaldía, para os efectos de acadar o aprazamento interesado, recibindo a comunicación correspondente por parte da Unidade de Recadación Executiva do Concello, na que se nos indicaba que a interesada non instara solicitude ningunha de fraccionamento ou aprazamento da referida débeda, e para que proceda ó citado fraccionamento ou aprazamento é necesaria previa solicitude do interesado, engadindo ademais, que de acordo co artigo 39 da Ordenanza Xeral do Concello de Vigo, o prazo máximo concedido para o fraccionamento da débeda é de 18 meses, e un ano para o caso dos aprazamentos.

## **SITUACIÓN**

Dado o tempo transcorrido sen actuacións adicionais, estímase solucionada a petición de aprazamento segundo o artigo 39 da Ordenanza Xeral correspondente.

## **EXPEDIENTE 5/2003**

### **ASUNTO**

A interesada formulou reclamación alegando que o Concello, sen previo aviso, embarga unha conta da que é titular, reclamándolle un recibo do I.A.E. do ano 1999 do seu marido que, segundo ela, dérase de baixa en maio do mesmo ano.

Unha vez admitida a trámite a queixa, recibíuse informe da unidade correspondente da Administración de Tributos do Concello, do que se lle deu traslado á interesada, informe que sinala que o marido da interesada causa baixa en maio de 1999 e que, en cumprimento do artigo 90 da lei 39/88, o contribuínte debe aboar o recibo emitido e solicita-la devolución de ingresos indebidos polo importe correspondente ó terceiro e cuarto trimestre do exercicio de 1999.

## **SITUACIÓN**

Non existe actuación posterior, polo que se entende que o tema formulado está solucionado ou en vías de solución.

## **EXPEDIENTE 13/2003**

O interesado no seu escrito de queixa indícanos que lle foi embargada na súa conta unha cantidade por diversos conceptos polo Concello. Non recoñece a cantidade correspondente a un deses conceptos, o I.A.E., por terse dado de baixa a metade de ano (o 30 de xuño). Considera que só debería pagar a parte correspondente a esa metade do exercicio e non a totalidade.



## **SITUACIÓN**

Solicitado informe o 27/02/2003, recíbese o mesmo con data 11/04/2003, onde o Negociado de Actividades Económicas nos indica que con data 19/03/2003 xa lle foi contestada a solicitude ó interesado, indicándolle que de acordo co artigo 90 da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, pode solicitar a devolución dos trimestres 3º e 4º, se o mesmo tivese feito efectivo o pago do referido exercicio.

Non existindo actuacións adicionais, enténdese solucionado o tema obxecto da queixa.

## **EXPEDIENTE 24/2003**

### **ASUNTO**

Queixa presentada por mor de non ser atendida a solicitude, en tempo, de domiciliación bancaria modificada, en relación co pagamento dos tributos periódicos.

O interesado expón que o 19/09/2002 dirixiu escrito ó Concello no que informaba do cambio dos seus datos bancarios para a domiciliación do pagamento dos tributos. No mes de novembro ó non recibir na súa conta bancaria os cargos correspondentes ó pago do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana, e coñecer que os recibos foran cargados na súa antiga conta bancaria –e por tanto devoltos-, compareceu nas oficinas do Concello co obxecto de facer o pagamento, onde lle comunican que ten que aboalos con recargo porque a comunicación do cambio de conta foi feita fóra de prazo.

Considera que tería que haber sido avisado deste punto con anterioridade (en todo caso, cando comunica o cambio de conta), e solicita que se lle devolva o importe do recargo.

## **SITUACIÓN**

Queixa recibida o 20/03/2003, da que se solicita o preceptivo informe o 21/03/2003, reiterado con data 26/05/2003, recibíndose a resposta da Concillería de Economía e Facenda o 29/05/2003, na que nos indica que segundo a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, a data límite para os cambios de domiciliacións do exer-

cicio 2002 rematara o día 15/06/2002, polo que o interesado realizouno fóra de prazo, non producindo efecto para o ano 2002. Información da que se lle dá traslado ó interesado o 4/06/2003, no que se lle detallan os prazos subliñados na Ordenanza Fiscal Xeral.

Non habendo actuación posterior, enténdese que o tema se dá por concluído.

## **RECOMÉNDASE**

Cumprimento da legalidade recollida no artigo 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 35/2003**

### **ASUNTO**

Queixa presentada con data 6/05/2003 en relación coa pensión alimenticia a satisfacer por un funcionario municipal. O motivo da queixa vén dado pola falta de axilidade por parte do Concello.

A interesada expón que, segundo auto do xulgado de Familia, se lle vén efectuando unha retención ó seu ex-marido, funcionario do Concello de Vigo, en concepto de pensión alimenticia para o fillo de ambos. Alega ter presentado queixa no Concello, non recibindo contestación ou solución ningunha, porque tódolos anos ten que achegar certificación do IPC do ano anterior para que o Concello revalorice a cantidade a reter, cando deberían facelo de oficio; ademais a revalorización faise cando a interesada presenta a certificación, polo que non se teñen en conta os atrasos, xa que non se aplica con carácter retroactivo.

### **SITUACIÓN**

Solicítase informe con data 14/05/2003, que foi rendido o 21/05/2003 e recibido o 2/06/2003. No mesmo, a Interventora do Concello informounos que as revalorizacións realízanse correctamente e da maneira máis áxil posible, en canto o dato do IPC é publicado polo Instituto Nacional de Estatística, se é posible na nómina do mes de xaneiro, senón na de febreiro máis a desviación correspondente ó mes de xaneiro.

Con data 2/06/2003 déuselle traslado do mesmo á interesada. Non dándose consultas ou actuacións posteriores.

## EXPEDIENTE 41/2003

### ASUNTO

O interesado expón que en outubro de 1992 recibe comunicación pola que se lle imputa un pagamento do IAE que supón un incremento do 977% con respecto ó réxime anterior (Licencia Fiscal). Como consecuencia o interesado dáse de baixa na Axencia Tributaria da actividade profesional do citado imposto por considerar este excesivo. O 14/10/1992 presentou reclamación pola suba, que lle foi contestada cunha rebaixa substancial na contía do imposto.

O 19/05/1999 recibe providencia de embargo de bens e o 9/04/2003 recibe comunicación da súa entidade bancaria de Retención por Dilixencia de Embargo.

Considera que debeu ser informado antes do comezo do ano fiscal da suba do imposto (e non en outubro como de feito sucedeu), para decidir si consideraba conveniente ou non exercer a actividade profesional. Ademais alega que, en todo caso, a débeda estaría prescrita.

### SITUACIÓN

Queixa formulada o 14/05/2003, solicitouse informe o 22/05/2003, que se recibiu o 29/05/2003. A Administración de Tributos indícanos no seu informe que durante os anos 1992 e 1993 as baixas no citado imposto non tiñan efectos trimestrais, senón anuais, polo que a cantidade resultante é axustada a legalidade vixente. A liquidación recorrida polo suxeito pasivo foi rectificada pola Administración Tributaria por aplicárselle unha bonificación do 50% por ser o cuarto ano de actividade (vixente a denominada Licencia Fiscal). Esta 2ª liquidación non foi recorrida en período voluntario polo solicitante.

Respecto ó tema da prescrición, o Departamento de Recadación Executiva fai unha relación coas seguintes datas: o 14/02/1995, prodúcese a notificación de constrinximento do recibo sinalado; o 14/06/1999, notifícase ó interesado a providencia de embargo e o 14/04/2003 é practicada a dilixencia de embargo. Polo que non se produce a prescrición alegada, xa que as actuacións realizadas interrompen tal prescrición, segundo establece o artigo 64 da “Ley General Tributaria”.

Con data 4/06/2003 déuselle traslado do mesmo ó interesado, non existindo consultas ou actuacións adicionais por parte do mesmo.

## EXPEDIENTE 48/2003

### ASUNTO

Tema sobre reclamacións presentadas reiteradamente en relación cos recibos do IBI. A interesada presenta queixa ante esta oficina en relación a unha finca da súa propiedade. A cualificación urbanística da mesma a efectos de valoración catastral do IBI, segundo o Plano Xeral de Ordenación Urbanística do ano 1988, é a de zona industrial, pero segundo o Plano do ano 1993 a cualificación da mesma sería a de zona industrial, cultural e social, e de zonas verdes.

A interesada, a partir de 1993 solicita que se dea unha cualificación única a finca, preferentemente como vivenda unifamiliar, conforme ás valoracións das demais fincas do contorno, xa que ese é o uso ó que se destina. Solicita ademais que se lle pase un recibo do IBI conforme a unha cualificación urbanística xusta.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/06/2003, e solicitado informe o 24/09/2003, recíbese o 2/10/2003, do que se lle dá cumprida información á interesada con data 8/10/2003. Non existindo consultas ou actuacións adicionais por parte da interesada.

## EXPEDIENTE 59/2003

### ASUNTO

O interesado indícanos que con data 17/06/2003 foille embargada na súa conta corrente a cantidade de 112,44 € por parte do Concello de Vigo correspondente ó pago do Imposto de Vehículos dos anos 2000 e 2001. Con posterioridade, o día 8/07/2003 recibiu notificación do citado embargo. Considera que tal actuación colócao nunha situación de indefensión.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/07/2003, solicitouse informe con data 14/07/2003, recíbese o 18/07/2003, do que se lle dá cumprida información ó interesado o 22/07/2003. No informe, a Unidade de Recadación Executiva da Tesourería indíca-

nos que os recibos do I.V.T.M. correspondentes ós anos 2000 e 2001 non foron pagados en período voluntario, polo que se iniciou o período executivo de acordo co artigo 97 do Regulamento Xeral de Recadación. Engade que en datas 1/06/2001 e 30/10/2002, fóronlle notificadas ó interesado as preceptivas providencias de constrinximento dos citados recibos –achegan copia das notificacións entregadas persoalmente ó interesado–.

Non existindo actuacións posteriores sobre o tema obxecto da queixa.

## **EXPEDIENTE 63/2003**

### **ASUNTO**

Tema relacionado coa exención do Imposto de Circulación por tratarse dun usuario con minusvalía.

O autor desta queixa expón que ten presentado na Administración de Tributos do Concello de Vigo solicitude de exención do pago do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica dada a súa condición de minusválido, indicando que o vehículo é conducido tanto por el como pola súa muller, quen tamén ten a condición de minusválida.

A citada solicitude foille denegada, segundo notificación ó interesado da Administración de Tributos, por non cumprir os requisitos establecidos no artigo 94.d) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, modificado pola Lei 51/2002, de 27 de decembro, e artigo 5.a) da Ordenanza Fiscal Reguladora do citado Imposto.

O interesado acompaña copia da solicitude e contestación da Administración de Tributos, así como da póliza de seguro do vehículo e dictames da Consellería de Sanidade e Servicos Sociais certificando a minusvalía tanto do interesado como do seu cónxuxe.

### **SITUACIÓN**

Queixa recibida o 16/07/2003. Solicitado informe, previa reclamación de documentos ó interesado, o 11/08/2003, que se recibe o 2/09/2003 e do que se dá cumprida información ó interesado o 3/09/2003, facendo precisión do derradeiro trámite a realizar como elemento substancial para a revisión do seu expediente polo Departamento Municipal correspondente. Non existindo actuacións posteriores sobre o tema obxecto da queixa.

## EXPEDIENTE 76/2003

### ASUNTO

A interesada presenta queixa por mor da subida considerable no imposto sobre Bens Inmóbles no rural vigués, aumento que nalgúns casos supón practicamente duplicar o recibo de anos anteriores. A suba vén provocada polo incremento do valor catastral de inmóbles e solo.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/09/2003, recibíndose o informe, sen petición previa, o 6/10/2003, do que se lle deu cumprida información á interesada o 8/10/2003. A Dirección de Ingresos no seu informe remítenos á súa vez copia dun informe da Xefa do Negociado de Tributos Inmobiliarios; ámbolos dous informes coinciden ó explicar que a fixación do valor catastral é un acto regulado da Xerencia Territorial do Catastro dependente do Ministerio de Economía e Facenda, segundo establecen os artigos 78 da Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, e artigo I da Lei 48/2002, de 23 de decembro, do Catastro Inmobiliario. Polo que o Concello unicamente aplica o tipo impositivo establecido na Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles ó valor catastral notificado pola Xerencia Territorial do Catastro, non tendo aquela competencia ningunha para a modificación do valor catastral.

Segundo a Xerencia Territorial do Catastro, en relación co suposto concreto que nos ocupa, con data 31/07/2002 procedeuse a rectificar a valoración da parcela da interesada pasando, como figuraba, de “uso propio-almacenamento” con 249 m<sup>2</sup> a “uso residencial” con 413 m<sup>2</sup>, o que repercutiu no valor catastral asignado ó inmóble.

Non existen actuacións posteriores.

## **CAPÍTULO 5**

### **Medio Ambiente**

EXPEDIENTES: 12, 18, 37, 49, 60, 71

#### **EXPEDIENTE 12/2003**

##### **ASUNTO**

O interesado presenta queixa na Delegación do Instituto Galego de Consumo da Xunta de Galicia, quen por razóns de competencia dáunos traslado desta reclamación.

O interesado, en calidade de presidente dunha Comunidade de Propietarios da rúa Manuel Núñez, manifesta que a Comunidade do edificio que representa vén sufrindo o vertido de augas residuais e fecais procedente das fachadas das rúas Gil e Ronda de Don Bosco. Segundo puideron comprobar (a través de inspeccións realizadas por técnicos), o vertido que afecta á fachada da rúa Gil provén dun establecemento comercial próximo, vertidos que se producen tódolos días agás o luns, día de peche do local, feitos que foron comunicados á representante legal da propiedade do local e tamén á persoa encargada do negocio, sen recibir resposta ningunha ó respecto.

##### **SITUACIÓN**

Con data 27/02/2003 deuse traslado da queixa á Concellería de Infraestructuras e Medio Ambiente, solicitando información sobre o tema. Ante a falta de resposta ó respecto reiterouse a petición con data 9/03/2003.

Con data 28/08/2003 recíbese informe dende o Negociado de Sanidade, no que se determina que a denuncia con referencia ó establecemento debe ser competencia da Delegación de Sanidade da Xunta de Galicia ou, no seu defecto, da xurisdición ordinaria e que en canto ás filtracións procedentes da Rúa de Don Bosco, con data 16/01/2003 foille requirido informe á empresa concesionaria do servizo de saneamento e ata a data non houbo resposta.

Á vista do subliñado, respondéuselle á Consellería de Sanidade, manifestándolle o noso desacordo coa resposta:

- Por unha banda, a evacuación das augas residuais procedentes do local podería ter acollida na Ordenanza municipal reguladora dos vertidos non domésticos de augas residuais.
- E por outra, respecto ó vertido de augas fecais, dise que foi solicitado informe o 16/01/2003, e non recibido en 26/08/2003, superando, con moito, a prudencia e a eficacia administrativa.

Con data 15/10/2003 solicítase informe para comprobar a situación actual.

## REFLEXIÓNS

É obvia a falta de coordinación entre administracións, principio básico en toda organización pública; a coordinación é, en primeiro lugar, un problema de autoridade e, en segundo lugar, unha convicción de servizo mutuo. A propia Lei 7/1985 considera a cooperación como un mecanismo de relación ordinaria e a Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común expón que a eficacia nas Administracións Públicas resulta un principio activo, non só desexable, senón indispensable no seu funcionamento, configúrandose como un principio que debe presidir o exercicio de tódalas competencias compartidas ou das que se exercen sobre o mesmo espazo físico.

É de subliñar que, segundo o TS (214/1989), fronte a voluntariedade da cooperación, toda coordinación implica un poder de dirección, consecuencia da superioridade en que se coloca quen coordina.

## RECOMÉNDASE

- Máis axilidade na xestión que, en supostos como este, levarán sen dúbida á eficacia e ós rendementos que toda actuación pública debe acadar.



- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## EXPEDIENTE 18/2003

### ASUNTO

A interesada, en calidade de presidenta da Asociación Veciñal Consumidoras/es e Usuarías/os “Val do Fragoso” de Vigo, expón que no barrio que representa está afincada unha planta clasificadora de residuos sólidos que produce malestar na veciñanza polos malos olores que provoca, ademais da acumulación de material diverso nas beirarrúas.

### SITUACIÓN

Solicitouse informe o 5/03/2003, reiterouse o 30/04/2003, de novo o 14/07/2003 e aínda o 6/08/2003, recibíndose o 23/09/2003. Dado que o mesmo indica que as dilixencias non están completas, reitérase información adicional o 22/10/2003. Non existindo resposta a 31/12/2003.

### REFLEXIÓN

O informe recibido o 23/09/2003 indícanos a “existencia dun forte cheiro e non poden observar se a planta conta cun sistema de recollida de augas da choiva e de lavado, e se procede a pasalas por un separador de aceites graxas, debido á cantidade de colectores almacenados, e o xefe de loxística tamén o descoñece. Debido a que a persoa responsable da oficina está de vacacións non poden presentar a documentación: licencia de apertura, autorización de vertido”.

É evidente que as comprobacións ou non da existencia legal dunha actividade, denunciada en febreiro de 2003, non deben atoparse pendentes do aproveitamento das vacacións (setembro de 2003) dun empregado da empresa.

A Constitución Española nos artigos 9 e 10 consagra os principios de legalidade e eficacia na actuación da Administración Pública. Téñense que evitar as actuacións insuficientes e axiliza-los trámites legalmente previstos; a xestión que lle é propia debe exercerse eficazmente, máxime cando a mesma ten por obxecto preservar os dereitos constitucionais dos cidadáns afectados en concreto polos seus dereitos ó medio ambiente adecuado, á calidade de vida, á saúde e ó descanso.

## **RECOMÉNDASE**

- Cumprimento da legalidade que se desprende do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.
- Cumprimento da legalidade derivada do principio de actuación conforme ás normas de economía, celeridade e eficacia.

## **EXPEDIENTE 37/2003**

### **ASUNTO**

O interesado, en calidade de presidente dunha Comunidade de Propietarios da rúa Celso Emilio Ferreiro, expón que no baixo comercial do edificio que representa instalouse unha igrexa sen ter cumpridos os requisitos esixidos pola lei, ocasionando moitas molestias ós veciños, en especial en canto a ruídos, incumprindo as Ordenanzas Xerais de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica.

### **SITUACIÓN**

Solicitado informe o 20/05/2003 e reiterado o 29/07/2003 e o 17/11/2003, recíbese resposta na que se di “non existen antecedentes sobre a denuncia segundo os arquivos documentais e informáticos deste departamento de Medio Ambiente. Con esta data remíteselle á Policía Local a súa documentación para que informen ó respecto”.

### **REFLEXIÓNS**

Resulta que as peticións reiteradas (1º e 2º) figuran nesta Institución como recibidas na oficina de Medio Ambiente, segundo nota Interior nº 12597C, de data 29/07/2003.

## **RECOMÉNDASE**

- Cumprimento da legalidade regulamentaria, segundo o previsto no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 49/2003**

### **ASUNTO**

Tema relacionado cos ruídos procedentes dun local destinado a discoteca. O interesado solicita un estudio da situación do Pub do que é propietario, xa que sofre dende hai anos un exhaustivo control en canto ós ruídos que xera, considerando que non procede xa que cumpre tódolos requisitos de apertura e ten insonorizado o local ata 65 dB, cousa que non sucede con diversos locais que se atopan nos baixos do mesmo edificio sito na rúa Pontevedra.

### **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 4/06/2003. Admitida a trámite a queixa, con data 19/06/2003 solicitamos á Concellería de Medio Ambiente e á Asesoría Xurídica do Concello de Vigo que nos facilitasen información da relación de expedientes sancionadores incoados ó Pub propiedade do interesado e o estado de tramitación dos mesmos.

Con data 9/07/2003 recibíuse escrito remitido pola Asesoría Xurídica do Concello indicándonos que se atopa interposto recurso contencioso-administrativo contra unha resolución do Sr. Concelleiro-Delegado de Infraestructuras e Medio Ambiente, non recaendo sentenza ata aquel momento. Engade que calquera outra información débese solicitar ó servizo responsable da tramitación do expediente, Medio Ambiente.

Con data 8/09/2003 recibíuse informe remitido pola Concellería de Medio Ambiente. Dado que, segundo a documentación achegada, resulta un tema suxeito a procedemento xudicial, declárase en virtude do artigo 17.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, excluído da competencia desta Institución.

### **REFLEXIÓNS**

A pesar de ser un tema excluído da competencia desta Institución, considérase oportuno que por parte do Concello se realice un estudio acerca dos outros pubs situados na rúa Pontevedra, en concreto, dos que están no baixo do mesmo edificio; por unha parte, para saber se posúen a preceptiva licenza para tal actividade, e por outra, para realiza-la medición dos ruídos producidos polos citados pubs.

## EXPEDIENTE 60/2003

### ASUNTO

Queixa sobre as molestias ocasionadas pola Estación Depuradora de Augas Residuais de Vigo.

O autor desta queixa, en representación dun total de cen veciños das parroquias de Coruxo, San Paio de Navia e San Andrés de Comesaña, expón que no ano 1996 instalouse a Estación Depuradora de Augas Residuais de Vigo, e que do seu funcionamento véñense padecendo unha serie de molestias debido ós cheiros producidos pola planta. Engaden que teñen encargado a técnicos a avaliación do problema, que concluíron que ten unha solución técnica posible.

### SITUACIÓN

O 15/07/2003 recíbese a queixa, solicitándose informe o 16/07/2003 á Concellería de Medio Ambiente, que por non recibido reitérase o 13/08/2003. Recíbese o 16/09/2003, do que se dá traslado ós interesados o 18/09/2003.

Pola nosa parte encárgase outro informe técnico exterior que se recibe o 25/11/2003 e do que se dá cumprida información ós afectados o 26/11/2003.

### REFLEXIÓNS

No informe da Concellería de Medio Ambiente faise un relatorio, a partir do 7/07/2003, en relación cun vertido, así como a falta dunha das válvulas hidrostáticas e o eixe do dixestor nº 1 que ocasionou un escape de “fango” (lama) ó exterior, informándose ós afectados do procedemento a seguir en caso de reclamacións. Un día despois, persoal técnico municipal interesa da concesionaria o calendario dos mantementos das plantas de tratamento de augas residuais e outra documentación. Seguen unha serie de relatos en relación con diversas reunións (afectados, autoridades municipais, etc.), continuando coa data de 14/08/2003 na que se realiza unha visita de inspección polo servicio de Calidade Ambiental de Pontevedra na que resulta:

- Durante a visita non se atopan acúmulos de lodos á intemperie.
- Existen tres puntos con fortes cheiros correspondentes á zona onde se realiza o desengrase e desareado que se atopa ó aire libre, á zona de decirculación de lamas procedentes dos decantadores secundarios tamén ó aire libre e á zona onde se secan as lamas, este último situado a cuberto.

- O xefe da planta manifesta que, con relación ós fortes cheiros, nos últimos anos véñense rexistrando unha sorte de problemas debido á grande acumulación que se produce no pozo de lamas, e que os traballos de limpeza duraron aproximadamente 18 días, que dende o 2 de agosto non se volveron a recircular as lamas cara á liña de cabeceira, e que nun prazo máximo dun mes a situación estará normalizada.

Posteriormente, dáse exposición do informe do Servicio de Demarcación Sur de Augas de Galicia, no que se di que o 14 de agosto se comproba que o estado e o funcionamento das instalacións é correcto; que dende o 17 de xullo ata o 29 do mesmo mes deixáranse de retirar lamas do EDAR co fin de extraer areas do pozo de lamas dixeridos. Estas lamas re-circúlanse coa liña de auga, polo que se acumulan cantidades de lama que exceden os parámetros que se consideran admisibles, como consecuencia disto prodúcense malos cheiros en diversas zonas, que en condicións normais non cheiran.

Faise logo un relato das fases de construción da EDAR. Dende o seu comezo observouse unha gran cantidade de areas (1999) que paran todo o proceso, chegando a acumularse nos dixestores e no pozo de lamas dixeridos. Para paliar ese efecto, nunha segunda fase (2001) construíuse un pozo de grosos e instalouse un filtro á entrada das lamas primarias ó espesador. Ata a data a concesionaria limpou o pozo de lamas dixeridos en tres ocasións: outubro de 1999, xaneiro de 2001 e xullo de 2003. No segundo período observouse 29 meses, estimándose que se deixou transcorrer demasiado tempo sen limpa-lo pozo das lamas dixeridas e, polo tanto, víronse obrigados, en condicións extremas, a para-la liña de lamas no peor momento. Consideran, finalmente, que as instalacións da EDAR son as axeitadas, que o seu funcionamento é o correcto, que as medidas correctoras da segunda fase foron as axeitadas. Nembargantes, estima que a limpeza do pozo de lamas dixeridos debería terse realizado durante o pasado inverno e, dese xeito, evitaríase esta desagradable situación.

Por outra banda, e con data 10/09/2003, o Concello encarga a realización dunha auditoría do mantemento da EDAR.

Ante a situación, esta Institución encargou un informe técnico que trala identificación dos problemas (cheiros, presenza de areas nas lamas, almacenamento de lama dixerido, pantalla vexetal, peirao de carga de residuos, control de caudais de entrada) procede á análise das alternativas e proposta de melloras sobre de:

- Control e tratamento de cheiros, formular unha actuación dobre baseada na contención dos gases e o seu tratamento. Proponse o confinamento dos gases dentro dos recintos onde se producen e a súa conducción, mediante aspira-

ción forzada a unhas instalacións de tratamento antes de evacualas á atmosfera (biofiltros de materia vexetal).

- Presencia de areas nas lamas (a razón desta é que presentan un tamaño moi fino, quedando retidas nos decantadores primarios e non nos desareadores, extraéndose polo tanto xuntamente coas lamas primarias), e de que os volumes que chegan á planta son o dobre que os dunha depuradora tipo. Obsérvase ademais que a falta de espazo para instalar novas unidades de desareado convencionais obrigará a considerar a posibilidade de ampliación da planta e analizar outras propostas tecnolóxicas que estean a disposición.

Conclúese que existen carencias importantes que implican afeccións non desexables no contorno (os cheiros), sendo os criterios de investimento do Concello e da Xunta de Galicia os que permitan a desaparición das afeccións.

Por outra banda, precísase anotar a opinión do Director do Servicio de AQUA-LIA, no seu relatorio do XVIII curso de Saúde Ambiental (1 a 5 de decembro de 2003), na que se explicitan, entre outras, as seguintes consideracións:

A EDAR de Vigo só conduce o 90% dos vertidos xerais do ámbito, zona cunha elevada densidade de poboación, con máis de 450 vivendas nun radio de 500 metros ó redor da mesma.

A Xunta de Galicia realizou unha serie de obras tendentes fundamentalmente á ampliación da capacidade de tratamento secundario, sen acometer pequenas melloras solicitadas polo Concello.

Nestes dous últimos anos tense detectado unha elevada presenza de areas nunhas cantidades de ata un 400% superiores ó habitual neste tipo de instalacións. Segundo á análise, máis do 80% da area que chega á planta é dunha granulometría inferior a 0,2 mm. Ámbalas circunstancias non habituais en EDAR, representan un forte hándicap para a explotación. Esta circunstancia repercute de forma indirecta nun incremento das molestias xeradas polos cheiros no contorno. O cerramento e o tratamento dos cheiros son actuacións que xa se tiñan que ter tomado na EDAR LAGARES, do que non dispón na súa maior parte.

Están previstas unha serie de actuacións que conduzan a un axeitado tratamento e distribución, e considera que se deben afrontar con prioridade as melloras tendentes ó tratamento de cheiros e á extracción das areas anteriores ós procesos fundamentais de tratamento.

Pola nosa parte é obvio dicir que calquera feito público pode producir alarma social, como no suposto que nos ocupa; xorden as interrogantes:

- ¿construíuse a EDAR conforme ós modelos precisos á súa finalidade?

– ¿os técnicos municipais que revisaron as instalacións, deron a súa conformidade en relación coa idoneidade da planta?

Na práctica realidade atopámonos cun expoñente claro dun funcionamento anormal dun servizo público que ten que ser rectificadо prioritariamente e con resarcimento dos danos causados.

A lexitimidade das corporacións locais vén dada polos rendementos; esta condición está ligada intimamente á capacidade para dar resposta ás demandas do contorno, é dicir, a mellora da situación material dos afectados. Estamos ante un feito que supón unha falta de eficacia da Administración Pública, probablemente ante unha situación ilegal e, cando menos, totalmente insuficiente. A Administración Pública ten asignado constitucionalmente un carácter instrumental que promove as condicións para que os dereitos do cidadán sexan efectivos.

A moderna ciencia da administración concibe e explicita a función administrativa como unha cadea sen fin; trátase de acadar a unidade de acción na procura dun propósito. Dese xeito, proclámase que a coordinación é, en primeiro lugar, unha convicción de servizo mutuo. O Tribunal Supremo (1989) proclama que fronte á voluntariedade da cooperación, toda coordinación implica un certo poder de dirección, consecuencia da superioridade en que se sitúa quen coordina.

Pero neste tema nótase ademais un forte esvarón no ámbito do principio de cooperación. A Lei 7/1985 (LBRL) utiliza o termo en distintas ocasións e non sempre coa mesma vontade; de xeito que, unhas veces, é un principio básico, noutras, non é máis que unha técnica de relacións, e noutras, non é máis que unha función. Como técnica administrativa, o concepto responde á libre vontade de actuar conxuntamente con outros co obxectivo de acadar determinados fins que son comúns para os cooperantes; a lei concíbeo como o mecanismo de relación ordinario entre o ente local e os outros entes territoriais situando no centro das relacións interadministrativas un dos principios do federalismo cooperativo. A propia Lei de Réxime Xurídico e do Procedemento Administrativo Común (Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999) na súa eloxiable exposición de motivos (parágrafo IV) declara que a eficacia nas Administracións Públicas fai que a cooperación entre elas resulte un principio activo no seu funcionamento; vén a consideralo non só como un deber, senón como un principio que debe presidir o exercicio de tódalas competencias compartidas ou das que se exerzan sobre o mesmo espazo físico e por tanto está previsto que presida toda a actuación local.

Supostos como o que nos ocupa non só producen alarma social, senón que tamén son un claro expoñente da exclusión e da falta de cohesión social, ó deixar nunha situación lamentable a colectivos de cidadáns.

A visión xeral que hoxe ten o cidadán con respecto ós seus Concellos non é positiva; só un de cada cinco declara que o Concello administra ben o diñeiro de que dispón. Son numerosos xa os entes locais que actualmente teñen en funcionamento planos de calidade na procura de acada-la satisfacción dos seus clientes, externos e internos, profesionalizando a xestión, mellora de procesos e formación continua do persoal.

O proceso plásmase na Axenda Local-21, da que se deduce que o desenvolvemento sostible só se acada a nivel local; a cidade, a vida urbana constitúense na clave. Son notables os detrimentos dos problemas sociais puros e, neste caso, atácase sensiblemente o medio ambiente, no que é preciso citar outros aconteceres como: fases do ciclo hidrolóxico, contaminación das augas subterráneas, superficiais e marítimas, contaminación do solo, vertidos, deterioro da zona marítimo-costeira. Neste "hábitat" o cidadán é o auténtico coñecedor e receptor directo da situación, así como da xestión que dende o seu goberno local se vén executando.

A "Cumbre de Johannesburgo" (2002) inclinou a balanza ó redor de criterios non atendidos especificamente nas conferencias anteriores (Hannover, Aalborg, Rio de Janeiro) cales son a auga, o saneamento, a saúde, a agricultura e a biodiversidade.

Hoxe promóvense outras realidades que permiten adiantarse ás necesidades cidadáns: administracións innovadoras, aplicando as novas tecnoloxías á xestión, administracións inmediatas e eficaces que permiten ó cidadán sentirse cooperador do propio cambio (Zaragoza, Alcobendas, Castilla León, etc.).

A doutrina do Valedor do Pobo é clara e contundente: exercer eficazmente as competencias municipais que teñan por obxecto a preservación dos dereitos constitucionais do cidadán afectado polos ruídos, en concreto polos dereitos ó medio ambiente adecuado, á calidade de vida, á saúde, ó descanso.

## RECOMÉNDASE

Actuación inmediata para resolve-los fallos na EDAR-Vigo e acción de oficio para unha canalización axeitada e urxente no ánimo de resarcimento de danos ós afectados.

## EXPEDIENTE 71/2003

### ASUNTO

O interesado, en calidade de presidente dunha Comunidade de Propietarios da rúa Alfonso XIII, expón que os veciños do citado inmovible veñen padecendo dende



hai máis dun ano unha grave contaminación acústica, debido á actividade no baixo do inmoble dun Pub.

En data 21/02/03 presentaron denuncia por mor destes feitos na Concellería de Medio Ambiente, non tendo recibido resposta ningunha e ante a pasividade do Concello, con data 8/08/03, interpuxeron nova denuncia. Expoñen ademais que se fixeron as medicións sonométricas precisas.

## SITUACIÓN

Queixa recibida o 16/09/03, con data 18/09/03 solicitamos informe a Medio Ambiente. Reiterada a solicitude con data 28/10/03, recibíuse o 25/11/2003, dándose traslado da información o 27/11/2003. Tema sen solucionar, estando pendente do exame das novas alegacións feitas con data 7/10/2003 polo propietario. Requírese nova información o 3/12/2003, sen resposta en data 31/12/2003.

## REFLEXIÓNS

As competencias municipais que teñan por obxecto a preservación dos dereitos dos cidadáns, teñen que exercerse coa máxima eficacia. O ruído é unha das contaminacións máis insidiosas, que afecta non só á saúde física, senón que tamén é causa de trastornos psíquicos importantes.

O artigo 45 da Constitución Española destaca o deber de defende-los dereitos que derivan do medio ambiente. Dentro deste medio, o ruído é fonte permanente de perturbación da calidade de vida; ó sobordar os límites permitidos e tolerables, ponse en perigo grave e inmediato a saúde. A máis recente lexislación europea neste ámbito considera que non se require que o ruído sexa dun nivel intenso e que poña en grave perigo a saúde das persoas; hoxe existen outras direccións, a saúde enténdese (OMS) coma un “estado de absoluto benestar físico, mental e social”, incluso xa os tribunais se inclinan polo concepto de “domicilio inviolable”.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade, en especial en canto atinxe á celeridade na resolución do problema.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## Reflexións ó Capítulo de Medio Ambiente

Polo que se refire ás queixas presentadas na área de Medio Ambiente, pareceunos oportuno facer mención especial ó problema da Contaminación Acústica, tendo en conta que se trata dun tema que afecta a un número considerable de cidadáns e, sobre todo, pola gravidade das consecuencias que o ruído leva consigo.

Por outra banda, hai que dicir que no capítulo relativo ó Medio Ambiente non se incluíron tódalas queixas sobre a problemática da Contaminación Acústica, xa que algunhas delas tense incluído no capítulo relativo ó Urbanismo, por carecer o local ou discoteca causante do ruído da preceptiva licenza urbanística para tal actividade, así os expedientes 20 e 51 do ano 2003; e outra, expediente 23, tense incluído no capítulo relativo a Seguridade, Tráfico e Transportes, por tratarse dun tema referido á Policía Local.

Remitímonos por tanto, á Parte III desta Memoria na que se inclúe un apéndice relativo á problemática que supón a Contaminación Acústica en xeral, así como algunhas reflexións relativas ás queixas presentadas nesta Institución do Valedor do Cidadán.

## **CAPÍTULO 6**

### **Parques e Xardíns**

EXPEDIENTE: 16

#### **EXPEDIENTE 16/2003**

##### **ASUNTO**

O interesado no seu escrito de queixa indícanos que considera innecesaria a talla de certas árbores que se vén realizando no Monte do Castro, alegando que as árbores cortadas non estaban enfermas. Ademais, presenta queixa polo abandono do citado monte, xa que as fins de semana prodúcense estragos, tales como danos nos farois ou lixo espaxado, o que achaca á falta de vixilancia.

##### **SITUACIÓN**

Solicitado informe con data 4/03/2003, recibíuse o mesmo con data 24 do mesmo dende o Servicio de Montes, Parques e Xardíns, no que se detallan as operacións referidas ó mantemento así como as causas das tallas, considerando necesario o labor de saneamento do arborado coincidindo co período de letargo arbóreo, consistindo na eliminación das partes secas, danadas ou afectadas por pragas ou enfermidades.

No mesmo, reflíctese ademais que se trata de “un punto de encontro de mozos que ocasionan serios desperfectos, sobre todo en horario nocturno, o que fai dificultoso, sobre todo as fins de semana, conseguir un estado óptimo do parque”.

## **REFLEXIÓNS**

Dado que se recoñece a existencia de considerables colectivos en datas determinadas que prexudican o medio natural do lugar subliñado, o máis oportuno sería que, en tales datas, se dedicase persoal de vixilancia para evitar os desperfectos, dando así resposta adecuada ás demandas cidadás que solicitan a protección do medio ambiente.

## **RECOMENDASE**

Vixilancia do recinto, en especial nas datas que se ten comprobado grande afluencia de cidadáns.

## **CAPÍTULO 7**

### **Patrimonio**

EXPEDIENTES: 9, 27, 29, 70, 78, 89

#### **EXPEDIENTE 9/2003**

##### **ASUNTO**

Nesta queixa o interesado participábanos que sendo usuario duns locais propiedade do Concello de Vigo, no ano 1995 este procedeu a realizar reformas de saneamento dos mesmos e que, dende entón, veñen sufrindo diversos problemas, tales como inundacións e humidades permanentes, situación reiteradamente denunciada, non tendo resposta ningunha.

##### **SITUACIÓN**

Con datas 5/02/2003, 30/04/2003 e 9/07/2003, esta oficina do Valedor do Cidadán solicitou informe ó Sr. Alcalde-Presidente. Reiterouse novamente o 14/10/2003, indicando que as peticións obraban no Departamento de Patrimonio. Sen recibir ningunha información, procédese ó seu “peche” con data 31/12/2003 para os efectos de confecciona-lo Informe/2003.

## REFLEXIÓNS

Atopámonos claramente ante unha falta reiterada do disposto no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, así como ante unha dilación inxustificada que entorpece, cando menos, a súa actuación (artigo 18.2). Con exemplos como este é claro que a lexitimidade dunha administración non se acadá, toda vez que os rendementos non son os adecuados; a lexitimidade por rendemento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

## RECOMÉNDASE

- Ante todo, respecto á legalidade regulamentaria. O regulamento distínguese do simple acto administrativo porque aquel forma parte do ordenamento xurídico; así, o TS (15/09/1995) declara: O Regulamento é norma xurídica e polo tanto susceptible de aplicación reiterada. O Regulamento anova o ordenamento e mentres non se revoque tense que cumprir.
- Prioridade nas funcións propias ó principio de coordinación que debe presidir toda actuación administrativa, é dicir, a actuación administrativa ten que ser consciente de que a coordinación é un problema de autoridade e logo unha convicción do servizo mutuo.

## EXPEDIENTE 27/2003

### ASUNTO

Queixa presentada en relación a danos persoais por caída na rúa pública.

A interesada indícanos que en data 24/01/2003 presentou escrito no Concello denunciando que, por mor das obras na rúa Urzáiz, sufriu unha caída e tivo que ser atendida de varias lesións nunha institución sanitaria, e posiblemente precise intervención cirúrxica. Indica que non obtivo resposta por parte do Concello.

### SITUACIÓN

Patrimonio e Contratación indícanos que o expediente se atopa en tramitación, tal como establece o Real Decreto 429/1993 de 26 de marzo, e que o último trámite que figura no expediente é a contestación da empresa adxudicataria das obras, de data 14/03/2003, declarando esta non ser responsable dos danos causados; quedando o tema cancelado pola vía ordinaria.

## **EXPEDIENTE 29/2003**

### **ASUNTO**

Queixa referida ó estado da ponte medieval de Balaídos, incluída no catálogo de xacementos arqueolóxicos do Concello de Vigo. O interesado ten presentado no Concello escritos denunciando a situación da “Ponte Romana” de Balaídos, tanto desde o punto de vista arqueolóxico como da seguridade cidadá.

### **SITUACIÓN**

Solicitado informe o 3/04/2003, recibíuse de Patrimonio Histórico o 2/05/2003, do que se lle deu cumprida información ó interesado. No mesmo indícase que teñen recibido queixas sobre o estado da ponte, pero matizan que se trata dunha ponte medieval, erroneamente chamada ponte romana, e que se realizaron actuacións de conservación da mesma. Indícase ademais a realización dunha recente inspección, comprobándose a necesidade dunha nova colocación de dous mampostos dun dos tallamares do norte da ponte, así como o borrado dunha nova pintada e limpeza da vexetación. Estando en estudio a colocación dunha sinalización informativa.

Subliñar que non existen actuacións posteriores por parte do interesado.

## **EXPEDIENTE 70/2003**

### **ASUNTO**

O interesado, en representación da súa nai, expón que con data 19/03/2003 esta sufriu unha caída na rúa Urzáiz como consecuencia dunha inadecuada colocación duns pivotes que tiñan conta do valado metálico por motivo dunha obra, ocasionándolle contusións en diversas partes do corpo, así como a rotura de anteollos, requirindo traslado en ambulancia ó Hospital Xeral.

Ten presentado denuncia con data 20/03/2003, e tanto o Concello como a empresa contratista das obras eluden calquera responsabilidade ó respecto. O interesado solicita desta Institución que medie perante o Concello para acada-lo resarcimento da factura dos anteollos.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 9/09/2003, solicitouse información o 17/09/2003 que se reiterou o 28/10/2003, recibíndose o 18/11/2003; informe no que se indica que a responsabilidade patrimonial non é do Concello que, de se-lo caso, podería ser da empresa contratista da obra ou servicio a realizar, que declarou que os aparellos estaban correctamente instalados.

Ámbalas dúas respostas deixan á interesada na posición de ter que acudir á vía xudicial, ben contencioso-administrativa, ben civil, o que ó parecer a cidadá non está disposta a seguir.

## REFLEXIÓNS

Atopámonos nun caso no que a única protección pasa pola vía xudicial. Esta Institución trata de buscar unha vía conciliadora a través do Concello ante a empresa contratista co ánimo de acadar soamente a reparación dos danos materiais dos anteollos, sen obviar pola nosa parte que estamos ante un procedemento regular ou regulado.

## RECOMÉNDASE

–Vixilancia rigorosa nas obras levadas a cabo por contratistas e inspeccións periódicas nas que consten informes sobre o axeitamento das medidas de seguridade. Xa existen sentencias xudiciais en casos de lesións con recoñecemento do mal estado da calzada en tempos anteriores ó accidente.

## EXPEDIENTE 78/2003

## ASUNTO

Tema relacionado cunha caída na rúa Zamora por mor dun defecto no pavimento. A interesada expón que o 13/04/2003 interpuxo unha reclamación no Concello de Vigo por mor da caída que sufriu a causa dun defecto no pavimento e colocación dunha tapa de rexistro de abastecemento público elevada 10 cm.

## SITUACIÓN

Queixa recibida o 1/10/2003, requiríndoselle á interesada que achegue documentación. Por parte da Sección de Patrimonio foi informada correctamente en re-



lación ós prazos e pasos a seguir na súa reclamación. Con data 3/11/2003 esta Institución dirixiuse á interesada recordándolle os prazos e procedemento a seguir. Non hai actuacións posteriores.

## **EXPEDIENTE 89/2003**

### **ASUNTO**

A interesada no seu escrito de queixa indica que é parte promotora dun expediente sobre responsabilidade patrimonial da Administración en reclamación de danos e prexuízos por un accidente sufrido durante un curso de patinaxe organizado polo Instituto Municipal dos Deportes do Concello de Vigo, no ano 1994, accidente que lle provocou graves lesións nunha man, quedando gravemente invalidada a mesma. Engade, ademais, que o Consello Consultivo de Galicia non ten emitido dictame por carencia de trámite de audiencia á interesada. A data de hoxe segue sen solución ningunha.

### **SITUACIÓN**

Presentada o 18/11/2003, solicitado informe o 9/12/2003. Sen resposta ó peche deste Informe o 31/12/2003.



## **CAPÍTULO 8**

### **Persoal**

EXPEDIENTE: 3

### **EXPEDIENTE 3/2003**

#### **ASUNTO**

O interesado manifesta a súa desconformidade en relación co proceso selectivo para prover unha praza na Policía Local en quenda libre, indicando a existencia de irregularidades no transcurso do terceiro exercicio.

Segundo o interesado, na realización do terceiro exercicio prodúcese unha serie de irregularidades: por unha banda, a presunta relación de amizade dun candidato cun membro do tribunal; por outra, a puntuación obtida por outro candidato presuntamente excesivamente elevada en relación co exame realizado.

O interesado presentou unha primeira reclamación ante o Concello, que desestimou as dúas pretensións: a recusación promovida contra un membro do tribunal e a reclamación referida á puntuación obtida por outro candidato. Posteriormente, o interesado presentou recurso de reposición.

Solicitada información á Alcaldía, remitíusenos puntualmente dende a Unidade de Persoal, achegando copia da resolución recaída no correspondente recurso de reposición, que pon fin á vía administrativa, na que contesta que segundo o artigo

29.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, non cabe interposición de recurso administrativo fronte ás resolucións adoptadas en materia de recusación. E segundo os artigos 114.1 e 115.3 da citada lei, a reclamación dirixida contra as actuacións dun Tribunal cualificador ten o sentido e alcance dun recurso de alzada, polo que non cabe recurso administrativo agás o extraordinario de revisión.

Así mesmo, o Concello alega que o recorrente non compareceu ás probas seguintes do proceso selectivo, polo que entende que aquel renuncia tacitamente ós seus dereitos no mesmo.

## **SITUACIÓN**

Como consecuencia do anterior, comunicóuselle ó interesado que de acordo co artigo 14.c) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, estamos ante un suposto excluído da competencia desta Institución por tratarse dun asunto en materia de persoal, comunicación que foi feita o 19/02/2003, e non habendo actuacións posteriores pódese considerar pechado o expediente.

## **CAPÍTULO 9**

### **Seguridade, Tráfico e Transportes**

#### EXPEDIENTES:

15, 23, 25, 30, 39, 40, 43, 45, 46, 52, 55, 57  
64, 65, 67, 73, 77, 82, 83, 84, 85, 86, 90, 92

#### **EXPEDIENTE 15/2003**

##### **ASUNTO**

O interesado no seu escrito de queixa indícanos que o 30/11/2001 estacionou o seu coche por menos de 2 minutos e cando regresou un axente da policía municipal estaba cubrindo unha sanción. Aproximadamente un mes máis tarde recibe notificación de tres sancións, unha por mal aparcamento, outra por non levar posto o cinto de seguridade e outra por tocar o claxon con insistencia. Solicita que se lle retiren dúas das denuncias por ser falsas e acepta a denuncia por mal aparcamento.

##### **SITUACIÓN**

Examinado o conxunto documental do expediente non procede entrar no exame da queixa por estar pendente de resolución administrativa ou xudicial, segundo se desprende das notificacións efectuadas polo Concello. Todo segundo establece o artigo 17.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## EXPEDIENTE 23/2003

### ASUNTO

Queixa presentada sobre a falta de dilixencia da Policía Local en relación con varias denuncias presentadas polos rúidos producidos por distintos axentes.

A interesada denuncia que dende maio do 2000 vén solicitando axuda da policía municipal en relación con rúidos que vén sufrindo na súa vivenda. Por unha banda, producidos por veciños do inmobile; por outra, procedentes dun semáforo que ten o nivel do son moi elevado.

### SITUACIÓN

A queixa recibíuse o 14/03/2003, solicitándose o preceptivo informe o 19/03/2003 tanto á Concellería de Tráfico como á de Medio Ambiente. Ante o silencio, reitérase a solicitude a ambas dependencias con data 6/05/2003, informe que se recibe da Policía Local o 16/06/2003.

No citado informe a Policía Local indícanos que estiveron coa Presidenta da Comunidade do Inmobile onde reside a interesada, quen lles informou que esta muller tivo problemas por rúidos con varios inquilinos. O informe da policía expón que, trala conversación mantida coa Presidenta da Comunidade e tras falar tamén cos veciños, parece que os rúidos denunciados son os normais de calquera comunidade de veciños.

Deuse traslado do mesmo á interesada, sen que ata o momento se teña producido notificación ningunha sobre a reincidencia das causas que motivaron a queixa.

### REFLEXIÓN

O ruído é a máis insidiosa das contaminacións, con prexuízos na saúde moi considerables.

### RECOMÉNDASE

Cumprimento da legalidade recollida no artigo 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, así como tamén da obriga que ten toda Administración Pública de acomete-las actividades que lle son propias con eficacia e dilixencia.

## **EXPEDIENTE 25/2003**

### **ASUNTO**

Queixa relacionada cunha multa de tráfico con incidencias na actuación municipal.

O interesado no seu escrito de queixa expón que con data 4/01/2003 parou fronte a un centro comercial para recoller á súa muller –que traballa alí-, tardando de 1 a 3 minutos e sen abandonar o vehículo. Un axente municipal sanciónao, polo que se dirixe a el para explicarlle que acababa de chegar.

Non presenta esta queixa pola sanción que recibe, senón porque o axente ten unha actitude despectiva cara a el, nada profesional e abusando da súa autoridade.

### **SITUACIÓN**

Con data 25/03/2003 solicitouse informe ó Departamento de Seguridade e Tráfico, reiterouse a petición o 26/05/2003 e o 15/07/2003, sen recibir resposta de ningún tipo.

### **REFLEXIÓNS**

O artigo 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán establece un prazo máximo de 15 días para a remisión do informe. Tal prazo será ampliable cando concorran circunstancias que así o aconsellen, a xuízo do Valedor do Cidadán. No mesmo precepto tipifícase que as dilacións, como a que nos ocupa, poden considerarse de hostís ou entorpecedoras da súa actuación e dará conta ó Pleno.

Esta comunicación dá cumprimento ó antes exposto, indicando ademais que este tipo de conducta ou proceder tense constatado, nalgúns casos, no Departamento de Tráfico; e aínda que sexa reiterativo considérase conveniente recordar que os regulamentos forman parte do ordenamento xurídico, susceptibles de aplicación reiterada e polo tanto de obrigado cumprimento para todos, para os cidadáns e para os propios órganos da función pública a quen se refiren, e sobre todo para os órganos que ademais o redactaron e aprobaron por unanimidade (Acordo do 26 de marzo de 2001).

### **RECOMÉNDASE**

Cumprimento da legalidade regulamentaria.

## EXPEDIENTE 30/2003

### ASUNTO

Queixa pola falta de control policial nunha rúa onde existen dúas sinais verticais de prohibición de aparcamento no sentido da vía sen que se respecten de cotío.

O autor desta queixa, en representación de 56 familias, expón que na rúa Travesía Escuelas Públicas, que lles permite o acceso ás súas vivendas, a pesar de ter sinais que prohiben o aparcamento en sentido esquerdo, non se respecta esta prohibición, en opinión dos veciños, con consentimento da propia policía local, xa que teñen denunciado a situación en diversas ocasións sen obter resultado ningún.

Alegan que a citada rúa mide 6 metros de ancho e é de dúas direccións, polo que o aparcamento a ambos lados chegou a imposibilitar nunha ocasión o acceso dos bombeiros e noutra ocasión a saída dunha ambulancia.

### SITUACIÓN

Solicitado informe o 11/04/2003, recibido o 18/06/2003, do que se deu información ó interesado o 23/06/2003. No mesmo, a Policía Local expón que a rúa conta coa sinalización e vixilancia adecuadas, que se teñen formulado un total de 51 denuncias no primeiro semestre do presente ano e que, ademais da vixilancia periódica na zona, alegan que teñen actuado puntualmente polo requirimento dalgún veciño.

### REFLEXIÓNS

Con data 3/10/2003 o interesado manifesta que a situación segue a ser igual, a pesares das accións de vixilancia. Pola nosa parte, manifestámoslle ó Sr. Concelleiro responsable de Seguridade e Tráfico (con data 6/10/2003) que o rendemento da acción pública ten que estar ligado á capacidade para dar resposta ás demandas do contorno. De non ser así, o escepticismo non se detén e apodérase, como unha doenza, do espírito da colectividade roubándolle tódalas enerxías e o que esto supón en contra do seu benestar.

### RECOMÉNDASE

É sobradamente coñecida a doutrina do Valedor do Pobo en temas que afectan ós dereitos dos cidadáns que se ven afectados polos ruídos, a calidade de vida, a in-



timidade, a saúde e o descanso, así como as situacións como a que nos ocupa, cando se ven afectados servicios tan precisos como os de taxi, ambulancias, bombeiros, etc.

De aí que sexa preciso unha acción decidida e decisiva para a aplicación da normativa con toda a efectividade que se require.

## **EXPEDIENTE 39/2003**

### **ASUNTO**

O interesado presentou, con data 3/03/2003, no Concello solicitude de permiso para a celebración de 18 festas que integran a Agrupación da Comisión de Festas de Vigo. O 10/05/2003 informóuselle dos avais a presentar, por un importe de 1.800 € cada un, entendendo o interesado que estas contías, superiores ás do ano 2002, son excesivamente elevadas. Así mesmo, alega que no ano 2002 tardaron 6 meses en reintegrar os avais.

### **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 15/05/2003, solicítase informe o 21/05/2003. O Departamento de Seguridade, Circulación Viaria e Transportes remítenos o mesmo con data 9/06/2003, indicando que a imposición de avais responde á necesidade de garantir que os elementos existentes no recinto onde se vai realizar a festa sexan repostos en caso de sufrir deterioro e garantir a limpeza do recinto, así como motivar un maior control para evitar que se produzan estas circunstancias. As contías responden á experiencia de danos ocasionados en anos anteriores. En relación á devolución dos avais, estes tramítanse en canto se solicita.

Dáselle traslado da información correspondente ó interesado con data 17/06/2003, información que se considera adecuada, non existindo consultas ou actuacións adicionais sobre o tema.

## **EXPEDIENTE 40/2003**

### **ASUNTO**

O interesado indica que recibiu notificación de denuncia de tráfico por non respectar a luz vermella dun semáforo. Considera a denuncia infundada, pois non

é identificado o vehículo (só o modelo e color) e non cre posible ter circulado a esa hora. Engade que presentou recurso no Concello e recibiu resposta ó mesmo sen rebater os argumentos, polo que solicitou no Concello copia de tódalas actuacións para iniciar recurso contencioso-administrativo, non recibindo resposta.

## SITUACIÓN

Con data 22/05/2003 solicitamos informe á Concellería de Tráfico, Seguridade e Transporte, reiterándose o 30/07/2003 e o 18/11/2003; non téndose recibido resposta, “pechase” a efectos de confeccionar o Informe/2003.

## REFLEXIÓNS

O interesado solicitou copia do expediente administrativo, segundo explicita o artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, para exercitalo dereito que lle asiste para acudir á vía contencioso-administrativa, sen ver atendido tal dereito. Signifícase pola nosa parte que, ademais do exposto, é de sinalar que o RD 208/1996, que regula os servizos de información administrativa e atención ó cidadán, establece como función das Administracións Públicas, entre outras, a de ofrecer as aclaracións e axudas de índole práctica que os cidadáns requiran sobre procedemento, trámites, requisitos e documentación para os proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar. Así mesmo, impón a función de xestión en relación cos procedementos administrativos que comprenderá a recepción de documentación inicial dun expediente, así como as actuacións de trámite e resolución das cuestións que pola súa urxencia e simplicidade demanden unha resposta inmediata.

É un suposto máis deste Departamento que, nalgúns casos, non ten a ben informar a esta Institución.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán que, como noutros casos, dá a impresión de que non considera necesario colaborar co Valedor do Cidadán.
- Cumprimento da legalidade en materia de procedemento administrativo xeral.

## **EXPEDIENTE 43/2003**

### **ASUNTO**

Queixa por ter presentadas reiteradas denuncias por parte da Asociación Veciñal de Lavadores, por motivos de falta de seguridade cidadá. O interesado, en representación da mesma, expón ter presentado escrito ante a máxima autoridade municipal, poñendo de manifesto a inseguridade que están a padecer os veciños da parroquia dende hai anos.

Foron postas denuncias na Policía Nacional, outras entidades e organismos, así como no Xulgado, sen obter resultado ningún, polo que solicitan a colaboración da Autoridade Municipal.

### **SITUACIÓN**

Recibida a queixa o 28/04/2003, solicitado informe o 23/05/2003, reiterado o 30/07/2003 e o 18/11/2003. Recíbese o mesmo o 28/11/2003 e dáselle traslado ó interesado o 1/12/2003.

### **REFLEXIÓNS**

Resulta, cando menos, curioso que se nos faga chegar un informe, emitido o 10/09/2003 pola Policía Local, con data 28/11/2003, o que induce a considerar ou ben unha falta de atención a esta Institución ou unha falta de coordinación na xestión municipal. A falta de coordinación implica unha desorde na disposición do esforzo de grupo, carencia de autoridade e falta da convicción do servizo mutuo.

Por outra banda, descoñécese, segundo o informe, a situación real dunha quebra do principio de legalidade urbanística derivada dun patente feito de falta de control en situacións que xeran núcleos de desarraigamento social.

### **RECOMÉNDASE**

- Cumprimento da legalidade que deriva do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor de Cidadán (artigo 18).
- Vixilancia e exercicio das funcións relativas a aquelas actuacións cidadáns que provocan feitos que conducen ó chabolismo e á exclusión social.

## EXPEDIENTE 45/2003

### ASUNTO

O interesado foi sancionado por estacionar en dobre fila en data 2/10/2002, iniciándosele expediente sancionador ante o que presentou recurso por entender que non é posible a citada sanción, xa que nesa data, segundo alega o interesado, atopábase no estranxeiro e tiña o vehículo inmovilizado no garaxe. Achega copias de factura e certificado da axencia de viaxes.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/05/2003, solicitouse informe o 26/05/2003, reiterándose o 12/08/2003 e o 19/11/2003. A data 31/12/2003 non se ten recibido resposta, o que fai que se peche o expediente para confecciona-lo Informe/2003.

### REFLEXIÓN

Un exemplo máis de incumprimento por parte da Concellería de Seguridade, Tráfico e Transportes, que non ten a ben, nalgúns casos, dar resposta ás queixas dos cidadáns tramitadas a través desta Institución, deixando nunha situación de indefensión ós cidadáns.

### RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade que a Constitución garante, así como do disposto na Lei 4/1999 (artigo 35) e nas especificacións reflectidas no RD 208/1996 (artigo 4).
- Cumprimento da legalidade recoñecida no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, podendo cualificarse esta forma de comportamento como altamente entorpecedora da actuación desta Institución.

## EXPEDIENTE 46/2003

### ASUNTO

O interesado expón que uns establecementos comerciais de Vigo poden vender alcol despois das dez da noite, cando noutras cidades e nas gasolineiras téñeno

prohibido. O motivo da queixa é que se están a producir actuacións vandálicas na zona do Castro, estragos comprobados en mobiliario urbano e propiedade privada.

## **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 26/05/2003, solicitado informe o 28/05/2003 e reiterado o 12/08/2003 e de novo o 19/11/2003. A data 31/12/2003 non se ten recibido resposta, o que fai que se peche o expediente para confecciona-lo Informe/2003.

## **REFLEXIÓNS**

Unha vez máis, dende a Concellería de Seguridade, Tráfico e Transporte faise oídos xordos ás solicitudes desta Institución, máxime cando se trata dun tema relacionado coa seguridade cidadá e a protección da propiedade privada e pública.

## **RECOMÉNDASE**

- Cumprimento da legalidade que a Constitución garante, así como do disposto na Lei 4/1999 (artigo 35) e nas especificacións reflectidas no RD 208/1996 (artigo 4).
- Cumprimento da legalidade recoñecida no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, podendo cualificarse esta forma de comportamento como altamente entorpecedora da actuación desta Institución.

## **EXPEDIENTE 52/2003**

## **ASUNTO**

O autor desta queixa expón que en data 5/04/2003 o guindastre municipal retirou o seu vehículo estacionado na rúa, en zona autorizada sen prohibición expresa de aparcamento. Non obstante, no momento da retirada do vehículo existía un valado provisional que indicaba prohibición de aparcamento para os días 4 e 5 de abril por asfaltado da rúa, sinal non existente no momento en que estacionou o vehículo, o 29 de marzo, e que tampouco estaba o 2 de abril.

Engade que a Policía Municipal non intentou comunicarlle que procedera a retirar o vehículo, tendo que aboar 112,48 € en concepto de taxa de retirada e depósito de vehículo. Con data 18/04/2003 ten presentado recurso de reposición

ante o Sr. Concelleiro Delegado de Tráfico, Seguridade e Transportes. Solicita “que a Policía Municipal exhiba o correspondente parte realizado no momento de colocación do valado provisional para comprobar que vehículos estaban estacionados nesa rúa para contrastalo co parte de vehículos que estaban estacionados cando se procedeu á retirada dos mesmos”. Solicita, ademais, a devolución da taxa, a paralización e retirada do expediente pola sanción debido ó estacionamento en lugar prohibido e a apertura de expediente ó funcionario que decidiu a retirada do vehículo.

## SITUACIÓN

Solicítase informe da Concellería de Tráfico o 16/06/2003, no que se informa que de acordo co artigo 15.12 da Ordenanza Municipal Vixente (BOP 30 de xuño de 1993), non consta a colocación dos correspondentes avisos nos parabrisas dos vehículos estacionados con 2 días de antelación como mínimo. Solicitude que se reiterou o 13/08/2003 e de novo o 11/11/2003, sen recibir resposta ás tres peticións na data de peche deste Informe.

## REFLEXIÓNS

O Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, aprobado polo Pleno do Concello o 26/03/2001 por unanimidade, pretende facilitar ós cidadáns os medios que resolvan as dificultades que se lles presentan nas súas relacións coa administración municipal.

No seu artigo 18.2 explicita: “A negativa ou dilación inustificada do funcionario ou dos seus superiores responsables do envío de informe inicial solicitado, poderán ser considerados polo Valedor do Cidadán como hostís ou entorpecedoras da súa actuación e dará conta ó Pleno”.

## RECOMÉNDASE

Dentro da potestade normativa municipal atópanse os regulamentos (Lei 7/1985, de 2 de abril, RD 2568/1986, de 28 de novembro); o Tribunal Supremo (15/09/1995) declara que o Regulamento é norma xurídica e, por iso, susceptible de aplicación reiterada. Como tal norma responde á noción de xeneralidade e vén a ser como un colaborador da lei, aclarando, desenvolvendo e concretando os preceptos da mesma.

Por iso faise necesario o cumprimento e suxeición á legalidade regulamentaria de organización e funcionamento da Institución do Valedor do Cidadán e, en concreto, o seu artigo 18.

## EXPEDIENTE 55/2003

### ASUNTO

Tema relacionado cunha reincorporación ó servizo da Agrupación de Protección Civil dependente do Concello de Vigo.

O interesado expón que con data 27/07/2001 presentou escrito ante o Xefe da Unidade Operativa de Protección Civil do Concello de Vigo solicitando a baixa voluntaria do citado servizo, no que levaba exercendo como voluntario dende os comezos do mesmo.

O día 17/10/2002 manifestou á Presidenta da Agrupación a súa intención de solicitar a reincorporación e con data 28/02/2003 recibe unha carta na que se lle indica que para poder reincorporarse é preciso supera-lo curso de iniciación, requisito, segundo o interesado, non esixido polo Regulamento vixente no momento da baixa. Considera que se lle está a aplicar o novo Regulamento de 29/10/2001 con efectos retroactivos.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/06/2003. Unha vez admitida a trámite solicítase informe o 1/07/2003, recibíndose o mesmo o 16/07/2003, do que se dá cumprida información ó interesado o 24/07/2003. No citado informe, a Presidenta da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil indícanos que para poder ser voluntario en calquera Agrupación da nosa Comunidade Autónoma, de acordo co Decreto 56/2000 de 3 de marzo da Xunta de Galicia, é preciso ter feito o Curso Básico de Protección Civil, requisito que non cumpren a maior parte dos voluntarios antigos. Consecuentemente, tódolos voluntarios teñen que facer o citado curso, tanto os antigos como os novos.

Engade que, polo que respecta ó interesado, por unha parte, os artigos 20 a 30 do Regulamento de 1/08/1986 establecen que a baixa temporal por máis de tres meses é causa de baixa definitiva; por outra, o artigo 5 do Regulamento de 29/10/2001 refírese á incorporación especificando que é necesario tanto a superación das probas de acceso como dun período de formación. Remata indicándonos que o que se lle esixe ó interesado non é máis que facer o curso da Xunta de Galicia.

O interesado replica con data 21/08/2003, do que se dá coñecemento á Presidenta da Asociación o 8/09/2003, interesando novo informe que se recibe o 23/09/2003 e que trasladamos ó interesado o 23/09/2003. Dado que o mesmo manifestou anteriormente a súa intención de formular recurso de reposición comuni-

cóuselle que, en tal caso, esta Institución non podería actuar máis alá do actuado. Non obstante, quedase á súa disposición para calquera outra actuación adicional, sen que ata agora exista ningunha.

## **EXPEDIENTE 57/2003**

### **ASUNTO**

O interesado expón que ten solicitado un vado para entrada de garaxe nun edificio no que xa existe unha licencia nun baixo exactamente igual, solicitude formulada o 29/10/2002 sen ter recibido resposta. Ten presentado escrito a modo de recurso de reposición e reiterada información o 14/04/2003, sen resposta de ningún tipo.

### **SITUACIÓN**

Presentada a queixa o 27/06/2003, solicitouse informe o 1/07/2003, reiterándose o 11/11/2003. Non téndose recibido a data 31/12/2003, péchase a efectos de confecciona-lo Informe/2003.

### **REFLEXIÓN**

Unha vez máis, a Concellería responsable de Tráfico, Seguridade e Transporte non ten a ben informar das solicitudes cursadas dende esta Institución.

### **RECOMÉNDASE**

- Cumprimento da legalidade recoñecida na Constitución Española e reflectida no RD 208/1996.
- Cumprimento da legalidade que reflicte o artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 64/2003**

### **ASUNTO**

Queixa relacionada cunha sanción de tráfico. O interesado indícanos que con data 12/12/2002 ás 07:45AM parou o seu vehículo (un camión) para recoller ó seu



fillo e levalo ó colexio, cando un axente da Policía Local ordénalle que retire outro vehículo que está aparcado (e que pertence a un familiar que sendo propietario non é conductor habitual do mesmo). O interesado pregúntalle a que hora é o partido de fútbol, xa que supostamente debe retirar o vehículo por mor do mesmo, o axente responde que o partido é as 21 horas, polo que el lle di que ás 13.30 retiraríaio.

Días despois, o interesado recibe dúas multas e o seu sogro unha. Acompaña copia da documentación presentada no Concello, así como das notificacións das citadas multas, que mostran a mesma data, lugar, axente, pero diferentes horas de denuncia, dúas delas ás 19:45 e a outra ás 07:55.

## **SITUACIÓN**

Dado que o interesado manifesta e acredita ter presentado recurso de alzada, queda en suspenso o trámite da súa queixa segundo establece o artigo 17.2.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 65/2003**

### **ASUNTO**

Tema relacionado cunha multa sobre unha suposta conducción dunha motocicleta cun menor sobre o depósito da gasolina. A interesada expón que o seu marido sentouse co fillo de ambos enriba dunha moto da súa propiedade que estaba parada e en situación de aparcamento dentro dun recinto privado dunha comunidade da rúa Padre Seixas, cando dous axentes da Policía Local lle pediron a documentación da moto, que o seu marido entregou.

Despois, un dos axentes entregoulle unha denuncia por “circular en motocicleta cun menor entre o conductor e o guiador”, poñendo como lugar da denuncia unha rúa que non é en realidade a que corresponde. Posto o feito en coñecemento da autoridade, esta resposta de xeito inadecuado, o que provocou que a interesada manifestase a súa intención de denunciálo.

Con data 23/07/2003 recibe a denuncia contra o seu marido por “Conducir de modo negligente” e “levar un menor entre o guiador e o conductor”. Así mesmo, con data 24 de xullo recibe unha citación xudicial, tanto para ela como para o seu marido, por un xuízo de faltas a celebrar o 31 de outubro.

## SITUACIÓN

Ante este feito xudicial, informóuselle á interesada a suspensión da acción desta Institución por mor do xuízo pendente. Con data 2/12/2003 solicítase información da interesada sobre do desenvolvemento do xuízo e recíbese a mesma, na que se contempla a absolución da interesada e do seu cónxuxe por non acreditarse o comportamento que se lle imputa, segundo sentenza dictada o 3/11/2003 en xuízo de faltas.

Non obstante, segue a instrución do procedemento referente á multa de tráfico que a interesada procede a recorrer, seguindo polo tanto en suspenso o exame da queixa.

## REFLEXIÓNS

Ante actitudes por parte dos axentes municipais como a referida, solicítase informe á Concellería de Tráfico con data 9/12/2003, sen recibir resposta ningunha sobre o tema.

Tal actitude por parte dos axentes municipais podería ser considerada como obxecto do exercicio da potestade sancionadora regulada polo Real Decreto 1398/1993, regulación que responde á consideración de que o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora intégrase no concepto de procedemento administrativo común previsto na Constitución para garantía do tratamento común ós cidadáns.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade máis estricta en canto ó trato debido ós cidadáns.
- Cumprimento da legalidade que regula o artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán que, unha vez máis, non se cumpre pola Concellería responsable dos temas relacionados co tráfico, o que fai pensar nunha actitude hostil ou cando menos entorpecedora das funcións desta Institución.

## EXPEDIENTE 67/2003

## ASUNTO

Queixa relacionada cunha sanción de tráfico por aparcamento indebido na estrada de Canido. O interesado, cidadán francés, ten presentado denuncia no Concello de Vigo por uns feitos que considera discriminatorios. Expón ter aparcado o

seu coche na beirarrúa da estrada de Canido á altura da praia do Vao, onde estaban aparcados outros vehículos.

Considera discriminatorio que o seu coche, con matrícula francesa, fora retirado polo guindastre, cando ningún outro vehículo foi multado. Solicita unha explicación polos feitos sucedidos e a devolución da taxa abonada.

## **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 31/07/2003, solicitouse informe o 11/08/2003 que foi reiterado o 16/09/2003, sendo recibido o 6/11/2003, do que se lle dá cumprida información ó interesado. Non existindo actuacións posteriores.

## **REFLEXIÓNS**

Hai que destacar que dende as dependencias de Tráfico do Concello recíbense as informacións solicitadas con máis atraso.

## **RECOMÉNDASE**

Cumprimento da legalidade do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

# **EXPEDIENTE 73/2003**

## **ASUNTO**

O interesado expón que a recente implantación do novo sistema de aparcamento en superficie na rúa Ecuador prexudica notoriamente a convivencia, tranquilidade e acomodo dos residentes. Por unha banda, este novo sistema non permite a parada diante das vivendas, e por outra, quedando só un carril central de a penas tres metros para a circulación, os atascos por manobras de aparcamento en diagonal e pola circulación de camións son frecuentes.

Expón ademais que se teñen dirixido en diversas ocasións á Concellería de Tráfico sen obter ningún resultado.

## **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 23/09/2003. Solicitouse informe o 24/09/2003, reiterándose o 29/10/2003 e de novo o 3/12/2003 sen que, unha vez máis, se dea a cumpri-

mentación debida segundo o artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## REFLEXIÓNS

Nunha rúa con escasos 11 metros de vial non se deberían establecer aparcadoiros nos dous lados, uns en batería e outros en cordón, deixando só un carril central de 3 metros para circular.

O sistema non permite a parada diante das vivendas para realizar determinadas accións necesarias, como movemento de equipaxes, bolsas de compra, baixada e recollida de viaxeiros, enfermos, minusválidos. A isto hai que engadir a carencia de garaxes na zona. Ademais, os taxis poñen impedimentos para realiza-lo servicio na rúa subliñada.

Esta Institución, no traballo realizado a finais do ano 2002, segundo consta na Memoria que se rendeu ante a Corporación Municipal en febreiro de 2003, expoñía que a mobilidade resulta elemento clave na estrutura organizativa dos núcleos urbanos; calquera retención, ben polo fluxo do tráfico, ben por calquera outra causa derivada, estase a converter nunha das principais causas que dificultan o avance dos municipios na dirección do desenvolvemento sostible. De aí que calquera medida probadamente distorsionadora debería, o máis axiña posible, ser derogada e substituída por outra que sexa menos penosa.

## RECOMÉNDASE

- A adopción de medidas que resultan beneficiosas ó fin previsto, é dicir, ó interese xeral, neste suposto ó interese veciñal.
- Cumprimento da legalidade prevista no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## EXPEDIENTE 77/2003

### ASUNTO

O interesado na súa queixa expón que con data 17/10/2002 presentou solicitude de Tarxeta de Residente do Barrio Histórico a efectos de aparcamento de vehículo, sendo informado a través do teléfono de que se lle denegaba por mor de ca-

recer de transferencia de cambio de titular do vehículo. O interesado indica que posúe un documento privado que certifica a compravenda do vehículo e engade que non ten recibido resposta por escrito á súa petición.

## **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 10/10/2003, solicitado informe o 13/10/2003 e reiterado o 17/11/2003 e de novo o 10/12/2003, sen terse recibido resposta o 31/12/2003.

## **REFLEXIÓNS**

A dependencia da Concellería competente limitouse a denega-la expedición da tarxeta interesada por vía telefónica e sen xustificación adecuada. A Lei é clara en canto ós dereitos do cidadán en relación coas súas peticións: artigo 35 da Lei 4/1999 (neste caso especialmente os parágrafos g, e i); tamén é de interese dar unha lectura ó RD 208/1996 (artigos 2,3,4), onde se reflicten os dereitos do cidadán, e por ende deberes da administración, en canto á información se refire, sen obviar o artigo 18 da Lei 7/1985.

## **RECOMÉNDASE**

- Cumprimento da legalidade antes anotada.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.I do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 82/2003**

## **ASUNTO**

O interesado, en nome dun colectivo de veciños, denuncia ante esta Institución as molestias ocasionadas á veciñanza e comerciantes por mor das obras do aparcamento subterráneo da rúa Urzáiz, que provocaron alteracións no tráfico nas rúas próximas. Denuncia tamén a imposibilidade dunha mobilidade axeitada para clientes e tamén para a carga e descarga de mercadorías, así como a falta de colectores de lixo. Ademais é notorio o incremento de accidentes de tráfico na zona.

Situación pola que solicitan a dispensa temporal das taxas de recollida do lixo, a habilitación de zonas para carga e descarga e a sinalización axeitada, como pasos de peóns e semáforos.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/10/2003, solicitouse informe o 27/10/2003 a Tráfico e Seguridade, Vías e Obras e Limpeza e Recollida Selectiva, téndose recibido os de Vías e Obras (Tributos) e Limpeza; non así de Tráfico, que se reitera o 12/11/2003 e de novo o 10/12/2003.

Limpeza indícanos que o servizo de limpeza estase a prestar igualmente, e en relación ós colectores, di que é unha situación temporal. Dende a Administración de Tributos, indicánnos que non hai recollida na Ordenanza ningunha exención das taxas do lixo polo motivo exposto, pero si hai descontos no pago do IAE.

## REFLEXIÓNS

Dende o Servizo de Limpeza deuse traslado ó Departamento de Tributos, dende o que se deu cumprida información tanto a esta Institución como ó propio interesado, poñendo de manifesto as vías a seguir para poder obter algunhas compensacións ás molestias ocasionadas.

Nembargantes, dende a Concellería competente no ámbito de Tráfico e Seguridade, unha vez máis, faise caso omiso das solicitudes e da propia intervención desta Institución.

Resulta probado que, en materia de seguridade, mentres estivo en vigor a medida de modificación do tráfico, foi un verdadeiro risco realizar un tránsito peonil entre as beirarrúas das rúas afectadas.

Deste xeito si que é categórica a falta de eficacia nunha atención imprescindible como era a da protección vial; sempre se poderá aducir que non pasou ningún accidente grave, pero isto non obvia para convir que a saúde e a tranquilidade cidadá foron obxecto de “obrigado esquezo”.

## RECOMENDACIÓN

- Cumprimento do dereito á seguridade das persoas e á súa integridade física.
- Cumprimento da legalidade prevista no artigo 18.1 do regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 83/2003**

### **ASUNTO**

A interesada indícanos que o 18/09/2002, para poder deixar a uns familiares, parou o seu vehículo, sen abandona-lo mesmo e sen interrompe-la circulación, cando ve que un axente da Policía Local sen dirixirse a ela cubre unha sanción e ó preguntar a este contéstalle de xeito groseiro. Ademais, na notificación da denuncia consta unha rúa na que non fixo parada e tamén erroneamente o axente indica que a interesada non se atopaba no vehículo no momento da denuncia, senón que apareceu con posterioridade.

Principalmente a interesada móstrase indignada pola falta de educación do axente cando se dirixiu a el, solicita a retirada da sanción posto que non estaba na rúa indicada, non se ausentou do vehículo, nin interrompíu a circulación.

### **SITUACIÓN**

A queixa foi presentada nesta Institución con data 27/10/2003. Solicitouse informe o 4/11/2003, reiterándose o 16/12/2003. Sen resposta ó peche deste Informe.

## **EXPEDIENTE 84/2003**

### **ASUNTO**

A interesada presenta queixa nesta Institución indicando que con data 14/04/2003 solicitou do Concello que se lle retiraran tres multas de tráfico, expondo os seguintes feitos: efectivamente a reclamante recoñece que aparcou o seu vehículo no sitio subliñado polo axente pero sen obstaculizar o tráfico, xa que ía recoller nunha entidade bancaria unha carta de mans do seu director que xa a estaba agardando. Cando regresou ó seu vehículo estaba o axente da Policía Local que a abordou de malos xeitos, polo que a interesada explicoulle que é grande inválida e mostroulle a tarxeta acreditativa que se atopaba no parabrisas do seu vehículo, o que provocou que o axente se comportara de xeito aínda máis groseiro.

Recibiu tres notificacións de sancións de tráfico, unha por “non identificarse o conductor do vehículo tralo requirimento”, outra por “non obedecer ós sinais do axente da circulación (vehículo infractor en rota), outra por “estaciona-lo vehículo

obstaculizando gravemente o tráfico”. Nunha notificación posterior das citadas denuncias (xa con recargo) non lle notifican unha das tres denuncias, “non obedecer ós sinais do axente da circulación”.

## **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 4/11/2003, solicitado informe o 5/11/2003, que se reiterou o 16/12/2003. Sen resposta ó peche deste Informe.

## **REFLEXIÓNS**

Por unha banda, o feito de que lle puxeran nada menos que tres denuncias, polo mesmo axente, á mesma hora e no mesmo lugar, parece bastante estraño; de feito, tivo que retirar unha por ser claramente incoherente coas outras dúas, posto que ou o vehículo está en marcha ou está estacionado, o que é bastante significativo da actitude que segundo a interesada tivo o axente. Realmente puidera parecer que o axente se asaño coa interesada, como ela indica; en todo caso, a cantidade total que suman as sancións parece de todo punto excesiva, 150,25 € polo estacionamento incorrecto e 300,51 € por non identificarse cando o solicita o axente.

Respecto á sanción de estacionamento incorrecto, que ó noso entender sería a única que podería ter cometido a interesada, é importante dicir que, segundo esta manifestou, a parada realizouse por un tempo breve, para realizar unha xestión necesaria. Neste punto hai que resaltar que a interesada é grande inválida, feito que está debidamente sinalizado no seu vehículo, polo que os seus desprazamentos a pé se vén dificultados; máis aínda se temos en conta que a cidade de Vigo en xeral, e especialmente as súas beirarrúas, atópanse cheas de barreiras arquitectónicas, feito lamentable que aínda debía de agudizar máis se cabe a nosa sensibilidade cara ó colectivo de discapacitados. Non hai que dicir que as beirarrúas de Vigo incumpren a normativa existente en relación á eliminación de barreiras arquitectónicas na comunidade galega, regulada pola Lei 8/1997 de 20 de Agosto de accesibilidade e supresión de barreiras e desenvolvida polo Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro.

## **EXPEDIENTE 85/2003**

### **ASUNTO**

O interesado expón na súa queixa que o pasado 2/06/2003 solicitou nas dependencias da Policía Local unha certificación de convivencia, séndolle entregado un



xustificante para recollela o 27/06/2003. Cando se presentou en data para recolle-la, a funcionaria en atención, de xeito pouco educado, comunicoulle que aínda estaba por asinar, descoñecendo cando o estaría, feito polo que o interesado, con data 27/06/2003, formulou queixa por escrito no Concello. Non ten recibido resposta ningunha á mesma, nin tampouco á certificación solicitada.

## **SITUACIÓN**

Queixa presentado o 4/11/2003, solicitándose informe o 5/11/2003 e reiterándose o 16/12/2003. Sen resposta a 31/12/2003.

## **EXPEDIENTE 86/2003**

### **ASUNTO**

O interesado, en calidade de portavoz de veciños e comerciantes da Travesía de Vigo, solicitou o 19/09/2003 no rexistro xeral do Concello a sinalización dun paso de peóns. Indica que tal como están situados os pasos de peóns os veciños do contorno vense obrigados a dar unha volta de 250 metros, petición que vén avalada por máis de mil sinaturas recollidas entre a veciñanza.

### **SITUACIÓN**

Con data 5/11/2003 solicitouse informe da Concellería de Tráfico, que se reiterou o 16/12/2003. Sen resposta á data de peche deste Informe.

## **EXPEDIENTE 90/2003**

### **ASUNTO**

O interesado, como Presidente da Asociación Veciñal O Freixo, presenta escrito asinado por 400 veciños no que fai referencia ás diversas reclamacións que teñen presentado na Concellería de Tráfico en relación coa regulación do Servicio de Transporte Público de Viaxeiros (VITRASA), con mención específica á liña 20, que

dende comezos deste ano veuse afectada por diversas modificacións no seu percorrido, o que repercutiu negativamente nos veciños do barrio.

Teñen exposto a situación ante os servicios municipais e a propia concesionaria sen obter resultados.

## **SITUACIÓN**

Presentada a queixa o 21/11/2003, solicitouse informe o 25/11/2003, reiterado o 16/12/2003. Sen resposta na data de peche deste Informe.

## **EXPEDIENTE 92/2003**

### **ASUNTO**

A interesada expón que ten solicitado a anulación dunha multa de tráfico que lle foi imposta por deter o seu vehículo en dobre fila co ánimo de baixar á súa filla, de dous meses; engade que a actitude do axente da Policía local non foi concordante coas normas de educación cívica.

### **SITUACIÓN**

Presentada a queixa o 4/12/2003, solicitouse informe o 10/12/2003, reiterándose o 30/12/2003. Sen resposta na data de peche deste Informe.

## Reflexións ó Capítulo de Seguridade, Tráfico e Transportes

No capítulo referido a Seguridade, Tráfico e Transportes, subliñase que dun total de 24 expedientes tramitados, 8 non tiveron informe ou resposta tal como é preceptivo.

Por unha banda, a falta de resposta subliñada, de acordo co artigo 18.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, significa unha estimación hostil ou entorpecedora da súa actuación; isto invita como solución a promover un cambio de actitude, o que non implica necesariamente un traballo adicional, só se require a vontade de dar cumprimento ó propio regulamento que non é máis cunha manifestación da potestade normativa da Administración Municipal. Para rematar esta observación baste recordar que os expedientes non atendidos, neste capítulo, significan o 33,33% do total dos que afectan á Concellería competente.

Por outra banda, resulta rechamante que dos expedientes non contestados, cinco fan referencia a cuestións relativas a multas de tráfico, especialmente aparcamento, e que son:

1. Expediente nº 25, no que por parte do interesado se menciona “unha actitude despectiva”
2. Expediente nº 65, cualifícase de “inadecuada actitude”, que motivou reacción por parte do cidadán denunciado polo axente municipal. Celebrado xuízo de faltas, os denunciados foron absoltos por non acreditarse o comportamento denunciado pola policía.
3. Expediente nº 83, cualificado polo interesado como “acción groseira”.
4. Expediente nº 84, cualificado pola interesada como “malos xeitos”; caso dunha grande inválida, con tarxeta visible no parabrisas.
5. Expediente nº 92, actitude cualificada como “non concordante coas normas de educación cívica”.

Ante estas actitudes é preciso recordar permanentemente o artigo 35.i) da Lei 30/1992, reformada pola Lei 4/1999, no que claramente se explicita que os cidadáns teñen dereito a ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios. Tamén o artigo 4.e) do RD 208/1996 fai mención ó termo “desatencións” ou de calquera outro tipo de actuación irregular.

Rematando coa indicación de que sería moi importante retomar unha motivación especial destes funcionarios de constante permanencia nas rúas e cos que é preciso que os cidadáns se sintan non soamente protexidos, senón que tamén requiren sentirse concidadáns.

Ó cidadán interésalle o bo funcionamento da Administración en termos de calidade, axilidade e rapidez, o que supón tamén un maior acercamento na busca da credibilidade.

A eficacia depende, en última instancia, dos empregados públicos e dunha política funcional que, por riba dos intereses privados ou corporativos, prime o competente e estimule o mérito e a capacidade.

## **CAPÍTULO 10**

### **Urbanismo**

#### EXPEDIENTES:

8, 14, 19, 20, 21, 31, 32, 33, 36, 44  
47, 50, 51, 53, 54, 58, 61, 72, 79, 88

#### **EXPEDIENTE 8/2003**

##### **ASUNTO**

A interesada presentou denuncia, con data 9/12/1999, ante a Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo por mor da realización por un veciño dun peche nunha finca sen a correspondente licencia. Con posterioridade a esa denuncia, en marzo do 2000, o citado veciño solicita licencia para a construción do peche, pero as obras xa realizadas non se axustan á licencia que é concedida en maio do 2000. No mes de decembro do 2000 a Xerencia de Urbanismo resolveu requirir ó infractor para que no prazo de dous meses axustase as obras á licencia outorgada.

##### **SITUACIÓN**

Dende a data do requirimento a interesada está á espera de que se execute a precitada resolución, e ten solicitado información ó respecto en diversas ocasións. En abril

de 2002 comunicáselle a imposición dunha multa coercitiva por importe de 301 € polo incumprimento da orde de derruba, non tendo lugar a realización de tal orde.

O 24/01/2003 esta Institución solicita información da Xerencia de Urbanismo que a emite o 10 de abril e indica que a Inspección Municipal, efectuada o 17/03/2003, informa que as obras obxecto deste expediente non foron derrubadas. Con data 24/03/2003 a Xerencia de Urbanismo impón ó infractor unha multa coercitiva de 301 €, co apercebimento da posibilidade dunha nova multa se transcorrido o prazo dun mes non se tivese realizado a derruba.

Con data 8/07/2003 dirixímonos á Xerencia de Urbanismo solicitando información acerca da situación actual do expediente. Sen ter recibido a mesma, con datas 8/10/2003 e 17/11/2003 reiteramos a petición.

Con data 9/07/2003 recibimos novo escrito de queixa da interesada no que nos pon de manifesto a súa situación, considerándose atropelada, sen que as súas súplikas sexan atendidas axeitadamente.

Xa a vista da cooperación recibida procedemos a “pechar” o expediente a efectos da configuración do Informe Anual.

## REFLEXIÓN

Resulta alarmante a lentitude no tratamento do tema, que produce que a lexitimidade por rendemento non se alcance pola falta de capacidade para dar unha resposta satisfactoria. Unha vez máis, a actuación pública é claramente insuficiente, unha mostra máis da falta de eficacia. A xestión pública ten que fuxir aceleradamente deste tipo de actuacións insuficientes tan en uso.

Os expedientes de reposición da legalidade urbanística deben caracterizarse polas máis áxiles actuacións, non só na fase de reposición propiamente dita, senón tamén na fase sancionadora en relación coas obras ilegais, aínda nos supostos de posterior legalización.

O propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ten declarado noutros supostos que lle son de aplicación ó presente, que a administración local merece a repulsa pola súa actitude pasiva e dilatoria nas medidas de restauración da legalidade urbanística.

## RECOMÉNDASE

- Conveniencia do principio de legalidade no campo urbanístico.
- O cidadán ten dereito a estar debidamente informado, e incluso recibir orientación acerca das actuacións que se propoña realizar (artigo 35 da Lei 4/1999).

- Non se cumpre co disposto no artigo 18 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, podéndose cualificar de accións entorpecedoras da actuación desta Institución.

## **EXPEDIENTE 14/2003**

### **ASUNTO**

O interesado alega ter solicitado con data 23/05/2002 á Xerencia Municipal de Urbanismo que se lle puxese de manifesto o expediente de construción do aparcamento subterráneo da rúa Urzáiz, non recibindo resposta á data de presentación da queixa, o 21/02/2003.

### **SITUACIÓN**

Solicitado informe á Concellería de Urbanismo con data 19/03/2003. En data 24/04/2003 o interesado comunícanos que foi citado telefonicamente polo Enxeñeiro municipal da Oficina da Xerencia de Urbanismo para que examinara o expediente solicitado.

## **EXPEDIENTE 19/2003**

### **ASUNTO**

A interesada, en representación dos seus pais, expón que con data 19/09/2001 a Xerencia Municipal de Urbanismo dictou resolución declarando non legalizable o conxunto dunha obra, sendo resolución firme por non ser recorrida en tempo. Engade que nesta resolución ordenouse a demolición das obras realizadas. Durante un ano todo o que fixo a Xerencia Municipal de Urbanismo foi a imposición dunha multa coercitiva por importe de 300 €, non tendo procedido á derruba tal como se ordenara.

### **SITUACIÓN**

Solicitouse informe o 5/03/2003, reiterándose o 26/05/2003 e sendo recibido o 20/06/2003. A Xerencia de Urbanismo indícanos que o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou declarar as citadas obras como realizadas sen axustarse a licenza, en parte compatibles coa ordenación urbanística vixente (demolición da vivenda para cambio de distribución) e en parte incompatibles (reconstrución

de fachadas, ampliación da planta baixa e adición de piso baixo cuberta), concedéndose un prazo de dous meses para que solicitara a licencia para as obras compatibles e dun mes para proceder á derruba voluntaria das obras incompatibles.

Engade o informe que a afectada interpuxo recurso de reposición que foi desestimado, requiríndoa de novo para que procedera á derruba, e que non se lle outorgou licencia para as obras consideradas inicialmente legalizables. En datas 19/09/2002 e 27/05/2003, impuxéronse dúas multas coercitivas en contía de 301 e 600 €, respectivamente.

Ó tratarse dun expediente aberto, solicitouse de novo información actualizada o 2/07/2003, reiterada o 14/07/2003 e o 29/10/2003, a que se recibe o 21/11/2003 e na que nos comunican a imposición dunha terceira multa coercitiva e aviso dunha cuarta se non se levasen a cabo as obras de derruba, sen prexuízo das responsabilidades de orde penal.

## **REFLEXIÓNS**

Tema que se vén resolvendo pola Xerencia de Urbanismo dende 19/09/2001, sen que ata o momento se teña chegado á solución definitiva dunha actuación contra a legalidade urbanística.

Séguese a decaer nas obrigas de eficacia proclamada pola Constitución Española e, por ende, acredítase un decaemento na mellora da lexitimidade da Corporación Local por mor da falta de rendementos ó non darse resposta satisfactoria ás demandas do contorno. Compróbase que unha obra declarada ilegalizable segue dous anos máis tarde sen ter repostada á legalidade reclamada, o que vén a acreditar unha actuación administrativa merecedora de repulsa por actitudes pasivas e dilatorias.

## **RECOMÉNDASE**

Suxeición á legalidade urbanística e á que deriva do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

# **EXPEDIENTE 20/2003**

## **ASUNTO**

A interesada expón que ten presentado diversas denuncias no Rexistro Municipal de Urbanismo e no Rexistro Xeral do Concello de Vigo con datas 24/10/2002, 27/01/2003 e 17/02/2003, motivadas pola apertura dunha cafetería no baixo da súa vivenda



sen a licencia preceptiva e exercendo unha actividade non correspondente á licencia que teñen solicitada. Como consecuencia das obras efectuadas no citado local causáronse estragos na vivenda da interesada, producindo molestias por ruídos e fumes.

## **SITUACIÓN**

Solicitado informe ó Departamento de Seguridade e Tráfico e á Concellería de Urbanismo o 21/03/03. Seguridade e Tráfico resposta que non é un asunto da súa competencia, polo que en data 26/05/03 reiteramos a solicitude de informe a Urbanismo. Con data 29/10/2003 remítese esta mesma solicitude a Medio Ambiente.

## **REFLEXIÓNS**

Non recibimos o preceptivo informe de Urbanismo, que incumpre o estipulado no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán. Sería necesario coñecer que tipo de licencia posúe o local para que, con posterioridade, se puidese abordar o problema da contaminación acústica que expón a interesada.

Por outra banda, atopámonos ante un posible incumprimento do estipulado na Ordenanza municipal contra a Contaminación Acústica, que no seu artigo 3 imputa ó Concello a obriga de facer cumprir a citada ordenanza e no 15 apartado primeiro establece medidas específicas para establecementos públicos que implican funcionamento dentro do horario nocturno.

## **RECOMÉNDASE**

- Cumprimento da legalidade urbanística e da que se deriva da normativa relativa á protección do medio ambiente contra a contaminación acústica.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 21/2003**

## **ASUNTO**

O interesado, en representación dunha Comunidade de Propietarios da Avda. de Madrid, con data 6/03/2003 formula queixa por mor da instalación na azotea dun inmovible veciño dunha antena de telefonía móbil sen a licencia correspondente. Achega

copia de múltiples denuncias realizadas dende o 18/12/2001 ante a Policía Local e a Xerencia Municipal de Urbanismo e solicita que sexan contestadas as mesmas.

## SITUACIÓN

Con data 10/03/2003 solicitouse informe á Concellería de Urbanismo, reiterándose o 30/04/2003. Con data 16/05/2003 recíbese o mesmo da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no que se explicita que a día de hoxe a devandita antena carece da preceptiva licenzia municipal, atopándose o expediente en trámite; informe que se lle traslada ó interesado en data 20/05/2003.

Con data 27/05/2003 recíbese novo informe da Vicepresidencia de Urbanismo no que se indica que con data 28/1/2003 incóbase expediente de protección de legalidade urbanística e que con data 16/10/2001 a entidade Telefónica Móviles S.A. solicitou licenzia para a instalación dunha estación base de telefonía móbil conforme ó proxecto redactado, atopándose nestes momentos en trámite. Isto acredita que se dan dúas datas ben diferenciadas en canto á formulación da solicitude.

Con data 15/07/2003 solicitouse novo informe sobre a situación actual do caso que nos ocupa, que se reitera, por falta de resposta, o 4/11/2003 e que con data 31/12/2003 segue sen recibirse e estimamos que sen solución.

## REFLEXIÓN

Entendemos que o Concello vén mantendo unha actitude de abandono ante unha actividade que carece de licenzia, non crendo que tal dilación teña xustificación, como noutras ocasións, polo elevado número de asuntos que se abordan, algo que non é de recibo, sen necesidade de engadir que formulacións e reformulacións sobre a falta de persoal é cuestión de capacidade organizativa do propio ente público.

O estado de indefensión dos afectados vén pola propia falta nos rendementos competenciais que lle son propios ó Concello; entre tanto, a situación material do cidadán que demanda a acción pública á que ten dereito non mellora, senón que pode influír no seu ánimo como un abandono que o encerra noutro modo ou maneira de exclusión, de falta de cohesión social.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento estricto da legalidade urbanística.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 31/2003**

### **ASUNTO**

A interesada, propietaria dun muro sito na parroquia de Saiáns, entende que os servizos técnicos do Concello de Vigo fixeron unha errónea apreciación en relación co mesmo, xa que consideraron que a interesada procedera a construír un muro novo. En data 28/10/1988 foille concedida licencia de obras para un peche de aramado con postes no citado muro pero posteriormente, a raíz de denuncias de veciños, foi incoado expediente administrativo sancionador acordando a demolición do peche e do muro. Ten interposto varios recursos que foron desestimados, resultando supostamente firme a orde de demolición do muro.

### **SITUACIÓN**

Solicitado informe o 8/05/2003, e tras reitera-lo mesmo con data 1/07/2003, recibíuse o 18/07/2003, do que se informou á interesada o 24/07/2003. A Xerencia de Urbanismo envía informe co que achega copia do estudio técnico da aparelladora municipal, do acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo e da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. De acordo co exposto pola interesada, os informes e a sentenza remitidos confirman que o Consello acordou a demolición do muro baseándose no informe da aparelladora municipal, desestimando posteriormente as solicitudes feitas pola mesma de revisión dos acordos sobre a súa demolición. A interesada e o seu fillo interpuxeron recursos contencioso-administrativos que foron desestimados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## **EXPEDIENTE 32/2003**

### **ASUNTO**

O interesado, en calidade de Presidente dunha Comunidade de Propietarios da Avda de Castrelos, expón que o edificio que representa vén sufrindo dende o ano 1999 estragos na estrutura da edificación polas acometidas de camións na esquina do mesmo, e que no proxecto de edificación recollíase a urbanización do camiño na paralela do edificio por medio da ampliación da rúa, ademais da construción da beirarrúa nesa parte.

O interesado indícanos que teñen presentado no Concello diferentes denuncias. Por outra banda, a propietaria do primeiro piso da vivenda, principal prexudi-

cada, e tamén a Asociación Veciñal “Monte da Mira”, teñen solicitado unha entrevista co Xerente de Urbanismo.

Solicitan que se execute a beirarrúa prevista no proxecto de edificación e, preventivamente, que se estableza dirección única para a saída de vehículos, a colocación de bolardos e un sinal de limitación de altura máxima.

## **SITUACIÓN**

Solicitouse informe o 15/04/2003 da Concellería de Vías e Obras, que nos indica con data 21/04/2003 que deron traslado á Xerencia de Urbanismo, reiterándose a citada solicitude o 23/07/2003, recibíndose a mesma con data 25/09/2003. Do seu contido deuse información ó interesado o 2/10/2003. Con data 20/10/2003, o interesado manifesta a súa desconformidade coa información recibida, na que se subliñaba a realización de certas obras de forma inmediata (colocación de seis bolardos na beirarrúa). Con data 27/10/2003, dirixímonos ó Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo manifestándolle que o problema segue sen solucionarse.

## **REFLEXIÓNS**

Resulta sorprendente que un problema sufrido e manifestado pola veciñanza dende decembro de 2002, atópase aínda sen solución, cando as obras ou melloras a realizar non son de volume considerable.

De novo a capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno seguen sen merece-la atención pública responsable, de aí que a situación material segue estragada pola falta de eficacia debida na actuación pública municipal. A lexitimidade por rendemento está ligada á capacidade para mellora-la situación material dos cidadáns.

## **RECOMÉNDASE**

Cumprimento da legalidade do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 33/2003**

## **ASUNTO**

Queixa presentada o 23/04/2003 sobre irregularidades nun expediente sancionador por infracción urbanística. A interesada indícanos que no expediente promo-

vido contra as actuacións do propietario dunha finca veciña, non se están levando a cabo as dilixencias pertinentes por parte dos funcionarios instructores do expediente. Por contra, a interesada para conseguir a licencia de obra para a súa propiedade é obrigada a recuar da fachada da marxe oposta do camiño a distancia de 10 m, mentres que ó veciño manténselle a aliñación de 8 m, o que supuxo para ela a perda de 2 m de terreo ó longo de toda a fachada.

## SITUACIÓN

Solicitouse informe o 2/05/2003 á Concellería de Urbanismo. O 15/07/2003 recíbese, sen data nin rexistro de saída, nota da Xerencia Municipal de Urbanismo na que se indica que se lle deu traslado ó Departamento de Planeamento. Con data 12/11/2003 reiterouse a solicitude de informe á Concellería de Urbanismo.

## REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto xa denunciado en 2001, no que a interesada manifesta a situación de abandono e desamparo á que se ve sometida por mor das actuacións dos órganos competentes do Concello. Non se levan a termo as dilixencias pertinentes no expediente sancionador, así como o retraemento recollido noutro expediente.

A norma xurídica require por parte do individuo un cumprimento por grao ou por forza, e a arbitrariedade vai en contra da seguridade normativa; a xustiza, segundo Sócrates, atópase por enriba da forza, pois se non existe coactividade o dereito carece de eficacia.

Non é a primeira vez que non se cumpre coa execución eficaz no ámbito urbanístico en canto á imposición das multas recollidas no procedemento. Estamos obviamente ante unha clara falta de lexitimidade por rendemento, incapaz polo tanto de mellora-la situación do cidadán que demanda a acción pública.

Fronte a un feito denunciado, o Concello está a manter unha actitude de abandono que é difícil de colixir no que pode derivar.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade en canto ás obrigas que ten toda Administración Pública na tramitación dos expedientes de todo tipo (Lei 4/1999).
- Cumprimento da legalidade que impón o artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## EXPEDIENTE 36/2003

### ASUNTO

O interesado expón que ten denunciado ante a Xerencia Municipal de Urbanismo a construción dunha piscina que suporía un obstáculo para a realización do Plano Especial de Mellora do Medio da Matoca.

Solicita información e a intervención para que a citada piscina non se realice.

### SITUACIÓN

Solicitado informe o 13/05/2003, recibíuse o 30/06/2003, dándolle información do seu contido ó interesado o 1/07/2003. No mesmo, a Xerencia de Urbanismo indícanos que se realizou unha visita de inspección, comprobándose a execución de obras consistentes na construción dunha piscina, non constando solicitude ningunha para as referidas obras, polo que se procedeu á apertura de expediente de protección de legalidade urbanística, que se atopa nun período de información previa.

Dado que o tema se atopa en trámite, solicitouse nova información o 3/09/2003, reiterándose a mesma o 17/11/2003, que se recibe o 9/12/2003, e do que damos cumprida información ó interesado. Neste último informe, e dado que segundo o artigo 214 da Lei 9/2002 o tema é competencia da Xunta de Galicia, a Xerencia de Urbanismo dá traslado do mesmo á Administración competente.

### REFLEXIÓNS

Resulta alarmante a resposta á primeira información solicitada: “Dende que se presenta a denuncia por parte do cidadán ata o inicio do procedemento transcorre un período de tempo totalmente involuntario pola nosa parte, debido á escaseza de medios humanos que imposibilita poder cumprir coas necesidades/esixencias dos cidadáns”.

A eficacia dunha organización administrativa pública non pode quedar ás expensas de xustificacions como a proclamada. Tense que fuxir das actuacións insuficientes, axilizar os trámites legalmente previstos e exercer eficazmente as competencias que lle son propias.

### RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade que supón o Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

- Cumprimento da legalidade constitucional (artigo 103). A Constitución garante o sometemento das Administracións Públicas a este principio, tanto no que afecta ás normas que rexen a súa organización, como ó procedemento administrativo e ó sistema de responsabilidade. O réxime xurídico de toda Administración Pública debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade á que serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos sociais sexan reais e efectivos.

## **EXPEDIENTE 44/2003**

### **ASUNTO**

Queixa presentada o 21/05/2003, na que a interesada declara que se teñen promovido varias denuncias sobre a instalación dunha cheminea industrial e dun letreiro luminoso por mor da apertura sen licencia dun local de hostalería.

Engade que existe unha resolución da Xerencia de Urbanismo ordenando a suspensión da actividade ilegal do citado negocio por non ter a licencia correspondente, pero posteriormente esa decisión é revocada.

### **SITUACIÓN**

Solicitado informe o 26/05/2003, recíbese o 16/07/2003 da Concellería de Urbanismo, no que se expón que con data 31/03/2003 procedeuse á incoación de expediente de protección da legalidade urbanística ó citado local, así como que o propietario alega que en xullo de 1997 se lle concedeu unha licencia para actividade de cervexería e que o local se axusta á licencia concedida. A Xerencia está a realizar as actuacións precisas para determinar se o local se axusta na súa actividade á licencia concedida. Dáse conta do informe á interesada con data 24/07/2003.

Ante a precisión de que a Xerencia de Urbanismo está a realizar “actuacións precisas”, reiteramos con data 3/09/2003 información sobre tales actuacións, que se recibe o 13/10/2003, e na que se manifesta que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística por non axustarse á preceptiva licencia, ordenando ademais a inmediata suspensión da actividade do local.

Con data 14/10/2003 dáse traslado á interesada da información recibida, quen nos participa, con data 30/10/2003, que a súa denuncia e petición fundamental é que se retiren a cheminea e o luminoso ilegais.

Ante esta situación procedemos, con data 4/11/2003, a manifestar o noso parecer ó Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, non recibíndose contestación ningunha ó peche deste Informe.

## REFLEXIÓNS

Dado o xeito en que se está desenvolvendo o tema principal, cheminea que provoca fumes molestos e insalubres e letreiro luminoso capaz de producir molestias que perturban o descanso, ámbalas dúas actividades danosas para a saúde, o resultado é que os afectados veñen padecendo, dende hai ano e medio, unha serie de molestias non erradicadas polo exercicio lento dunha actividade pública. As competencias municipais é obvio que non se exercitan eficazmente porque o dano causado ós cidadáns non se deriva, neste senso, da legalidade ou non dunha apertura, senón das actividades complementarias que repercuten na saúde, na tranquilidade e no descanso dos cidadáns, con independencia de que posteriormente se chegue a solucións que permitan a legalización dun establecemento.

Estamos, probablemente, ante unha situación que se pode cualificar de insostible, situacións que fan pensar a colectivos de cidadáns que están en áreas de exclusión social, producindo alarma social entre os mesmos.

Non é asimilable a falta dun exercicio eficaz das competencias municipais cando teñen por obxecto a preservación de dereitos constitucionais dos cidadáns que se ven afectados reiteradamente polos ruídos, fumes, etc., é dicir, nos seus dereitos ó medio ambiente, á calidade de vida, á saúde e ó descanso.

## RECOMÉNDASE

- Suxeición ós principios de legalidade consagrados, cando menos, na Constitución Española (artigos 9 e 10).

## EXPEDIENTE 47/2003

## ASUNTO

A interesada expón que ten formulado diversas peticións na Xerencia Municipal de Urbanismo (dende novembro de 1999) en relación co peche dunha finca en Moreda, alegando que o peche lateral esquerdo non se realizou de acordo coa licencia.



## SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/06/2003, solicitando información o 5/06/2003, na que se indica que a interesada non está de acordo coas respostas da Xerencia de Urbanismo, aducindo que:

- a) O peche lateral esquerdo non se realizou tal como describe a licencia de peche.
- b) O peche ten máis altura da permitida e está sen rematar.
- c) Afecta a unha entrada de viandantes e vehículos, con permiso para ambas.

Reitérase a solicitude de informe o 12/08/2003, recibíndose o 13/10/2003, e dándolle cumprida información á interesada por parte desta Institución o 14/10/2003. No informe contéplase que se “procede acudir á execución forzosa, mediante a imposición de multas coercitivas para obrigar ó cumprimento do acordo do Consello”.

Ante esta perspectiva, procédese a solicitar información sobre a situación actual, con data 17/11/2003, sen ter recibido resposta o 31/12/2003, polo que se pecha o expediente para os efectos de confeccionar o Informe de 2003.

## REFLEXIÓNS

Dá a impresión de que a actuación por vía de constrinximento veu dada pola solicitude de informe no que se facían constar irregularidades, o que indica que dende o informe dos técnicos municipais de data 25/01/2002, non se realizou ningunha pescuda sobre o asunto. Non se indica cando se procede á imposición de multas, nin se dá resposta sobre a situación actual tres meses despois.

A falta de rendemento, obviamente, non permite acadar unha clarificación satisfactoria a unha demanda lexítima en procura dunha mellora de situación material. A potestade sancionadora parece ser que non se incoa coa oportunidade, a dilixencia e a eficacia requiridas nunha actividade tan frecuente como é a legalidade urbanística.

Estase a albiscar unha falta de coordinación entre os distintos órganos dedicados ó Urbanismo, o que explicita un problema de autoridade e unha carencia da convicción de servizo mutuo que só redonda na desmoralización do cidadán e na falta de confianza que o mesmo debería ter na función pública que o ten que protexer, e que lle ten que proporcionar unha actividade chea de eficacia.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento da legalidade no ámbito procedimental na xestión do Urbanismo.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## EXPEDIENTE 50/2003

### ASUNTO

Os interesados expoñen que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acordou a derruba dun muro dunha propiedade lindante á súa, sita na Parroquia de Saiáns. Teñen solicitado a execución da sentenza do citado tribunal, demolición que o Concello non levou a cabo.

### SITUACIÓN

Queixa presentada con data 6/06/2003. Logo de admitida a queixa, solicitámos informe o 17/06/2003, e con data 23/07/2003 recíbese o mesmo da Concellería de Urbanismo, indicándonos que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestima o recurso contencioso-administrativo que interpuxo a propietaria do muro contra acordos da Comisión de Goberno do Excelentísimo Concello de Vigo sobre demolición do citado muro. Engade que con data 29/11/1993 requiriuse á propietaria do muro que procedera voluntariamente á derruba do mesmo co apercebimento de execución subsidiaria, e que con data 14/03/2002 requiriuse de novo concedendo o prazo dun mes para que procedera á derruba e retiro do muro a unha distancia non inferior a dous metros do eixo do camiño.

Por último engade que tendo en conta que o acordo polo que se ordena a derruba é firme, procede a execución subsidiaria, polo que a Xerencia Municipal de Urbanismo ten ordenado a apertura do correspondente expediente para a contratación das obras de derruba.

Con data 29/07/2003, dáse cumprida información do mesmo ó interesado. Non existen actuacións adicionais.

## EXPEDIENTE 51/2003

### ASUNTO

Queixa presentada sobre a existencia dun pub que produce ruídos insoportables nunha vivenda na que residen persoas de idade avanzada e en estado delicado de saúde que ven afectado o seu descanso, precisando a tal fin medicación específica.

### SITUACIÓN

Previamente á presentación da queixa (10/06/2003), os afectados xa tiñan presentado as correspondentes denuncias ante a Xerencia Municipal de Urbanismo dende o 5/05/2003, sendo emitido informe pola Policía Local o 24/05/2003 da Medición Sonométrica, entre as 3,50 e as 4,00 horas, alcanzando un nivel de ruídos de 41 dB(A), cando o máximo permitido é de 35 dB(A).

Con data 17/06/2003 solicítase informe da Concellería de Medio Ambiente e da Concellería de Urbanismo. Con data 16/07/2003 recíbese informe da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se manifesta que o referido local presentou o 31/03/2003 solicitude de licencia de obras para acondicionamento de local para café bar con música, atopándose en trámite, e que con data 7/07/2003 ínstase á Policía Local sobre que tipo de actividade se exerce no establecemento denunciado.

Trasladada a información á interesada con data 24/07/2003, contéstanos que o feito de que a solicitude de licencia se atope en trámite non lle soluciona o problema dos ruídos por riba do nivel de tolerancia, e mostra o seu abraio pola situación que padece o seu contorno familiar, con persoas de 83 anos, unha seriamente enferma, sentimento que facemos patente á Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo o 5/08/2003.

### REFLEXIÓNS

No informe da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo dise: “significándolle que o prazo para tramitar un expediente de protección da legalidade urbanística é dun ano, segundo artigos 211 e 209.4 da Lei de Ordenación Urbanística de Galicia, co fin de que o considere nas queixas que ante esta Institución se presenten.”

Esta Institución significou que non é a súa intención cuestionar os prazos legais na tramitación dos expedientes de protección da legalidade urbanística. Nembargantes, a Administración debería axilizar ó máximo tales tramitacións ós efectos de proporcionarlle a satisfacción debida ás demandas do contorno, tal como se pro-

nuncian as modernas teses sobre mellora da lexitimidade das corporacións locais, que debe buscarse pola vía dos rendementos, acadando deste xeito o maior grao de eficacia tal como postulan o artigo 103 da Constitución e o 6 da L.B.R.L. (débe-se engadir que esta obriga reitérase literalmente no artigo 3 da Lei 30/1992, modificada pola lei 4/1999, que na súa exposición de motivos declara que o réxime xurídico das Administracións Públicas debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade á que serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos).

Reitérase ademais que o moderno Modelo Europeo de Excelencia, entre outras moitas cuestións, propugna que para comprender, prever e mellorar o desempeño e rendemento operativo é de maior interese revisa-la duración dos procesos de atención ó público, resolución de queixas e resposta ás demandas informativas.

Segundo técnicos en temas de sostibilidade, as comunidades locais teñen que imaxinar, planificar, producir e gobernar as cidades de forma máis transparente, eficiente e con eficacia maior que a actual; tense que introducir o concepto de calidade como criterio fundamental da xestión municipal.

No suposto que nos ocupa o resultado non pode ser satisfactorio na súa plenitude. De que vale que o proceso permita manter a situación de ilegalidade se de verdade o que lle importa ó cidadán son os padecementos ós que se ve sometido polos ruidos insoportables.

O ruído está considerado como a máis insidiosa das contaminacións, afecta ó equilibrio físico e psíquico do cidadán, neste caso da interesada. Por iso débese dala prioridade a quen a ten, aínda que esta perturbación sexa un sucedáneo da ilegalidade urbanística.

Ocorre que ó tratarse dunha actividade ilegal, non parece posible aplica-la Ordenanza Xeral de Protección do Medio Ambiente, así como a específica de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica. Parece obvio que o cidadán, neste suposto, non terá protección ó amparo destas normas de obrigado cumprimento, xa que ata que non se resolva o tema urbanístico tampouco se resolverá a satisfacción principal cal é as molestias perturbadoras.

## RECOMÉNDASE

- Exercicio eficaz das competencias que teñan por obxecto a preservación de dereitos constitucionais afectados por ruidos, medio ambiente axeitado, a ca-

lidade de vida, a saúde e o descanso, con independencia de que a ilegalidade urbanística se resolva favorablemente.

- Real e efectiva coordinación de actividades que faciliten a resolución de problemas serios como este. A coordinación na xestión administrativa é un problema de autoridade, en primeiro lugar, é logo unha convicción de servizo mutuo; calquera medida imperfectamente coordinada pode ser perturbadora da mesma.

## **EXPEDIENTE 53/2003**

### **ASUNTO**

Tema relacionado coa construción, sen licencia, dunha ponte de formigón sobre o río Pereiriña na parroquia de Coruxo. O interesado expón que en 1999, a propietaria dunha finca veciña á súa, construíu unha ponte de formigón sen permiso, destruindo parte do muro da finca do interesado, levándose incluso pedras do mesmo para a ponte. Sucede ademais que a citada ponte está situada ó lado dun antigo muíño de pedra nun contorno a protexer.

Ten presentado diversas denuncias na Xerencia Municipal de Urbanismo, na Policía Local e tamén solicitado información sobre o estado das denuncias, sen obter resultado ningún.

### **SITUACIÓN**

O 20/06/2003 recibíuse a queixa, solicitándose informe o 23/06/2003, que se rende o 14/07/2003, e do que se dá cumprida información ó interesado con data 17/07/2003.

No citado informe, a Concellería de Urbanismo indícanos que o inspector auxiliar de urbanismo realizou unha inspección e comprobou que no lugar citado existe unha ponte de formigón que non é de recente construción, e non observou ningunha obra urbanística, procedéndose ó arquivo das actuacións, engadindo que polo que respecta ó muro da finca do interesado é un tema que corresponde á xurisdicción ordinaria, debendo o interesado dirixilas a esta orde.

Non existindo actuacións posteriores.

## EXPEDIENTE 54/2003

### ASUNTO

O interesado solicita a execución dunha sentenza dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 30/12/1998, na que se declara firme a sentenza que ordena a demolición das obras de construción dunha vivenda.

Segundo consta na documentación achegada polo interesado, a Xerencia Municipal de Urbanismo requiriu á propietaria para que procedera á derruba das obras. Á vista do incumprimento do citado requirimento impuxéronse dúas multas coercitivas en contía de 50 mil pesetas cada unha. A Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en data 30/03/2000, oficiou ó Concello de Vigo para que procedera á execución subsidiaria da orde de demolición e á súa realización material.

A documentación achegada indica tamén que a Oficina de Inspección Urbanística ten solicitado informe do Departamento de Vías e Obras, que informa que non dispón de persoal nin de medios materiais para executa-las obras, polo que resulta necesario acudir ó procedemento de contratación administrativa. Este informe do Concello que achega o interesado data de primeiros de maio de 2000.

### SITUACIÓN

Presentada a queixa o 23/06/2003, solicitouse informe o 24/06/2003, reiterado o 14/08/2003 e novamente o 11/11/2003. Con data 05/01/04 recíbese o informe, no que se di que a derruba non puido executarse por canto un numeroso grupo de veciños que increpaban ós membros da Comisión Municipal impediron o acceso á mesma; a Policía Local identifica a algúns, dándose traslado dos feitos ó Xulgado que dicta sentenza absolutoria en favor dos veciños contra os que se seguiu o xuízo.

### REFLEXIÓNS

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declara a súa desconformidade nalgúns temas urbanísticos. Os motivos derivan da pasividade e acción dilatoria na adopción das medidas de restauración da legalidade urbanística, quebrando con esta actitude o imperativo legal.

A lexislación vixente é para a Administración e para os administrados de obrigado cumprimento, reflicte tamén as responsabilidades para aqueles, xa funcionarios ou cidadáns/administrados, que non cumpran os preceptos da mesma.

Segue o tribunal e fai constar que o Concello mantivo unha actitude de abandono fronte á ilegalidade denunciada, constatada polos servicios técnicos municipais. Todo iso independentemente da alteración pública provocada por parte da veciñanza.

## **RECOMÉNDASE**

- Cumprimento estricto da legalidade en materia de disciplina urbanística.
- Cumprimento da legalidade establecida no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 58/2003**

### **ASUNTO**

O interesado denuncia que no seu domicilio, por causa da instalación dunha empresa dedicada á fabricación de materiais, vén sufrindo interferencias electromagnéticas reflectidas no funcionamento do equipamento de electrodomésticos na vivenda.

Feitos algúns descubrimentos por parte do interesado, parece que o problema é debido ó mal funcionamento dunha das máquinas, opinión sostida tamén polo Departamento de Telecomunicacións da Universidade de Vigo que indica que a solución non é custosa para o propietario.

Estas anomalías foron denunciadas polo interesado ante a Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións e ante a Xerencia Municipal de Urbanismo.

### **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 27/06/2003, solicitándose informe o 1/07/2003, que se recibe o 28/07/2003, e do que se dá cumprida información ó interesado o 29/07/2003. Existe ademais un informe do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía no que se indica que as interferencias xa veñen dende 1983.

No informe da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo indícase que, segundo informe da oficina de Licencia de Actividades e Instalacións, a Comisión de Goberno do mesmo acordou desestimar a petición formulada pola empresa interesando o cambio de titularidade do local para unha industria, xa que, efectuada visita de inspección pola Oficina de Disciplina Urbanística-Inspección, comprobouse que a configuración do local e as superficies utilizadas non coinciden coas que figuran no proxecto de concesión de licencia.

Noutro parágrafo explíctase que a mencionada denuncia (obxecto da queixa) foi presentada o 23/06/2003, polo que o expediente atópase en período de información previa e que, segundo a Lei 9/2002, o prazo para a resolución dos expedientes de Protección de legalidade urbanística é dun ano.

Ante esta situación requírese novo informe actualizado o 26/11/2003, do que non se ten reposta en data 31/12/2003.

## **REFLEXIÓNS**

Non é intención desta Institución obviar o tema dos prazos que a lexislación establece; non obstante, é coñecida a situación presentada e xulgada en firme noutros temas urbanísticos nos que os prazos non se cumpriron. Subliñamos que un tema como o que nos ocupa, que vén padecendo a veciñanza dende hai anos, estea aínda pendente de información.

A finalidade de toda xestión pública vén sintonizada polos criterios de economía, celeridade e eficacia, o que nos fai incidir, unha vez máis, nos criterios actuais da doutrina científica no ámbito administrativo, que se pronuncia pola lexitimidade por rendemento, que está vinculada á capacidade para dar respostas satisfactorias ás demandas do contorno, máxime cando a mellora da situación material vén dada por un dereito constitucional e polo tanto lexítimo, cal é o medio ambiente adecuado, a calidade de vida, a saúde e o descanso.

## **RECOMÉNDASE**

- Axilidade máxima na solución de problemas como este.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.I do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 61/2003**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que presentou denuncia na Xerencia de Urbanismo en relación coa construción dun portal que pecha un camiño no lugar de Pumar, impedindo o servizo das fincas resultantes da agrupación dunhas parcelas do Plano de Parcelamento, indicando que parte das mesmas foron obxecto de permuta co Concello de Vigo por mor da construción da alameda de Matamá.



## **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 15/07/2003, solicitándose informe o 16/07/2003, reiterándose o 13/08/2003 e de novo o 11/11/2003. Sen ter recibido resposta en data 31/12/2003, péchase o expediente para confecciona-lo Informe de 2003.

## **REFLEXIÓNS**

Os rendementos que situacións como esta reflicten deixan moito que desexar. A modernización da xestión non responde claramente ós proxectos que priman nas Corporacións Locais en canto a adoptar e acadar procedementos de calidade no ámbito público. A capacidade de proporcionar respostas satisfactorias non se logra con ausencias de actividade non xustificables.

A exclusión social non vén dada soamente pola existencia do chabolismo ou pola presenza dos “bidónvilles”; o non proporcionar atención adecuada ou ningunha atención é tamén factor determinante de situacións que quebran a cohesión social.

## **RECOMÉNDASE**

- Cumprimento da legalidade recollida no Real-Decreto 208/1996 e exercicio eficaz das competencias que teñan por obxecto a preservación da legalidade urbanística.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 72/2003**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que con data 4/10/2002 presentou escrito ante a Xerencia Municipal de Urbanismo no que denunciaba as obras dun veciño que tiña efectuado un movemento de terras que foi baleirado na linde do interesado, provocando un aumento de rasante.

Tras solicitar información en distintas ocasións, con data 17/09/2003 é informado pola Xerencia Municipal de Urbanismo de que, ó citado veciño, lle foi concedida unha licencia de obras. Desexa coñecer para que obras se lle concedeu licencia e por que non foi atendida a súa denuncia.

## SITUACIÓN

Queixa recibida o 18/09/2003, solicitándose informe o 23/09/2003, reiterado o 28/10/2003 e de novo o 3/12/2003, sen ter recibido resposta a 31/12/2003.

## REFLEXIÓNS

Estamos ante un suposto que non responde claramente ó preceptuado na Constitución Española en canto ó cumprimento dos principios de legalidade e eficacia na actuación dunha Administración Pública. Téñense que face-las actuacións ou dicta-las resolucións pendentes como consecuencia das solicitudes presentadas, axiliza-los trámites legalmente previstos e cumprir a legalidade urbanística, requiríndose actuacións que a repoñan do xeito máis eficiente e exemplar, como é a actividade sancionadora.

## RECOMÉNDASE

- Cumprimento do principio de legalidade en canto á actividade que lle é propia.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## EXPEDIENTE 79/2003

## ASUNTO

O interesado, en representación da Comisión de Afectados, indícanos que unha vez coñecido o avance do PXOM, foron convocados pola Xerencia de Urbanismo, informándoselles que a Ronda cara a Citroën íase declarar zona industrial e que fosen realizando unha taxación das súas vivendas para a negociación coa Zona Franca.

Con posterioridade, foron convocados de novo pola Xerencia de Urbanismo para comunicarlles que Zona Franca mudara de idea, xa que saírían excesivamente caros os terreos, decidindo a derruba de 28 casas e, segundo os interesados, deixando as restantes sen calidade de vida e co seu patrimonio moi minguado, feito polo que crearon a Asociación de Afectados, que ten proposto unha alternativa que fixeron chegar á Xunta de Galicia, ó Concello de Vigo e á Zona Franca, alternativa que liberaría 14 vivendas da derruba, evitaría o falso túnel e tamén o vial que une as dúas rotondas, quedando unha zona extensa para a expansión industrial e deixando os barrios afectados con certa calidade de vida.

## **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 22/10/2003, solicitado informe o 27/10/2003, e reiterado o 10/12/2003. Sen recibir resposta o 31/12/2003.

## **REFLEXIÓNS**

É de maior interese para o cidadán que a Administración proceda a resolver as súas peticións, inqueanzas e inclusive as propias consultas, nos prazos máis breves e máis axeitados para a aclaración dos problemas que lles afectan ou que, en breve, lles poden afectar. A estas demandas debe darse a resposta adecuada que lle proporcionaríá á propia acción pública unha lexitimidade por rendemento, é dicir, a capacidade para dar resposta ás demandas do contorno e acadar a mellora da situación material do cidadán de forma rápida e eficiente.

## **RECOMÉNDASE**

- Cumprimento da legalidade xeral nas actuacións da Administración Pública: eficacia nas actuacións.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 88/2003**

## **ASUNTO**

O interesado, actuando en representación dunha Comunidade de Veciños da Avda. de Samil, comunícanos a súa inqueanza ante as informacións aparecidas nos medios de comunicación en relación coas actuacións do Concello sobre unha sentenza do Tribunal Supremo na que declara a ilegalidade da licenza de obra do edificio que representa e a demolición do mesmo.

## **SITUACIÓN**

Queixa presentada o 12/11/2003, solicitado informe o 17/11/2003. Sen resposta a 31/12/2003.

## Reflexións ó Capítulo de Urbanismo

Especial atención merecen os temas de urbanismo; neles atopamos falta de eficacia ó deixar transcorrer longos períodos de tempo, incluso anos, para resolver as situacións. Non é de recibo as respostas ó uso, tales como: non hai funcionarios dabondo, as solicitudes son abundantes, os conflitos nacen pola mala relación entre a veciñanza. Non se poden esquecer as cuantiosas resolucións xudiciais que declaran a ilegalidade de frecuentes actuacións municipais.

Tense que pensar globalmente e actuar localmente para propicia-los cambios de actitude e comportamentos, cambios imprescindibles. Hoxe, e tralas distintas conferencias internacionais, empézase a configurar unha nova cultura que non é outra que a coñecida coa denominación de urbanismo, dende o marco físico da ocupación da terra, do uso e do desuso, de abuso do territorio. Estase a configurar unha corrente que manifesta que na ordenación do territorio e no urbanismo aínda somos uns principiantes, de tal xeito que as estruturas xurídicas non proporcionan aínda a necesaria solidez.

O Informe España/2000, da Fundación Encontro, subliña que as cidades fragméntanse por zonas separadas, polo nivel económico dos seus habitantes, homoxéneos en cada unha delas. Isto supón unha perda da diversidade social e un debilitamento das relacións humanas. Só a Administración pode frear ese fenómeno mediante unha intervención directa co ánimo de favorecer a construción de vivendas sociais.

O século XXI presenta o reto de enfrontarse cun novo problema: a crecente “segregación espacial urbana”, nun contexto de maior desigualdade social. A Conferencia de Niza (2000) trata de combater-la problemática, tal como o propio Ministerio de Fomento recolle nunha serie de estudos do mesmo ano.

Neste eido, Álvarez Corbacho precisa unhas perspectivas, cales son:

- Que o espírito mercantil non monopolice a cabeza do gobernante
- Que os políticos deben corrixi-los déficits substantivos
- Que os gobernantes teñen que aprender que un mundo mellor é posible
- Que a subvención non sexa obsesión dos alcaldes

Neste vieiro da cidade sostible maniféstase Xerardo Estévez cando, ó falar dunha concepción da cidade segura, apóiase nunha concepción integradora dos tres factores seguintes:

- Zonas construídas que alberguen diferentes usos, agás os especialmente contaminantes, creando un tecido compacto, policéntrico e cualificado, cheo de cidadáns e non só de operacións inmobiliarias baleiras.
- Espacios públicos para vernos as caras que requiren un modo de emprego ó longo das 24 horas do día, enchéndoo de vida e convivencia.
- Infraestruturas concibidas para unir persoas e actividade e non para segregalas.

Non estaría de máis asomarse ás iniciativas adoptadas noutros países. Así en USA, coas sentencias Mont Laurel I e Mont Laurel II, en Francia coa Lei 91/662 “D’orientación pour la ville”, recoñecida como a “máis social das grandes leis do urbanismo”.

Procede rematar cos “Compromisos Urbanísticos” de Álvarez Corbacho, onde nos explicita que as leis que regulan unha actividade social relevante incúmprense sistematicamente, pero se ninguén pestanexa e reina a indiferencia ou a inconsciencia a cousa aínda é mais grave.

No que atinxe á disciplina urbanística, a lexislación é contundente e, continúa dicindo Álvarez Corbacho, que a Administración Municipal ten a obriga inescusable de abrir expediente e suspender calquera construción que non teña licencia ou que non se axuste ás condicións da mesma. Cando os responsables municipais incumpren estas obrigas teranlle que ser esixidas as responsabilidades que correspondan.

Subliña ademais que entre a norma e a realidade existen ás veces distancias esgotadoras; por eso, os gobernos locais deberían facer un saudable exercicio de reflexión histórica sobre cantos expedientes de disciplina urbanística se iniciaron nos últimos dez anos e cantos se completaron, cantas multas se puxeron e cantas se cobraron, cantas obras ilegais foron derrubadas e cantos alcaldes foron requiridos e denunciados ó Ministerio Fiscal.

Rematando que construír un urbanismo racional, efectivo, visible e socialmente aceptado é un obxectivo magnífico que a todos concirne.



## **CAPÍTULO II**

### **Vías e Obras, Infraestructuras**

EXPEDIENTES:

11, 17, 38, 56, 81, 93

#### **EXPEDIENTE 11/2003**

##### **ASUNTO**

O interesado expón que, como veciño de Vigo, considera que é o Plano Xeral de Ordenación Municipal o que defende os seus dereitos como cidadán, por iso solicita a protección do citado Plano, xa que considera que os proxectos de peonilización levados a cabo polo Concello de Vigo de forma illada e sen previo estudio do Conxunto Urbano, non respectan o mesmo.

En concreto, solicita a paralización do proxecto anunciado pola Concellería de Vías e Obras para levar a cabo a peonilización da zona que abrangue as rúas Concepción Areal, García Olloqui e outras paralelas á Praza de Compostela e Montero Ríos e que se inclúa o mesmo no futuro Plano Xeral de Ordenación Municipal.

Envíase resposta ó interesado indicando que, de acordo co artigo 17.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, non é competencia

desta Institución, en tanto que o expediente está pendente de resolución administrativa por non estar esgotados os períodos de impugnación e presentación de reclamacións que se abrirán unha vez se publique o proxecto de peonilización citado.

Recíbese novo escrito do interesado co que achega copia de instancias dirixidas ó Concello coas firmas de 500 veciños da zona, que non obtiveron resposta por parte daquel. Posteriormente, o interesado remite novo escrito ó que acompaña copia de novas firmas de veciños, sumando coas anteriormente remitidas máis de 1000, e solicitando de novo o dereito a coñecer e poder facer alegacións respecto ó proxecto de peonilización da Praza de Compostela e arredores.

## SITUACIÓN

O expediente atópase en suspenso por non existir resolución administrativa ó caso.

## EXPEDIENTE 17/2003

### ASUNTO

Nesta queixa a interesada, como Presidenta da Asociación Veciñal Val do Frago, expón que o vial situado entre o peche perimetral do Polígono de Balaídos e a subestación de Fenosa, posúe 2,80 metros de ancho para o tránsito de coches e só 50 centímetros para o paso peonil, o que supón un risco para os peóns, interesando a necesidade de ampliación do vial ou, de non ser posible, que se peche ó tráfico de vehículos.

### SITUACIÓN

Solicitado informe con data 6/03/2003 á Concellería de Vías e Obras, no que se precisa que este vial, nalgún tempo, só era peonil, sendo un camiño inmemorial de acceso a outros barrios da cidade, estimándose que debería volver á súa situación inicial.

Con data 11/03/2003 a Concellería de Vías e Obras remítenos o preceptivo informe, no que se explicita que o citado camiño non pertence ó Concello de Vigo, senón que está incluído na delimitación territorial que pertence ó Consorcio da Zona Franca de Vigo. Co informe achégase copia dun escrito do Sr. Delegado Especial do Estado no que indica que “las posibles soluciones alternativas podrían con-



sistir en retranquear el cierre perimetral de las instalaciones de Unión Fenosa o en la construcción de un paso elevado que posibilite el tránsito peatonal en condiciones seguras; la otra alternativa propuesta por la Asociación, consistente en el cierre del vial al tránsito rodado, originaría serios inconvenientes a la empresa Citroën Hispania, S.A., pues dicho camino es utilizado por parte de sus trabajadores para acceder al aparcamiento interior”, escrito de 8/05/2002.

Con data 14/03/2003 insistimos ante a Concellería de Vías e Obras para subliñar que o camiño en cuestión é un camiño de servicio público, cunhas circunstancias especiais de tránsito peonil que polo interese público debe contar cos pronunciamentos de utilización e seguridade que lle son propios. Unha planificación urbana integrada ten que pretender, entre outras medidas, rehabilitar as áreas urbanas deprimidas, o que redundará ademais no desterro da exclusión social.

Solicítouse de novo informe complementario sobre o estado no que se atopan as medidas de solución. Con data 30/04/2003 recíbese contestación á petición anterior, informándonos das xestións que se están a celebrar entre o Concello, Fenosa e Zona Franca; estas xestións abranguen:

- a) Escrito de Unión Fenosa de 7/06/2002, no que se expoñen as dificultades para o desprazamento do muro de peche, dificultades técnicas e económicas.
- b) Escrito do Concello ó Sr. Delegado Especial do Estado, do 24/03/2003, no que se pide estudien o recuamento do peche perimetral que permitiría ó Concello executar unha beirarrúa de 1,5 metros de ancho.

Con data 30/05/2003, o Sr. Concelleiro de Vías e Obras fainos chegar escrito do Enxeñeiro Municipal de Tráfico no que se indican as modificacións feitas, que son:

Modificación na sinalización da Vía para aumenta-las condicións de seguridade:

- a) Na entrada do camiño substitúese o sinal R106 por unha torre con sinais R301 de límite de velocidade a 20 Km/h e R204 con límite de gálibo en ancho a 1,9 metros.
- b) Ó longo de todo o vial, dende o seu comezo ata o final da rúa, delimitouse con marca vial un carril de circulación de ancho máximo 2 metros, de xeito que permite unha beiravía de 0,4 metros ó carón da beirarrúa. Esta beiravía encheuse con cebreado oblicuo de 0,5 metros para reforza-la súa exclusión ó tráfico e permitir unha maior distancia de seguridade entre peóns e vehículos.

Significando que tales medidas foron tomadas, segundo o Sr. Concelleiro de Vías e Obras, unha vez comprobada a imposibilidade de recuar os muros lindantes do camiño en cuestión.

## REFLEXIÓNS

Atopámonos cunha cuestión que, segundo os documentos obrantes no expediente, data de abril de 2001 e que vén presidida polas actuacións de distintas administracións e coa implicación de empresas concesionarias de servicios públicos.

Non se discute o carácter de subordinación do ordenamento local con respecto a ordenamentos superiores por mor do principio de xerarquía normativa, pero si temos que reflexionar que esta subordinación non detalla unha correlativa lista de materias con reserva cautelar a favor dos entes locais, de xeito que moitas veces non se poida falar de principio de competencias para explicar e comprender axeitadamente as relacións entre o ordenamento local e os ordenamentos superiores. O ordenamento local tívose entón que nutrir de produtos residuais que lle permitiron os outros ordenamentos, aínda que as materias foran especialmente de interese local, é dicir, tal como di algún sector doutrinal, é unha intervención a favor da competencia local chea de “avareza”. A Lei 7/1985 redúcese a un etéreo “dereito a intervenir”, fíxose unha verdadeira “desmunicipalización”.

Tense que adonda-la máxima da xustificación dos controis, tense que revisa-lo concepto tradicional das relacións de xerarquía e tutela do Estado e a Administración Local, introducindo verdadeiros mecanismos de cooperación e coordinación interadministrativa, mantendo as relacións de control unicamente como instrumento de clausura de toda a organización territorial (preámbulo da Lei 7/1985). Nembargantes, a lei non acadou o obxectivo, xa que os mecanismos establecidos de colaboración e coordinación son insuficientes. Neste ámbito, o TS entendeu que as relacións interadministrativas derivan da Constitución; estas relacións regúlanse pola norma xeral (Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999), pero non é tampouco, segundo algún sector, o auténtico cadro básico que se pretende. Tense que chegar seriamente a un estado de cooperación indispensable, sendo precisas posicións de “relativa equiparación” entre os distintos niveis dotados de poder público, é dicir, entre as diferentes entidades territoriais.

## RECOMÉNDASE

Dado o tempo transcorrido entre a denuncia do problema e a solución máis simple que se adoptou para resolvelo, sería adecuado que nas actuacións públicas

primase a máxima doutrinal de toda actividade administrativa que é a de estar presidida polos principios de economía, celeridade e eficacia.

## EXPEDIENTE 38/2003

### ASUNTO

Tema relacionado cunhas filtracións de augas que afectan a unha Comunidade de Propietarios da rúa Camelias e a unha Comunidade de Garaxes da rúa Quixote. As interesadas, en representación das citadas comunidades, indicánnos que teñen presentado escritos na Concellería de Vías e Obras solicitando solución ás filtracións de augas que lles afectan, e que son causadas pola mala impermeabilización dunha praza pública, solicitudes que foron denegadas.

### SITUACIÓN

Solicitouse informe de Vías e Obras o 21/05/2003, con data 28/05/2003 recíbese escrito co que se achegan documentos obrantes no arquivo que non constaban nesta Institución; un da Comunidade de Propietarios, no que solicita autorización para proceder ó arranxo das filtracións de auga procedendo ó levantamento das baldosas da praza, e outro do Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras autorizándoo, sempre que se lle comunique por escrito o comezo da obra.

Deste feito dáse traslado á interesada, indicándolle que resulta obvia a existencia de dúas vías ou axentes de actuación en representación da mesma Comunidade, solicitándolle información actualizada. A resposta indica que o escrito de solicitude de levantamento antes citado, finalmente non foi aceptado pola Xunta de Propietarios, que entenden que debe ser a Concellería de Vías e Obras quen o leve a cabo, xa que para unha correcta reparación, segundo informe pericial, sería necesaria a reparación de toda a praza, porque as filtracións proceden da mesma e afectan tamén á Comunidade de Garaxes, interesando se investiguen as condicións e acordos que se dan na subliñada construción.

Información que se trasladou o 18/06/2003 a Vías e Obras que, en data 26/06/2003, indica que o expediente foi trasladado á Comunidade de Propietarios reclamante, sendo firme, consentido e polo tanto eficaz no seu contido orixinal, sen que se detecten nin se denunciaren anomalías de procedemento no mesmo, polo que este novo escrito da nova Presidenta non cren que teña amparo na

figura do Valedor. Polo que respecta ó tema alegado por esta Institución de que se trata ademais dunha cuestión de seguridade, non só para os propietarios senón tamén para os viandantes, dinnos que se trata dunha nova solicitude administrativa de información que deberá ser instada no rexistro xeral deste Concello.

De todo o anterior dáse traslado á interesada o 25/06/2003, sen actuacións adicionais á data de peche deste Informe.

## REFLEXIÓNS

O apuntamento feito sobre o tema da seguridade acerca de que se trata dunha nova solicitude que require instancia no rexistro xeral non é compartido por esta Institución, xa que a mesma non só ten un carácter explícito, senón que tamén, en aras dunha correcta e eficaz actividade da xestión pública, está implicitamente recollido en todo o expediente, no que incluso existen informes periciais.

Ó abrigo do contido é de subliñar o seguinte:

- a) A Constitución de 1978 alumea un novo concepto de Administración, sometida á lei e ó dereito. Consagra o carácter instrumental da Administración, posta ó servizo dos intereses dos cidadáns.
- b) O réxime xurídico das Administracións Públicas debe transcender ás regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade a quen serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais dos cidadáns sexan reais e efectivos.
- c) O procedemento administrativo é un instrumento adecuado para dinamizar o seu avance, as regras fundamentais do procedemento son peza esencial no proceso de modernización da sociedade e da súa Administración.
- d) No suposto que nos ocupa débese ter en conta que, segundo o artigo 53 da Lei 30/1992, modificado pola Lei 4/1999, as notificacións das resolucións e actos administrativos que afecten ós dereitos e intereses dos administrados deberán producirse polo órgano competente e, ademais, artigo 54, deberán ser motivadas e coa indicación, artigo 58, de se o acto é ou non definitivo, especificando os recursos que procedan, órgano ante quen se presentan e prazo para interpoñerse. Ademais, as resolucións serán congruentes coas peticións formuladas.
- e) Téñense que evitar actuacións non suficientes, axilizar trámites e facilita-la información adecuada para que o cidadán poda ver as solucións axeitadas ás súas peticións.

## **RECOMÉNDASE**

Cumprimento estricto da legalidade en temas de procedemento.

## **EXPEDIENTE 56/2003**

### **ASUNTO**

O interesado, representando a 55 familias, solicita que se amplíe a entrada ás súas vivendas para facilita-lo acceso a determinados servizos como a recollida do lixo, o abastecemento de butano, etc. Teñen presentado escrito no Concello e solicitan a ampliación, xa que teñen entendido que o terreo lindante pertence ó Concello.

### **SITUACIÓN**

Presentada a queixa o 26/06/2003, solicitouse información o 1/07/2003 á Concellería de Vías e Obras que, a súa vez, interesou informe a Patrimonio o 4/07/2003. Dado que non se recibiu o mesmo, reiteróuselle a Patrimonio o 13/08/2003 e de novo o 11/11/2003. Recíbese o 1/12/2003 e dáse traslado ó interesado con data 2/12/2003. No informe indícase que puido existir un erro administrativo; para restablece-lo tracto procedimental indebidamente interrompido, dirixirase ó interesado escrito para que achegue plano de situación, continuando así as actuacións.

### **REFLEXIÓN**

Pola nosa parte resulta coherente a motivación exposta por Vías e Obras; non obstante, debe terse máis en conta a necesidade dunha coordinación efectiva entre os departamentos correspondentes, xa que as actuacións non coordinadas demostran falta de orde na disposición dos esforzos do grupo, falta de autoridade e carencia dunha convicción do servizo mutuo.

## **RECOMÉNDASE**

– Cumprimento da legalidade do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 18).

## EXPEDIENTE 81/2003

### ASUNTO

A interesada expón no seu escrito de queixa que ten presentado solicitude no Concello de Vigo (Benestar Social e Vías e Obras) para que se realice o rebaixe nas beirarrúas na zona do Areal, onde reside o seu irmán, para facilita-la mobilidade dunha cadeira de rodas que precisa por padecer esclerose múltiple. Non recibindo resposta ningunha á súa solicitude (de setembro de 2002), procedeu de novo a realizar a mesma en febreiro de 2003.

O pasado mes de outubro, no departamento de Vías de Obras facilítanlle o teléfono do inspector. Contactando con el, este explícalle que “non había orzamento” e que trataría de practicar algún dos rebaxes máis necesarios, o que a interesada considera insuficiente porque son moitos os puntos de difícil acceso, entre outros un Centro de Saúde e unha sala de exposicións. Reclama que, cando menos, se lle expliquen por escrito as causas polas que se atrasan as obras e se lle dea prioridade a este tipo de obras nos orzamentos municipais.

### SITUACIÓN

Recibida a queixa o 24/10/2003, solicitouse informe o 27/10/2003 e reiterouse o 10/12/2003. Non recibíndose resposta, péchase para os efectos de confeccionalo Informe de 2003.

### REFLEXIÓNS

Cando a interesada tivo constancia de que a súa petición fora trasladada ó Departamento de Vías e Obras sorpréndese coa información que telefonicamente se lle transmitiu: “non había orzamento”. Téñase en conta que a representante, irmán do interesado, ten iniciada a súa petición en setembro de 2002.

Estamos ante un claro suposto de exclusión social que potencialmente afecta a un ilimitado número de cidadáns non só naquela zona subliñada, senón en calquera outra, xa que o número de persoas aqueixadas de minusvalías é notorio pero, ademais, a aqueles temos que engadir, sen dúbida, outros colectivos hoxe numerosos, cales son os cidadáns de idades nas que xa non se dispón de condicións físicas adecuadas ós perfís das beirarrúas.

Estamos a tratar un tema elemental que afecta directamente ó dereito constitucional da calidade de vida dos cidadáns, máxime cando grupos visibles deles requiren de máis sensibilidade para os tratamentos axeitados.

Cando o ente público non é capaz de dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, a súa lexitimidade por rendemento tense que sentir afectada. É de recordar que a igualdade non é propiamente un dereito, senón a medida e garantía de tódolos dereitos.

Sen pedirlle á autoridade o que excede das súas posibilidades, si ten esta o deber de asegurar aquelas condicións xerais de felicidade que constitúen as bases mínimas para acadar unha vida social satisfactoria, e entre elas atópase o canle vital para as diversas vocacións e aptitudes.

Por último, cabe facer referencia á Lei 8/1997 de 20 de Agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, que recolle no seu artigo 6 que os itinerarios peonís e mixtos se realizarán de forma que resulten accesibles a calquera persoa, establecendo uns parámetros mínimos que deben completar para ser considerados adaptados ou practicables. A citada lei foi desenvolvida polo Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro.

## **RECOMÉNDASE**

- Cumprimento da legalidade en canto á información que se debe ó cidadán en relación coas súas peticións.
- Cumprimento da legalidade do artigo 18.I do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 93/2003**

### **ASUNTO**

Tema relacionado coas inundacións duns garaxes.

### **SITUACIÓN**

Denuncia presentada ante Vías e Obras en febreiro de 2003. Solicitou a intervención desta Institución o 22/12/2003, que pediu informe á Área de Servicios Xerais con data 30/12/2003, estando á espera do mesmo. Inclúese nesta memoria por peche da mesma, quedando pendente para o ano 2004.





## **CAPÍTULO 12**

**Outros:**

### **Exencións Segundo Regulamento do Valedor do Cidadán**

EXPEDIENTES:

7 (*Exención artigo 14.c*)

10, 34, 66 (*Exención artigo 17.2*)

### **Expedientes remitidos ó Valedor do Pobo**

EXPEDIENTES:

1, 22, 62

### **Expedientes remitidos ó “Defensor del Pueblo”**

EXPEDIENTES:

87, 91

## Exencións Segundo Regulamento do Valedor do Cidadán

### *Exención Segundo Artigo 14.C)*

#### **EXPEDIENTE 7/2003**

#### **ASUNTO**

Trátase dunha queixa pola concesión dunha compatibilidade laboral aprobada polo Concello á vista da correspondente solicitude dun funcionario. A interesada indícanos que ten presentado no Concello solicitude de revisión de oficio en relación á compatibilidade entre un posto de traballo como empregado municipal e o desempeño dunha actividade privada por un funcionario do Concello de Vigo, pretendendo que se declare a incompatibilidade das citadas actividades.

O Concello, segundo documentación achegada pola autora da queixa, estimou que esta carece da condición de “interesado” –segundo o artigo 31 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de RXAP e PAC-, polo que declara a inadmisibilidade do escrito presentado pola mesma.

#### **SITUACIÓN**

Infórmase á interesada que de acordo co artigo 14.c) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, tódalas cuestións de persoal ou as que estean sometidas a procedementos xurisdiccionais quedan excluídas da competencia desta Institución.

## **Exención Segundo Artigo 17.2**

### **EXPEDIENTE 10/2003**

#### **ASUNTO**

O interesado presenta queixa nesta oficina porque tendo presentado ante o Concello de Vigo un escrito, non ten recibido resposta ningunha. No citado escrito solicita do Concello que se faga cumprimento dunha sentenza xudicial en relación cun tema urbanístico. Asunto no que xa recaeu sentenza, pendente de execución.

#### **SITUACIÓN**

Polo motivo exposto, excede a competencia do Valedor do Cidadán. Infórmase ó interesado que de acordo co artigo 17.2 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán esta Institución non é competente para entrar no exame da súa queixa por estar pendente de resolución xudicial definitiva, cal é a execución dunha sentenza.

### **EXPEDIENTE 34/2003**

#### **ASUNTO**

Queixa presentada con data 2/05/2003 sobre tema relacionado coa construción dun muro que xa tivo actuacións ante os tribunais de xustiza.

#### **SITUACIÓN**

Con data 20/05/2003 comunícase á interesada que a queixa en cuestión excede as competencias desta Institución, xa que están en trámite diversos xuízos e execucións de sentencias, non habendo queixa nin controversia coa Administración Municipal do Concello de Vigo por tratarse dunha materia civil entre particulares.

## **EXPEDIENTE 66/2003**

### **ASUNTO**

Tema relacionado con escritos cursados ante o Concello sobre posibles anomalías de titularidade na construción e venda duns terreos, segundo expediente obrante en Urbanismo.

### **SITUACIÓN**

Presentada a queixa o 31/07/2003, requiriuse á interesada a presentación da documentación tramitada ante o Concello. Recibida esta, solicítase informe o 26/08/2003 que se recibe o 16/09/2003 e dáse traslado do contido á interesada o 22/09/2003, no que ademais se lle informa que o asunto que quere protexer e formular pertence ó eido civil, polo que non é competencia desta Institución.

## **Expedientes remitidos ó Valedor do Pobo**

### **EXPEDIENTE 1/2003**

### **ASUNTO**

O interesado manifesta a súa desconformidade en relación coa adxudicación provisional de parcelas na área residencial de San Paio de Navia, adxudicación que foi resolta polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, dependente da Xunta de Galicia. Polo tanto, e de acordo co artigo 14.a) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, estamos ante un suposto excluído da competencia desta Institución.

### **SITUACIÓN**

Con data 9/01/2003 infórmase ó interesado do contexto anterior e ofrecéndolle, se o desexa, a posibilidade de tramitala queixa dende esta Institución perante o Valedor do Pobo, institución competente.

Non téndose recibido resposta ó ofrecemento, péchase o expediente sen máis trámite.

## **EXPEDIENTE 22/2003**

### **ASUNTO**

A interesada presenta queixa contra a empresa concesionaria da Xunta de Galicia, Unión Fenosa, en relación cun poste de media tensión instalado en propiedade privada que parece non acadar as condicións necesarias.

### **SITUACIÓN**

A queixa foi recibida o 12/03/2003 e, non reunindo os requisitos de competencia desta Institución de acordo co artigo 14 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, a petición da interesada foi tramitada dándosele traslado ó Valedor do Pobo con data 19/03/03, segundo establece o artigo 13.1.c) do citado regulamento.

## **EXPEDIENTE 62/2003**

### **ASUNTO**

Tema alleo á Administración Pública Local. O interesado, cidadán francés, pero, segundo informa, coa posibilidade de obter a nacionalidade española por ser fillo de españois, solicita se lle dea traslado da súa queixa ó Valedor do Pobo.

### **SITUACIÓN**

Queixa recibida o 16/07/2003 e trasladada, de acordo co artigo 13.1.c) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, ó Valedor do Pobo o 24/07/2003.

## **Expedientes remitidos ó “Defensor del Pueblo”**

## **EXPEDIENTE 87/2003**

### **ASUNTO**

Asociación de afectados do 2º cinto de circunvalación de Vigo.

## **SITUACIÓN**

Queixa presentada nesta oficina o 11/11/2003. Expediente que se atopa en trámite, trátase dunha materia competencia do “Defensor del Pueblo”.

## **EXPEDIENTE 91/2003**

### **ASUNTO**

A interesada presenta queixa en relación á falta de seguridade que senten os veciños que viven nos arredores dun tramo da Autoestrada do Atlántico A-9. Os seus pais viven preto do citado tramo, polo que teñen solicitado en numerosas ocasións a Autopistas del Atlántico, ó MOPU e ó Concello de Vigo, sen recibir resposta, que se instalen proteccións laterais que eviten a posible caída dun coche ou da súa carga sobre as súas vivendas en caso de accidente.

### **SITUACIÓN**

Queixa recibida o 28/11/2003, con data 1/12/2003 e de acordo co artigo 13.c do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, por tratarse a Autoestrada dunha competencia do Estado, déuselle traslado da petición ó “Defensor del Pueblo”, previa información á interesada







## Parte II

# ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2002 CON INCIDENCIAS NO ANO 2003



## INTRODUCCIÓN

Nesta Institución téñense rexistrados un total de 31 expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas en 2002, que tiveron incidencias de actuacións durante o ano 2003 e que por sectores cífranse en :

• Urbanismo .....	19
• Tráfico e Seguridade .....	4
• Medio Ambiente .....	2
• Patrimonio .....	1
• Limpeza .....	1
• Cultura .....	1
• Información ó Consumidor .....	1
• Turismo e Comercio .....	1
• Vías e Obras .....	1

Do contido destas actuacións cabe concluír dúas exposicións:

1º) Reiterado incumprimento do principio de legalidade imposto polo artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, no que se reflicte que o organismo ou a dependencia administrativa correspondente deberá, no prazo máximo de quince días, remitir o informe escrito que pola Institución do Valedor do Cidadán se lle require.

Todo regulamento nacido dunha competencia municipal é un elemento innovador do ordenamento xurídico e correspóndese cun ámbito de xeneralidade e de obrigada observancia; o regulamento é un colaborador da lei que aclara, desenvolve, concreta e dicta normas de procedemento e, ademais, regula unha organización.

Por outra banda, e en relación co mesmo parágrafo I do artigo subliñado, tense que recordar o disposto no artigo 47 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que se explicita que os termos e os prazos establecidos nesta ou outras leis obrigan ás autoridades e ó persoal ó servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos.

Esta Lei é recoñecida coma unha norma de cabeceira reguladora do réxime xurídico, da actividade, do procedemento e da responsabilidade de tódalas Administracións Públicas.

Seguindo co mesmo artigo 18 do Regulamento subliñado, atopámonos que, no parágrafo 2, aclárase que a “negativa ou dilación inxustificadas do funcionario ou dos seus superiores responsables do envío do informe inicial solicitado poderán ser consideradas polo Valedor do Cidadán, como hostís ou entorpecedoras da súa actuación e dará conta ó Pleno”.

Non cabe dúbida que a pretensión desta Institución vén sempre presidida pola busca dunha normalización das actividades públicas municipais consonte cós dereitos e intereses dos cidadáns.

2º) A potestade normativa municipal encamiñase a unha actividade de xestión, é dicir, á realización duns fins mediante o axeitado emprego dos medios pertinentes; esta actividade exerceuse, case sempre, respecto de bens ou intereses que lle son alleos, trátase dun perfil no que a actividade a desenvolver é o interese público.

A mellora da lexitimidade da actividade pública municipal tense que buscar pola vía dos rendementos e neste eido as estratexias son inesgotables; esta lexitimidade por rendimento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas de mellora da situación material dos actores que solicitan a acción pública.

Sen pedirlle á acción pública o que excede das súas posibilidades, esta ten o deber de asegura-las condicións xerais de felicidade que constitúen as bases mínimas para acadar unha vida social satisfactoria.

A acción pública, tal como proclama a Constitución, ten que estar presidida polos principios de legalidade e eficacia; téñense que resolver as demandas, solicitudes e recursos interpostos polos cidadáns, hai que dictar as resolucións pendentes. A eficacia deriva do desterro das actuacións non suficientes, exercendo adecuadamente as competencias municipais que teñan por obxecto a preservación dos dereitos constitucionais dos cidadáns: dereitos ó medio ambiente axeitado, á calidade de vida, á intimidade persoal e familiar, á saúde e ó descanso. Incoar os expedientes sancionadores polas infraccións urbanísticas e pola realización das obras sen previa licencia, aínda que posteriormente sexan legalizadas.

Só así a visión dos cidadáns, con respecto á eficacia da acción pública local, será positiva e polo tanto congruente cos termos constitucionais.



## **CAPÍTULO I**

### **Auga, Saneamento e Limpeza**

EXPEDIENTE: 49

#### **EXPEDIENTE 49/2002**

##### **ASUNTO**

O interesado indícanos que a empresa que representa mudou as súas instalacións para a vía Hispanidade, lugar que por estar situado entre varios edificios non ten colectores de lixo, tendo sido solicitados de xeito verbal xa no mes de novembro de 2001 e repetindo a petición durante todo o primeiro semestre do ano que andamos.

No mes de xuño de 2002 xiróuselle o recibo correspondente á recollida do lixo, do que solicitou a revisión de cota por considerar inxusto o pagamento dun servizo do que non dispuña. No mes de setembro de 2002 o Concello contestoulle que o recibo estaba de acordo coa clasificación do IAE e os datos remitidos. Ante esta situación, con data 20/09/2002 solicitou de novo a instalación dun colector de lixo. Non tendo ata agora contestación ó seu pedimento é polo que recorre a esta Institución.

##### **SITUACIÓN**

En novembro de 2001 e xuño de 2002 o Concello xiroulle o recibo de recollida correspondente, sen ter colocado o colector, reclamou e foille denegada a peti-

ción. Con data 20/09/2002 solicitou por escrito a instalación do colector que en novembro de 2002 aínda non estaba colocado.

Solicitou a intervención desta Institución o 12/12/2002, dende onde se solicita información ó respecto o 17 do mesmo mes, reiterándoa o 20/01/2003, informe recibido o 18/02/2003, no que se di que na Concellería encargada de limpeza non consta a solicitude de instalación do equipamento subliñado e que con esa data se ordena a súa instalación. Non existen actuacións posteriores.

## **CAPÍTULO 2**

### **Cultura e Deportes**

EXPEDIENTE: 32

#### **EXPEDIENTE 32/2002**

#### **ASUNTO**

O interesado indícanos que leva solicitando ós distintos alcaldes da Cidade de Vigo que lle dean o nome dun antepasado seu a unha rúa na cidade de Vigo.

A contestación que recibiu, segundo a documentación que entrega nesta Institución, é un escrito da Alcaldía de data 25/04/2000, no cal se lle indica que a súa solicitude foi pasada ó Sr. Concelleiro Delegado de Cultura, por ser un tema da súa competencia.

#### **SITUACIÓN**

Expediente relacionado coa proposta de nome para unha rúa, que iniciado no ano 2000, definiuse finalmente co informe da Área de Cultura recibido nesta Institución o 7/02/2003. Posteriormente, o interesado dirixiuse verbalmente a esta Institución, en xuño de 2003, alegando que segundo a comunicación que recibiu da Alcaldía non se require a petición de sinaturas que se lle indicara, polo que se solicita que se aceleren os trámites.





## **CAPÍTULO 3**

### **Medio Ambiente**

EXPEDIENTES: 42, 48

#### **EXPEDIENTE 42/2002**

##### **ASUNTO**

O interesado indícanos que no baixo da casa onde habita funciona un bar (pub) que incumpre tódalas normas vixentes: falta de insonorización, horarios de peche, carece de saída de emerxencia, ten unha pista de baile sen permiso. Indicando ademais que presentou múltiples denuncias ó respecto.

##### **SITUACIÓN**

Con data 14/11/2002 solicitou a intervención desta Institución. Instando informe o 26/11/2002 e reiterado o 15/01/2003, recíbese o 5/02/2003, no que se di por parte de Urbanismo que a denuncia se remite a Medio Ambiente por ter licencia concedida anteriormente. Descoñécense aínda as accións levadas a cabo por Medio Ambiente. Non existindo actuacións posteriores por parte do interesado.

## **EXPEDIENTE 48/2002**

### **ASUNTO**

Tema relacionado cunha denuncia presentada no Concello con data 25/04/2001 en relación cos ruídos e molestias producidos polos cans dun veciño, especialmente pola noite, non obtendo resposta nin actuación ningunha por parte das autoridades, sendo polo que recorre a esta Institución.

### **SITUACIÓN**

Con data 9/12/2002 solicitou a intervención desta Institución, quen requiriu informe o 3/01/2003, reiterado o 7/02/2003 e do que non tivo resposta á data de peche deste Informe.

## **CAPÍTULO 4**

### **Patrimonio**

EXPEDIENTE: 9

#### **EXPEDIENTE 9/2002**

##### **ASUNTO**

A interesada indícanos que en datas 15/03/2001 e 14/02/2002, presentou escrito no Concello en pedimento de que se lle certificase se un determinado camiño sito en Sampaio está catalogado como público.

Segue participándonos que ata o momento non tivo contestación ningunha ós seus escritos, sendo polo que recorre a esta Institución.

##### **SITUACIÓN**

Tema orixinado en 2001 e reiterado con posterioridade, sendo a última actuación desta Institución a de 8/07/2003, data na que instamos a Patrimonio a que remita o preceptivo informe, non recibíndose resposta a 31/12/2003.



## **CAPÍTULO 5**

### **Seguridade, Tráfico e Transportes**

EXPEDIENTES: 26, 46, 50, 52

#### **EXPEDIENTE 26/2002**

##### **ASUNTO**

As interesadas indicánnos que a súa empresa foi adxudicataria do concerto para prestar servicios de Fisioterapia e Rehabilitación na área Sur de Pontevedra que comprende, entre outros, ó Concello de Vigo. A primeiros de ano trasladáronse a un centro situado en Vigo e solicitaron, primeiro verbalmente e despois oficialmente, unha reserva de espacio para parada de ambulancias, permiso que foi denegado. (No centro no que se atopaban anteriormente tiñan unha reserva de espacio concedida pola Concellería de Tráfico, Seguridade e Transportes).

Nunha visita posterior faláron co Sr. Concelleiro de Sanidade, o cal lles dixo que a petición era razoable, e de novo con data 14 de marzo volveron a reiterar a citada petición, sen obter ata o momento contestación ningunha.

As interesadas queren facer constar que a súa solicitude estaría sempre ligada ó mantemento do concerto co SERGAS, posto que é o que orixina que acudan a realizar o tratamento pacientes que teñen que ser trasladados en ambulancias colectivas.

## **SITUACIÓN**

A queixa foi presentada o 20/09/2002, á que se lle deu solución, segundo escrito do Departamento de Tráfico, en xuño de 2003.

## **EXPEDIENTE 46/2002**

### **ASUNTO**

A interesada indícanos que en data 5/08/2002 presentou un escrito de denuncia contra o propietario do predio lindante ó seu pola acumulación de herba e restos na extrema da finca da denunciante, causando diversos prexuízos á mesma, así como risco de incendio na súa propiedade. Ó non ter contestación ningunha é polo que recorre a esta Institución.

## **SITUACIÓN**

Ante a falta de actividade municipal, solicita o 27/11/2002 a intervención desta Institución que, con data 10/12/2002, solicita informe que se recibe o 27/12/2002, no que se declara que non existe perigo de incendio, o que lle participamos á interesada, que manifesta non estar de acordo co mesmo por referirse á época invernal, e que na época estival si existe tal risco. Dáselle coñecemento ás Concellerías de Sanidade e de Seguridade o 30/07/2003, recibíndose informe por parte dos bombeiros que indica que a finca está limpa e non existe maleza ou combustible que poida arder, do que se dá traslado á interesada o 14/08/2003. Sen actuacións posteriores.

## **EXPEDIENTE 50/2002**

### **ASUNTO**

Tema relacionado coas incomodidades e molestias producidas pola práctica do “botellón” na zona do Monte do Castro, situación denunciada polo interesado xa dende 1999 en varias ocasións.

Con datas 24/08/1999, 31/07/1999 e 29/11/1999, dirixiu escritos ó Concello na procura de posibles solucións a este problema, o que deu lugar a actuacións da Policía Municipal, que realizou varias medicións sonométricas, superando todas elas o nivel máximo permitido.

Como queira que nestes últimos tempos o problema vai en aumento, perturbando por completo a súa vida familiar, o interesado suxire que os fins de semana se patrulle por parte da Policía Local a zona, para deste xeito evitar as concentracións de xente nova e os riscos que leva consigo o consumo desordenado de alcol e a gran barulleira que se forma.

## **SITUACIÓN**

Con data 16/12/2002 solicitou a intervención desta Institución, requiríndose informe o 3/01/2003 e reiterado o 7/02/2003. Sen resposta á data de peche deste Informe.

## **EXPEDIENTE 52/2002**

### **ASUNTO**

Queixa relacionada cunha protesta sobre a falta de follas de reclamación e de martelos nos autobuses de VITRASA.

### **SITUACIÓN**

Reclamación presentada o 23/12/2002, solicitado informe o 24/01/2003, recibido o 13/02/2003, do que se dá cumprida información ó interesado, no que se indica que a falta pode considerarse ocasional debido a varias continxencias. Este tema reactivouse o 6/10/2003 pola insistencia do interesado no tema dos martelos, solicitándose novo informe que se recibe o 19/11/2003, no que se indica que a falta dos martelos trátase de substituír puntualmente, realizándose inspeccións semanais. Non dándose actuacións posteriores.





## **CAPÍTULO 6**

### **Comercio, Turismo e Participación Cidadá**

EXPEDIENTES: 40, 44

#### **EXPEDIENTE 40/2002**

##### **ASUNTO**

O interesado indícanos que en data 28/01/2002 presentou unha reclamación na Oficina Municipal de Información ó Consumidor, na que daba conta que contratou un curso de idioma cunha empresa, curso que resultou non cumprir coa propia oferta da empresa, polo que decidiu resolver o contrato, o que non conseguiu e reclamou na OMIC, da que non recibiu contestación ningunha.

##### **SITUACIÓN**

Trátase dunha reclamación na Ofical Municipal de Información e Consumo, á cal se lle solicitou informe por parte desta Institución con data 26/11/2002, recibíndose o mesmo o 14/01/2003, do que se lle deu cumprida información ó interesado o 20/01/2003. Sen actuacións posteriores.

## **EXPEDIENTE 44/2002**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que ten realizado diversas xestións na Concellería de Turismo e Comercio, a través de cinco escritos entregados o 10/08/2000, 22/08/2001, 03/10/2001, 20/12/2001 e 22/01/2002, en solicitude da defensa e revitalización do Chambo da Cultura da Reciclaxe, que se celebraba os domingos pola mañá na Praza da Constitución. Ó non obter contestación é polo que recorre a esta Institución.

### **SITUACIÓN**

Esta Institución solicita informe o 10/12/2002 que reitera o 21/1/2003, e que recibe o 4/02/2003, no que se participa a disposición da responsable da Concellería para reunirse cos representantes da Asemblea Filantrópica da Reciclaxe Industrial. Non existindo actuacións posteriores.

## **CAPÍTULO 7**

### **Urbanismo**

#### **EXPEDIENTES:**

1, 7, 8, 11, 15, 17, 19, 20, 21, 24, 25,  
27, 29, 31, 35, 36, 41, 45, 51

#### **EXPEDIENTE 1/2002**

##### **ASUNTO**

O interesado mercou en construción un primeiro piso nunha rúa de Vigo, onde hai un tramo que non foi urbanizado, o que leva consigo que a día de hoxe non se teña concedida a licencia de primeira ocupación, así como que non se fixese o des-terro para alcanzar a rasante da rúa, polo que a terra chega ata o piso adquirido polo denunciante, xerándolle incomodidades e riscos para a súa seguridade.

Leva máis dun ano facendo xestións en diferentes dependencias do Concello non tendo contestación, polo que recorre a esta Institución.

##### **SITUACIÓN**

Tema que transcende dende antes do ano 2002; a última actuación por parte desta Institución data de 29/12/2003, interesando unha vez máis o informe. É de salientar, tal como indica a Memoria de 2002, a falta de coordinación e incluso de cooperación entre as distintas Administracións actúantes.

## **EXPEDIENTE 7/2002**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que desde o ano 1996 vén interesando da Xerencia Municipal de Urbanismo que se executen as ordes de derruba da mesma respecto a un muro de contención, non tendo contestación ningunha, sendo polo que recorre a esta Institución.

### **SITUACIÓN**

Tema con orixe no ano 1996. A última actuación por parte desta Institución data do 27/10/2003, na que se informa ó interesado que nese mes a inspección municipal informa que as obras obxecto do expediente non foron derrubadas, o que motiva unha multa coercitiva por importe de 600 € por incumprimento da demolición, con apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa se non se procede á derruba.

A doutrina é sobradamente coñecida nos temas en que á Administración Municipal debería poñer máis dilixencia na actuación que nos ocupa, o que é obvio que se traduce nunha falta de eficiencia.

## **EXPEDIENTE 8/2002**

### **ASUNTO**

O interesado relaciónanos unha serie de denuncias, que alcanzan o número de sete, todas elas realizadas desde o mes de maio de 2000 ata o 22 de marzo de 2002, sobre a ocupación dun camiño público en Pardavila-Curros.

As denuncias son por mor das obras realizadas por unha veciña que ten construído unha escaleira sobre terreos públicos, impedindo a libre circulación de vehículos.

### **SITUACIÓN**

A última actuación desta Institución vén dada pola solicitude de novo informe realizada o 14/05/2003, sen recibir resposta da Concellería de Patrimonio.

## EXPEDIENTE 11/2002

### ASUNTO

A interesada, no seu escrito, trasládanos a denuncia feita pola mesma na Policía Local, na que se denunciaba a existencia de varias chabolas construídas nun camiño, ocupando parte do mesmo, xerando incomodidades para os usuarios. Á súa vez, tamén nos remite un informe da Xerencia de Urbanismo no que consta que as devanditas construcións non teñen Licencia Municipal.

Segue participándonos que ata o momento non tivo contestación ningunha a súa denuncia, sendo polo que recorre a esta Institución.

### SITUACIÓN

A última actuación desta Institución data do 14/05/2003, pola que se dá traslado á interesada do informe de urbanismo no que se indica a remisión do expediente a Patrimonio e Contratación, así como á Asesoría Xurídica para a súa remisión ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ante o recurso contencioso-administrativo interposto por terceiro.

## EXPEDIENTE 15/2002

### ASUNTO

O interesado indícanos que presentou denuncias contra un taller, lindante coa súa vivenda, por carecer de licencia de obra, de apertura e por contaminar o contorno.

Leva tempo facendo xestións no Concello, incluso requiriu a presenza da Policía Local para parar a citada actividade, sen obter resultados, motivo polo que recorre a esta Institución.

### SITUACIÓN

A última actuación desta Institución data do 24/07/2003, na que se incide ante Urbanismo que, non obstante a sentenza recaída sobre a ilegalidade urbanística, a actividade seguía realizándose, e interesando unha solución axeitada ós fundamentos da queixa.

## **EXPEDIENTE 17/2002**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que en data 23/02/2001 presentou un escrito de alegacións na Xerencia de Urbanismo sobre solicitude de Licencia de Actividades e Instalacións instada por uns talleres. Reiterando o precitado escrito en datas 11/04/2001, 10/08/2001 e 14/03/2002, sen ter contestación, é polo que recorre a esta Institución.

### **SITUACIÓN**

Con data 28/04/2003 iniciouse atestado por desobediencia ante a negativa do responsable da actividade a que se precintara o local. Con data 15/12/2003 esta Institución solicitou a Urbanismo informe sobre a situación actual, xa que a interesada así nolo solicitou. Ante esta situación esperabamos unha axilización da xestión que permitira acadar unha tarefa de eficacia. Non tendo resposta a esta petición con data 31/12/2003.

## **EXPEDIENTE 19/2002**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que na parroquia de Candeán existe un camiño que quedou cortado cando se trazou a Avenida do Aeroporto, provocando que a parte sur do mesmo soamente a utilizasen os veciños que tiñan propiedades nese tramo, no cal levantou un muro un veciño, deixando practicamente a metade do paso existente anteriormente.

Segue participándonos que esta situación foi denunciada pola Asociación Veciñal, Culturais e Deportiva de Candeán ó mesmo tempo que se solicitaba que o citado camiño fose catalogado de camiño público.

### **SITUACIÓN**

Tema relacionado cun camiño na zona de Candeán, concluíndo o Concello coa indicación de que non procede a inclusión no inventario municipal de camiños públicos, ó no resultar acreditada a súa oportunidade, segundo o artigo 8.1 da LBRL. Esta Institución tivo que reiterar a non procedencia do artigo subliñado, ata que por fin, en data 22/10/2003, se emendou o erro de feito.

## **EXPEDIENTE 20/2002**

### **ASUNTO**

O interesado, no seu escrito de queixa, indícanos que ten presentado na Xerencia de Urbanismo escrito de alegacións contra a licencia de obras solicitada por unha empresa de carburantes, das que non tivo contestación ningunha.

### **SITUACIÓN**

A última actuación desta Institución data de 28/10/2003 acerca da falta de resposta por parte do Concello ó recurso do interesado, que se ve obrigado a acudir á xurisdicción contencioso-administrativa por mor de non atender debidamente as medidas legais contra as actuacións urbanísticas ilegais.

## **EXPEDIENTE 21/2002**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que é afectado nun expediente de legalidade urbanística sobre licencia para a instalación dun taller, no que compareceu opoñéndose á mesma en data 3/07/2000. Dende esa data non tivo contestación, polo que recorre a esta Institución.

### **SITUACIÓN**

A última actuación desta Institución vén dada o 21/10/2003 para subliñar os inconvenientes dos veciños para acceder ós seus garaxes, o que supón unha actuación insuficiente pola falta de axilidade nas tramitacións pertinentes. Sen resposta ós impedimentos da veciñanza citados.

## **EXPEDIENTE 24/2002**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que desde hai anos véñse instando desde a Xerencia de Urbanismo a un veciño para que execute as obras de reparación da fachada dun piso da súa propiedade, reparación que a día de hoxe aínda non foi realizada.



## **SITUACIÓN**

A última actuación desta Institución é de data 11/04/2003, indicando que dende xullo de 2001, data da 3ª multa coercitiva, as actuacións están paralizadas, descoñecendo se a legalidade foi reposta. Non existe resposta a 31/12/2003.

## **EXPEDIENTE 25/2002**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que no seu día denunciou a un veciño por construír nun patio un tellado, despois do cal abriuse un expediente de legalidade urbanística e ordenouse a súa derruba. O denunciado non levou a cabo a orde e, despois de ser sancionado por este motivo, o expediente quedou paralizado e o tellado sen derrubar.

## **SITUACIÓN**

Tema dunha construción ilegal, desprendéndose que das actuacións realizadas por parte do Concello considérase satisfeito atendendo ó principio de proporcionalidade, engadindo que a execución subsidiaria das obras de derruba resultarían moi gravosas para a institución municipal, afirmación esta que parece impedir que se respecte a normativa sobre disciplina urbanística, entendendo que a eficacia da norma deriva da eficacia da xestión e polo tanto a institución municipal terá que repoñer a legalidade infrinxida. A execución subsidiaria das ordes de demolición, en caso de incumprimento, é obriga da Administración Municipal.

É obvio que é acusada unha ineficacia da actuación administrativa, cun decaemento da falta de rendemento. Neste senso esta Institución dirixiuse a Urbanismo o 28/04/2003.

## **EXPEDIENTE 27/2002**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que quere coñecer o estado duns expedientes correspondentes a denuncias que se realizaron entre os anos 1994 e 2000.

Trátase de denuncias por construción nunha finca familiar sen partexar, construción que ademais excede os límites permitidos. Por outra banda, a citada edificación está sendo utilizada, sen estar dada de alta, como vivenda e como Hostal, sen nome e sen licencia.

## **SITUACIÓN**

Esta Institución solicita informe sobre a situación dun tema presentado hai tres anos, a solicitude data de 7/05/2003. Sen resposta a 31/12/2003.

## **EXPEDIENTE 29/2002**

### **ASUNTO**

Tema relacionado cunha empresa de despeces que vén traballando, dende hai anos, sen licencia e con prexuízos no medio ambiente debido ás actividades que realiza, téndose feito denuncias sen resultado ningún.

### **SITUACIÓN**

A solicitude de petición de informe por parte desta Institución, ante a denuncia presentada o 3/09/2002, nunca foi contestada pola Concellería de Infraestructuras e Medio Ambiente, onde segundo o interesado constaban as solicitudes cursadas.

## **EXPEDIENTE 31/2002**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que desde o mes de setembro de 1999 vén sufrindo as consecuencias do peche dun tramo da rúa Urzáiz os domingos, o que leva consigo unha serie de molestias como ruído, sucidade, balonazos contra os escaparates e as persoas, falta de acceso ós inmobles, etc., molestias que foron denunciadas en varias ocasións desde o 2/11/1999. O peche foi autorizado polo Goberno Municipal só para o período setembro-décembro do ano 1999, continuando ata o día de hoxe.

O día 2/05/2001 reclamou do Concello o Proxecto de Humanización dun tramo da rúa Urzáiz, non tendo ata o día de hoxe resposta ningunha.

## **SITUACIÓN**

O interesado vén reclamando a posta a disposición do Proxecto, que non se acada ata febreiro do 2003. Trala exposición, o mesmo manifestou unha serie de consideracións, transmitidas por esta Institución á Concellería de Tráfico, Seguridade e Transportes con data 15/05/2003, que non foron contestadas.

## **EXPEDIENTE 35/2002**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que en data 19/11/1998, en calidade de Presidente dunha Comunidade de Propietarios da rúa Paraguai, presentou unha denuncia por mor das obras que se estaban a realizar nunha vivenda do edificio que modifica substancialmente o volume da mesma.

Con data 4/10/1999 a Xerencia Municipal de Urbanismo dictou unha resolución na que, entre outros contidos, comunicábaselle ós denunciados a paralización inmediata das obras, non téndose cumprido a citada resolución. A pesar de terse interesado polo expediente, non tivo ata agora contestación ningunha.

## **SITUACIÓN**

Solicitados informes reiteradamente dende o 15/11/2002, interesando o último con data 16/09/2003. Sen resposta a 31/12/2003.

Obviamente, os principios de celeridade e eficacia non se dan neste suposto, máxime cando está en xogo a reposición da legalidade urbanística.

## **EXPEDIENTE 36/2002**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que con data 1/03/2002 presentou denuncia na Xerencia de Urbanismo, na que solicitaba se revisaran as obras que se realizaban no barrio de Carapucha, denuncia da que non tivo contestación ata o momento.

## **SITUACIÓN**

Ante a intervención desta Institución, emitiuse informe do que se lle deu cumprida información ó interesado, no que se reflicte que a obra axústase ó proxecto. O interesado, á vista do anterior, comunícanos que segundo el a misión do Valedor é intentar que funcionen os órganos do Concello e que este ten que contestar ás solicitudes, queixas ou denuncias dos cidadáns e que pola súa parte non dá o caso por resolto.

## **EXPEDIENTE 41/2002**

### **ASUNTO**

O interesado indícanos que con data 07/03/2000, como presidente dunha Comunidade de veciños, recibiu unha notificación como afectado nun expediente da Xerencia de Urbanismo, na que se lle puña de manifesto a intención dunha empresa de instalar un depósito de propano na rúa San Gregorio, opoñéndose a Comunidade á que representa á instalación do citado depósito.

Con data 16/04/02 denúnciase diante desa Xerencia de Urbanismo a ilegalidade da citada actividade, pois véñense realizando traballos de caldeirería que incumpren a Ordenanza Municipal de Ruído e Vibracións, sobre todo en canto ó horario, pois os mesmos realízanse de noite, entre as 22:00 e as 8:00 horas.

Dos devanditos expedientes non tiveron contestación ningunha.

## **SITUACIÓN**

Con data 14/11/2002 esta Institución recibe a queixa correspondente, da que solicita informe o 3/12/2002, que reitera o 20/01/2003 e de novo o 22/04/2003.

A estas peticións recibe resposta o 13/08/2003 e o 16/10/2003, das que se dá cumprida información ó interesado. Posteriormente, o 25/08/2003 dirixímonos á Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo manifestándolle “O noso pesar, unha vez máis, vén dado polo feito de que o ruído, a máis insidiosa das contaminacións, que afecta ó equilibrio físico e psíquico do cidadán, parece ter unha consideración secundaria en relación coa actividade ilegal dende o punto de vista urbanístico, o que vén a indicar unha falta de coordinación na procura da defensa dos elementais dereitos dos cidadáns”.

Con data 18/11/2003, é dicir, un ano despois de formulada a queixa ante esta Institución, recibimos resposta concluínte: “en data 24/10/2003 resólvese declarar restaurada a legalidade urbanística vulnerada pola mencionada entidade, toda vez que xa non realiza actividades na parcela...”.

Conclusión: efectuados os traballos que necesitou a empresa, xa non se dan as molestias que orixinaron a queixa. Entre tanto, o propósito de equilibrar a legalidade urbanística xa denunciada en 2002, non precisou das medidas coercitivas que a lei pon a disposición da Administración, nin tampouco se acadou a reparación dos dereitos constitucionais dos cidadáns ata que o causante deixou de necesitar os traballos que ilegalmente viña realizando.

A exclusión social é fácil, neste caso, de solucionar, o que non é de recibo é chegar a situacións como a exposta, ollando noutra dirección.

## **EXPEDIENTE 45/2002**

### **ASUNTO**

O interesado relaciónanos unha serie de denuncias, que alcanzaron o número de 15, todas elas presentadas entre o 11/12/2000 e o 10/07/2002, dando como resultado a incoación de expedientes de legalidade urbanística. Non tendo coñecemento ningún do estado en que se atopan os devanditos expedientes é polo que recorre a esta Institución.

### **SITUACIÓN**

Esta Institución solicita informe o 10/12/2002 que ten que reiterar o 20/01/2003 e o 22/04/2003, sobre infraccións urbanísticas en Segade-Bembrive. Sen resposta en decembro de 2003.

## **EXPEDIENTE 51/2002**

### **ASUNTO**

O interesado danos conta que en data 11/04/2002 presentou na Xerencia de

Urbanismo denuncia para que se comprobase a legalidade do muro que se construíu na propiedade lindante coa súa, que invade terreos públicos.

A mesma denuncia reiterouse en data 14/06/2002. Non tendo contestación ningunha é polo que recorre a esta Institución.

## **SITUACIÓN**

Con data 16/12/2002 solicita a intervención desta Institución que require o correspondente informe o 2/01/2003, reiterado o 7/02/2003 e que se recibe o 12/03/2003, e no que se di que se procedeu á apertura do expediente de protección da legalidade urbanística. Non existindo actuacións posteriores.



## **CAPÍTULO 8**

### **Vías e Obras**

EXPEDIENTE: 33

#### **EXPEDIENTE 33/2002**

##### **ASUNTO**

O interesado protesta pola situación do barrio de Ribadavia que sofre importantes abandonos: deficiente abastecemento de auga, mal asfaltado, falta de seguridade pola mala sinalización...

##### **SITUACIÓN**

Existen informes do Concello e de Seragua ó respecto; non obstante, e ante as diverxencias, esta Institución solicitou con data 4/02/2003 informe a Vías e Obras, Saneamento e Abastecemento de augas, aínda sen resposta.





## Parte III

### Análise Particular das Queixas Presentadas sobre Contaminación Acústica



## INTRODUCCIÓN

A contaminación acústica, pola densidade de poboación e de actividades, prodúcese especialmente nas cidades e tense convertido nun problema de crecente preocupación social e política, tanto polos seus efectos prexudiciais na saúde como sobre o benestar das persoas.

Entre os efectos do ruído sobre a saúde, os máis directos son os de tipo auditivo, pero debemos ter en conta que o ruído tamén pode provocar respostas en todo o organismo, así como efectos negativos de tipo psicolóxico.

Entre os efectos que provoca sobre as persoas hai que mencionar: o malestar, que é o máis común e que varía en función da intensidade do ruído e doutras características físicas do mesmo, así como de factores tales como a lexitimidade que se atribúa ó mesmo; a interferencia que provoca coa comunicación; a perda de atención, de concentración e de rendemento; debemos destacar como un dos máis negativos, os efectos do mesmo sobre o sono, xa que incluso os ruídos de baixa intensidade aféctanlle negativamente, tanto mediante a dificultade ou imposibilidade de durmir, como causando interrupcións do mesmo, que poden levar ó insomnio, ou diminuindo a calidade do mesmo; danos ó oído, consistentes na perda de capacidade auditiva, que pode ser transitoria ou permanente, tensión e as súas consecuencias: cansazo, insomnio, enfermidades cardiovasculares, trastornos do sistema inmune, trastornos psicofísicos, cambios conductuais.

Polo que se refire ás fontes causantes do ruído debemos destacar o tráfico rodado como principal causa do mesmo, xa que supón o 80% da contaminación acústica no noso país. Outras fontes de ruído serían a actividade industrial, que supón o 10% da contaminación acústica; o tráfico por ferrocarril, que supón o 6% da mesma; o tráfico aéreo, aínda que este ten unha área de influencia moi localizada nos

arredores dos aeroportos; os bares, discotecas e locais de ocio, que representan o 4%; e tamén o plano de mellora das cidades, que provoca que estean continuamente en obras.

Respecto ó tráfico rodado, cabe destacar que a partir dos anos 60 tense producido un aumento dos medios de transporte e da súa utilización, ademais da especialización funcional dos espazos das cidades, onde cada vez é máis clara a separación entre os espazos de traballo, ocio, residencia e compras, o que ten disparado o uso do coche no noso país.

Noutro aspecto é importante destacar que, segundo un estudio da OCU, no relativo á calidade de construción das nosas vivendas, o grado de incumprimento da normativa é case total no que a illamento acústico se refire. Parece claro que na actualidade existen materiais contrastados que mellorarían o illamento acústico sensiblemente, pero suporía un encarecemento.

No que se refire á contaminación acústica relacionada coas discotecas e outros locais de ocio, segundo un estudio da OCU, nas discotecas analizadas o nivel medio sonoro situábase por riba dos 90 dBA, chegando a alcanzar en momentos puntuais os 120 dBA.

Pero respecto a este punto, o ruído que sae ó exterior dos mesmos é o que máis queixas suscita. Non debemos esquecer que a máxima actividade concéntrase no horario nocturno, o que resulta especialmente molesto, e ademais debemos engadir ó ruído procedente dos aparatos reprodutores de música o ruído que xera o público que acode.

Neste caso hai un claro enfrontamento de intereses, por unha banda, o dereito dos veciños á tranquilidade e ó descanso, e por outra, o dereito da xuventude ó ocio e á diversión. Neste senso, o TSJ de Andalucía tense pronunciado en sentenza contra o Concello de Sevilla (Recurso nº 949/1998): << el derecho de los jóvenes a reunirse encuentra sus límites en los derechos de los demás ciudadanos a la libre circulación, al descanso y a la propia vida >>.

O dano ocasionado ós veciños é dobre, por unha banda, distorsionan o desenvolvemento normal das súas vidas, e por outra, prexudican os seus intereses económicos por desvalorización da súa vivenda.

Nun senso parecido, hai que facer referencia ó ruído producido pola celebración de festas, que se fan sen control ningún sobre o mesmo.

## LEXISLACIÓN

No que se refire á normativa, para a maior parte da poboación a lexislación non se aplica como se debera; en xeral, a poboación considera que os poderes públicos non están preocupados nin son eficaces na súa actuación respecto á protección do medio ambiente. Neste senso, atribúese a responsabilidade principal da súa solución á Administración Local.

En canto á normativa europea, temos que facer referencia a dous documentos:

O Libro Verde de 1996:

Incide principalmente en dous aspectos: por unha banda, nos niveis actuais de contaminación acústica segundo as fontes da mesma, por outra, na poboación afectada. Recorda ademáis os valores presentados pola OCDE no ano 1986 como umbral de ruído molesto:

- A partir de 55-60 dBA, o ruído causa molestia.
- Entre 60-65 dBA, a molestia aumenta considerablemente.
- Por riba de 65 dBA, xorden perturbacións dos modelos de comportamento e síntomas de dano grave.
- A Organización Mundial da Saúde ten suxerido como valor estándar para os niveis medios de ruído ó aire libre 55 dBA.

A Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental:

O obxectivo da mesma é sentar as bases técnicas para poder abordar no futuro con garantía un tratamento adecuado do problema, é dicir, harmonizar os métodos de avaliación da exposición ó ruído e o intercambio mutuo de información. Neste senso, recoméndase a elaboración de mapas de ruído e informar ó público sobre a exposición ó mesmo.

Entre os compromisos contemplados na mesma están os seguintes: os dous indicadores que será obrigatorio incorporar a toda a normativa e os sistemas de medición que son o Lden (mide os niveis equivalentes día-tarde-noite) e o Lnight (mide os niveis de ruído no período nocturno).

Ademais, o artigo 7 da citada Directiva recolle que, a máis tardar, o 30 de xuño de 2007 os Estados membros terán elaborado mapas estratéxicos de ruído corres-

pondentes a tódalas poboacións de máis de 250.000 habitantes e nos eixes viarios, ferroviarios e aeroportos máis importantes. Cinco anos máis tarde, e despois cada cinco anos, deberá facerse o mesmo incluíndo tódalas aglomeracións urbanas e tódolos grandes eixes viarios e ferroviarios.

O artigo 8 establece que, a máis tardar, o 18 de xullo de 2008 os Estados membros terán elaborados planos de acción para as poboacións de máis de 250.000 habitantes e para os lugares próximos a grandes eixes viarios, ferroviarios e grandes aeroportos. E a máis tardar o 18 de xullo de 2013 planos de acción para tódalas aglomeracións e grandes eixes viarios e ferroviarios.

Ademais, os cidadáns deberán ter información dos citados mapas de ruído e dos planos de acción previstos.

En canto á regulación estatal, hai que falar dunha normativa dispersa, aínda que se está a elaborar un proxecto de lei con dous aspectos novedosos, unha definición de calidade acústica que inclúe, ademais dos parámetros físicos, a percepción do ruído polos cidadáns; e a incorporación do problema do ruído no proceso de planificación do solo.

Por outra banda, a Constitución Española, dun modo xenérico, refírese no seu artigo 45 á protección do medio ambiente:

- “1. Todos tienen el derecho a disfrutar de un medio ambiente adecuado para el desarrollo de la persona, así como el deber de conservarlo.
2. Los poderes públicos velarán por la utilización racional de todos los recursos naturales, con el fin de proteger y mejorar la calidad de vida y defender y restaurar el medio ambiente, apoyándose en la indispensable solidaridad colectiva.
3. Para quienes violen lo dispuesto en el apartado anterior, en los términos que la ley fije se establecerán sanciones penales o, en su caso, administrativas, así como la obligación de reparar el daño.”

Polo que respecta á normativa das Comunidades Autónomas, son poucas as que non teñen unha norma marco á que se deban axustar as ordenanzas dos distintos Concellos.

No caso da Comunidade Autónoma Galega, hai que facer referencia á Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica:

Artigo 1: “... Os cidadáns teñen dereito a desfrutaren da súa intimidade e dun contorno adecuado para o normal desenvolvemento das súas actividades, sen seren perturbados por rúidos ou vibracións que poidan dana-la súa saúde ou ocasionarlles molestias...”

Artigo 9: “Correspóndelles ós concellos exercer-lo control do cumprimento desta lei, esixi-la adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplica-las sancións correspondentes en caso de incumprimento...”

Esta lei de ámbito galego foi desenvolvida polo Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.

Finalmente, e polo que se refire á normativa local, no caso do Concello de Vigo hai que mencionar a Ordenanza Municipal de Protección contra a Contaminación Acústica producida pola emisión de rúidos e vibracións, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo o 28 de xullo de 2000.

## XURISPRUDENCIA

Hai que destacar a recente sentenza do Tribunal Supremo na vía penal, *STS 52/2003, de 24 de febreiro*, primeira sentenza por vía penal sobre a contaminación acústica, que considera a contaminación acústica como un delito contra o medio ambiente tipificado no artigo 325 CP. Condena ó responsable dunha discoteca polo nivel de rúidos emitido pola mesma durante un período de nove meses, provocando problemas na veciñanza. Considera acreditada unha agresión á integridade física, psíquica, intimidade, benestar e calidade de vida dos veciños.

Tamén o Informe ó Parlamento do Valedor do Pobo do ano 2001 establece un epígrafe dedicado ó problema da contaminación acústica: *A recente xurisprudencia no tratamento da contaminación acústica*. Nel faise mención ás seguintes sentencias:

*STSJ de Murcia, de 29 de outubro de 2001*, que estimou parcialmente a demanda duns cidadáns de Cartaxena, estimando que o Concello demandado era responsable dun deixamento das súas funcións en materia de policía ambiental, por non ordenar o cese da actividade duns establecementos hostaleiros, condenando ó mesmo a outorgar unha indemnización ós recorrentes.

A citada sentenza fai referencia á normativa aplicable: Ó propio artigo 18 da Constitución; á Lei Rexional que regula as competencias dos Concellos e as medi-



das disciplinarias, concretamente os artigos 70, que sinala que o Concello “... podrá ordenar la motivada suspensión de la actividad”, e 73, que sinala a clausura dos establecementos contaminantes. Refírese tamén á Ordenanza municipal que sinala as limitacións acústicas, que foron no caso motivo de demanda manifestamente sobrepasadas; engade que a citada Ordenanza sinala que, “en el caso de transgresión de las normas contenidas en el Libro III, según el carácter de máxima gravedad de la infracción, atendida su transcendencia para la tranquilidad y seguridad del vecindario, además de la aplicación de la multa, se podrá acordar la retirada temporal o definitiva de la licencia o autorización y el cese de la actividad, instalación y obra, mientras subsistan las causas del efecto perturbador originario”.

Continúa a sentenza: “Hechos que está probado revisten tal gravedad que hubieran debido llevar a la consecuencia jurídica, asimismo prevista en esa norma, de ordenar el cese de la actividad, pues es evidente que, teniendo a su disposición recursos legales para evitar aquellos daños, el Ayuntamiento demandado rehusó hacerlo, con una clara dejación de su deber de velar por el cumplimiento del deber general de respeto a la persona”.

*STSJ de Andalucía, de 29 de outubro de 2001*, en relación co recurso interposto por unha asociación veciñal contra o Concello de Sevilla. A sentenza recolle no seu fundamento xurídico quinto: “En efecto no basta con regular mediante las oportunas ordenanzas la protección del medio ambiente,...., sino que con los medios adecuados hacer efectivas dichas Ordenanzas impidiendo se sobrepasen los límites de emisión de ruidos procediendo al cierre de los establecimientos que lo incumplan e incluso dispersando las concentraciones de jóvenes cuando se sobrepasen dichos límites... porque los derechos de los jóvenes a expresarse y reunirse encuentran sus límites en los derechos de los demás ciudadanos a la libre circulación, al descanso y a la propia vida entendida en un sentido amplio no sólo físico, que se ven menoscabados al no adoptar la Administración demandada las medidas adecuadas y suficientes para paliar al menos en parte los efectos negativos concretados en el presente proceso”.

Engade no fundamento xurídico sexto: “...El recurso debe ser estimado porque a la Administración le incumbe en su función de policía el cumplimiento del deber de vigilancia de horarios de cierre, emisión de ruidos de bares, vehículos, etc, y de lo actuado se deduce cierta inactividad que perjudica indudablemente a los vecinos de la zona que han de soportar la incomodidad de acceso a sus viviendas, exceso de ruidos que impiden el descanso nocturno y otras molestias que no tienen el deber jurídico de soportar y que se pueden paliar, si la Administración en el ámbito de su competencia no hace dejación de su función y adopta cuantas medidas sean necesarias para exigir el cumplimiento de la Ley haciendo posible que el ejercicio de un derecho por parte de un sector de población no menoscabe los derechos de los

vecinos de la zona en la que se concentran. Ciertamente dichas medidas resultan impopulares y pueden tener un coste electoral por parte del sector afectado pero no hay que olvidar que la Administración como proclama el artículo 103 de la Constitución, debe servir con objetividad los intereses generales con sometimiento pleno a la Ley y al Derecho, así como a los fines que la justifican (artículo 106 de la Constitución)”.

Tamén a *STC 119/2001, de 24 de maio*, supón un avance nesta materia, xa que con motivo dun recurso de amparo no que se alegaba a conculcación dos dereitos fundamentais recollidos nos artigos 15 e 18 da Constitución, como consecuencia dos ruídos que viña sufrindo o recorrente por mor dunha concentración nas inmediacións da súa vivenda de locais de ocio e dada a pasividade do Concello que non resolve o problema, o TC establece unha doutrina respecto ó tema que nos ocupa, que será recollida en diversas sentencias sobre a materia, así a *STS de 10 de abril de 2003* e *STS de 29 de abril de 2003*.

A sentencia sinala no seu fundamento xurídico quinto:

“En relación con el derecho fundamental a la integridad física y moral, este Tribunal ha tenido ocasión de señalar que su ámbito constitucionalmente garantizado protege *la inviolabilidad de la persona, no sólo contra ataques dirigidos a lesionar su cuerpo o espíritu, sino también contra toda clase de intervención en esos bienes que carezca del consentimiento de su titular.*

Por lo que se refiere al derecho a la intimidad personal y familiar, hemos declarado reiteradamente que tiene por objeto la protección de un ámbito reservado de la vida de las personas excluido del conocimiento de terceros, sean éstos poderes públicos o particulares, en contra de su voluntad.... Este derecho fundamental se halla estrictamente vinculado a la propia personalidad y deriva, sin ningún género de dudas, de la dignidad de la persona que el art. 10.1 CE reconoce, e implica *la existencia de un ámbito propio y reservado frente a la acción y el conocimiento de los demás, necesario, según las pautas de nuestra cultura, para mantener una calidad mínima de la vida humana.*

Por último, este mismo Tribunal ha identificado como *domicilio inviolable* el espacio en el cual el individuo vive sin estar sujeto necesariamente a los usos y convenciones sociales y donde ejerce su libertad más íntima. Consecuentemente, hemos señalado que el objeto específico de protección en este derecho fundamental es tanto el espacio físico en sí mismo como también lo que en él hay de emanación de la persona que lo habita.

Partiendo de la doctrina aquí expuesta en apretada síntesis, debemos señalar que estos derechos han adquirido también una dimensión positiva en relación con

el libre desarrollo de la personalidad, orientada a la plena efectividad de estos derechos fundamentales. En efecto, habida cuenta de que nuestro texto constitucional no consagra derechos meramente teóricos o ilusorios, sino reales y efectivos, se hace imprescindible asegurar su protección no sólo frente a las injerencias ya mencionadas, sino también frente a los riesgos que puedan surgir en una sociedad tecnológicamente avanzada. A esta nueva realidad ha sido sensible la jurisprudencia del Tribunal Europeo de Derechos Humanos, como se refleja en las Sentencias de 21 de febrero de 1990, caso *Powell y Rayner contra el Reino Unido*; de 9 de diciembre de 1994, caso *López Ostra contra Reino de España*, y de 19 de febrero de 1998, caso *Guerra y otros contra Italia*.

En efecto, el ruido puede llegar a representar un factor psicopatógeno destacado en el seno de nuestra sociedad y una fuente permanente de perturbación de la calidad de vida de los ciudadanos ....”

E no fundamento xurídico sexto continúa:

“Debemos emprender nuestro análisis recordando la posible afección al derecho a la integridad física y moral. A este respecto, habremos de convenir en que, cuando la exposición continuada a unos niveles intensos de ruido ponga en grave peligro la salud de las personas, esta situación podrá implicar una vulneración del derecho a la integridad física y moral (art. 15 CE). En efecto, si bien es cierto que no todo supuesto de riesgo o daño para la salud implica una vulneración del art. 15 CE, sin embargo cuando los niveles de saturación acústica que deba soportar una persona, a consecuencia de una acción u omisión de los poderes públicos, rebasen el umbral a partir del cual se ponga en peligro grave e inmediato la salud, podrá quedar afectado el derecho garantizado en el art. 15 CE.

Respecto a los derechos del art. 18 CE, debemos poner de manifiesto que en tanto el art. 8.1 CEDH reconoce el derecho de toda persona al respeto de su vida privada y familiar, de su domicilio y de su correspondencia, el art. 18 CE dota de entidad propia y diferenciada a los derechos fundamentales a la intimidad personal y familiar (art. 18.1) y a la inviolabilidad del domicilio (art. 18.2). Respecto del primero de estos derechos fundamentales ya hemos advertido en el anterior fundamento jurídico que este tribunal ha precisado que su objeto hace referencia a un ámbito de la vida de las personas excluido tanto del conocimiento ajeno como de las intromisiones de terceros, y que la delimitación de este ámbito ha de hacerse en función del libre desarrollo de la personalidad. De acuerdo con este criterio, hemos de convenir en que uno de dichos ámbitos es el domiciliario por ser aquél en el que los individuos, libres de toda sujeción a los usos y convenciones sociales, ejercen su libertad más íntima.

Teniendo esto presente, podemos concluir que una exposición prolongada a unos determinados niveles de ruido, que puedan objetivamente calificarse como evitables e insoportables, ha de merecer la protección dispensada al derecho fundamental a la intimidad personal y familiar; en el ámbito domiciliario, en la medida en que impidan o dificulten gravemente el libre desarrollo de la personalidad, siempre y cuando la lesión o menoscabo provenga de actos u omisiones de entes públicos a los que sea imputable la lesión producida”.

Tamén a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo se ten pronunciado en diversas ocasións en relación co tema da contaminación acústica:

Así, a *STS de data 11 de maio de 1989*, estima un recurso de apelación, revocando un auto da Audiencia Territorial da Coruña, que levantaba a suspensión do outorgamento dunha licencia de obras e apertura dunha discoteca, mantendo a citada suspensión, xa que considera probado que con posterioridade ó alzamento da suspensión o número de decibelios excede o límite legalmente establecido.

A citada sentenza expón que o dereito a un medio ambiente adecuado adquire un valor preeminente e prevalente, e engade que a contaminación acústica, máis alá de supor un impedimento ó descanso das vivendas próximas, prexudica a saúde de tódolos que se ven sometidos á incidencia dun número excesivo de decibelios.

No mesmo senso, a *STS de 7 de novembro de 1990*, pronúnciase en relación ó outorgamento de licencia de apertura condicionada a que a onda sonora non exceda determinados decibelios. Na citada sentenza, o TS expón que o Concello, ó impor unha redución no número de decibelios, non fixo outra cousa que axustarse ó mandato constitucional. O TS alega ademais que os veciños teñen dereito ó descanso e á saúde, que se ven gravemente conculcados se non se respecta a moderación na música ambiental. Engade: “En este problema del respeto por el medio ambiente –en cualquiera de sus manifestaciones, la acústica entre ellas- los Ayuntamientos y, en general, todos los poderes públicos –por tanto, también los Tribunales- tienen que mostrarse particularmente rigurosos. Y este Tribunal Supremo, con machacona insistencia, así lo viene recordando con apoyo precisamente del artículo 45 de la Constitución.... Es notorio que se han elevado voces autorizadas procedentes del campo de la medicina denunciando cómo afecta al oído y al corazón el sometimiento continuado del individuo a un excesivo número de decibelios. Y lo único que hay que lamentar es que todavía haya poderes públicos que manifiesten una cierta pasividad en la adopción de medidas eficaces en defensa contra las múltiples agresiones al medio ambiente que se dan todos los días y en todas partes”.

Tamén a *STS de 20 de setembro de 1994*, a propósito dun recurso contra un artigo dunha Ordenanza que condicionaba a concesión de licencias, pronúnciase res-

pecto ó tema da contaminación acústica. Así, o TS entende: “1.º Que la restricción en el uso de la propiedad de un inmueble está en función del derecho a disfrutar por la comunidad en general de un ambiente adecuado, el artículo 45.1) de la Constitución confiere cobertura mediante una norma legal, a la intervención por la Administración local, artículo 25.f) de la Ley 2 abril 1985, de la actividad de los ciudadanos en orden a garantizar ese derecho. 2.º Siendo incontestable que el derecho de propiedad y el de libertad de empresa se hallan normalmente condicionados a los otros derechos establecidos en la Constitución y limitados en la forma prevista en este caso...”.

Así mesmo, a *STS de 5 de marzo de 1996* alude a un Decreto da Alcaldía de Santander que ordenaba a clausura e peche dun bar durante o prazo dun mes. No fundamento xurídico cuarto di: “...cuando se ejerce, como en el caso de autos, una actividad calificada como molesta, es obligado adecuar su ejercicio a los términos de la licencia, y a los niveles de ruido autorizados, cada instante o momento, minuto o segundo, de esa actividad, y para lograr ello, la Corporación Local, tiene las potestades y facultades que entre otros el Reglamento de Actividades Molestas le concede, y que pueden ir dirigidas, bien a corregir las dificultades advertidas, bien, a sancionar la actuación realizada, siendo ambos compatibles, y en el caso de autos, en el expediente al efecto abierto, coexisten ambas actuaciones, una dirigida a corregir las deficiencias y otra, encaminada a dar respuesta a las denuncias de los vecinos sobre infracción del nivel de ruidos, y a la vista de todo ello, y dado el número de denuncias y actividad acontecido, no es ciertamente desproporcionada, la sanción de un mes de cierre de la actividad, como la sentencia apelada razona”.

Máis recentemente, a *STS de 10 de abril de 2003* pronúnciase sobre o tema que nos ocupa. O interesado recorre a desestimación por silencio administrativo do Concello de Boiro da súa solicitude de paralizar a actividade dunha discoteca. O TS falla haber lugar ó recurso de casación e anula a sentenza do Tribunal de Xustiza que non era favorable ó interesado. Esta sentenza recolle que o razoamento da sentenza recorrida non coincide coa recente doutrina xurisprudencial, en particular a sentenza do Tribunal Constitucional 119/2001.

No fundamento xurídico sexto di: “Es de apreciar una pasividad reprochable al Ayuntamiento porque, a pesar de la propuesta del instructor, en ese mismo expediente al que se ha hecho referencia no consta que el Ayuntamiento adoptara las medidas cautelares que le fueron solicitadas. Y así se lo permitía el artículo 20 de la Ley 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra la contaminación acústica”.

O citado artigo establece as medias cautelares que poderán adoptar os Concellos, como a adopción de medidas correctoras en orde a evitar os danos ou molestias graves consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Poderá acordar-

se, ademais, a paralización da actividade ou clausura das instalacións de maneira cautelar, cando a produción de ruídos ou vibracións supoña falta moi grave, ou cando, adoptada a medida correctora, o requirimento municipal resultase incumprido.

En consecuencia, a sentenza declara que se vulnerou o dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio do recorrente recoñecido no artigo 18.2 CE, establecendo o pago dunha indemnización de danos e prexuízos.

Tamén a *STS de 23 de xuño de 2003*, en relación á petición por unha comunidade de propietarios de que se declarase un espectáculo como actividade molesta e deixase de emprazarse no núcleo urbano. O Concello de Gijón desestimou a petición e a comunidade presentou recurso contencioso-administrativo que foi parcialmente estimado. O Concello de Gijón presentou recurso de casación, que foi desestimado polo Tribunal Supremo, considerando que os ruídos producidos polas atraccións instaladas durante o espectáculo superan amplamente os límites establecidos na correspondente Ordenanza, orixinando molestias ós veciños.

Así mesmo, a *STS de 29 de maio de 2003* estima o recurso de casación presentado por un veciño de Sevilla fronte á Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía que desestimaba o recurso do interesado contra a desestimación polo Concello de Sevilla da petición de solicitude de peche dunha discoteca e de responsabilidade patrimonial. O TS entende que foi vulnerado o dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio do artigo 18.2 da CE, e condena ó Concello a que manteña a clausura ou peche da actividade da discoteca ata que os técnicos municipais non comproben que dispón de medidas para evitar que os ruídos afecten ás vivendas próximas e a que indemnice ó demandante polos danos sufridos como consecuencia da vulneración do seu dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio.

Ó igual que na *STS de 10 de abril de 2003*, esta entende que a sentenza recorrida non coincide coa recente doutrina xurisprudencial sobre a protección do dereito á inviolabilidade do domicilio, recollendo a doutrina establecida na *STC 119/2001*.

A sentenza recolle no fundamento xurídico sexto, que hai abundantes probas sobre a existencia entre 1991 e 1997 dunha contaminación acústica producida pola discoteca, que afectou directa e gravemente ó domicilio do demandante, e tamén dunha pasividade municipal en relación ó problema.

No fundamento xurídico sétimo engade que: “La pasividad municipal que anteriormente se ha expresado es reprochable al Ayuntamiento de Sevilla, por cuanto supone una dejación de la competencia y responsabilidad que en materia de medio ambiente es asignada a los Ayuntamientos en la normativa estatal.

Basta recordar que los apartados f) y h) del artículo 25.2 de la Ley 7/1985, de 2

de abril, de Bases del Régimen Local atribuye al Municipio el ejercicio de competencias en las materias de protección del medio ambiente y la salubridad pública; que el artículo 42.3.a) de la Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad señala el control sanitario del medio ambiente con una referencia expresa a la contaminación atmosférica como responsabilidad de los Ayuntamientos; y que el Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas declara la competencia general de los órdenes municipales para la vigilancia del cumplimiento de las disposiciones sobre la materia (artículo 6) y, más particularmente, les reconoce funciones de inspección sobre las actividades que vengan desarrollándose y potestad para adoptar medidas frente a las deficiencias comprobadas (artículos 36 y 37)”.

Respecto á indemnización, o fundamento xurídico oitavo nos parágrafos cuarto e quinto di: “ El pleno y eficaz restablecimiento del derecho fundamental vulnerado exige ciertamente, para que su tutela no sea teórica, una indemnización por los daños y perjuicios sufridos a causa de dicha vulneración.

Esos daños estarán representados por la imposibilidad de utilizar el domicilio habitual y la correlativa necesidad de buscar otro distinto para evitar las molestias; o, cuando se continúe en el propio, por la incomodidad o sufrimiento moral y físico experimentado en la vida personal, lo cual significa una posibilidad alternativa de una y otra clase de daños y la improcedencia de acumularlos a los efectos indemnizatorios.”

Tamén a Sala do Civil do TS se ten pronunciado sobre o tema que nos ocupa; así, a *STS de 29 de abril de 2003* confirma a sentenza da AP de Murcia de 24 de maio de 1997 respecto á indemnización por inhabilitación de domicilio debida a rúidos producidos por unha industria. A sentenza recorda unha vez máis a doutrina establecida polo TC na sentenza de 24 de maio de 2001, “la fuerza expansiva de los derechos fundamentales, y, con apoyo del propio texto normativo, se atiene a la realidad de su vulneración más que a los medios con que aquella se realice. Ello es particularmente exigible en aquellos derechos fundamentales, como el de la intimidad, cuya noción o determinación conceptual fuera de su vaga definición como, *derecho a ser dejado en paz*, equivalente a derecho a la soledad y a la tranquilidad, obliga a caracterizarlos desde la perspectiva de los actos concretos que inciden en su contenido o núcleo esencial. En ese sentido, la protección a la intimidad no queda reducida a la evitación y proscripción de la divulgación de la vida privada o la penetración no autorizada en el ámbito en que se desarrolla la vida privada. Nuevas formas o nuevos procedimientos que alteran gravemente la paz familiar y el entorno en que se desarrolla la vida íntima o privada constituyen manifestaciones de intromisión ilegítima frente a las cuales cabe y es obligada la tutela judicial, como se desprende de la sentencia del Tribunal Constitucional en Pleno de 24 de mayo de 2001 y de la jurisprudencia del Tribunal Europeo de Derechos Humanos”.

A citada sentenza recolle tamén: “En efecto, el derecho a la intimidad, reclama para su ejercicio pacífico, muy especialmente, dentro del recinto domiciliario y su entorno, un ámbito inmune frente a las agresiones perturbadoras, procedentes del exterior, que no exijan el deber específico de soportarlas, entre las que se encuentran, a no dudarlo, los ruidos desaforados y persistentes, aunque estos procedan, en principio, del desarrollo de actividades lícitas que dejan de serlo, cuando se traspasan determinados límites. Por tanto, validamos el criterio seguido por la sentencia recurrida, al calificar el caso, como una vulneración del derecho fundamental previsto en el artículo 18 de la Constitución relativo a la intimidad e inviolabilidad del domicilio, con arreglo a la interpretación mantenida por el Tribunal Europeo de Derechos Humanos sobre el artículo 8-1 del Convenio de Roma de 4 de noviembre de 1950 sobre *Protección de derechos humanos y de las libertades fundamentales*, que sanciona el derecho de toda persona al respeto de su vida privada y familiar, de su domicilio y de su correspondencia; así la sentencia de 9 de diciembre de 1994, en el asunto de López Ostra contra España, vino a incluir, en el núcleo de la intimidad-protección del domicilio, las intromisiones sonoras por considerar que el ruido excesivo supone una violación de los derechos fundamentales protegidos en el artículo 18 de nuestra Constitución.... También la sentencia del tribunal Europeo de Derechos Humanos de 2 de octubre de 2001 (caso Halton y otros contra el Reino Unido) en supuestos de ruidos producidos por el tráfico aéreo, que incide en la violación del artículo 8 del Convenio europeo de los Derechos humanos *al no mantener el justo equilibrio entre el interés del bienestar económico del país y el disfrute efectivo por los demandantes del derecho al respeto de su domicilio y de su vida privada y familiar.*”

A citada sentenza tamén expón: “Con referencia directa al valor de la concesión de licencia municipal para el ejercicio de la actividad industrial como cobertura que habilite legalmente la generación de ruidos, y, por ende, justifique el sacrificio de la intimidad a favor del progreso social, cabe señalar, en primer término, que la autorización administrativa de una industria no es de suyo bastante para entender que fue otorgada ponderando un justo y equitativo equilibrio entre el interés general y los derechos de los afectados, dato esencial para la legitimación de la lesión a la intimidad. En segundo término porque, desde la perspectiva del valor y significado del derecho fundamental a la intimidad, y tomando en consideración la conocida preexistencia de la vivienda, incumbía tanto a la corporación, como a la propia empresa, la obligación de reducir los ruidos a un nivel soportable o tolerable, circunstancia que evidencia la adecuada imputación a los codemandados, por acción y por omisión, en que se fundamentó el fallo judicial, imputación subsumible en la categoría de la responsabilidad extracontractual cuyo núcleo radica en la conducta dolosa o negligente y no en su inicial licitud o ilicitud”.





## **EXPEDIENTES**

### **EXPEDIENTE 20/2003**

#### **ASUNTO**

A interesada expón que ten presentado denuncias no Rexistro Municipal de Urbanismo e no Rexistro Xeral do Concello de Vigo con datas 24/10/2002, 27/01/2003 e 17/02/2003, motivadas pola apertura dunha cafetería no baixo da súa vivenda sen a licencia preceptiva e exercendo unha actividade non correspondente á licencia que teñen solicitada. Como consecuencia das obras efectuadas no citado local causáronse desperfectos na vivenda da interesada, producindo molestias por ruídos e fumes.

Achega parte de consulta do SERGAS, que indica que a interesada presenta carga de ansiedade e tristeza polo nivel de ruído que vén padecendo.

#### **SITUACIÓN**

A queixa entra nesta oficina o 5/03/2003, con data 21/03/2003 solicítase informe ó Departamento de Seguridade e Tráfico e á Concellería de Urbanismo. Seguridade e Tráfico resposta que non é un asunto da súa competencia, polo que en data 26/05/2003 reiteramos a solicitude de informe a Urbanismo.

#### **REFLEXIÓN**

Non recibimos o preceptivo informe de Urbanismo, que incumpre o estipulado no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do

Cidadán. Sería necesario coñecer que tipo de licenza posúe o local, para que con posterioridade se puidese abordar o problema da contaminación acústica que expón a interesada.

Posible incumprimento do estipulado na Ordenanza municipal contra a Contaminación Acústica, vulneración do artigo 3 que imputa ó Concello a obriga de facer cumprir a citada ordenanza. Artigos 9 e seguintes, que establecen as condicións esixibles ás actividades industriais, comerciais e de servizos susceptibles de producir ruídos, esixindo o artigo 11.1 “na tramitación dos expedientes correspondentes a novas actividades e a ampliacións ou modificacións de importancia das existentes, esixiráselle ó proxecto un estudio xustificativo do cumprimento da presente ordenanza, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións”. O artigo 11 indica tamén que se deberá prestar especial atención no caso de edificios nos que coexistan este tipo de actividades con vivendas.

O artigo 12, neste mesmo senso, refírese ó control por parte do Concello. Así, o 12.1 di: “A autoridade municipal non outorgará licenza de apertura das instalacións das actividades ou dos establecementos sometidos a esta ordenanza se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ó disposto nela. Non se poderá iniciar a actividade ou pór en funcionamento as instalacións mentres non se acredite o cumprimento da normativa sobre contaminación acústica mediante comprobación practicada polos órganos inspectores do Concello ou mediante certificación expedida por empresa ou entidade homologada para estes fins e sen prexuízo do exercicio das facultades inspectoras que correspondan ó Concello”. O apartado 3º do mesmo artigo engade: “Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, tamén poderán realizarse inspeccións para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren a normativa...”.

O artigo 15 establece medidas específicas para establecementos públicos. No seu apartado primeiro establece medidas para establecementos que implican funcionamento dentro do horario nocturno, como o que nos ocupa nesta queixa; así, esixe “un illamento acústico normalizado R mínimo entre a actividade e a vivenda lindante”, “o acceso do público realizarase a través dun departamento estanco con absorción acústica e dobre porta”.

No mesmo apartado primeiro establécense outras medidas tendentes ó illamento acústico, como son: “Chan flotante se o chan do establecemento se asenta sobre un forxado... Cando estea asentado sobre terreo firme, admitirase a desolarización do paramento horizontal dos verticais, especialmente dos piares”; “instalación de dobres paredes laterais flotantes e desolarizadas”; “instalación dun teito acústico desconectado mecanicamente do forxado da planta inmediatamente superior”; “non se permite a instalación de conductos de aire ou calquera outro tipo de

instalacións entre o falso teito acústico e o forxado superior; así como calquera perforación deste para instalar equipos de iluminación, megafonía, etc...” Neste senso, parte da denuncia da interesada refírese precisamente a que cando se realizaron as obras de acondicionamento do baixo retiraron o falso teito que separaba o seu piso do mesmo, consecuentemente prodúcense filtracións de fumes e graxas.

O apartado segundo do mesmo artigo 15 continua esixindo ademais, que antes da concesión da preceptiva licenzia de apertura para actividades con funcionamento dentro do horario nocturno, o Concello esixirá un certificado de illamento acústico entre a actividade e as vivendas lindantes co local por unha empresa homologada e de acordo co Manual de procedemento para a medición de ruídos e vibracións, debendo alcanzar os valores mínimos de illamento acústico establecidos na táboa 4 do citado Manual, a saber: para o caso de “bares con música, pubs, whiskerías e similares” establece o mínimo en LdB(A) 90 – RdB(A) 65; e para o caso de “salas de festas, discotecas e locais con música ou canto en vivo” en LdB(A) 100 – RdB(A) 75.

Por outra banda, o artigo 17 recolle limitacións especiais para zonas da cidade onde existan numerosos establecementos públicos deste tipo, cal é o caso que nos ocupa, onde os niveis de ruído superen en máis de 15 dB (A) ó establecido no Manual de Procedemento para a medición de ruídos e vibracións, podendo neste caso a Alcaldía establecer limitacións máis restrictivas no uso das fontes sonoras, e establecer distancias mínimas entre os locais con música.

## **EXPEDIENTE 23/2003**

### **ASUNTO**

A interesada denuncia que dende maio do 2000 vén solicitando axuda da Policía Municipal en relación cos ruídos que vén sufrindo na súa vivenda. Por unha banda, producidos por veciños do inmovible; por outra, procedentes dun semáforo que ten o nivel de son moi elevado.

### **SITUACIÓN**

Esta queixa entra nesta oficina o 14/03/2003. Con data 19/03/2003 pedimos informe á Concellería de Tráfico e ó Concelleiro de Infraestructuras e Medio Ambiente reiterando a citada solicitude o 6/05/2003. Con data 9/05/2003 Medio Ambiente infórmanos que a denuncia foi remitida á Policía Local.

Con data 9/06/2003 a Policía Local infórmanos que estiveron coa Presidenta da Comunidade do Inmoble onde reside a interesada, quen lles informou que esta muller tivo problemas por ruídos con varios inquilinos. O informe da policía expón que trala conversación mantida coa Presidenta da Comunidade, e tras falar tamén cos veciños, parece que os ruídos denunciados son os normais de calquera comunidade de veciños.

## **EXPEDIENTE 37/2003**

### **ASUNTO**

O interesado, en calidade de presidente dunha Comunidade de Propietarios da rúa Celso Emilio Ferreiro, expón que no baixo comercial do edificio que representa instalouse unha igrexa sen ter cumpridos os requisitos esixidos pola lei, ocasionando moitas molestias ós veciños, en especial en canto a ruídos, incumprindo as Ordenanzas Xerais de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica.

Engade ademais que teñen presentado diversas denuncias no Concello de Vigo, en datas 12/06/2002, 20/12/2002, 12/02/2003, 13/03/2003 e 14/05/2003.

### **SITUACIÓN**

A queixa entra nesta oficina o 14/05/2003. Con data 20/05/2003 pedimos informe á Concellería de Infraestructuras e Medio Ambiente, reiterando a solicitude o 29/07/2003.

### **REFLEXIÓN**

Non se recibiu o preceptivo informe da Concellería de Medio Ambiente, que incumpre deste modo o estipulado no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

Ó igual que no expediente 20/2003, cabe falar dun posible incumprimento da Ordenanza municipal contra a contaminación acústica, en concreto do artigo 12 da mesma, que establece a obriga do Concello de exercer-lo control deste tipo de actividades: "A autoridade municipal non outorgará licencia de apertura das instalacións das actividades ou dos establecementos sometidos a esta

ordenanza se os proxectos presentados polos interesados non se axustan ó disposto nela. Non se poderá iniciar a actividade ou pór en funcionamento as instalacións mentres non se acredite o cumprimento da normativa sobre contaminación acústica mediante comprobación practicada polos órganos inspectores do Concello ou mediante certificación expedida por empresa ou entidade homologada para estes fins e sen prexuízo do exercicio das facultades inspectoras que correspondan ó Concello”. No apartado 3º do mesmo artigo engade :“Unha vez iniciada a actividade ou postas en funcionamento as instalacións, tamén poderán realizarse inspeccións para comprobar que as actividades ou instalacións cumpren a normativa...”.

## **EXPEDIENTE 49/2003**

### **ASUNTO**

O interesado solicita un estudio da situación do pub do que é propietario, xa que sofre dende hai anos un exhaustivo control en canto ós ruídos que xera, considerando que non procede, dado que cumpre tódolos requisitos de apertura e ten insonorizado o local ata 65 dB, cousa que non sucede con diversos locais que se atopan nos baixos do mesmo edificio sito na rúa Pontevedra.

### **SITUACIÓN**

Admitida a trámite a queixa, solicítase con data 19/06/2003 á Concellería de Medio Ambiente e á Asesoría Xurídica do Concello de Vigo que nos faciliten información da relación de expedientes sancionadores incoados ó citado pub e o estado de tramitación dos mesmos.

Recibiuse escrito remitido pola Asesoría Xurídica do Concello o 08/07/2003, indicándonos que se atopa interposto recurso contencioso-administrativo contra unha resolución do Sr. Concelleiro-Delegado de Infraestructuras e Medio Ambiente, non recaendo sentenza ata aquel momento. Engade que calquera outra información débese solicitar ó servizo responsable da tramitación do expediente, Medio Ambiente.

Con data 8/09/2003 recibimos informe de Medio Ambiente remitíndonos copia da proposta de resolución aprobada polo mesmo o 16/07/2003. A citada proposta establece como feitos probados:

1. A superación do nivel máximo de ruídos permitidos pola normativa vixente causada pola actividade desenvolvida pola discoteca.
2. Que non existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción administrativa e a infracción penal, polo que non cabe suspensión do procedemento sancionador en tanto non recaia resolución xudicial penal.
3. O reiterado incumprimento das ordes de paralización da actividade e clausura.
4. Considera responsable dos feitos ó interesado, en calidade de titular da discoteca.

Entre os fundamentos de dereito establece que os feitos constitúen dúas infraccións:

1. “Unha infracción continuada e reiterada consistente na superación de 15 dBA dos valores límite establecidos e na reincidencia en faltas graves no prazo de 12 meses, consistindo as faltas graves na superación de 5 dBA dos valores límite establecidos, tipificada como moi grave no artigo 15 a) e c) da Lei 7/1997, de 11 de agosto, e 41.a).c) da Ordenanza municipal de ruídos e vibracións”.
2. “Asemade o reiterado incumprimento das ordes de clausura do establecemento e de paralización da actividade está tipificado como infracción moi grave no artigo 15.d) da devandita Lei e no artigo 41.d) da mesma Ordenanza municipal”.

Á vista da documentación achegada polo interesado e recibida do Concello resulta evidente a xudicialización do asunto e, segundo o Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán (artigo 17.2), non se entra no exame da queixa por estar esta pendente de resolución administrativa ou xudicial definitiva.

## REFLEXIÓNS

A pesar de ser un tema excluído da competencia desta Institución, considérase oportuno que por parte do Concello se realice un estudo acerca dos outros pubs situados na rúa Pontevedra, en concreto, dos que están no baixo do mesmo edificio; por unha parte, para saber se posúen a preceptiva licenza para tal actividade, e por outra, para realiza-la medición dos ruídos producidos por eles.

## EXPEDIENTE 51/2003

### ASUNTO

A interesada indícanos que en data 5/05/2003 presentou dous escritos de denuncia na Xerencia Municipal de Urbanismo, por mor dos ruídos que vén sufrindo na súa vivenda debido a existencia dun local de “copas” que non ten licencia de apertura. A Comunidade de Veciños tamén ten presentado denuncias ó respecto.

Achega copia de medición sonométrica realizada pola Policía Local, comprobándose que o nivel de ruídos alcanza N41db(A).

### SITUACIÓN

O 10/06/03 ten entrada nesta oficina escrito da interesada, e con data 17/06/2003 solicítase informe ás Concellerías de Medio Ambiente e Urbanismo.

Con data 16/07/2003 recíbese da Xerencia de Urbanismo un informe que é un relatorio das actuacións realizadas para comprobar os feitos denunciados: o 5 de maio a interesada presenta a denuncia, o 12 de maio solicítase ó departamento de Licencias de Actividades e Instalacións informe sobre se o establecemento denunciado conta con licencia, o 28 de maio a citada oficina informa que o local denunciado presentou en data 31/03/2003 solicitude de licencia de actividades e instalacións para un café bar con música e solicitude de licencia de obras para acondicionamento de local para café bar con música. Ambos expedientes atópanse en trámite. Tamén teñen solicitado informe á Policía Local sobre que tipo de actividade se está a exercer no citado establecemento.

Con data 22/07/2003 enviase unha nova carta á Xerencia de Urbanismo na que se solicita unha solución urxente ó caso que nos ocupa: “ocorre que ó tratarse dunha actividade ilegal, non parece posible aplica-la Ordenanza Xeral de Protección do Medio Ambiente, así como a específica de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica. Parece obvio que o cidadán, neste suposto, non terá protección ó amparo destas normas de obrigado cumprimento, xa que ata que non se resolva o tema urbanístico tampouco se resolverá a satisfacción principal, cal é as molestias perturbadoras”, por tanto parece indispensable “axilizar ó máximo a tramitación dos expedientes de protección da legalidade urbanística ós efectos de proporcionarlle a satisfacción debida ás demandas do contorno”.

Con data 05/08/2003 reiteramos a solicitude de urxente solución á Concellería de Urbanismo.



## REFLEXIÓNS

O departamento de Licencias de Actividades e Instalacións afirma que as solicitudes de licencia atópanse en trámite, polo que entendemos que non están concedidas. Non se entende por que o Concello admite este tipo de situacións e acepta que locais sen licencia estean abertos mentres se están tramitando as mesmas.

A medición sonométrica realizada pola Policía Local indica que o nivel de ruídos alcanza N41db(A), superando en 6 dB(A) o nivel máximo permitido pola propia Ordenanza. O artigo 40 da mesma considera falta grave a superación en máis de 5 dB(A) dos valores límite establecidos e, o artigo 42, establece que se sancionarán as faltas graves con multa de 250.001 ata 1.500.000 ptas., clausura temporal do establecemento ou paralización da actividade por un espacio de tempo non superior a seis meses.

## EXPEDIENTE 71/2003

### ASUNTO

O interesado, en calidade de presidente dunha Comunidade de Propietarios da rúa Alfonso XIII, expón que os veciños do inmovible que representa veñen padecendo dende hai máis dun ano unha grave contaminación acústica, debido á actividade no baixo do mesmo dun pub.

En data 21/02/2003 presentaron denuncia por mor destes feitos na Concellería de Medio Ambiente, non tendo recibido resposta ningunha e, ante a pasividade do Concello, con data 08/08/2003 interpuxeron nova denuncia. Expoñen ademais que se fixeron as medicións sonométricas precisas.

### SITUACIÓN

Entrada da queixa nesta oficina o 16/09/2003, solicítase con data 17/09/2003 informe a Medio Ambiente, reiterándose a mesma con data 28/10/2003.

## REFLEXIÓNS

Non recibimos o preceptivo informe da Concellería de Medio Ambiente, incumprindo o estipulado no artigo 18.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán.

Repítese a mesma situación que nos expedientes 20/2003, 37/2003 e 51/2003. Cabe unha vez máis falar da denuncia do interesado ante a pasividade do Concello,

o que implica unha posible vulneración da obriga de control por parte do mesmo establecida na Ordenanza municipal contra a contaminación acústica.

Ademais, cabe mencionar o artigo 47 da Ordenanza municipal que se refire ás medidas cautelares que pode acordar o Concello, no mesmo senso que o artigo 20 da Lei 7/1997, de maneira que establece a posibilidade de que, con carácter preventivo, o Concello acorde a inmediata adopción de medidas correctoras para evita-los danos ou molestias graves consecuencia das actividades presuntamente infractoras. Pode, ademais, acordar a paralización da actividade ou clausura das instalacións cando se trate de falta moi grave ou cando, adoptada a medida correctora, o requirimento municipal resulte incumprido.

Por outra banda, o interesado achega copia de medicións sonométricas de datas 6/04/2003, 27/04/2003, 1/06/2003 e 20/07/2003, que superan o límite máximo establecido en 5, 3, 5'5 e 5'5 dBA, respectivamente.

Debemos facer referencia neste punto ó capítulo III da citada Ordenanza, que establece o réxime de infraccións e sancións. Tendo en conta as medicións sonométricas que achega o interesado, podemos falar no caso que estamos a tratar, de faltas leves, xa que, segundo o artigo 39, constitúe falta leve a superación dos límites admitidos ata 5 dB (A); podemos falar tamén de faltas graves, xa que, segundo o artigo 40, constitúen as mesmas a superación en máis de 5 dB (A) dos valores límite establecidos; e, finalmente, podemos considerar tamén que se dá unha falta moi grave, recollida no artigo 41, por tratarse dunha situación de faltas graves reincidentes, que se prolongan no prazo de doce meses.

No caso de falta moi grave, a sanción económica elevaríase considerablemente (de 1.500.001 ata 10.000.000 ptas.), e clausura ou paralización da actividade por espacio superior a 6 meses ou con carácter definitivo.



## REFLEXIÓNS XERAIS

Como xa se ten analizado, a Constitución fai referencia en distintos artigos ó tema que nos compete. Así a STC 119/2001 que fai referencia á vulneración dos dereitos fundamentais recollidos nos artigos 15 e 18 da mesma; o artigo 103 da Constitución, que establece que a Administración Pública debe servir con obxectividade os intereses xerais, con sometemento pleno á Lei e ó Dereito, así como ós fins que a xustifican (artigo 106 da Constitución); e de maneira directa, o artigo 45 da mesma refírese á protección do medio ambiente: o dereito a gozalo e a obriga de defendelo, tanto polos cidadáns como polos poderes públicos.

Tamén a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, no seu artigo 1 establece: "... Os cidadáns teñen dereito a desfrutaren da súa intimidade e dun contorno adecuado para o normal desenvolvemento das súas actividades, sen seren perturbados por rúidos ou vibracións que poidan dana-la súa saúde ou ocasionarlles molestias...". E no seu artigo 9: "Correspóndelles ós concellos exercer-lo control do cumprimento desta lei, esixi-la adopción de medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, realizar cantas inspeccións se requiran e aplica-las sancións correspondentes en caso de incumprimento..."

Tamén é importante facer referencia á *Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica producida pola emisión de rúidos e vibracións*, aprobada polo pleno do Concello de Vigo o 28 de xullo de 2000 que, como se ten exposto, pronúnciase no mesmo senso que a Lei 7/1997.

En varias das queixas recibidas nesta oficina queda patente o incumprimento da citada Ordenanza Municipal. En primeiro lugar, é indispensable facer referencia ó artigo 3.1 da mesma, que establece "correspóndelle ó Concello exercer-lo control

do cumprimento da presente ordenanza, esixi-la adopción das medidas correctoras necesarias, sinala-las limitacións de acordo coas directrices da lei, realizar cantas inspeccións sexan necesarias e aplica-las sancións correspondentes no caso de incumprirse o ordenado”. Establece por tanto a obriga do Concello de actuar para evitar que se produzan situacións deste tipo. Sen embargo, nalgunhas das queixas recibidas, os cidadáns denuncian precisamente a pasividade do Concello e a falta de interese do mesmo por solucionar estes problemas. Precisamente acoden a esta Institución porque se senten desprotexidos fronte a situacións que vulneran claramente a legalidade vixente.

Este incumprimento provoca unha situación moi grave, xa que o cidadán vese obrigado a exercer esa función de control que lle correspondería ó Concello, non tendo outra alternativa que acudir á vía xudicial, coas complicacións que leva consigo, de sobra coñecidas. Neste senso, o cidadán vese obrigado a denunciar ó propio Concello por non exercer-lo labor de control que lle compete. Como se ten recollido, hai xurisprudencia en vía contencioso administrativa, que ten condenado a distintas Administracións Locais polo incumprimento desta función de control da legalidade vixente en relación coa contaminación acústica.

Sería polo tanto recomendable que neste ámbito o Concello de Vigo cumprise e fixese cumprir a legalidade vixente aquí exposta, para que, cando menos, se fagan respectar os dereitos máis fundamentais que protexen ós cidadáns.





# Parte IV

## Resumo Estatístico





## INTRODUCCIÓN

Neste capítulo ofrecemos unha visión global e esquematizada das actuacións que tiveron lugar durante o ano 2003 reflectidas en gráficos e cadros que mostran o número de entrevistas, consultas por correo electrónico e expedientes tramitados, segundo as distintas áreas competenciais.



## ENTREVISTAS

### ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA: 12

#### AUGA:

Tarifas subministración de auga: 3

Outros: 1

#### SANEAMENTO: 1

#### LIMPEZA:

Recollida Lixo: 3

Outros: 4

### ÁREA DE BENESTAR SOCIAL: 18

Asilo: 1

Asistencia social: 5

Axuda de emerxencia social: 0

Axudas sanitarias: 2

Descontos familia numerosa: 0

Emigración: 1

Orientación: 1

Pensións: 6

Subvencións: 0

Taxis adaptados: 0

Vivenda: 2

## **ÁREA DE COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ: 7**

COMERCIO: 0

TURISMO: 2

PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

Asociación Cultural: 0

Outros: 5

## **ÁREA DE CONSUMO: 3**

## **ÁREA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 9**

CULTURA:

Bibliotecas: 0

Cultura: 4

Festas/Ocio: 1

EDUCACIÓN: 1

DEPORTE: 2

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 1

## **ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA: 19**

ECONOMÍA:

Economía: 0

Promoción Económica e Emprego: 3

FACENDA:

TRIBUTOS:

Imposto de Actividades Económicas: 1

Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana: 2

Imposto Circulación Vehículos: 4

Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana: 0

Taxas lixo: 4

Outros: 5

## **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE: 13**

Contaminación Acústica: 10

Olores: 2

Vertidos/ Residuos: 1

Outros: 0

## **ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS: 1**

## **ÁREA DE PATRIMONIO: 15**

PATRIMONIO:

Estado de bens do Concello: 0

Locais Concello: 1

Responsabilidade patrimonial por danos persoais: 11

Terreos públicos: 2

Outros: 0

PATRIMONIO HISTÓRICO: 1

## **ÁREA DE PERSOAL: 5**

Cambio posto de traballo: 1

Compatibilidade laboral: 0

Oposicións: 1

Pensión alimenticia: 1

Xestión Interna: 2

## **ÁREA DE SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES: 44**

SEGURIDADE:

Orde pública: 8

Policía Local: 5

Protección Civil: 1

Seguridade: 6

TRÁFICO:

Aparcamento/Vados: 7

Multas: 7

Tráfico: 5

TRANSPORTE:

Transporte: 3

Vitrasa: 2

**ÁREA DE URBANISMO: 93**

Afectados PERI/ Polígono: 8

Execución de ordes de derruba: 10

Infraccións urbanísticas (obras ilegais): 21

Licencias: 28

Ocupación terreos públicos: 9

Urbanización rúa pública: 11

Outros: 6

**ÁREA DE VÍAS E OBRAS E INFRAESTRUCTURAS: 17**

VÍAS E OBRAS:

Barreiras arquitectónicas: 1

Proxectos humanización: 4

Outros: 7

INFRAESTRUCTURAS: 5

**VARIOS: 44**

ÁMBITO CIVIL ENTRE PARTICULARES: 20

OUTRAS ADMINISTRACIONES:

VALEDOR DO POBO: 15

“DEFENSOR DEL PUEBLO”: 0

EXENTOS SEGUNDO REGULAMENTO: 5

OUTROS: 4

**TOTAL ENTREVISTAS: 300**






<b>Nº ENTREVISTAS POR ÁREAS</b>	
<b>Áreas*</b>	<b>Nº Entrevistas</b>
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	12
BENESTAR SOCIAL	18
COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ	7
CONSUMO	3
CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	9
ECONOMÍA E FACENDA	19
MEDIO AMBIENTE	13
PARQUES E XARDÍNS	1
PATRIMONIO	15
PERSOAL	5
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES	44
URBANISMO	93
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	17
VARIOS	44
<b>TOTAL ENTREVISTAS</b>	<b>300</b>

\* Segundo orde alfabética.

<b>REFERENCIA PORCENTUAL DE ENTREVISTAS</b>	
<b>Áreas*</b>	<b>Porcentaxes</b>
URBANISMO	31%
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES	14,66%
VARIOS	14,66%
ECONOMÍA E FACENDA	6,33%
BENESTAR SOCIAL	6%
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	5,66%
PATRIMONIO	5%
MEDIO AMBIENTE	4,33%
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	4%
CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	3%
COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ	2,33%
PERSOAL	1,66%
CONSUMO	1%
PARQUES E XARDÍNS	0,33%


\* Ordenadas porcentualmente de maior a menor.

### Nº ENTREVISTAS POR ÁREAS



- AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA
- COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ
- CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
- MEDIO AMBIENTE
- PATRIMONIO
- SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES
- VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS
- BENESTAR SOCIAL
- CONSUMO
- ECONOMÍA E FACENDA
- PARQUES E XARDÍNS
- PERSONAL
- URBANISMO
- VARIOS

## REFERENCIA PORCENTUAL DE ENTREVISTAS



- URBANISMO
- VARIOS
- BENESTAR SOCIAL
- PATRIMONIO
- AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA
- COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ
- CONSUMO
- SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES
- ECONOMÍA E FACENDA
- VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS
- MEDIO AMBIENTE
- CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
- PERSOAL
- PARQUES E XARDÍNS



## **CONSULTAS CORREO ELECTRÓNICO**

### **ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA: 3**

#### **AUGA:**

Tarifas subministración de auga: 0

Outros: 1

#### **SANEAMENTO: 0**

#### **LIMPEZA:**

Recollida Lixo: 0

Outros: 2

### **ÁREA DE BENESTAR SOCIAL: 4**

Asilo: 0

Asistencia social: 0

Axuda de emerxencia social: 0

Axudas sanitarias: 0

Descontos familia numerosa: 1

Emigración: 0

Orientación: 1

Pensións: 0

Subvencións: 1

Taxis adaptados: 1

Vivenda: 0

## **ÁREA DE COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ: 1**

COMERCIO: 0

TURISMO: 0

PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

Asociación Cultural: 1

Outros: 0

## **ÁREA DE CONSUMO: 5**

## **ÁREA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 4**

CULTURA:

Bibliotecas: 1

Cultura: 0

Festas/Ocio: 1

EDUCACIÓN: 1

DEPORTE: 1

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 0

## **ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA: 0**

ECONOMÍA:

Economía: 0

Promoción Económica e Emprego: 0

FACENDA:

TRIBUTOS:

Imposto de Actividades Económicas: 0

Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana: 0

Imposto Circulación Vehículos: 0

Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana: 0

Taxas lixo: 0

Outros: 0

## **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE: 2**

Contaminación Acústica: 1

Olores: 1

Vertidos/ Residuos: 0

Outros: 0

## **ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS: 1**

### **ÁREA DE PATRIMONIO: 2**

PATRIMONIO:

Estado de bens do Concello: 2

Locais Concello: 0

Responsabilidade patrimonial por danos persoais: 0

Terreos públicos: 0

Outros: 0

PATRIMONIO HISTÓRICO: 0

### **ÁREA DE PERSOAL: 0**

Cambio posto de traballo: 0

Compatibilidade laboral: 0

Oposicións: 0

Pensión alimenticia: 0

Xestión Interna: 0

## **ÁREA DE SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES: 9**

SEGURIDADE:

Orde pública: 0

Policía Local: 2

Protección Civil: 0

Seguridade: 1

TRÁFICO:

Aparcamiento/Vados: 2

Multas: 2

Tráfico: 1

**TRANSPORTE:**

Transporte: 0

Vitrasa: 1

**ÁREA DE URBANISMO: 1**

Afectados PERI/ Polígono: 0

Execución de ordes de derruba: 0

Infraccións urbanísticas (obras ilegais): 0

Licencias: 0

Ocupación terreos públicos: 0

Urbanización rúa pública: 0

Outros: Información normativa urbanística: 1

**ÁREA DE VÍAS E OBRAS E INFRAESTRUCTURAS: 2**

**VÍAS E OBRAS:**

Barreiras arquitectónicas: 0

Proxectos humanización: 0

Outros: 1

**INFRAESTRUCTURAS: 1**

**VARIOS: 4**

ÁMBITO CIVIL ENTRE PARTICULARES: 0

OUTRAS ADMINISTRACIÓN:

VALEDOR DO POBO: 0

“DEFENSOR DEL PUEBLO”: 0

EXENTOS SEGUNDO REGULAMENTO: 0

OUTROS: 4

**TOTAL CONSULTAS: 38**




<b>Nº CONSULTAS POR ÁREAS</b>	
<b>Áreas*</b>	<b>Nº Consultas</b>
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	3
BENESTAR SOCIAL	4
COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ	1
CONSUMO	5
CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	4
ECONOMÍA E FACENDA	0
MEDIO AMBIENTE	2
PARQUES E XARDÍNS	1
PATRIMONIO	2
PERSOAL	0
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES	9
URBANISMO	1
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	2
VARIOS	4
<b>TOTAL CONSULTAS</b>	<b>38</b>

\* Segundo orde alfabética.

<b>REFERENCIA PORCENTUAL DE CONSULTAS</b>	
<b>Áreas*</b>	<b>Porcentaxes</b>
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES	23,68%
CONSUMO	13,16%
BENESTAR SOCIAL	10,53%
CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	10,53%
VARIOS	10,53%
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	7,89%
MEDIO AMBIENTE	5,26%
PATRIMONIO	5,26%
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	5,26%
COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ	2,63%
PARQUES E XARDÍNS	2,63%
URBANISMO	2,63%
ECONOMÍA E FACENDA	0%
PERSOAL	0%


\* Ordenadas porcentualmente de maior a menor.

### Nº CONSULTAS POR ÁREAS



- AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA
- COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ
- CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
- PARQUES E XARDÍNS
- SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES
- VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS
- BENESTAR SOCIAL
- CONSUMO
- MEDIO AMBIENTE
- PATRIMONIO
- URBANISMO
- VARIOS

## REFERENCIA PORCENTUAL CONSULTAS



- SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES
- BENESTAR SOCIAL
- VARIOS
- MEDIO AMBIENTE
- VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS
- PARQUES E XARDÍNS
- CONSUMO
- CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
- AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA
- PATRIMONIO
- COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ
- URBANISMO

## EXPEDIENTES

### ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA: 7

#### AUGA:

Tarifas subministración de auga: 2

Outros: 0

#### SANEAMENTO: 3

#### LIMPEZA:

Recollida Lixo: 1

Outros: 1

### ÁREA DE BENESTAR SOCIAL: 1

Asilo: 0

Asistencia social: 0

Axuda de emerxencia social: 1

Axudas sanitarias: 0

Descontos familia numerosa: 0

Emigración: 0

Orientación: 0

Pensións: 0

Subvencións: 0

Vivenda: 0

Taxis adaptados: 0

## **ÁREA DE COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ: 0**

COMERCIO: 0

TURISMO: 0

PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

Asociación Cultural: 0

Outros: 0

## **ÁREA DE CONSUMO: 0**

## **ÁREA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 2**

CULTURA:

Bibliotecas: 0

Cultura: 0

Festas/Ocio: 0

EDUCACIÓN: 0

DEPORTE: 1

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: 1

## **ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA: 10**

ECONOMÍA:

PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO: 0

ECONOMÍA: 1

FACENDA:

TRIBUTOS:

Imposto de Actividades Económicas: 3

Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana: 3

Imposto Circulación Vehículos: 2

Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana: 1

Taxas lixo: 0

Outros: 0

## **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE: 6**

Contaminación Acústica: 3

Olores: 2

Vertidos/ Residuos: 1

Outros: 0

## **ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS: 1**

## **ÁREA DE PATRIMONIO: 6**

PATRIMONIO:

Estado de bens do Concello: 0

Locais Concello: 1

Responsabilidade patrimonial por danos persoais: 4

Terreos públicos: 0

Outros: 0

PATRIMONIO HISTÓRICO: 1

## **ÁREA DE PERSOAL: 1**

Cambio posto de traballo: 0

Compatibilidade laboral: 0

Oposicións: 1

Pensión alimenticia: 0

Xestión Interna: 0

## **ÁREA DE SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES: 24**

SEGURIDADE:

Orde pública: 0

Policía Local: 1

Protección Civil: 1

Seguridade: 6

TRÁFICO:

Aparcamento/Vados: 4

Multas: 10

Tráfico: 1

**TRANSPORTE:**

Transporte: 0

Vitrassa: 1

**ÁREA DE URBANISMO: 20**

Afectados PERI/ Polígono: 1

Execución de ordes de derruba: 3

Infraccións urbanísticas (obras ilegais): 7

Ocupación terreos públicos: 1

Licencias: 6

Urbanización rúa pública: 1

Outros: 1

**ÁREA DE VÍAS E OBRAS E INFRAESTRUCTURAS: 6**

**VÍAS E OBRAS:**

Barreiras arquitectónicas: 1

Proxectos humanización: 1

Outros: 1

**INFRAESTRUCTURAS: 3**

**VARIOS: 9**

ÁMBITO CIVIL ENTRE PARTICULARES: 0

OUTRAS ADMINISTRACIÓN:

VALEDOR DO POBO: 4

“DEFENSOR DEL PUEBLO”: 1

EXENTOS SEGUNDO REGULAMENTO: 4

OUTROS: 0

**TOTAL EXPEDIENTES: 93**

<b>Nº EXPEDIENTES POR ÁREAS</b>	
<b>Áreas*</b>	<b>Nº Expedientes</b>
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	7
BENESTAR SOCIAL	1
COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ	0
CONSUMO	0
CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	2
ECONOMÍA E FACENDA	10
MEDIO AMBIENTE	6
PARQUES E XARDÍNS	1
PATRIMONIO	6
PERSOAL	1
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES	24
URBANISMO	20
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	6
VARIOS	9
<b>TOTAL EXPEDIENTES</b>	<b>93</b>


\* Segundo orde alfabética.

<b>REFERENCIA PORCENTUAL DE EXPEDIENTES</b>	
<b>Áreas*</b>	<b>Porcentaxes</b>
SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES	25,81%
URBANISMO	21,50%
ECONOMÍA E FACENDA	10,75%
VARIOS	9,68%
AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA	7,53%
MEDIO AMBIENTE	6,45%
PATRIMONIO	6,45%
VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS	6,45%
CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	2,15%
BENESTAR SOCIAL	1,07%
PARQUES E XARDÍNS	1,07%
PERSOAL	1,07%
COMERCIO, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ	0%
CONSUMO	0%

\* Ordenadas porcentualmente de maior a menor.




### Nº EXPEDIENTES POR ÁREAS



- AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA
- CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
- MEDIO AMBIENTE
- PATRIMONIO
- SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES
- VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS
- BENESTAR SOCIAL
- ECONOMÍA E FACENDA
- PARQUES E XARDÍNS
- PERSOAL
- URBANISMO
- VIARIOS

## REFERENCIA PORCENTUAL DE EXPEDIENTES



- SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES
- ECONOMÍA E FACENDA
- AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA
- PATRIMONIO
- CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
- PARQUES E XARDÍNS
- URBANISMO
- VARIOS
- MEDIO AMBIENTE
- VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS
- BENESTAR SOCIAL
- PERSOAL

# **COLABORACIÓN DAS ÁREAS MUNICIPAIS COA INSTITUCIÓN**

## **Introducción**

A continuación ofrecemos a relación das distintas áreas municipais en canto á tramitación dos requirimentos dos informes relativos ós expedientes do ano 2003, indicándose o número da queixa, as veces que foi necesario facelos e o departamento afectado.



## Requirimentos

### ÁREA DE AUGA, SANEAMENTO E LIMPEZA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>6/2003</b>	Tarifa subministración augas; carece licenza primeira ocupación	23-01-03	03-03-03
<b>26/2003</b>	Taxas pola recollida do lixo, sen actividade	Declarado incompetente* <sup>1</sup>	
<b>28/2003</b>	Concesionaria abastecemento augas por inundacións	03-04-03	04-07-03
<b>69/2003</b>	Falta na rede de sumidoiro	18-09-03	16-10-03
<b>74/2003</b>	Sucidade en parcelas públicas con perigo en privadas	02-10-03	30-10-03
<b>75/2003</b>	Consumo de auga non correspondente á facturación	02-10-03	31-10-03
<b>80/2003</b>	Inundacións en garaxes, sucidade en colector	27-10-03	19-11-03
<b>82/2003</b>	Falta na recollida do lixo por mor das obras de Urzáiz* <sup>2</sup>	27-10-03	20-11-03

\*<sup>1</sup> Declarado incompetente por estar pendente de recurso en vía contencioso-administrativa.

\*<sup>2</sup> Expediente incluído na área de tráfico.

## ÁREA DE BENESTAR SOCIAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>4/2003</b>	Axuda de emerxencia social, con deficiencias na tramitación	Trasladada ó Valedor do Pobo	

## ÁREA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>42/2003</b>	Acceso a instalacións deportivas para fútbol sala	22-05-03	03-06-03
<b>68/2003</b>	Non utilización do idioma galego	03-09-03	22-09-03

## ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>2/2003</b>	Aprazamento e fraccionamento pago Imposto sobre incremento do valor dos terreos urbanos	13-01-03	27-01-03
<b>5/2003</b>	Reclamación e embargo IAE	24-01-03	04-02-03
<b>13/2003</b>	Reclamación e embargo IAE	27-02-03	11-04-03
<b>24/2003</b>	Non atendida solicitude modificación domiciliación bancaria no IBI	21-03-03	29-05-03
<b>35/2003</b>	Pensión alimenticia, non tramitada axilmente	14-05-03	21-05-03
<b>41/2003</b>	Discrepancias no cambio Licencia Fiscal polo IAE	22-05-03	29-05-03
<b>48/2003</b>	Cualificación Urbanística dunha finca	24-09-03	02-10-03
<b>59/2003</b>	Embargo en c/c pagamento imposto vehículos motor	14-07-03	18-07-03
<b>63/2003</b>	Exención imposto circulación a favor de minusválido	11-08-03	02-09-03
<b>76/2003</b>	Subida considerada desorbitada do IBI no rural	Queixa presentada o 29-09-03	06-10-03* <sup>1</sup>

\*<sup>1</sup> Recibido informe con data 06-10-03, sen previa petición do mesmo.

## ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>12/2003</b>	Vertidos de augas residuais e fecais	27-02-03 15-10-03	28-08-03 sen resposta
<b>18/2003</b>	Planta clasificadora de residuos sólidos	05-03-03 22-10-03	23-09-03 sen resposta
<b>37/2003</b>	Contaminación acústica	20-05-03 29-07-03 17-11-03	*1
<b>49/2003</b>	Contaminación acústica	19-06-03	09-07-03 08-09-03*2
<b>60/2003</b>	Molestias colectivas EDAR-LAGARES	16-07-03	16-09-03
<b>71/2003</b>	Contaminación acústica	18-09-03 03-12-03	25-11-03
<b>20/2003</b>	Apertura sen licencia; derivase contaminación acústica e ambiental por fumes*3	21-03-03 26-05-03 29-10-03*4	Sen resposta
<b>23/2003</b>	Contaminación acústica por mor de varios axentes*5	19-03-03 06-05-03	16-06-03, da Policía Local
<b>51/2003</b>	Local sen licencia, contaminación acústica*6	17-06-03	16-07-03, de Urbanismo

\*1 Recibimos informe no que se indica que non existen antecedentes, nesta Institución consta a recepción das peticións.

\*2 Suceso a procedemento xudicial, declárase incompetencia.

\*3 Expediente incluído na área de Urbanismo

\*4 21-03-03 solicitamos informe a Urbanismo e á Policía Local; o 26-05-03 a Urbanismo; o 29-10-03 a Medio Ambiente.

\*5 Expediente incluído na área de Seguridade (Policía)

\*6 Expediente incluído na área de Urbanismo



## ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>16/2003</b>	Talla de árbores no monte do Castro	04-03-03	19-03-03

## ÁREA DE PATRIMONIO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>9/2003</b>	Problemas saneamento en locais propiedade do Concello e de uso particular	05-02-03 30-04-03 09-07-03/14-10-03	Sen resposta
<b>27/2003</b>	Danos persoais por caída na vía pública	26-03-03	04-04-03
<b>29/2003</b>	Patrimonio Histórico. Situación da Ponte Medieval de Balaídos	03-04-03	02-05-03
<b>70/2003</b>	Danos persoais por caída na vía pública	17-09-03 28-10-03	18-11-03
<b>78/2003</b>	Danos persoais por caída na vía pública	*1	
<b>89/2003</b>	Danos ocasionados por accidente durante un curso impartido polo I.M. de Deportes	09-12-03	*2

\*1 Non foi necesario solicitar informe, xa que a interesada estaba correctamente informada polo Departamento de Patrimonio. Con data 03-11-03 dirixímonos á interesada recordándolle os prazos e procedemento a seguir.

\*2 Pendente de recibir informe.

## ÁREA DE PERSONAL

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
3/2003	Proceso selectivo para a provisión dunha praza	*1	

\*1 Suposto excluído das competencias desta Institución, segundo o artigo 14.c) do seu Regulamento.

## ÁREA DE SEGURIDADE, TRÁFICO E TRANSPORTES

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
15/2003	Imposición de tres multas de tráfico simultaneamente	*1	
23/2003	Falta de dilixencia da Policía Local en relación con denuncias por contaminación acústica	19-03-03 06-05-03	16-06-03
25/2003	Multa de tráfico con incidencias	25-03-03 26-05-03 15-07-03	Sen resposta
30/2003	Escaso control sobre prohibicións de aparcamento*2	11-04-03	18-06-03
39/2003	Prestación de avais pola utilización de espazos públicos	21-05-03	09-06-03
40/2003	Multa de tráfico	22-05-03 30-07-03 18-11-03	Sen resposta

<b>43/2003</b>	Seguridade cidadá en Lavadores	23-05-03 30-07-03 18-11-03	28-11-03
<b>45/2003</b>	Multa de tráfico	26-05-03 12-08-03 19-11-03	Sen resposta
<b>46/2003</b>	Actos vandálicos na zona do Monte do Castro	28-05-03 12-08-03 19-11-03	Sen resposta
<b>52/2003</b>	Retirada dun vehículo da beirarrúa	16-06-03 13-08-03 11-11-03	Sen resposta
<b>55/2003</b>	Reincorporación ó servizo de Protección Civil	01-07-03	16-07-03
<b>57/2003</b>	Solicitude vado entrada garaxe	01-07-03 11-11-03	Sen resposta
<b>64/2003</b>	Multas tráfico	*3	
<b>65/2003</b>	Multas tráfico	*4	
<b>67/2003</b>	Multas tráfico	11-08-03 16-09-03	06-11-03
<b>73/2003</b>	Modificacións aparcamento na rúa Ecuador	24-09-03 29-10-03 03-12-03	Sen resposta
<b>77/2003</b>	Solicitude tarxeta residente do Casco Vello	13-10-03 17-11-03 10-12-03	Sen resposta
<b>82/2003</b>	Dispensa temporal taxas, habilitación carga e descarga e sinalización axeitada nas rúas Hernán Cortés e Luis Braille*5	27-10-03 12-11-03 10-12-03	*6
<b>83/2003</b>	Multa tráfico	04-11-03 16-12-03	*6

<b>84/2003</b>	Multa tráfico	05-11-03 16-12-03	*6
<b>85/2003</b>	Certificación de convivencia	05-11-03 16-12-03	*6
<b>86/2003</b>	Solicitude paso peóns	05-11-03 16-12-03	*6
<b>90/2003</b>	Modificación liñas Vitrasa	25-11-03 16-12-03	*6
<b>92/2003</b>	Multa tráfico	10-12-03 30-12-03	*6

\*<sup>1</sup> *Queda excluído da competencia desta Institución por estar pendente de resolución administrativa, segundo establece o artigo 17.2 do Regulamento.*

\*<sup>2</sup> *Con data 03-10-03 recíbese nova queixa indicando que todo segue igual, o que se comunica o 06-10-03 interesando unha acción decidida.*

\*<sup>3</sup> *Queda o trámite en suspenso por estar pendente da resolución dun recurso de alzada.*

\*<sup>4</sup> *Con intervención xudicial en xuízo de faltas con sentenza favorable ó cidadán.*

\*<sup>5</sup> *Expediente incluído na área de Limpeza.*

\*<sup>6</sup> *Non se recibiu resposta (coincide coa etapa previa a cambios no goberno municipal), estando pendente de informe que, no caso de recibirse, se incluíría no próximo Informe Anual.*

## ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>8/2003</b>	Peche dunha finca sen axuste á licencia	24-01-03 08-07-03 08-10-03/17-11-03	10-04-03 Sen resposta
<b>14/2003</b>	Aparcamento subterráneo Urzáiz	19-03-03	24-04-03
<b>19/2003</b>	Derruba obras sen licencia	05-03-03 26-05-03 02-07-03/29-10-03	20-06-03 21-11-03
<b>20/2003</b>	Actividade sen suxeición á licencia concedida* <sup>1</sup>	21-03-03 26-05-03	Sen resposta
<b>21/2003</b>	Instalación antena telefonía móbil sen a oportuna licencia	10-03-03/30-04-03 15-07-03/04-11-03 11-12-03	16-05-03 27-05-03 Sen resposta
<b>31/2003</b>	Derruba dun muro sen licencia	08-05-03 01-07-03	18-07-03
<b>32/2003</b>	Urbanización vía pública	15-04-03 23-07-03 27-10-03	25-09-03
<b>33/2003</b>	Irregularidades en expediente sancionador	02-05-03 12-11-03 07-01-04	15-07-03 05-01-04 incompleto
<b>36/2003</b>	Construcción dunha piscina que supón obstáculo nun Plano Especial de Mellora	13-05-03 03-09-03 17-11-03	30-06-03 09-12-03 traslado á Xunta de Galicia
<b>44/2003</b>	Instalación de cheminea industrial e letreiro luminoso sen licencia	26-05-03 03-09-03 04-11-03	16-07-03 13-10-03

<b>47/2003</b>	Peche dunha finca non acorde coa licencia	05-06-03 12-08-03 17-11-03/18-12-03	13-10-03 Sen resposta
<b>50/2003</b>	Derruba dun muro	17-06-03	23-07-03
<b>51/2003</b>	Local con licencia en trámite, con contaminación acústica* <sup>1</sup>	17-06-03 05-08-03	16-07-03
<b>53/2003</b>	Construcción sen licencia dunha ponte	23-06-03	14-07-03
<b>54/2003</b>	Execución dunha sentenza por obras ilegais	24-06-03 14-08-03 11-11-03	05-01-04
<b>58/2003</b>	Interferencias electromagnéticas por mor dunha instalación industrial	01-07-03 26-11-03	28-07-03 Sen resposta
<b>61/2003</b>	Peche dun portal que impide o servizo das fincas lindantes	16-07-03 13-08-03 11-11-03	Sen resposta
<b>72/2003</b>	Movemento de terras que se baleiran nun linde propiciando aumento de rasante	23-09-03 28-10-03 03-12-03	Sen resposta
<b>79/2003</b>	Sobre a Ronda cara a Citröen segundo o avance do PXOM	27-10-03 10-12-03	* <sup>2</sup>
<b>88/2003</b>	Inquedanza pola sentenza do TS sobre obras ilegais	17-11-03 16-12-03	* <sup>2</sup>

\*<sup>1</sup> Expediente incluído na área de Medio Ambiente.

\*<sup>2</sup> Non se recibiu resposta (coincide coa etapa previa a cambios no goberno municipal).

## ÁREA DE VÍAS E OBRAS, INFRAESTRUCTURAS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>11/2003</b>	Peonilización rúas por mor do PXOM	*1	
<b>17/2003</b>	Vial entre o peche perimetral do Polígono de Balaídos e a subestación de FENOSA	06-03-03 14-03-03	11-03-03 30-05-03
<b>38/2003</b>	Filtracións de augas en garaxes	21-05-03	28-05-03
<b>56/2003</b>	Ampliación accesos a grupo de vivendas	01-07-03 13-08-03 11-11-03	01-12-03
<b>81/2003</b>	Rebaixe nas beirarrúas por mor da eliminación de barreiras	27-10-03 10-12-03	Sen resposta
<b>82/2003</b>	Alteracións nas rúas Hernán Cortés e Luis Braille, obras Urzáiz*2	24-10-03	12-11-03

\*1 *Pendente de resolución administrativa, polo que non se considera tema competencial.*

\*2 *Expediente incluído na área de Auga e Saneamento e na área de Tráfico.*

